

XUNTA DE GALICIA

galicia

TURISMO DE GALICIA

CLAVE	TIPO DE ESTUDO
2025/016	PROXECTO DE TRAZADO

TÍTULO

FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

PROVINCIA	CAMIÑO
A CORUÑA	CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CONCELLOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
NEGREIRA
MAZARICOS
DUMBRÍA
CORCUBIÓN
CEE
MUXÍA

DOCUMENTOS

TOMO I

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS (0 - 6)

ENXEÑEIRO DIRECTOR DO PROXECTO

LUIS GESTAL ERNAU

ENXEÑEIRA AUTORA DO PROXECTO

CLAUDIA ANASTASIA LANDEIRA CALVIÑO

OBL SEN IVE	DATA
1.655.828,09 €	DECEMBRO 2025
OBL	**EXEMPLAR**
2.003.551,99 €	1

CONSULTOR

ciesa
consultora de ingeniería y empresa, s.l.

FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA.

Clave: 2025/016

No presente proxecto participaron as seguintes persoas:

REDACTORA DO PROXECTO:

Asinado no lugar do documento onde figure o nome por:

NOME
Claudia A. Landeira Calviño

SINATURA

LANDEIRA CALVIÑO CLAUDIA ANASTASIA - 45431183L

Firmado digitalmente por LANDEIRA CALVIÑO CLAUDIA ANASTASIA - 45431183L
Fecha: 2026.01.30 08:53:50 +01'00'

CONFORMIDADE DO RESPONSABLE/DIRECTOR DO CONTRATO:

Asinado no lugar do documento onde figure o nome por:

NOME
Luis Gestal Ernau

SINATURA

LUIS ALBERTO GESTAL ERNAU - 47357824L

Firmado digitalmente por LUIS ALBERTO GESTAL ERNAU - 47357824L
Fecha: 2026.01.30 20:38:15 +01'00'

ÍNDICE XERAL

TOMO I

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS

Memoria

Anexos á Memoria

Anexo nº 0: Cumprimento da Orde de Estudo

Anexo nº 1: Antecendentes e xustificación da solución.

Anexo nº 2: Cartografía, topografía e implantación.

Anexo nº 3: Xeoloxía, xeotécnica e efectos sísmicos.

Anexo nº 4: Climatoloxía, hidroloxía e drenaxe.

Anexo nº 5: Planeamento urbanístico

Anexo nº 6: Patrimonio

TOMO II

Anexo nº 7: Ordenación ecolóxica.

Anexo nº 8: Trazado.

TOMO III

Anexo nº 9: Expropiacións.

TOMO IV

Anexo nº 10: Coordinación con outros organismos

Anexo nº 11: Orzamento para Coñecemento da Administración.

Anexo nº 12: Estimación de Prezos.

DOCUMENTO Nº 2: PLANOS

1. Índice, situación e emprazamento
   - 1.1. Índice
   - 1.2. Situación
   - 1.3. Emprazamento
2. Concello de Santiago
   - 2.1. Senda Moas de Abaixo
     - 1.1. Estado Actual Ortofoto
     - 1.2. Estado Actual Cartografía
     - 2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral
     - 2.2. Planta Xeral
     - 3.1. Perfís Lonxitudinais
     - 3.2. Perfís Transversais
3. Concello de Negreira
   - 3.1. Senda A Barquiña
     - 1.1. Estado Actual Ortofoto
     - 1.2. Estado Actual Cartografía
     - 2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral
     - 2.2. Planta Xeral
     - 3.1. Perfís Lonxitudinais
     - 3.2. Perfís Transversais
4. Concello de Mazaricos
   - 4.1. Senda Corzón
     - 1. Estado Actual Ortofoto
     - 2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral
     - 2.2. Planta Xeral con Ortofoto
5. Concello de Dumbría
   - 5.1. Senda Olveiroa
     - 1.1. Estado Actual Ortofoto
     - 1.2. Estado Actual Cartografía
     - 2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

5.2. Senda Hospital

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

TOMO V

5.3. Senda Rego Valsagueiro

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

5.4. Senda Carizas

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

5.5. Senda Fonte dos Ladróns

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

5.6. Senda Rego Fragoso

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.3. Perfís Lonxitudinais

3.4. Perfís Transversais

6. Concello de Cee, Corcubión e Fisterra

6.1. Senda Amarela

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

6.2. Senda Estorde

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

7. Concello de Muxía

7.1. Senda Praia de Lourido

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral. Acondicionamento de Camiños

2.3. Planta Xeral. Senda

3. Perfís Lonxitudinal e Transversais

8. Seccións Tipo- Detalles

DOCUMENTO Nº 4: ORZAMENTO

Medicións auxiliares

Medicións

Estimación de prezos

Orzamentos Parciais

Orzamento Execución Material

Orzamento Base de Licitación

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA

ÍNDICE

1. OBXECTO DO PROXECTO 5
2. CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO 5
3. ANTECEDENTES 5
3.1. ANTECEDENTES TÉCNICOS 6
3.2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS 6
4. ÁMBITO DA ACTUACIÓN. CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA 6
5. XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA 8
6. ACTUACIÓNS PROXECTADAS 8
6.1. TRAMO 9_740 MOAS DE ABAIXO (SANTIAGO DE COMPOSTELA) 9
6.2. TRAMO 9_733 A BARQUIÑA (NEGREIRA) 10
6.3. TRAMO 9_735 CORZÓN (MAZARICOS) 12
6.4. TRAMO 9_595 OLVEIROA (DUMBRÍA) 13
6.5. TRAMO 9_607 HOSPITAL (DUMBRÍA) 15
6.6. TRAMO 9_598 REGO DAS MOAS – REGO VALSALGUEIRO (DUMBRÍA) 16
6.7. TRAMO 9_596 AS CARIZAS (DUMBRÍA) 17
6.8. TRAMO 9_608 FONTE DOS LADRÓNS (DUMBRÍA) 18
6.9. TRAMO 9_609 REGO FRAGOSO (DUMBRÍA) 20
6.11. TRAMO 9_600 AMARELA (CORCUBIÓN E CEE) 21
6.12. TRAMO 9_600 PRAIA DE ESTORDE (CEE) 22
6.13. TRAMO 9_597 PRAIA DE LOURIDO (MUXÍA) 24
6.14. TRAMOS DE MELLORA DA SINALIZACIÓN (10 TRAMOS) 25
7. TRAZADO 25
8. PAVIMENTOS 25
8.1. SENDAS E BEIRARRÚAS 25
8.2. CRUZAMENTOS 26
8.3. BEIRADOS 26
9. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS 27
10. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS 27
10.1. BALIZAMENTO 27
11. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS 28
12. CARTOGRAFÍA 28
13. XEOLOGÍA E XEOTECNIA 28
14. PLANEAMENTO URBANÍSTICO 29
15. PATRIMONIO 29
16. CLIMATOLOXÍA, HIDROLOXÍA E DRENAXE 30
17. INCIDENCIAS AMBIENTAIS 31
18. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS 31
19. REPOSICIÓNS DE SERVIZOS AFECTADOS 32
20. EXPROPIACIÓNS 32
21. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS 33
22. PREZOS E ORZAMENTOS 33
23. CONCELLOS NOS QUE SE DESENVOLVERÁN OS TRABALLOS 33
24. NORMAS, INSTRUCIÓNS, GUÍAS E RECOMENDACIÓNS CONSIDERADAS 34
25. CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN 35
25.1. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA EN CUMPrIMENTO DO ARTigO 13.3 DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO 35
25.2. REAL DECRETO 997/2002: ACCIÓNS SÍSMICAS (NCSR-02) 35
25.3. REAL DECRETO 1627/1997: SEGURIDADE E SAÚDE 36
25.4. REAL DECRETO 105/2008: RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN 36
25.5. NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE 36

25.5.1. Lei 10/2014, de 3 de decembro e Decreto 35/2000 36

25.5.2. Orde TMA/851/2021 36

26. OBXECTO E FINALIDADE DA INFORMACIÓN PÚBLICA 36

27. DOCUMENTOS DO PROXECTO 37

28. CONCLUSIÓN 39

1. OBXECTO DO PROXECTO

O presente documento ten por obxecto xustificar e definir tecnicamente as obras necesarias para a execución da actuación denominada: "FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA" con clave 2025/016, correspondente a unha primeira fase de **Proxecto de Trazado**.

Este documento constitúe a **base técnica e administrativa** para a tramitación do procedemento de **información pública**, así como para a solicitude de informes e consultas ás administracións e organismos con competencias afectadas, co fin de posibilitar a posterior redacción do **Proxecto de Construción**.

As actuacións recollidas neste proxecto consisten fundamentalmente na **execución de once sendas peonís segregadas** en diversos treitos comúns do **Camiño de Santiago de Fisterra e Muxía** con estradas de titularidade **autonómica, provincial e municipal**, localizados nos concellos de **Santiago de Compostela, Negreira, Dumbría, Corcubión, Cee e Muxía**.

O obxectivo principal destas actuacións é **mellorar a seguridade viaria e fomentar a mobilidade sustentable** nos treitos nos que o Camiño coincide coa rede viaria existente, facilitando un tránsito seguro para peóns e peregrinos e **reducindo a súa exposición ao tráfico rodado**.

Así mesmo, preténdese **potenciar a continuidade, accesibilidade e calidade ambiental do itinerario xacobeo**, mediante a execución de sendas integradas na paisaxe, empregando **materiais compatibles coa contorna** e solucións construtivas de **baixo impacto ambiental**, coherentes co carácter cultural e patrimonial do Camiño de Santiago.

De maneira complementaria, as obras inclúen a **implantación e mellora da sinalización específica do Camiño de Santiago**, o **balizamento dos treitos comúns con estradas**, a **mellora puntual de pavimentos e sistemas de drenaxe**, así como actuacións auxiliares de **roza, limpeza e reposición vexetal**, co obxectivo de garantir a correcta integración das sendas e o respecto polos **valores culturais, ambientais e paisaxísticos** do ámbito de actuación.

2. CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO

O presente proxecto de trazado redactouse en cumprimento da Orde de Estudo que motivou a súa elaboración, dando resposta aos obxectivos, criterios e condicións nela establecidos, de acordo coa normativa vixente e cos principios de seguridade viaria, mobilidade sustentable, integración territorial e viabilidade técnica e económica.

O proxecto desenvolve de forma completa e xustificada as actuacións previstas, incorporando un estudo detallado dos treitos comúns do Camiño de Fisterra–Muxía con estradas autonómicas, provinciais e municipais, e definindo solucións técnicas axeitadas para mellorar as condicións de seguridade do tránsito peonil, mediante a execución de sendas segregadas, a adecuación do trazado existente e a revisión da sinalización.

As actuacións finalmente incluídas manteñen a coherencia cos criterios definidos na Orde de Estudo e co documento previo de inventariado e diagnose, incorporando os axustes necesarios derivados do traballo de campo e da análise técnica detallada. Estes axustes supoñen unha optimización funcional e ambiental das solucións propostas, sen alterar os obxectivos nin a filosofía de intervención inicialmente definidos.

En consecuencia, considérase que o proxecto cumpre de maneira íntegra e satisfactoria as determinacións da Orde de Estudo e do prego de prescricións aplicable, presentando un nivel de definición adecuado ao seu carácter de proxecto de trazado e permitindo a posterior redacción do proxecto construtivo e a execución material das obras prevista.

3. ANTECEDENTES

A Axencia Turismo de Galicia (ATG), no exercicio das súas competencias en materia de promoción, conservación e valorización dos Camiños de Santiago, promoveu a redacción de diversos proxectos de fomento da mobilidade peonil nos treitos comúns con estradas das oito rutas principais recollidas no Título VI da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

O obxectivo destas actuacións é mellorar a seguridade viaria, a accesibilidade e a conservación dos itinerarios xacobeos, especialmente nos tramos coincidentes con estradas de titularidade autonómica, provincial e municipal, entre os que se atopa o Camiño de Fisterra e Muxía.

A elevada afluencia de peregrinos e usuarios ao longo deste itinerario, así como a súa relevancia histórica, cultural e turística, fan necesaria a posta en marcha de actuacións que garantan un tránsito peonil seguro, continuo e compatible coa circulación rodada, preservando ao mesmo tempo o valor patrimonial, ambiental e paisaxístico do territorio polo que discorre o Camiño.

No marco desta iniciativa, a ATG promoveu o expediente 2025/016 "FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA", co fin de definir as actuacións de mellora necesarias e redactar os proxectos de trazado e construción correspondentes.

O presente documento forma parte deste proceso e dá cumprimento ao mandato da Axencia Turismo de Galicia, en coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, garantindo a compatibilidade das actuacións coa protección integral do Camiño de Santiago e co planeamento territorial e urbanístico vixente.

3.1. ANTECEDENTES TÉCNICOS

Como principais antecedentes técnicos cómpre citar dous documentos promovidos pola Axencia Turismo de Galicia, no marco das actuacións de mellora da seguridade e posta en valor do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía:

- **"Inventariado e diagnose dos treitos comúns do Camiño de Fisterra con estradas provinciais, autonómicas e estatais"** (xaneiro de 2025), no que se avaliou o estado das sendas existentes, a sinalización e a seguridade dos itinerarios peonís. O estudo identificou carencias de continuidade, anchura insuficiente, deficiencias de sinalización e ausencia de pasos seguros en puntos críticos.
- **"Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)"** (xuño de 2025), do que se tomaron os criterios técnicos e estéticos para o deseño dos pavimentos diferenciados nos cruzamentos e a sinalización específica asociada.

Estes antecedentes serviron de base para a redacción do presente proxecto, que desenvolve as actuacións necesarias para mellorar a continuidade, seguridade e integración paisaxística do Camiño de Fisterra-Muxía nos tramos coincidentes con estradas autonómicas, provinciais e municipais.

3.2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

A Axencia Turismo de Galicia (ATG), no exercicio das súas competencias, promoveu esta actuación co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, accesibilidade e conservación do Camiño de Fisterra e Muxía, especialmente nos tramos coincidentes con estradas de distinta titularidade.

O 13 de marzo de 2025, o órgano de contratación acordou o inicio do expediente relativo ao "Servizo de redacción dos proxectos de trazado e construción dos treitos comúns no Camiño de Fisterra-Muxía" (Expediente 2025/016). O 4 de abril de 2025 publicouse o anuncio de licitación por procedemento aberto simplificado ordinario, finalizando o prazo de presentación de ofertas o 21 de abril de 2025.

Por resolución do 9 de xullo de 2025, a ATG adxudicou o contrato á empresa CIESA (Consultora de Enxeñaría e Empresa, S.L.), formalizándose o mesmo con data 11 de agosto de 2025.

A redacción deste proxecto responde aos criterios e directrices da Axencia Turismo de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, garantindo a compatibilidade co Camiño de Santiago e a integración paisaxística e funcional das actuacións previstas.

O presente proxecto desenvólvese, polo tanto, por encargo da Axencia Turismo de Galicia, dentro do marco do devandito contrato de servizos, como parte do programa de fomento da mobilidade sustentable e posta en valor dos itinerarios xacobeos.

4. ÁMBITO DA ACTUACIÓN. CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA

O Camiño de Fisterra e Muxía constitúe unha prolongación ou epílogo das rutas xacobeas tradicionais, coa singularidade de ser o único itinerario no que **Santiago de Compostela non representa o destino final, senón o punto de inicio da peregrinación**.

Esta particularidade dá lugar a dúas alternativas de percorrido final, en función do destino escollido polos peregrinos: o Faro de Fisterra ou o Santuario da Virxe da Barca, en Muxía, configurándose así dous itinerarios diferenciados a partir dun treito común inicial.

O trazado **Santiago – Fisterra – Muxía** ten unha lonxitude total aproximada de **121,8 km**, dos cales **89,8 km** corresponden ao itinerario Santiago–Fisterra. Este percorrido atravesa os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Cee, Corcubión, Fisterra e Muxía.

Pola súa banda, o trazado **Santiago – Muxía** presenta unha lonxitude total de **119,4 km**, sendo **87,4 km** os correspondentes ao tramo entre Santiago e Muxía, atravesando os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría e Muxía.

O treito común a ambos os dous itinerarios, comprendido entre **Santiago de Compostela e Hospital**, no concello de Dumbría, ten unha lonxitude aproximada de **54,9 km**. Ademais, o tramo de conexión **Fisterra – Muxía / Muxía – Fisterra** conta cunha lonxitude duns **32 km**, atravesando os concellos de Fisterra, Cee e Muxía.

Segundo datos do *Informe Estatístico 2024 da Oficina do Peregrino*, un total de **2.257 persoas** completaron oficialmente o Camiño de Fisterra e Muxía. Non obstante, estes datos deben interpretarse con cautela, xa que a maioría das peregrinacións realízanse como prolongación do Camiño desde Santiago, e moitas delas non quedan rexistradas oficialmente.

A pesar de non acadar os volumes de tránsito das rutas xacobeas principais, como o Camiño Francés, o Camiño de Fisterra–Muxía presenta un fluxo significativo de peregrinos. Segundo datos oficiais da Xunta

de Galicia, entre o 1 de agosto e o 21 de setembro de 2025, máis de 23.000 persoas que obtiveron a Compostela en Santiago prolongaron o seu itinerario cara a Fisterra ou Muxía, rexistrándose nalgúns días picos próximos aos 400 peregrinos diarios.

A maioría das peregrinacións realízanse a pé (máis do 95 %), sendo a bicicleta a segunda opción máis frecuente.



Tradicionalmente, o Camiño de Fisterra e Muxía divídese nas seguintes etapas:

- **Etapa I:** Santiago de Compostela – Negreira (20,9 km).

- **Etapa II:** Negreira – Olveiroa (34 km).

- **Etapa IIIa**: Olveiroa – Corcubión – Fisterra (34,9 km).



- **Etapa IIIb**: Olveiroa - Muxía (32,5 km).

- **Etapa IV:** Fisterra – Muxía / Muxía – Fisterra (32,1 km).

O itinerario discorre por unha diversidade de tipoloxías viarias, entre as que se inclúen:

- Pistas de terra e sendeiros rurais, especialmente en zonas pouco urbanizadas.
- Camiños tradicionais pavimentados que atravesan núcleos rurais, con convivencia entre peregrinos e tráfico local.
- Tramos urbanos, principalmente en núcleos como Santiago de Compostela, Negreira, Dumbría, Cee, Corcubión, Fisterra e Muxía, onde o Camiño discorre por beirarrúas.

- Tramos de estradas autonómicas e provinciais, nos que o tránsito se realiza por beirarrúas ou beiravías.



Figura 1.- Distribución de tipoloxías dos itinerarios.

En consecuencia, o Camiño de Fisterra e Muxía discorre por vías de **titularidade diversa (municipal, provincial e autonómica)**, o que condiciona a tipoloxía das actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria e a calidade do itinerario peonil, obxectivos principais do presente proxecto.



Figura 2.- Distribución de titularidade dos itinerarios.

5. XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA

As solucións técnicas adoptadas no presente proxecto para o deseño e execución das distintas sendas son o resultado da análise conxunta dos obxectivos funcionais e ambientais do proxecto, das condicións existentes en cada ámbito de actuación e das observacións realizadas durante as visitas de inspección e recoñecemento do terreo.

O proxecto persegue fundamentalmente os seguintes obxectivos:

- ✓ Contribuír á mobilidade sostible, promovendo o desprazamento peonil e ciclista en condicións seguras e confortables.
- ✓ Favorecer a mobilidade segura, reducindo o risco de accidentes nos tramos do Camiño de Santiago que coinciden coa rede viaria, mediante a segregación física do tránsito rodado.
- ✓ Diminuír as emisións contaminantes e fomentar modos de transporte non motorizados, en consonancia coas políticas europeas, estatais e autonómicas de sustentabilidade.
- ✓ Garantir a integración paisaxística e patrimonial das novas sendas no entorno natural e cultural polo que discorren.

No *Anexo nº 1: Antecedentes e xustificación das solucións adoptadas*, descríbense en detalle as alternativas analizadas para cada tramo, partindo da situación actual e valorando criterios de seguridade, impacto ambiental, viabilidade técnica e custo económico.

Finalmente, xustifícase a elección das solucións definitivas, baseadas en trazados de mínima afección ao territorio, o emprego de materiais de baixo impacto ambiental (xabre-cemento, formigón desactivado, madeira tratada), e a coherencia estética co entorno rural e co carácter do Camiño de Santiago de Fisterra e Muxía, garantindo así unha actuación equilibrada entre funcionalidade, seguridade e integración paisaxística.

6. ACTUACIÓNS PROXECTADAS

O conxunto das intervencións previstas no presente proxecto configura un sistema continuo de mellora estética, funcional e de seguridade, articulado a través de 11 novas sendas peonís segregadas distribuídas ao longo de distintos concellos, cada unha delas adaptada ás condicións topográficas, paisaxísticas e funcionais do seu ámbito. A súa finalidade común é garantir a continuidade, a seguridade e a integración paisaxística do Camiño Fisterra–Muxía nos treitos onde actualmente existe convivencia directa co tráfico rodado ou riscos significativos para os peregrinos. Xunto a estas sendas, proxéctase a renovación estrutural dunha senda existente —o tramo Corzón–Abeleiroas, en Mazaricos— e a mellora da sinalización en 10 tramos adicionais de estradas provinciais e locais.

Todas as actuacións responden a un criterio transversal: reforzar a continuidade e a seguridade do Camiño Fisterra–Muxía mediante solucións discretas, respectuosas e plenamente integradas no territorio. O proxecto concíbese como unha sucesión de pequenos axustes sobre o terreo, deseñados para minimizar a alteración da paisaxe e ao mesmo tempo recuperar a lectura unitaria dun itinerario histórico que transita por contornos rurais, agrícolas, forestais, costeiros e núcleos tradicionais.

Nos once tramos onde se proxectan sendas segregadas mantense unha mesma filosofía: afastar o tránsito peonil da calzada alí onde a convivencia co tráfico comporta riscos, resolver interrupcións da continuidade e reforzar a lectura perceptiva do Camiño sen introducir elementos alleos á súa identidade. As solucións construtivas empregan materiais sinxelos, tradicionais e facilmente integrables —xabre-cemento, formigón desactivado en cor natural e lousados de lastro— capaces de preservar a estética do camiño histórico e, simultaneamente, garantir a seguridade, estabilidade e confort do tránsito peonil.

Os anchos das novas sendas oscilan entre 1,80 e 2,30 m, en función dos condicionantes físicos, topográficos e urbanísticos de cada contorno. Optouse pola sección de 2,30 m naqueles tramos nos que é necesario garantir o acceso dos medios de conservación, mentres que nos ámbitos máis condicionados por edificacións, valados, parcelas estreitas ou pendentes pronunciadas empregouse un ancho de 1,80 ou 2,00 m. En todos os casos mantense unha separación mínima de 1,00 m entre a senda e o borde da explanación das distintas estradas, que actúa como franxa de seguridade, filtro vexetal e transición visual entre o espazo viario e o camiño.

As pendentes mantéñense, de maneira xeral, por baixo do 6 %, permitindo un tránsito cómodo e accesible. Só en tramos condicionados pola orografía —cabezas de desmonte, zonas costeiras ou ámbitos de relevo abrupto— se alcanzan valores puntuais entre o 8 % e o 12 %, sempre resoltos sen grandes movementos de terras e dentro dos parámetros admisibles para un itinerario de carácter rural.

Os trazados axústanse tamén á presenza de árbores autóctonas e valados tradicionais de pedra, que se manteñen sempre que é posible e que, cando resultan afectados, son incorporados á titularidade da Axencia Turismo de Galicia para garantir a súa preservación.

A lectura do itinerario reforzase mediante pequenos treitos de lousado situados nos inicios e finais das sendas, así como en cruzamentos e puntos de transición entre fases. Estes elementos actúan como marcadores perceptivos, facilitan a identificación do percorrido e contribúen a mellorar a seguridade viaria. En determinados puntos complétanse con balizas flexibles H-75 en cor natural ou verde, que incrementan a visibilidade sen alterar a integración paisaxística.

No Documento nº2 Planos, pódense comprobar todos os detalles de deseño das solucións desenvolvidas.

A continuación descríbense, de maneira resumida, cada un dos tramos nos que se formula unha nova senda segregada:

6.1. TRAMO 9_740 MOAS DE ABAIXO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Situación

Estas actuacións desenvólvense nun tramo de 315 metros sen senda segregada entre os PP.QQ. 86+877 a 86+562 da traza do Camiño Fisterra e Muxía sobre a estrada local a Rúas de Abaixo, titularidade do Concello de Santiago, ao seu paso polo lugar de Moas de Abaixo.

Figura 3.- Localización da senda en Moas de Abaixo

Descrición

No fronte urbano inicial (58 metros), onde existe un peche de bloque e malla metálica, execútase unha **beirarrúa en formigón desactivado** en cor natural, consistente con outras actuacións do Camiño en ámbitos urbanos. O ancho útil establécese en 1,80 m, con estreitamentos puntuais, garantindo o tránsito seguro en itinerario continuo.

Desde o PQ 86+795 ata o final do tramo, proponse a implantación dunha **unha senda segregada en xabre-cemento**, con ancho mínimo de 1,80 m, solución habitual en contornos rurais e periurbanos promovidos pola Axencia Turismo de Galicia, para minimizar a ocupación en parcelas privadas e evitar a ampliación da estrutura existente sobre o rego, ampliable ata 2,30 m onde o espazo dispoñible o permita, garantindo a accesibilidade dos equipos de conservación da ATG e do Concello, garantindo accesibilidade para roza e limpeza.

A disposición da senda realizarase preferentemente ao pé do terraplén, minimizando ocupación de parcelas privadas. Tras o cruzamento sobre o canle do rego de Fontecova, e para evitar a ampliación da

pontella existente, a senda trasládase á berma da estrada, mantendo separación mediante beirado tipo levada e/ou franxa vexetal.

As pendentes lonxitudinais mantéñense xeralmente por debaixo do 6 %, agás no treito inicial onde, por condicionantes existentes, se acadan valores próximos ao 12 %, valor admisible ao tratarse dun contorno rural e natural, sen condicións estritas de accesibilidade universal.

No que respecta a sinalización asociada, prevese a instalación de sinais segundo a NS 1/2008: preaviso, tramo común, confirmación e frechas de guiado, panelización específica en cruzamentos e intersección menores así como a sinalización temporal durante as obras para garantir o tránsito seguro de peregrinos.

No que respecta á integración ambiental e paisaxística:

- ✓ A solución evita afeccións ao rego de Fontecova.
- ✓ Minimízase o volume de escavación e aterro.
- ✓ Mantéñense os exemplares arbóreos existentes de máis de 20 cm de tronco, adaptando o trazado puntualmente.
- ✓ O acabado en xabre-cemento permite unha mellor integración cromática e permeabilidade respecto do contorno.





Figura 4.- Planta da actuación en Moas de Abaixo (Santiago de Compostela).

6.2. TRAMO 9_733 A BARQUIÑA (NEGREIRA)

Situación

Esta actuación localízase no tramo común coa estrada municipal de Negreira á Barca, ao seu paso polo núcleo de Chancela, entre os PP.QQ. 71+283 e 70+329 da traza do Camiño Fisterra–Muxía.

Figura 5.- Localización da actuación na Barquiña (Negreira).

Descrición

Nos primeiros 150 metros, desde o cruzamento da estrada AC-447 no PQ. 71+283, a nova senda discorre ao pé do terraplén pola marxe esquerda da vía, cun ancho de 1,80 m para minimizar afeccións a parcelas privadas, clasificadas como solo urbano de núcleo rural sen edificar. A marxe dereita non é viable por existir edificacións e muros de contención en formigón. A pendente máxima que se alcanza nesta zona é do 8,8 % na baixada inicial desde a calzada a posición inferior da senda, ao pé do terraplén existente.

Ao final deste treito existe unha ODT correspondente á canalización dun rego afluente do Tambre, deberá ser ampliada para garantir a súa continuidade hidráulica.

O cambio de marxe situarase nun punto con boa visibilidade na zona de trazado en recta. Neste punto proponse a execución dun lousado que permita identificar e diferenciar o paso peonil.

A continuación, pola marxe dereita, proxéctase unha beirarrúa en formigón desactivado cor terriza, con beirado estético prefabricado e franxa vexetal de 50 cm, todo conforme á Instrución 3/2021 para sendas. O ancho resultante da beirarrúa adaptarase ás condicións das fachadas e dos peches existentes, finalizando antes da curva..

No derradeiro treito desta actuación, tras sortear o peche da parcela de Irmáns Mallon, recupérase a tipoloxía de senda segregada de xabre-cemento, con ancho de 2,30 m, adentándose nunha zona boscosa situada na marxe dereita da estrada local.

Neste tramo da senda poderán ser necesarios estreitamentos puntuais e un trazado máis sinuoso para respectar árbores autóctonas de diámetro maior de 20 cm, bordear os noiros residuais e cabalóns existentes así como minimizar os movementos de terras e a excesiva modificación do terreo natural.

Descártase completamente continuar cunha solución pola marxe esquerda debido ás afeccións que produciría na parcela vinculada ao Pazo de Albariña.

A pendente máxima neste treito acada o 9,6 %, valor acorde cos condicionantes topográficos e co carácter rural do itinerario.

A actuación remata no cruzamento de acceso ao núcleo de Chancela, onde se prevé o lousado do punto de paso para garantir a continuidade perceptiva do Camiño.



Figura 6.- Planta da actuación na Barquiña (Negreira).

6.3. TRAMO 9_735 CORZÓN (MAZARICOS)

Situación

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 39+892 e 38+890 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo cunha estrada local que comunica os núcleos de Corzón e As Abeleiroas, no concello de Mazaricos.

Figura 7.- Localización da actuación de Corzón (Mazaricos).

Descrición

Tramo resolto cunha senda de saburra na beiravía esquerda da estrada local de Corzón a Abeleiroas que actualmente presenta un estado de conservación moi deficiente. Neste caso non existen cruzamentos. Pola entidade das actuacións requiridas, xa que hai que renovar o firme nunha lonxitude de 1.300 metros, inclúese no presente proxecto. Proponse a execución dun novo pavimento de xabre-cemento, instalación de varandas de protección nos noiros laterais e sinalización vertical completa segundo a NS 1/2008.

Figura 8.- Planta da actuación en Corzón (Mazaricos).

6.4. TRAMO 9_595 OLVEIROA (DUMBRÍA)

Situación

Esta actuación localízase entre os PP.QQ. 37+723 e 35+954 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-3404, entre os seus PP.QQ. 20 e 22, ao seu paso polos núcleos de Mollón —derradeiro núcleo do concello de Mazaricos—, Ponte Olveira e Olveiroa, xa no concello de Dumbría.

Figura 9.- Localización da actución en Olveiroa (Dumbría).

Descrición

En primeiro lugar cómpre indicar que se descarta calquera actuación na contorna da ponte de Olveira, ao tratarse dun Ben de Interese Cultural (BIC) con protección integral e estrutural, o que impide intervencións que poidan modificar o seu ámbito de protección ou a súa lectura paisaxística.

Do mesmo modo, descártase actuar sobre a marxe esquerda da DP-3404 no treito comprendido entre a saída da ponte e o PQ. 37+259, co obxectivo de evitar afeccións no ámbito do hórreo de Ponte Olveira, tamén protexido.

Por este motivo, a actuación proposta iníciase unha vez superada a ponte, mediante a execución dun treito de beirarrúa en formigón desactivado pola marxe dereita da DP-3404, cun ancho desexable de 1,80 m, admitindo estreitamentos puntuais para adaptarse ao fronte edificado das vivendas existentes.

Unha vez afastados da contorna de protección do hórreo, a beirarrúa cruza á marxe esquerda antes da curva, definindo un itinerario perceptible e seguro.

A partir do PQ 37+259 iníciase unha **senda en xabre-cemento**, que procura seguir o pé do terraplén da estrada provincial, minimizando afeccións á produtividade das fincas atravesadas. Por este motivo, establécese un **ancho de 2,00 m** —lixeiramente inferior ao empregado noutros tramos— co obxectivo de reducir ocupación e facilitar a integración agrícola. Esta menor ocupación faise posible grazas a que ao longo de todo o treito existe accesibilidade suficiente desde a estrada para os medios de conservación, sen necesidade de ampliar a sección da senda.

O trazado da senda mantense paralelo á estrada, separado uns metros do deslinde, agás na zona de vivendas entre os PP.QQ. 36+437 e o inicio do núcleo, onde se axusta levemente ao límite da propiedade para evitar afeccións ás parcelas edificadas.

En xeral, trátase dunha zona de pendentes moi suaves, inferiores ao 4 %, agás no inicio da actuación, onde a beirarrúa alcanza pendentes próximas ao 8 % por adaptación ás rasantes existentes da estrada provincial.

A solución formulada responde a un equilibrio entre seguridade, funcionalidade e minimización de afeccións. A elección do xabre-cemento permite unha boa integración paisaxística, facilita a permeabilidade superficial, reduce a escorras e resulta compatible coa tipoloxía xa empregada pola Axencia Turismo de Galicia noutros treitos rurais. O ancho de 2,00 m garante un itinerario seguro e continuo para os peregrinos, ao tempo que evita unha ocupación excesiva sobre parcelas en actividade agraria, preservando o seu uso e reducindo as necesidades de expropiación. Ademais, a disposición da senda ao pé do terraplén asegura unha separación efectiva respecto do tráfico rodado, evitando interaccións innecesarias coa calzada e mantendo unhas condicións de pendente moi suaves (≤ 4 %), adecuadas para o tránsito continuo e seguro.



Figura 10.- Planta da actuación en Olveiroa (Dumbría).

6.5. TRAMO 9_607 HOSPITAL (DUMBRÍA)

Situación

As actuacións deste tramo localízanse entre os PP.QQ. 30+616 e 30+228 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo aproximadamente co PQ 27 da estrada provincial DP-3404, ao seu paso polo núcleo de Hospital, no concello de Dumbría.

Figura 11.- Localización da actuación en Hospital (Dumbría).

Descrición

Trátase dun treito de aproximadamente 400 metros, no que se define a execución dunha **senda segregada en xabre-cemento de 2,30 m de ancho**, implantada na marxe dereita da estrada provincial. A senda disporase **cunha separación mínima de 1,00 m respecto do bordo da beiravía asfaltada**, garantindo unha separación física perceptible entre o tránsito peonil e o tráfico rodado.

Os **valados de pedra** existentes na marxe dereita que resulten afectados pola implantación da senda pasarán a titularidade da Axencia Turismo de Galicia, o que permitirá o seu mantemento, consolidación e posta en valor como elementos patrimoniais característicos do lugar.

O tramo dá comezo no cruzamento do PQ 30+616, que se mellorará mediante o lousado dos primeiros 5 metros de senda, reforzando a lectura perceptiva do punto de cruzamento e a instalación de balizas flexibles tipo H-75 en cor verde, para reforzo da visibilidade e protección dos peóns.

De forma análoga, no extremo final da actuación (PQ 30+228), prevese tamén un treito final lousado, que mellora a continuidade e a percepción direccional do itinerario.

A pendente máxima da actuación sitúase en valores inferiores ao 6,8 %, compatibles cos criterios xerais de accesibilidade e co carácter rural da zona, sen precisar modificacións relevantes da rasante existente.

A xustificación da solución vén dada pola necesidade de mellorar as condicións de seguridade nun tramo onde os peregrinos circulan actualmente pola beiravía asfaltada dunha estrada con tráfico apreciable e visibilidade limitada. A implantación dunha senda segregada en xabre-cemento, separada da calzada, garante un itinerario continuo, seguro e plenamente perceptible, reducindo significativamente o risco de interacción directa cos vehículos.

A elección de **xabre-cemento** facilita a integración paisaxística nun contorno rural consolidado, mantendo a coherencia coas actuacións promovidas pola ATG noutros treitos do Camiño. A conservación e posta en valor dos **valados de pedra** contribúe á protección do patrimonio tradicional asociado ao Camiño. O lousado dos extremos reforza a lectura dos puntos de cruzamento e mellora a continuidade perceptiva do itinerario.

Figura 12.- Planta da actuación en Hospital (Dumbría).

6.6. TRAMO 9_598 REGO DAS MOAS – REGO VALSALGUEIRO (DUMBRÍA)

Situación

Esta actuación pode considerarse unha **prolongación funcional da anterior** dado que se inicia no PQ 29+958 do trazado principal do Camiño Fisterra-Muxía, inmediatamente despois de que o itinerario aproveite un tramo antigo da estrada provincial no que finalizaba a senda anterior.



Figura 13.- Localización da actuación entra Rego das Moas e Rego Valsagueiro (Dumbría).

Descrición

A nova senda desenvólvese paralela á estrada DP-3404, entre os seus PP.QQ. 27,5 e 29, ao seu paso entre os núcleos de Hospital e A Grixa, no concello de Dumbría. Neste treito prodúcese a bifurcación das variantes, de maneira que a intervención continúa desde o PQ 29+693 polos PP.QQ. 26+589 a 25+463 da variante cara a Muxía,

Trátase dun treito de aproximadamente 1,4 km de lonxitude no que, do mesmo modo que no tramo anterior, se executa pola marxe dereita unha **senda segregada en xabre-cemento de 2,30 m de ancho**, dimensión axeitada para permitir as tarefas de conservación e mantemento da ATG. A senda disporase cunha **separación mínima de 1,00 m** respecto do bordo exterior da beiravía asfaltada, garantindo unha distancia perceptible entre tránsito peonil e tráfico rodado.

Porén, debido á presenza de dúas parcelas edificadas no tramo inicial, entre os PP.QQ. 0+110 e 0+180 da variante, a senda aproveita a beiravía xa acondicionada para evitar afeccións sobre edificacións e peches existentes. Neste punto, faise necesario implantar o cruzamento que permite dar continuidade ao ramal principal cara a Fisterra.

O trazado da senda discorre paralelo ao da estrada provincial, adaptándose á morfoloxía do terreo. As pendentes mantéñense en valores moderados, aínda que se alcanzan rasantes do 12 % en dúas depresións locais asociadas á travesía dos regos das Moas e Valsagueiro. No resto do tramo, as pendentes non superan valores do **8–9 %**, compatibles co carácter rural e coa necesidade de minimizar movementos de terra.

A solución proposta garante continuidade, seguridade e lectura perceptiva do itinerario nun treito no que os peregrinos circulan actualmente pola beiravía ou pola calzada dunha estrada con velocidade elevada e visibilidade non sempre favorable. A senda segregada, combinada coa utilización puntual da beiravía existente para evitar afeccións, configúrase como a opción máis equilibrada en termos de seguridade viaria, integración territorial e eficiencia construtiva.







Figura 14.- Planta da actuación en Rego Valsagueiro (Dumbría).

6.7. TRAMO 9_596 AS CARIZAS (DUMBRÍA)

Situación

Trátase dunha actuación de pequena lonxitude (220 m), localizada entre os PP.QQ. 24+298 e 24+081 da variante a Muxía do Camiño Fisterra–Muxía, no punto no que a traza regresa á marxe dereita da estrada provincial DP-3404, aproximadamente ao seu PQ 29,5.



Figura 15.- Localización da actuación nas Carizas (Dumbría).

Descrición

Co obxectivo de garantir un itinerario seguro, continuo e perceptible, proponse a execución dunha **senda segregada en xabre-cemento** pola beira dereita, dado que a implantación na marxe esquerda obrigaría a trasladar o cruzamento a unha zona con visibilidade insuficiente, circunstancia que se descarta por criterios de seguridade viaria.

Neste sentido, mantense o cruzamento no PQ 24+081, punto que presenta as mellores condicións de visibilidade para continuar cara ao núcleo de As Carizas pola traza actual do Camiño. Este cruzamento reforzarase mediante lousado e a instalación de balizas flexibles H-75, mellorando a súa percepción e seguridade.

A nova senda deseñase cun **ancho de 2,30 m** e unha separación mínima de 1,00 m respecto ao bordo da explanación da estrada provincial, garantindo unha distancia perceptible e segura fronte ao tráfico rodado. Ao longo do trazado existen valados tradicionais de pedra, polo que a senda se adapta á súa xeometría; os treitos afectados pasarán a titularidade da Axencia Turismo de Galicia, o que garante a súa correcta conservación e integración paisaxística como elementos identitarios do contorno rural.

Nos treitos inicial e final a senda atravesa zonas arboradas, polo que se prevén estreitamentos puntuais e pequenos axustes en planta para respectar os exemplares autóctonos con diámetro de tronco superior a 20 cm, evitando afeccións innecesarias á vexetación existente.

A rasante da senda acada **pendentes máximas próximas ao 11 %,** aínda que a pendente na rasante principal sitúase arredor do 4 %, valores compatibles coa topografía do terreo e co carácter rural da actuación.

A solución adoptada xustifícase pola necesidade de:

- ✓ mellorar a seguridade viaria afastando os peregrinos dunha beiravía estreita e exposta;
- ✓ manter a coherencia funcional e paisaxística coas tipoloxías empregadas nos tramos precedentes segregados da DP-3404;
- ✓ evitar actuacións na marxe esquerda, que implicarían maior impacto territorial, condicións desfavorables de seguridade e peor integración no contorno.





Figura 16.- Planta da actuación nas Carizas (Dumbría).

6.8. TRAMO 9_608 FONTE DOS LADRÓNS (DUMBRÍA)

Situación

Esta actuación localízase entre os PP.QQ. 29+837 e 29+117 do trazado principal do Camiño Fisterra–Muxía (ramal a Fisterra) e coincide coa estrada provincial DP-2302, na contorna do paraxe de Fonte dos Ladróns.



Figura 17.- Localización da actuación en Fonte dos Ladróns (Dumbría).

Descrición

Proponse a execución dunha **nova senda segregada en xabre-cemento** pola marxe dereita, afastada un mínimo de 1,00 m do bordo exterior da explanación (cuneta). A anchura da senda establécese en **2,00 m**, suficiente para garantir un tránsito seguro e continuo, minimizando ao mesmo tempo a ocupación e evitando movementos de terras innecesarios nunha zona cun forte desnivel lateral nalgunhas zonas. Ademais, o acceso dos equipos de conservación resulta doado desde a propia estrada provincial.

Para garantir a continuidade perceptiva do itinerario, prevese un **novo cruzamento peonil no PQ 29+590**, reforzado mediante lousado e balizas flexibles H-75, mellorando a seguridade viaria e a lectura do itinerario. O paso de peóns existente no PQ 29+281 mantense operativo ao tratarse dun punto con condicións de visibilidade axeitadas.

As pendentes do tramo son xeralmente suaves, mantendo valores inferiores ao 6 % na maior parte da actuación, compatibles cos criterios xerais de accesibilidade e coa morfoloxía rural da contorna. No extremo final acádase unha pendente próxima ao 6,8 %, perfectamente asumible.

A solución adoptada responde á necesidade de:

- ✓ garantir un itinerario seguro segregado do tráfico rodado;
- ✓ afastar o tránsito peonil dunha marxe con fortes condicionantes industriais e escasa marxe libre;
- ✓ manter coherencia coas tipoloxías empregadas nos tramos precedentes da DP-3404.



Figura 18.- Planta da actuación en Rego dos Ladróns (Dumbría).

6.9. TRAMO 9_609 REGO FRAGOSO (DUMBRÍA)

Situación

Esta actuación localízase entre os PP.QQ. 21+443 e 21+230 da traza do Camiño Fisterra–Muxía na variante cara a Muxía, coincidindo co tramo que discorre sobre a estrada AC-199, e conecta directamente coa modificación de trazado executada no ano 2021.

Figura 19.- Localización da actuación en Rego Fragoso (Dumbría).

Descrición

Mantense o punto de cruzamento existente no PQ 21+230, que será reforzado mediante lousado e balizas flexibles H-75, co obxectivo de incrementar a seguridade viaria e mellorar a lectura perceptiva do itinerario.

O inicio da actuación sitúase no PQ 21+443, onde se prolongará a beirarrúa existente mediante un treito inicial lousado en lastro, que funciona como elemento de transición e sinalización do novo tramo segregado. A senda discorrerá pola zona boscosa situada na marxe esquerda da estrada, o que obriga a prever estreitamentos puntuais e pequenos axustes en planta co fin de respectar exemplares arbóreos autóctonos cun diámetro superior a 20 cm, evitando afeccións innecesarias e preservando o carácter natural do contorno.

A senda executarase en xabre-cemento, cun ancho de 2,30 m que garante un tránsito peonil seguro e permite a intervención dos medios de conservación. Implantarase ao pé do terraplén da estrada AC-199, mantendo unha separación mínima de 1,00 m respecto ao bordo da explanación, asegurando unha distancia perceptible e segura fronte ao tráfico rodado.

A rasante da senda presenta pendentes máximas próximas ao 11 %, condicionadas pola topografía existente, mentres que a pendente dominante sitúase arredor do 6 %, valores compatibles co carácter rural do treito e cos criterios de accesibilidade asumibles para itinerarios naturais asociados ao Camiño.

A solución proposta responde á necesidade de mellorar a seguridade viaria nun tramo onde os peregrinos circulan actualmente pola calzada da AC-199, en coexistencia directa co tráfico rodado. A senda segregada permite afastar o tránsito peonil, reforzar a continuidade perceptiva do Camiño e manter coherencia coas solucións adoptadas nos tramos precedentes da DP-3404.





Figura 20.- Planta da actuación en Rego Fragoso (Dumbría).

6.11. TRAMO 9_600 AMARELA (CORCUBIÓN E CEE)

Situación

Esta actuación desenvolvese entre os PP.QQ. 12+025 e 11+547 da traza principal do Camiño Fisterra–Muxía (ramal a Fisterra), coincidindo coa estrada autonómica AC-445 entre os seus PP.QQ. 4+500 e 4+910, desde o núcleo da Amarela (Corcubión) ata Estorde, xa no termo municipal de Cee.

Figura 21.- Localización da actuación da Amarela (Corcubión e Cee).

Descrición

O inicio da actuación sitúase na marxe esquerda da AC-445, inmediatamente despois da zona edificada da Amarela. Neste primeiro tramo, de aproximadamente 40 m, implántase unha senda segregada en xabre-cemento de 1,80 m de ancho. Aínda que pola escasa lonxitude non é posible situala ao pé do terraplén, mantense unha separación suficiente respecto da plataforma asfaltada para garantir un tránsito peonil seguro.

O cruzamento cara á marxe dereita da estrada localízase no PQ 4+730 da AC-445. Este punto non pode sinalizarse como paso de peóns regulamentario por non cumprir os requisitos da *Instrución 1/2024 de pasos peonís da Xunta de Galicia*, polo que o reforzo se realiza mediante lousado na senda e balizas flexibles tipo H-75, co obxectivo de mellorar a percepción e a seguridade do itinerario. Este cruzamento substitúe o cruzamento informal que adoitan realizar os peregrinos na zona edificada da Amarela, onde a visibilidade é máis reducida.

A partir deste cruzamento, a senda continúa pola marxe dereita, incrementando tanto a separación respecto da plataforma viaria como o seu ancho ata **2,30 m**, o que garante a accesibilidade necesaria para as tarefas de conservación. O trazado discorre afastado da calzada, adaptándose á topografía existente e sorteando os postes, instalacións e demais elementos localizados no bordo da estrada.

A actuación finaliza no PQ 11+547, enlazando co trazado existente fóra da estrada na contorna de Estorde–Os Cantiños.

A rasante presenta pendentes máximas do **12%**, derivadas da necesidade de adaptarse á topografía natural sen executar grandes movementos de terras. Estes valores son compatibles co carácter rural do tramo e coas tipoloxías de sendeiro natural propio do Camiño de Santiago.

A solución adoptada responde á necesidade de mellorar substancialmente a seguridade viaria nun tramo onde os peregrinos circulan actualmente polas beiravías da AC-445, convivindo cun tráfico intenso e con seccións de visibilidade limitada. A execución dunha senda segregada permite afastar o tránsito peonil da calzada, garantir a continuidade perceptiva do Camiño e manter coherencia coas solucións implantadas nos tramos precedentes.



Figura 22.- Planta da actuación na Amarela (Corcubión e Cee).

6.12. TRAMO 9_600 PRAIA DE ESTORDE (CEE)

Situación

Esta actuación localízase entre os PP.QQ. 11+311 e 10+210 da traza principal do Camiño Fisterra–Muxía (ramal a Fisterra) e ten por obxecto evitar a maior lonxitude posible de percorrido en convivencia co tráfico rodado da estrada AC-445 na contorna da praia de Estorde (Cee). Neste caso propóñese un **trazado funcional** por motivos de seguridade viaria.

Figura 23.- Localización do trazado funcional na Praia de Estorde (Cee).

Descrición

O trazado funcional proposto desenvólvese integramente sobre terreos situados na marxe dereita da AC-445, sen necesidade de realizar cruzamentos, e estrutúrase en tres treitos consecutivos:

Primeiro treito (PP.QQ. 11+311 – 11+081)

Execútase unha **senda segregada de xabre-cemento de 2,30 m** de ancho, implantada sobre a cabeza do desmonte da estrada autonómica, mantendo unha separación mínima de 1,00 m respecto do bordo da explanación. Tanto no inicio como no final deste treito prevese un **lousado** que actúa como elemento de transición e reforza a percepción do novo itinerario segregado.

A pendente media sitúase arredor do 7 %, acadando máximos do 9,7 %, con algún punto puntual ao inicio próximo ao 12 %, condicionada pola topografía existente.

A partir do PQ 11+081, o Camiño retoma a senda executada pola AXI no ano 2021 sobre a beiravía da AC-445.

Segundo treito (PP.QQ. 10+958 – 10+707)

Neste tramo execútase una nova **senda segregada en xabre-cemento de 2,00 m** de ancho —lixeiramente menor pola necesidade de reducir afeccións— seguindo este trazado funcional de nova planta por motivos de seguridade y coherente coa estrutura viaria prevista polas NNSS de 1995 na zona e priorizando a ocupación sobre parcelas de menor aproveitamento (longas e estreitas).

O trazado funcional arrinca desde unha pista asfaltada que parte á dereita da AC-445 no PQ 10+958 en dirección á aldea de Estorde e, tras uns 25 m, introdúcese nas fincas privadas cunha orientación norte. Aproximadamente aos 115 m xira cara ao oeste buscando a estrada de Guimareu, que se cruza uns 150 m máis adiante mediante lousado, minimizando as afeccións aos valados tradicionais de pedra que poidan aparecer.

Despois deste cruzamento, a senda vira ao sur para reincorporarse á beiravía da AC-445 á altura do PQ 10+707, evitando as edificacións existentes no bordo da estrada.

Este trazado funcional considérase imprescindible para evitar o treito máis perigoso da AC-445, caracterizado por unha sucesión de curvas moi pechadas e desmontes en rocha verticais que acadan alturas próximas aos 3 m. Estas condicións fan inviable a implantación dunha senda segura pola cabeza deste desmonte e impedirían garantir pendentes admisibles, ademais de afectar construcións existentes.

A pendente máxima acada aproximadamente o 11%, fundamentalmente na conexión coa pista de Guimareu, mentres que no resto da actuación a pendente dominante arredor do 7 %.

No treito no que o Camiño regresa á contorna inmediata da AC-445, cómpre executar dous treitos de beirarrúa en formigón desactivado, que conducen ata o cruzamento sobre a pista a Guimareu. Este cruzamento, afastado da intersección viaria para mellorar a visibilidade, executarase mediante lousado, garantindo unha continuidade perceptiva e reforzando a seguridade do itinerario.

Terceiro treito (PP.QQ. 10+609 a 10+210)

Este treito desenvólvese na zona fronte ao cámping e considérase necesario para evitar que os peregrinos teñan que sortear os vehículos estacionados na marxe da estrada.

Proxéctase unha **senda de 1,80 m en xabre-cemento** segregada sobre a banda de terreo existente entre o aparcadoiro e o cámping. A actuación finaliza no límite co Concello de Fisterra, conectando coa nova parada de autobús executada.

A pendente máxima neste treito é do **6,5 %**.

A actuación proposta responde á necesidade de **eliminar a convivencia directa entre peregrinos e tráfico rodado** nun dos treitos máis comprometidos da AC-445, onde conflúen unha elevada intensidade de vehículos en época estival, curvas de radio reducido con visibilidade limitada, tramos con fortes desmontes en rocha e beiravías insuficientes ou inexistentes. Estas condicións fan imprescindible afastar

o itinerario peonil da calzada, garantindo unha circulación segura e continua ao longo da contorna da praia de Estorde.

A execución dunha senda segregada ao longo dos tres treitos definidos permite configurar un percorrido independente, con pendentes compatibles coa topografía existente e sen requirir grandes movementos de terras. Ao mesmo tempo, mantense a coherencia paisaxística e funcional coas sendas xa executadas nos tramos precedentes, reforzándose a percepción e continuidade do Camiño mediante lousados e firmes diferenciados. Os anchos propostos responden ao criterio de minimizar afeccións ás parcelas privadas, especialmente nas zonas de maior ocupación ou fragmentación de propiedades.

Cómpre salientar que a presenza de accesos e edificacións ao longo da AC-445 imposibilita a implantación dunha senda continua nas proximidades da estrada. Por este motivo, estudáronse alternativas que permitisen enlazar de maneira segura coa senda existente executada pola AXI en 2021, aproveitando os puntos onde a dispoñibilidade de terreo e a visibilidade o facían viable e evitando, na medida do posible, afeccións a construcións. O resultado é unha solución equilibrada entre seguridade viaria, integración territorial e continuidade perceptiva do itinerario xacobeo.





Figura 24.- Planta das actuacións na contorna da praia de Estorde (Cee).

6.13. TRAMO 9_597 PRAIA DE LOURIDO (MUXÍA)

Situación

Neste tramo, correspondente á variante do Camiño cara a Muxía, identifícase un treito da DP-5201 entre a glorieta de acceso ao Parador Costa da Morte e o camiño de Embarrada no que existe un baleiro de sendeiro seguro, obrigando ao peregrino a circular pola beiravía ou pola calzada nunha estrada litoral con tráfico estacional elevado derivado do acceso ao Parador Costa da Morte e á propia praia.

Figura 25.- Localización da actuación na contorna da praia de Lourido (Muxía).

Descrición

Co obxectivo de garantir continuidade e seguridade perceptiva, proponse o acondicionamento dos camiños de acceso á praia de Lourido e conexión de ambos mediante un treito de senda en xabre-cemento de 2,30 m de ancho, mellorando a súa funcionalidade para o tránsito peonil.

A pendente máxima é do 12%, devido a que hai que adaptarse á topografía dos camiños a conectar.

Esta solución permite eliminar o tramo residual onde o peregrino quedaba exposto ao tráfico e resolve a continuidade do itinerario ata o acceso á praia polo camiño de Embarrada.

As actuacións propostas foron seleccionadas pola súa eficacia para garantir continuidade e seguridade, o seu baixo impacto ambiental e territorial, compatibilidade estética co contorno litoral e a súa coherencia coas actuacións executadas pola Deputación da Coruña en 2023.

Figura 26.- Planta da actuación na contorna da Praia de Lourido (Muxía).

6.14. TRAMOS DE MELLORA DA SINALIZACIÓN (10 TRAMOS)

Nestes ámbitos a infraestrutura existente é funcional, pero carece dunha sinalización adecuada segundo a Nota de Servizo 1/2008. As actuacións consisten en completar a sinalización de preaviso, tramo común, cruzamento e confirmación e, nalgúns casos, reforzar a percepción dos puntos de paso mediante lousados ou balizas.

Son intervencións lixeiras que non alteran a sección viaria e garanten a correcta lectura do Camiño.

7. TRAZADO

O deseño en materia de trazado xeométrico centrouse na implantación de 11 senda peonís nas contornas des estradas autonómicas AC-445 e AC-199, provinciais DP-3404, DP-2302 e DP-5201 e as estradas locais a Rúas de Abaixo, titularidade do concello de Santiago de Compostela, e a estrada de Negreira á Barca de Negreira.

Para o deseño das sendas peonís seguíronse as directrices da Axencia de Turismo de Galicia, cuxos parámetros máis relevantes son os seguintes:

– Manter os accesos existentes ás parcelas.

– Non alterar os muros de contención nin os valados tradicionais.

– Evitar afectacións ás redes de iluminación e electricidade existentes.

– Sección tipo cun ancho máximo de 2,30 m.

– Emprego, na medida do posible, de material granular estabilizado.

– Adaptación á orografía do terreo, co obxectivo de minimizar o movemento de terras.

A continuación, recóllese na seguinte táboa resumo os principais parámetros de deseño das actuacións:

ACTUACIÓN	PENDENTES		ANCHO		ALTURA MÁXIMA	
	Max.	Min.	Min.	Max.	Desmonte	Terraplén
9_740 Moas de Abaixo	12,00 %	0,52 %	1,75 m	1,80 m	0,02 m	1,07 m
9_733 A Barquiña	12,00 %	0,50 %	1,80 m	2,30 m	0,52 m	1,21 m
9_595 Olveiroa	12,00 %	0,25 %	1,80 m	2,00 m	0,50 m	0,49 m
9_607 Hospital	6,83 %	1,50 %	2,30 m		0,60 m	0,67 m
9_598 Rego Valsagueiro	12,00 %	0,71 %	2,30 m		0,95 m	0,71 m
9_596 As Carizas	10,89 %	4,09 %	2,30 m		0,45 m	0,18 m
9_608 Fonte dos Ladróns	6,80 %	0,96 %	2,00 m		1,08 m	0,45 m
9_609 Rego Fragoso	11,02 %	0,77 %	2,30 m		0,03 m	0,24 m
9_600 A Amarela	12,00 %	1,07 %	1,80 m	2,30 m	0,51 m	0,52 m
9_600 Praia de Estorde	11,48 %	0,46 %	1,80 m	2,30 m	1,36 m	0,32 m
9_597 Praia de Lourido	12,00 %	2,82 %	2,30 m		-	0,32 m

8. PAVIMENTOS

8.1. SENDAS E BEIRARRÚAS

Para o deseño dos firmes seguiuse, na medida do posible, o disposto na **Instrución 3/2021 para o deseño de sendas peonís-ciclistas en estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia**, así como no **Manual de aspectos construtivos de camiños naturais** (MAPA, 2020), adaptando as solucións ás condicións reais do terreo e ao carácter do Camiño de Santiago.

O pavimento principal das sendas estará constituído por **xabre estabilizado con cemento branco**, empregando árido seleccionado da contorna. Este material proporciona ao pavimento a **cor terriza** esixida pola Instrución 3/2021, favorecendo a integración paisaxística do itinerario. A capa de solo-cemento terá un **espesor de 15 cm** e executarase sobre unha capa de **solo seleccionado de 30 cm de espesor**.

O ancho das sendas será variable en función das condicións do ámbito, establecéndose un **ancho mínimo de 1,80 m e un máximo de 2,30 m**.



Figura 27.- Sección tipo sendas.

Nos cruzamentos cos accesos aos predios lindeiros disporase un pavimento diferenciado de **formigón desactivado HF-3.5**, co mesmo ancho que a senda, co obxectivo de identificar visualmente os accesos de vehículos e reforzar a resistencia do firme nestes puntos. Este pavimento executarase sobre unha capa de solo seleccionado de 30 cm de espesor e reforzarase mediante **barras de aceiro B500S de 6 mm de diámetro**, dispostas en mallazo de 15×15 cm. A súa cor será **terriza**, en coherencia cromática co resto da senda e conforme á Instrución 3/2021.



Figura 28.- Sección tipo nas entradas ás fincas.

No tramo **9_733 – A Barquiña**, no acceso aos almacéns situados na marxe dereita, disporase un firme específico de **formigón desactivado de 16 cm de espesor**, de cor gris, executado sobre unha capa de solo seleccionado de 30 cm de espesor. Esta solución complétase cunha **banda axardinada de 50 cm de ancho**, co fin de mellorar a transición visual e a integración paisaxística do conxunto.

O acondicionamento dos camiños nos tramos de **Corzón** e da **Praia de Lourido** realizarase mediante unha **única capa de solo-cemento de 15 cm de espesor**, disposta directamente sobre a explanada existente, ao tratarse de actuacións de carácter lixeiro e de adaptación do firme actual.

En todos os casos, a rugosidade dos pavimentos será tal que a **resistencia ao esvaramento** cumpra a condición **Rd > 45**, correspondente á **clase 3**, segundo o apartado 1 da sección SUA-1 do Documento Básico SUA "Seguridade de utilización e accesibilidade" do **Código Técnico da Edificación (CTE)**.

8.2. CRUZAMENTOS

Nos puntos de cruzamento do Camiño de Santiago coas estradas municipais e provinciais prevese a execución dun **pavimento diferenciado**, co obxectivo de reducir a velocidade dos vehículos, incrementar a atención dos condutores e mellorar a seguridade dos peregrinos, ao tempo que se reforza a identidade visual do itinerario xacobeo.

As solucións adoptadas seguen os criterios funcionais e estéticos definidos no proxecto de referencia **"Mellora da seguridade viaria en cruces coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)"**, de xuño de 2025, así como as recomendacións da Deputación da Coruña e dos concellos implicados.

Nas contornas patrimoniais ou de especial integración paisaxística empregarase **lousado de pedra natural irregular**, con pezas de entre 40 e 80 cm de lado, disposto sobre unha base de **saburra ZA 0/20 de 20 cm de espesor**, de acordo coas condicións indicadas nos planos do proxecto.

Estas solucións construtivas permiten compatibilizar o uso peonil e viario, garantindo a continuidade do Camiño, a integración co contorno e a posta en valor dos puntos de cruzamento mediante o emprego de materiais tradicionais e sostibles.

8.3. BEIRADOS

Ao longo das actuacións proxéctanse distintos tipos de beirados, en función da tipoloxía da vía e das condicións do entorno.

Disporase un **beirado estético de formigón**, de 22 cm de ancho e 15 cm de alto, como elemento separador entre a zona peonil e a zona de circulación ou aparcadoiro de vehículos. A altura visible do beirado poderá reducirse ata quedar embebido 7 cm, a criterio da Dirección de Obra, cumprindo en todo caso coas especificacións da Instrución 3/2021.

Así mesmo, proxéctase a disposición dunha **rigola prefabricada de dobre capa**, de 30 cm de ancho e sección inclinada tipo canle, que cumpre simultaneamente función de beirado e de evacuación de augas. Esta executarase sobre unha soleira de formigón HM-20 de 10 cm de espesor e proxéctase especificamente no tramo de **Moas de Arriba**.

Nos límites das zonas pavimentadas con **lastro de pedra**, especialmente nos cruzamentos, empregarase un **beirado de granito silvestre**, con pezas de 15×10 cm, colocadas sobre base de formigón HM-20 e xuntadas con morteiro de cemento, garantindo a durabilidade e a correcta integración co pavimento existente.

9. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS

Ademais da execución das propios sendas, no tramo de Corzón, disporase dunha varanda co fin de protexer aos usuarios da senda do desnivel. A varanda será madeira de 100 cm de altura, composta por pasamáns de 5 cm de diámetro e entrepano formado por 3 barrotes macizos horizontais soldados aos montantes, fixada mediante aparafusado.

10. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS

As actuacións proxectadas inclúen a instalación de nova sinalización e a adaptación da existente, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e o guiado dos peregrinos nos tramos comúns do Camiño de Santiago de Fisterra-Muxía coas estradas autonómicas e provinciais, tanto nos treitos segregados da plataforma como nos que se manteñen integrados nela.

A sinalización proxectada responde ás prescricións da Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, relativa á sinalización de intersección e tramos comúns co Camiño de Santiago, así como á Orde do 5 de novembro de 2015, pola que se modifica o Manual de sinalización turística de Galicia (Decreto 85/2012) e se regula a imaxe e sinalética do Camiño de Santiago.

A disposición e deseño dos elementos cumprirán, ademais, o establecido na Instrución 8.1-IC “Sinalización vertical” (Orde FOM/534/2014), na Instrución 8.3-IC “Sinalización de obras” e no artigo 701 do PG-3/75, actualizado polas Ordes FOM/2523/2014 e FOM/510/2018.

Prevese a colocación dos seguintes tipos de sinalización:

- **Sinalización vertical en estrada:** sinais de advertencia e información para condutores e peregrinos, en material metálico galvanizado con retrorreflectancia nivel RA2, dispostos sobre postes galvanizados con cimentación en formigón.
- **Sinais de intersección e tramo común co Camiño de Santiago:** segundo a Nota de Servizo 1/2008, con pictogramas identificadores do Camiño e mensaxes de precaución a 150 m e no propio punto de cruce.
- **Mouteiras de granito:** elementos de sinalización direccional en tramos interurbanos, executados en granito marrón salvaxe, con frecha amarela e texto “Galicia”, segundo o deseño oficial do Camiño.
- **Placas cerámicas e carteis direccionais:** para o guiado en zonas urbanas ou de visibilidade reducida, incorporando a cuncha xacobea e frecha amarela, conforme ao Manual de sinalización turística de Galicia.

A información sobre a localización, tipoloxía e dimensións de cada sinal inclúese no documento de planos e nas fichas técnicas correspondentes, onde se recollen tamén os criterios de balizamento e de colocación de defensas en zonas con desnivel ou risco para o peón.

Durante a execución das obras garantirase a sinalización provisional de obra, conforme á Instrución 8.3-IC e á Orde Circular 3/2004, mantendo en todo momento a seguridade dos usuarios e a continuidade do itinerario do Camiño de Santiago.

10.1. BALIZAMENTO

As actuacións proxectadas inclúen unicamente a instalación de balizas flexibles tipo H-75 nos puntos de cruzamento entre as novas sendas e as estradas existentes, co obxectivo de mellorar a visibilidade e a seguridade viaria tanto para os condutores como para os peregrinos.

As balizas situaranse nas proximidades dos cruzamentos e accesos, delimitando claramente o percorrido peonil e advertindo da presenza de usuarios vulnerables na calzada.

Os elementos de balizamento serán balizas cilíndricas flexibles de poliuretano tipo MOPU modelo H-75, de altura 75 cm, cor verde (RAL 6024), con dúas bandas retrorreflectantes nivel RA2 de cor branca. Disporanse ancoradas ao firme mediante parafuso de aceiro galvanizado e base elástica de caucho, o que lles permite recuperar a súa posición tras o impacto sen sufrir deterioro.

A disposición e características técnicas destas balizas axústanse ao establecido na Norma 8.2-IC “Marcas viarias”, na Instrución 8.3-IC “Sinalización de obras” e no artigo 703 do PG-3/75, actualizado polas Ordes FOM/2523/2014 e FOM/510/2018.

A implantación limitarase aos puntos de cruzamento definidos nos planos de sinalización do proxecto, non prevéndose outros elementos de defensa adicionais, dado o carácter peonil das actuacións e a baixa velocidade do tráfico nestes ámbitos.

11. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS

Durante a execución das obras previstas neste proxecto será necesario intervir puntualmente sobre a plataforma das estradas adxacentes ao trazado das novas sendas. Por este motivo, resultará imprescindible implantar medidas específicas de xestión, sinalización e mantemento da circulación, co obxectivo de garantir a seguridade viaria e peonil e minimizar as molestias tanto aos condutores como aos peregrinos que transitan polo Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía.

A planificación das obras realizarase de modo que a afección ao tráfico rodado e peonil sexa a mínima posible, adoptándose unha execución por treitos curtos e sucesivos, limitando, sempre que sexa tecnicamente viable, a ocupación a un único carril de circulación e mantendo itinerarios alternativos seguros para os peóns e peregrinos.

Nos puntos onde o ancho da estrada non permita a circulación simultánea nos dous sentidos, poderase establecer, de forma excepcional e temporal, un paso alternativo por sentido único, regulado mediante sinalistas ou semáforos móbiles, conforme á Norma 8.3-IC de Sinalización de Obras e á Orde Circular 3/2001 sobre Sinalización en Obras.

A delimitación das zonas de traballo, o balizamento, sinalización provisional e iluminación nocturna axustaranse á normativa vixente, garantindo a visibilidade e seguridade tanto para os usuarios da estrada como para os peregrinos.

Ademais, durante toda a execución das obras estableceranse medidas específicas para o mantemento da circulación dos peregrinos, entre as que se inclúen:

- ✓ Habilitación de pasos peonís temporais e valados de protección, que garantan a continuidade do Camiño en condicións seguras.
- ✓ Desvíos provisionais sinalizados mediante paneis informativos, frechas amarelas e balizas reflectoras, asegurando en todo momento a identificación do itinerario xacobeo.
- ✓ Coordinación coa Asociación de Amigos do Camiño e cos concellos afectados, para informar das afeccións temporais e dos itinerarios alternativos dispoñibles.
- ✓ Instalación de sinalización vertical específica para peóns e peregrinos, advertindo da presenza de obras e indicando o percorrido alternativo seguro.
- ✓ Mantemento permanente da limpeza e accesibilidade das zonas de paso peonil, evitando acumulacións de material, maquinaria ou entullos sobre o itinerario.

Durante a maior parte das obras non se producirán afeccións directas sobre a plataforma viaria, dado que as sendas proxectadas discorren fóra da estrada existente, sobre marxes independentes.

En resumo, as medidas adoptadas garanten a compatibilidade entre a execución das obras, a seguridade viaria e o mantemento da continuidade do Camiño de Santiago, preservando a mobilidade dos peregrinos e o carácter funcional e simbólico do itinerario xacobeo durante todo o período de execución.

12. CARTOGRAFÍA

A cartografía utilizada para a redacción do presente proxecto elaborouse mediante diversos levantamentos taquimétricos mediante técnicas GPS (sistema de referencia ETRS-89 e sistema de coordenadas o U.T.M. no fuso 29), voo LIDAR e fotogrametría nas distintas zonas de actuación, co fin de poder definir con exactitude as actuacións a realizar e estudar as afeccións que se van a producir.

Ademais do levantamento taquimétrico realizado, para a redacción deste proxecto utilizouse unha ortofoto xeorreferenciada, obtida das bases de datos do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea que aparecen na páxina web do Instituto Xeográfico Nacional.

Pódese encontrar más información sobre a cartografía empregada no *Anexo nº 2: Cartografía, topografía e implantación* do presente proxecto

13. XEOLOGÍA E XEOTECNIA

En termos xerais, os solos e rochas subxacentes presentan **capacidade de carga suficiente** para o tipo de actuación prevista, cunha **estabilidade natural favorable** na maior parte dos tramos. Nas áreas formadas por **depósitos pouco consolidados**, como nalgúns treitos de Muxía, poderían producirse asentamentos ou pequenos escoamentos en pendentes, polo que se recomenda prestar especial atención durante a execución. Pola contra, os tramos que discorren sobre **rochas metamórficas e graníticas** —Negreira, Santiago de Compostela, Mazaricos, Dumbría, Corcubión e Cee— presentan condicións moi favorables, cun terreo pouco alterado, escasa crebadura e ausencia de acuíferos pouco profundos relevantes.

Non resulta necesario considerar accións sísmicas específicas, dado que a **aceleración sísmica básica** da zona é inferior a **0,04 g**, valor que non obriga á adopción de verificacións adicionais para o tipo de obra proxectada.

En conclusión, **non se prevén problemas xeotécnicos significativos** durante a execución das sendas. Prevese que os materiais sexan escavables mediante medios mecánicos convencionais, aparecendo rocha con distintos graos de alteración só a profundidades maiores.

En relación coa idoneidade dos materiais naturais, o terreo subxacente clasifícase, como mínimo, como **solo inadecuado para a súa utilización directa en explanada**, polo que será necesario dispoñer **50 cm de solo seleccionado** para garantir a capacidade portante esixida.

En termos de estabilidade de noiros, e de acordo coa natureza do terreo, adóptanse pendentes tipo **1:1 (H:V) en desmonte** e **3:2 (H:V) en terraplén**, salvo xustificación específica en proxecto ou axustes derivados da execución.

Finalmente, considerando as características do material escavado, empregarase un **coeficiente de esponxamento de 1,05** para o seu posible aproveitamento en terraplén.

No *Anexo nº 3 Xeoloxía, xeotecnia e efectos sísmicos* desenvólvese con maior profundidade a xeoloxía e xeotecnia da zona.

14. PLANEAMENTO URBANÍSTICO

As actuacións incluídas no presente proxecto desenvólvense ao longo de varios termos municipais polos que discorre o Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, concretamente nos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Corcubión, Cee, Fisterra e Muxía.

Na seguinte táboa recóllense os instrumentos de planeamento urbanístico municipal vixentes en cada un dos concellos afectados:

CONCELLO	PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE
Santiago de Compostela	Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 3 de outubro de 2007 (BOP nº 56 do 30 de novembro de 2007, DOG nº 204 do 22 de outubro de 2007).
Ames	Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 28 de xuño de 2002 (BOP nº 176 do 2 de agosto de 2002, DOG nº 139 do 19 de xullo de 2002).
Negreira	Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, aprobado o 18 de maio de 1999 (BOP nº 125 de 4 de xuño de 1999, DOG nº100 de 27 de maio de 1999).
Santa Comba	Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santa Comba, aprobado o 5 de abril de 2001 (BOP nº 86 de 16 de abril de 2001, DOG nº75 de 18 de abril de 2001).
Mazaricos	Normas Subsidiarias de Planeamento de Mazaricos, aprobadas o 4 de maio de 1995 (BOP nº 124 de 1 de xuño de 1995).
Dumbría	Sen planeamento xeral vixente. Contan con delimitacións de solo de núcleo rural aprobadas entre 2012 e 2015 (Olveira, Olveiroa, Figueiroa-Dumbría, Pazos-Selgueiros, A Boudañeira e As Trouzas).
Corcubión	Normas Subsidiarias de Planeamento de Corcubión, aprobadas o 13 de xaneiro de 1989 (BOP nº 179 de 5 de agosto de 1989).
Cee	Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas o 23.02.1995 (BOP nº 57 do 10 de marzo de 1995).
Fisterra	Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra, aprobado o 5 de agosto de 2019 (BOP nº 125 de 7 de agosto de 2020; DOG nº 167 de 4 de setembro de 2019).
Muxía	Normas Subsidiarias de Planeamento de Muxía, aprobadas o 4 de maio de 1995 (BOP nº 218 de 1 de xuño de 1995).

A clasificación do solo afectado polas actuacións propostas é a seguinte:

CONCELLO	TIPO DE SOLO
Santiago de Compostela	Solo de núcleo rural sen categorizar
	Solo rústico de protección de augas
Negreira	Solo de núcleo rural sen categorizar
	Solo rústico de protección do patrimonio
	Solo rústico común
Dumbría	Solo rústico sen categorizar
Corcubión	Solo de núcleo rural sen categorizar
Cee	Solo de núcleo rural sen categorizar
	Solo non urbanizable común
	Solo urbano sen categorizar
Muxía	Solo non urbanizable de protección paisaxística

As actuacións previstas consisten fundamentalmente na execución de sendas peonís segregadas, melloras puntuais de sinalización e acondicionamento de marxes viarias existentes, polo que se trata de intervencións lineais de carácter menor e non urbanizadoras, que se desenvolven maioritariamente sobre solo rústico ou de núcleo rural, sen alterar a estrutura urbanística nin modificar o réxime do solo.

En caso de resultar aplicable, naqueles tramos nos que existen alienacións, o trazado proposto para as sendas segregadas axustase ás alienacións establecidas.

De acordo cos instrumentos de planeamento vixentes e coa normativa aplicable (*Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia*), as obras proxectadas non implican transformacións urbanísticas ningunha, resultan compatibles cos usos permitidos e son coherentes co carácter de infraestrutura pública de interese xeral vinculada ao Camiño de Santiago.

En consecuencia, pódese concluír que as actuacións proxectadas non supoñen afeccións substanciais ao planeamento municipal, se integra plenamente no marco urbanístico e territorial vixente e resultan conformes co uso público e co carácter de infraestrutura viaria e peonil de interese xeral que se lles atribúe.

No *Anexo nº 5 – Planeamento urbanístico*, descríbese con maior profundidade o contido resumido neste apartado, incluíndo os planos de clasificación do solo e localización precisa dos ámbitos de actuación sobre os instrumentos de planeamento vixentes.

15. PATRIMONIO

Para a identificación e avaliación dos bens patrimoniais potencialmente afectados polas actuacións incluídas neste proxecto, realizouse unha análise detallada da información procedente dos catálogos de bens dos instrumentos de planeamento municipal vixentes, así como dos rexistros e bases de datos oficiais dispoñibles no Visor do Plan Básico Autonómico (PBA) e no Visor de Aproveitamentos Forestais da Xunta de Galicia.

Este estudo permitiu localizar os principais elementos patrimoniais, arqueolóxicos, etnográficos e arquitectónicos existentes na contorna do trazado das sendas proxectadas nos distintos concellos afectados polo Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía.

A maior parte das actuacións proxéctanse sobre solos rústicos, marxes viarias ou camiños existentes, o que implica unha afección mínima sobre o territorio e o patrimonio cultural. Non se prevén desmontes profundos nin movementos de terra significativos, limitándose a obras de pavimentación, mellora da drenaxe e instalación de sinalización.

Aínda que nalgúns casos as sendas proxectadas discorran nas proximidades ou dentro das áreas de protección dalgúns bens catalogados —como o Castro de Logrosa en Negreira, a Ponte de Olveira e o Hórreo de Ponte de Olveira en Dumbría, ou o Castro de Lourido en Muxía—, non se producirá afección directa sobre os mesmos nin alteración da súa integridade física ou visual.

Na seguinte táboa recóllense os bens catalogados identificados na contorna das actuacións:

Concello	Tramo	Ben catalogado	Código	Afeccións
Negreira	A Barquiña	Castro de Logrosa	GA15056030	Afección ao contorno de protección
		Igrexa de Santa Baia de Logrosa	-	Próximo, sen afeccións
		Xacemento romano de Logrosa	-	Próximo, sen afeccións
Mazaricos	Corzón	Conxunto de Mámoas de Pedras Miúdas	GA15045101	Afección ao contorno de protección
		Cruceiro de Corzón	-	Próximo, sen afeccións
		Igrexa de Corzón	-	Próximo, sen afeccións
Dumbría	Olveiroa	Ponte Olveira	GA15056084	Afección ao contorno de protección
		Hórreo de Ponte Olveira	-	Afección ao contorno de protección
	Fonte dos Ladróns	Castro do Alto Casteliño	GA15034034	Afección ao contorno de protección
		Mámoa do Campo das Mallas	GA15034021	Afección ao contorno de protección
Muxía	Praia de Lourido	Castro de Lourido	GA15052005	Próximo, sen afeccións

As actuacións teñen un carácter leve e plenamente compatible co réxime de protección patrimonial, e en todo caso adoptaranse as seguintes medidas preventivas e de protección:

- ✓ Delimitación previa das zonas de obra e das áreas de protección patrimonial.
- ✓ Evitar o depósito de materiais ou maquinaria nas inmediacións dos bens catalogados.
- ✓ Control arqueolóxico durante as fases de movemento de terras, se así o determina a administración competente.
- ✓ Parada inmediata dos traballos e comunicación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ante calquera achado fortuíto.

En conclusión, as obras proxectadas non supoñen afeccións significativas nin riscos para o patrimonio cultural existente, sendo compatibles coa conservación e protección dos bens inventariados e coas determinacións da *Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia*.

No *Anexo nº 6 – Patrimonio* desenvólvese con maior detalle o presente apartado, incluíndo a cartografía dos bens catalogados, os seus contornos de protección e a súa relación coas zonas de actuación.

16. CLIMATOLOXÍA, HIDROLOXÍA E DRENAXE

O clima da zona de actuación caracterízase por unha marcada influencia atlántica, con invernos suaves e húmidos e veráns frescos. A elevada pluviosidade ao longo do ano, especialmente nos meses de outono e inverno, contribúe á vexetación exuberante e á riqueza hídrica da contorna. A atmosfera adoita presentarse cargada de humidade, o que favorece a frecuencia de néboas e ceos cubertos, configurando a paisaxe característica que define esta vertente occidental de Galicia.

Non obstante, existen matices climáticos significativos en función do tramo considerado. Nos sectores de carácter interior, como os correspondentes ás contornas de Santiago de Compostela ou Dumbría, rexístranse temperaturas medias anuais comprendidas entre os 12,5 °C e os 14,0 °C, con maiores contrastes térmicos estacionais. Nestes ámbitos, o mes máis cálido é agosto, con medias que oscilan entre os 17,7 °C e os 19,6 °C, mentres que xaneiro presenta os valores máis baixos, arredor dos 7,7–8,7 °C. As precipitacións son moi elevadas, alcanzando ou superando os 2.700 mm anuais en certos puntos do interior occidental, cunha marcada concentración outonal e invernal e un acusado descenso durante o estío.

Pola súa banda, nos tramos costeiros de Muxía, Fisterra, Cee ou Corcubión, a influencia marítima suaviza as temperaturas, dando lugar a medias anuais máis elevadas, arredor dos 15,4 °C, e a unha menor amplitude térmica. O mes máis cálido segue a ser agosto, con valores medios próximos aos 20 °C, mentres que os meses máis fríos presentan temperaturas suaves, xeralmente superiores aos 11 °C. As precipitacións, aínda sendo elevadas (preto dos 2.000 mm anuais), distribúense de xeito irregular con máximos en outono e mínimos pronunciados nos meses de xuño, xullo e agosto.

O obxecto principal deste capítulo, nesta fase de trazado, é garantir o correcto desaugue da plataforma e a continuidade das redes existentes. Para tal fin, estudáronse as solucións de drenaxe lonxitudinal —mediante a execución de gabias revestidas ou bordos— e a drenaxe transversal, asegurando que as novas sendas non supoñan un obstáculo para o escoamento natural das augas superficiais. Así mesmo, todas as solucións proxectadas seguirán os criterios de integración ambiental e durabilidade recollidos na normativa vixente, minimizando a afección aos leitos naturais e garantindo a seguridade viaria fronte a fenómenos meteorolóxicos adversos.

En canto á drenaxe lonxitudinal, executaranse gabias de terra, tanto en desmonte como en terraplén, con dimensións variables calculadas para evacuar o caudal correspondente ás escorras sobre as sendas.

No *Anexo nº 4: Climatoloxía, hidroloxía e drenaxe,* desenvólvese en profundidade o relativo a este apartado, analizando os parámetros climáticos da zona e o comportamento das concas afectadas. Non obstante, no posterior proxecto de construción definiranse de xeito máis pormenorizado e con maior nivel de detalle todos os aspectos relacionados coa hidroloxía e o deseño definitivo da drenaxe das actuacións propostas.

17. INCIDENCIAS AMBIENTAIS

As actuacións contempladas no presente proxecto non se encontran entre os supostos da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, xa que a súa tipoloxía non aparece nin na relación do anexo I nin na do anexo II da devandita Lei. Ademais, as obras contidas neste proxecto realízanse nos lindeiros laterais de estradas existentes, polo que non afecta a ningún dos espazos naturais que forman parte da Rede Natura 2000 ou da Rede Galega de Espazos Protexidos.

Por outra banda, debido ás características das obras e que o ámbito da actuación se restrinxe a parcelas específicas seleccionadas, non existirá afección sobre o ambiente, a excepción das perturbacións lóxicas que poidan ocorrer durante o propio desenvolvemento dos traballos (incremento de tráfico, ruído…). En todo caso, o contratista procurará minimizar as afeccións durante a execución das obras mediante o desenvolvemento destas consonte ao catálogo de boas prácticas ambientais da empresa.

De acordo co anterior, non resulta necesaria a súa tramitación conforme ao procedemento de Avaliación Ambiental. Non obstante, inclúese no *Anexo nº 7 Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística*, un estudo dos aspectos ambientais e posibles incidencias sobre o medio da obra.

Cómpre salientar que non se prevén afeccións aos ríos existentes na contorna das obras, con todo, existen tramos de actuación que se atopan dentro da zona de policía, polo que será necesario antes do inicio das obras obter a autorización pertinente de acordo co recollido no Real Decreto 849/1986.

Ademais, con respecto a este punto, cómpre sinalar que a avaliación das medidas de prevención e protección dos cursos fluviais recolleranse no orzamento xeral do proxecto, co fin de reducir o impacto sobre os ríos existentes.

En canto ao tratamento dos posibles residuos que se poidan xerar durante as obras, estes serán debidamente recollidos e analizados no correspondente anexo do proxecto construtivo.

18. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS

Para a execución das obras previstas no presente proxecto será necesaria a tramitación de diversos informes e autorizacións sectoriais, dado que as actuacións proxectadas inciden en ámbitos sometidos a normativa específica. A continuación detállanse os organismos competentes e os trámites requiridos.

En primeiro lugar, procederase á informar das actuacións aos concellos de **Santiago de Compostela, Negreira, Mazaricos, Dumbría, Cee, Corcubión e Muxía**, no ámbito dos cales se desenvolven as obras.

Dado os trazados proxectados discorren polo ámbito do **Camiño de Santiago de Fisterra e Muxía**, as obras requiren informe preceptivo do *Comité Asesor do Camiño de Santiago* e, posteriormente, resolución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co establecido na *Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia*.

As actuacións proxectadas nas estradas autonómicas **AC-445** e **AC-199** sitúanse parcialmente dentro da súa zona de afección, polo que será necesario solicitar a correspondente autorización á **Axencia Galega de Infraestruturas**, conforme á normativa vixente en materia de estradas autonómicas e ao réxime de servidumes funcionais da infraestrutura.

Así mesmo, diversas actuacións atópanse na zona de afección de varias estradas provinciais, polo que se precisará a autorización da **Deputación da Coruña**, de acordo coa normativa reguladora das estradas da súa titularidade e co réxime de servidumes asociado.

Do mesmo xeito, ao discorrer algunhas actuacións pola zona de protección de bens catalogados como de interese cultural, consultarase á **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia** para a valoración da idoneidade e viabilidade das actuacións proxectadas, garantindo que todas as intervencións se realicen baixo criterios de respecto, integración paisaxística e compatibilidade patrimonial.

Asemade, determinadas actuacións afectan á zona de policía de leitos de distintos ríos e regos, tal e como se recolle no *Anexo nº 4. Climatoloxía, hidroloxía e drenaxe*, polo que será preceptivo solicitar a correspondente autorización administrativa e presentar a declaración responsable, no caso de afectar a zonas de fluxo preferente, ante **Augas de Galicia**, de conformidade co establecido na normativa vixente en materia de dominio público hidráulico.

Finalmente, o ámbito das actuacións correspondentes á **Praia de Lourido, Praia de Estorde e A Amarela** atópase incluído no **Plan de Ordenación do Litoral (POL)**, nunha área clasificada como **área de ordenación**, na cal as actuacións proxectadas resultan usos permitidos conforme aos criterios do plan, de acordo co disposto no **artigo 46.3.a do POL** (actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e desfrute do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural, sempre que non supoñan transformación do seu carácter e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección).

Neste sentido, será necesario someter o proxecto a informe do **Instituto de Estudos do Territorio (IET)** e, adicionalmente, obter o informe específico da **Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**.

A continuación, detállanse as entidades ante as que se debe solicitar **informe sectorial**:

Organismo	Dependencia
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
Augas de Galicia (D.H. Galicia – Costa)	Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
Deputación da Coruña	
Axencia Galega de Infraestruturas	Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
Concello de Santiago de Compostela	
Concello de Negreira	
Concello de Dumbría	
Concello de Cee	
Concello de Muxía	
Concello de Corcubión	
Concello de Mazaricos	
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
Instituto de Estudos do Territorio	Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Na seguinte táboa vincula cada zona de actuación cos organismos específicos que deben emitir informe:

Treito		Concello	Organismo
Moas de Abaixo	9_740	Santiago de Compostela	Concello de Santiago de Compostela D.H. Galicia – Costa. Augas de Galicia
A Barquiña	9_733	Negreira	Dirección Xeral de Patrimonio Cultural D.H. Galicia – Costa. Augas de Galicia Axencia Galega de Infraestruturas Concello de Negreira
Corzón	9_735	Mazaricos	Concello de Mazaricos
Olveiroa	9_595	Dumbría	Dirección Xeral de Patrimonio Cultural D.H. Galicia – Costa. Augas de Galicia Deputación da Coruña Concello de Dumbría
Hospital	9_607	Dumbría	D.H. Galicia – Costa. Augas de Galicia Deputación da Coruña Concello de Dumbria
Rego Valsalgueiro	9_598	Dumbría	D.H. Galicia – Costa. Augas de Galicia Deputación da Coruña Concello de Dumbria
As Carizas	9_596	Dumbría	Deputación da Coruña Concello de Dumbria
Fonte dos Ladróns	9_608	Dumbría	Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Deputación da Coruña Concello de Dumbria
Rego Fragoso	9_609	Dumbría	D.H. Galicia – Costa. Augas de Galicia Axencia Galega de Infraestructuras Concello de Dumbria
A Amarela	9_600	Corcubión/Cee	Axencia Galega de Infraestructuras Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo Instituto de Estudos do Territorio Concello de Cee Concello de Corcubión
Estorde	9_610	Cee	Axencia Galega de Infraestructuras Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo Instituto de Estudos do Territorio Concello de Cee
Praia de Lourido	9_597	Muxía	Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo Instituto de Estudos do Territorio Concello de Muxía

19. REPOSICIÓNS DE SERVIZOS AFECTADOS

Non se prevén afeccións a servizos de titularidade privada, dado que o trazado proxectado se adapta, na medida do posible, para evitar a súa incidencia sobre estes. Non obstante, na fase de redacción do proxecto construtivo verificarase a inexistencia de afeccións a tendidos aéreos e redes soterradas, realizándose, de ser preciso, os axustes de trazado necesarios.

Con todo, no orzamento das actuacións contemplouse, con carácter preventivo, o posible traslado dalgúns postes.

20. EXPROPIACIÓNS

As actuacións proxectadas implican a ocupación de terreos de titularidade privada para a execución de novas sendas peonís segregadas, zonas de drenaxe e obras de integración paisaxística. Así mesmo, establécense as servidumes permanentes e ocupacións temporais necesarias para o desenvolvemento dos traballos.

De acordo coa *Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954* e o seu *Regulamento (Decreto de 26 de abril de 1957)*, a aprobación definitiva deste proxecto implicará a **declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación** dos bens e dereitos afectados.

Por outra banda, consonte a *Lei 18/2021, de medidas fiscais e administrativas*, estas actuacións clasifícanse como infraestruturas de fomento da **mobilidade sostible** (Art. 19). En consecuencia, o proxecto someterase ao procedemento de información pública e informe das administracións afectadas (Art. 21), coordinándose co planeamento urbanístico segundo o recollido no artigo 24 da devandita lei.

O procedemento tramitarase en coordinación cos concellos afectados —**Santiago de Compostela, Negreira, Dumbría, Corcubión, Cee e Muxía**— garantindo a compatibilidade co planeamento urbanístico, a protección do Camiño de Santiago e o respecto aos dereitos de propiedade.

Sendo o obxectivo expropiar os terreos estritamente necesarios para a execución das sendas, o límite exterior de expropiación determinouse tomando **2 metros dende o bordo da explanación**. Nos casos nos que o bordo interior da explanación quedaba a menos de 10 metros do bordo da estrada, considerouse o límite do Dominio Público como referencia interior. Non obstante, co fin de evitar a fragmentación de parcelas e a xeración de superficies residuais de difícil aproveitamento, optouse finalmente por **axustar o límite da expropiación ao bordo do deslinde das estradas** en todos os casos

O número total de parcelas afectadas pola expropiación é de 159. A continuación, mostrase unha relación do número de parcelas privadas expropiadas por concello:

CONCELLO	NÚMERO DE PARCELAS
Santiago de Compostela	6
Negreira	23
Dumbría	75
Corcubión	1
Cee	51
Muxía	3
TOTAL	**159**

As valoracións e indemnizacións estableceranse conforme ao *Título III da Lei de Expropiación Forzosa e ao Real Decreto Lexislativo 7/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana,* valorándose o solo rural de acordo co seu artigo 34 (e seguintes) e o solo urbanizado co artigo 37, aplicando criterios obxectivos e transparentes.

A continuación, recóllese un resumo do orzamento considerado para as expropiacións e o resto de bens afectados, correspondentes ás obras incluídas no presente Proxecto:

TIPO DE TERREO	SUPERFICIE (m^2)	VALOR (€)
Solo rústico	46.403,00	245.654,50
Solo urbano	6.008,00	216.252,00
Construcións e instalacións (voo)	--	71.552,51
TOTAL	**52.409,00**	**533.459,01**

Aplicando o disposto na Lei de Expropiación Forzosa de 1954, o subtotal anterior increméntase nun 5 % en concepto de **premio de afección**:

CONCEPTO	VALORACIÓN
Valoración do terreo, bens e dereitos	533.459,01 €
5% PREMIO AFECCIÓN (Art. 47 LEF)	26.672,95 €
TOTAL DO EXPEDIENTE	**560.131,96 €**

O importe total das expropiacións e indemnizacións ascende á cantidade de **CINCOCENTOS SESENTA MIL CENTO TRINTA E UN EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (560.131,96 €)**

No *Anexo nº9 – Expropiacións* recóllese a relación detallada de parcelas afectadas, cos datos de identificación, superficies e tipo de ocupación (definitiva, temporal ou servidume), así como a valoración detallada dos bens e terreos afectados que será necesario ocupar para executar as obras.

21. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estímase que é necesario e suficiente un prazo de execución para as obras contidas neste proxecto de **SÉIS (6) MESES**.

22. PREZOS E ORZAMENTOS

Por aplicación dos prezos unitarios ás medicións das distintas unidades de obra, resultan os seguintes orzamentos:

Orzamento de execución material (OEM)	**1.391.452,18 €**
UN MILLÓN TRESCENTOS NOVENTA E UN MIL CATROCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS	
Orzamento base de licitación sen IVA (OEM + GX + BI)	**1.655.828,09 €**
UN MILLÓN SEISCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL OITOCENTOS VINTE E OITO EUROS CON NOVE CÉNTIMOS	
Orzamento base de licitación (OEM + GX +BI + IVA)	**2.003.551,99 €**
DOUS MILLÓNS TRES MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS	
Expropiacións e bens	560.131,96 €
Seguimento arqueolóxico	2.016,00 €
Orzamento para coñecemento da administración	**2.565.699,95 €**
DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS	

No *Documento nº 3* – Orzamento deste proxecto figura o detalle desta valoración.

23. CONCELLOS NOS QUE SE DESENVOLVERÁN OS TRABALLOS

As obras desenvolveranse en dez concellos da provincia da Coruña polos que discorre o Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía: Santiago de Compostela, Negreira, Mazaricos, Dumbría, Corcubión, Cee e Muxía.

As actuacións consisten principalmente na execución de sendas peonís segregadas e melloras de sinalización e seguridade viaria, sen implicar afeccións urbanísticas nin ambientais significativas..

24. NORMAS, INSTRUCIÓNS, GUÍAS E RECOMENDACIÓNS CONSIDERADAS

Nas obras comprendidas neste proxecto serán de aplicación as normas, leis e instrucións técnicas vixentes en materia de deseño, execución e conservación de sendas peonís, firmes e infraestruturas viarias, así como a normativa sectorial relativa á contratación pública, seguridade e saúde laboral e xestión ambiental. Todas elas están plenamente vixentes e resultan aplicables ás actuacións previstas no proxecto "FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA", de carácter viario e peonil.

- Contratos:
  - Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.
  - Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, modificado polo Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto.
  - Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da Economía Española.
  - Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.
- Deseño de sendas:
  - Instrución 3/2021, para o deseño de sendas peonís-ciclistas en estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Orde de 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.
  - Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia
  - Real Decreto 1544/2007, de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.
  - Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.
  - Guía de recomendacións para o deseño, execución e mantemento de camiños naturais (MAPAMA, 2016).
  - • Recomendacións para o deseño de sendas peonís e ciclistas no medio natural do Ministerio de Medio Ambiente (2006).
- Firmes:
  - Orde FOM/3460/2003, de 28 de novembro, pola que se aproba a Norma 6.1-IC "Seccións de Firme" da Instrución de Estradas.
  - Orde Circular 5bis/2002, sobre as condicións para a adición de po de pneumáticos usados nas mesturas bituminosas.
  - Orde FOM/2523/2014, pola que se actualizan determinados artigos do PG-3, relativos a materiais básicos, firmes, pavimentos, sinalización, balizamento e sistemas de contención de vehículos.
  - Orde FOM/510/2018, que modifica a anterior, actualizando especificacións técnicas para materiais e sistemas de contención.
  - Guía para o deseño, execución e mantemento de firmes de formigón en camiños rurais e sendas peonís, editada polo CEDEX (MITMA, 2019).
  - Recomendacións para pavimentos de formigón en vías de baixa intensidade de tráfico (Recomendacións RPV-13), Ministerio de Fomento – CEDEX.
- Drenaxe:
  - Instrución 5.2-I.C. "Drenaxe Superficial", aprobada por Orde FOM/298, de 15 de febreiro de 2016.
- Sinalización, balizamento e defensas:
  - Nota de Servicio 1/2008 da Dirección Xeneral de Estradas do Ministerio de Fomento, sobre características dos sinais a incluír na estrada e Camiño de Santiago en puntos de intersección e tramos comúns.
  - Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia.
  - Real Decreto 465/2025, de 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento Xeneral de Circulación, aprobado por Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, en materia de sinalización de tráfico.
  - Instrución 8.1- I.C. "Sinalización vertical" da Instrución de Estradas, aprobada por Orde FOM/534/2014, de 20 de marzo de 2014.

- Instrución 8.2- I.C. "Marcas viarias" da Instrución de Estradas, aprobada por Orde de 16 de xullo de 1987.
- Instrución 8.3- I.C. "Sinalización de Obras" aprobada por Orde de 31 de agosto de 1987 sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas en vías fóra de poboado.
- Orde Circular 3/2004 da Dirección Xeral de Obras Públicas, sobre unificación de criterios de sinalización.
- Orde Circular 1/2008 da Dirección Xeral de Obras Públicas, sobre sinalización horizontal e limitación de velocidade en tramos urbanos e pasos de peóns.

- Pregos de prescricións técnicas:
  - Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes da Dirección Xeral de Estradas (PG-3), aprobado por O.M. do 6 de febreiro de 1976, coas súas sucesivas modificacións e actualizacións.
- Seguridade e saúde:
  - Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, e posteriores modificacións.
  - Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
  - Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
  - Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Xestión de residuos:
  - Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.
  - Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
  - Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Clasificación do contratista:
  - Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, modificado polo Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto.

Todas estas disposicións están plenamente vixentes e actualizadas e resultan de aplicación directa ás obras proxectadas, garantindo o cumprimento das condicións técnicas, de seguridade, ambientais e administrativas que rexen a execución de infraestruturas viarias e peonís en Galicia.

As recomendacións do antigo Ministerio de Medio Ambiente e do actual MITECO son de especial interese neste proxecto, ao tratarse de sendas vinculadas ao Camiño de Santiago e á mobilidade peonil en contornos rurais e naturais.

As recomendacións do CEDEX resultan de aplicación directa nos tramos executados en firme de xabre-cemento e formigón desactivado, garantindo a súa durabilidade, drenaxe e integración paisaxística.

25. CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN

O proxecto cumpre coa normativa estatal e autonómica vixente aplicable ás obras de urbanización, mobilidade sostible e infraestruturas peonís, garantindo a súa adecuación legal en materia de contratación pública, seguridade, medio ambiente e accesibilidade.

25.1. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA EN CUMPrIMENTO DO ARTigO 13.3 DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

O proxecto refírese a unha obra completa, entendendo por tal aquela susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das ampliacións de que poida ser obxecto posteriormente.

O proxecto comprende todos os elementos necesarios para a súa posta en servizo, incluíndo a definición construtiva, accesibilidade, sinalización, drenaxe e integración paisaxística, polo que se dá cumprimento ao artigo 13.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

25.2. REAL DECRETO 997/2002: ACCIÓNS SÍSMICAS (NCSR-02)

De acordo co *Real Decreto 997/2002, de 27 de setembro, polo que se aproba a Norma de Construción Sismorresistente (NCSR-02)*, o ámbito do proxecto —situado na provincia da Coruña— non se atopa nunha zona de perigosidade sísmica significativa, polo que non é necesario considerar accións sísmicas no cálculo nin no dimensionamento das actuacións previstas.

As obras proxectadas non contemplan estruturas portantes nin elementos sometidos a esforzos estruturais relevantes, xa que consisten fundamentalmente na execución de sendas peonís segregadas, beirarrúas e pequenas obras de drenaxe superficial e sinalización.

En consecuencia, non resulta aplicable o cálculo antisísmico estrutural, limitándose as comprobacións ás condicións xeotécnicas, de estabilidade e durabilidade dos firmes e elementos auxiliares das sendas.

25.3. REAL DECRETO 1627/1997: SEGURIDADE E SAÚDE

En cumprimento do *Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción*, os proxectos construtivos que se desenvolvan a partir do presente proxecto de trazado incluirán o correspondente Estudo de Seguridade e Saúde ou, no seu caso, un Estudo Básico de Seguridade e Saúde, segundo o previsto no artigo 4 do citado Real Decreto.

Nestes estudos definiranse as medidas preventivas, técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos traballadores durante a execución das obras, incluíndo a planificación dos traballos, a identificación dos riscos específicos das tarefas e a adopción das medidas de protección colectivas e individuais correspondentes..

25.4. REAL DECRETO 105/2008: RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN

En cumprimento do *Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición*, así como da *Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, os proxectos construtivos que se desenvolvan a partir do presente proxecto de trazado deberán incorporar o correspondente Estudo de Xestión de Residuos de Construción e Demolición (RCD).

Neste estudo determinaranse os volumes estimados de materiais xerados, a súa clasificación segundo o Catálogo Europeo de Residuos (LER), as operacións de valorización, reciclaxe e eliminación, así como os destinos autorizados e a trazabilidade dos fluxos de residuos.

Ademais, deberán definirse as medidas de prevención, segregación en orixe e reutilización de materiais, fomentando o aproveitamento de terras e áridos procedentes da propia obra, en coherencia cos principios de economía circular e sustentabilidade ambiental recollidos na normativa vixente.

25.5. NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE

25.5.1. Lei 10/2014, de 3 de decembro e Decreto 35/2000

No presente proxecto, as actuacións previstas desenvolvéronse en ámbitos rurais e naturais, coincidentes coa traza do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, polo que non resulta aplicable de maneira estrita o cumprimento das condicións establecidas na *Lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia,* nin no *Decreto 35/2000*, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da devandita lei, ao tratarse de espazos non urbanizados nin urbanos consolidados.

Non obstante, o deseño das sendas busca garantir unha accesibilidade básica e unha transitabilidade segura, mediante pendentes suaves, superficies compactadas e uniformes, e a ausencia de obstáculos significativos, adaptándose ao relevo natural e ás condicións do territorio sen alterar o seu carácter paisaxístico nin patrimonial.

25.5.2. Orde TMA/851/2021

De igual modo, aínda que a *Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados*, non resulta obrigatoria en contornos rurais e naturais non urbanizados, tomáronse como referencia os seus criterios xerais de deseño e seguridade peonil naquelas zonas nas que as condicións do terreo o permitiron.

Por tanto, o proxecto non garante o cumprimento integral dos parámetros normativos de accesibilidade urbana (pendentes, beirados, anchuras mínimas ou pavimentos táctiles), xa que resultaría incompatible coa integración paisaxística e ambiental dos treitos rurais e tradicionais do Camiño de Santiago. Con todo, asegúrase un itinerario continuo, estable e seguro para o tránsito de peregrinos e peóns, en coherencia co carácter cultural e natural do ámbito de actuación..

26. OBXECTO E FINALIDADE DA INFORMACIÓN PÚBLICA

Para analizar se o presente proxecto debe someterse aos trámites de información pública, cómpre ter en conta o disposto na ***Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas***, que regula os preceptos relativos á redacción de proxectos de infraestruturas orientados ao fomento da mobilidade sostible, incluíndo a necesidade de información pública e informe das administracións afectadas á tramitación e aprobación definitiva dos proxectos, aos efectos da súa aprobación, así como os mecanismos de coordinación co planeamento urbanístico.

No capítulo IV, sección 1ª, Infraestruturas de fomento da mobilidade sostible, o artigo 19 define este tipo de actuacións do seguinte xeito:

> *"Terán a consideración de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible aquelas que contribúan a un maior uso dos modos de transporte non motorizados ou do transporte público colectivo, en detrimento do uso dos vehículos privados de tracción mecánica, tales coma vías ou*

camiños destinados á circulación peonil ou de vehículos de tracción humana, como as beirarrúas, as sendas peonís e os carrís para a circulación de bicicletas (...).”

Dado que o presente proxecto se enmarca dentro desta definición, conforme aos artigos 19 e 20 da Lei 18/2021, deberá someterse ao trámite de información pública segundo o disposto no artigo 21 “Información pública e informe das administracións afectadas”.

“1. Será preceptivo o sometemento dos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas no caso da construción de novas infraestruturas de fomento da mobilidade sostible que non se previran no planeamento urbanístico municipal.”

O trámite de información pública levarase a cabo durante un prazo mínimo de trinta (30) días hábiles, conforme o establecido na citada Lei 18/2021.

Así mesmo, de acordo cos artigos 18 e 19 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, e o Regulamento para a súa aplicación aprobado polo Decreto de 26 de abril de 1957, cando un proxecto implique expropiacións forzosas ou a imposición/modificación de servidumes, é obrigatorio o sometemento a información pública durante un prazo mínimo de quince (15) días, co obxecto de permitir a presentación de alegacións por parte dos titulares de bens e dereitos afectados, así como por calquera interesado lexítimo.

Durante este trámite, exporanse ao público os planos parcelarios, relación de bens e dereitos afectados e documentos técnicos necesarios para a identificación das superficies a expropiar e o alcance das afeccións. O proceso permitirá, ademais, recoller suxestións sobre aspectos técnicos, ambientais ou de integración co territorio, previas á aprobación definitiva do proxecto.

En consecuencia, o proxecto “FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA”, de clave 2025/016 deberá ser sometido ao trámite de información pública, tanto polo seu carácter de infraestrutura de fomento da mobilidade sostible, como pola necesidade de ocupación de terreos de titularidade privada.

Por tanto, este documento servirá de base técnica e administrativa para iniciar o procedemento de información pública, de acordo co establecido tanto na *Lei 18/2021, de medidas fiscais e administrativas*, como na *Lei de Expropiación Forzosa de 1954* e demais normativa aplicable, garantindo a transparencia, participación cidadá e seguridade xurídica na tramitación do proxecto.

O expediente de información pública incluirá tamén o trámite de solicitude de informes ás administracións e organismos sectoriais afectados, conforme ao artigo 21.3 da Lei 18/2021, co fin de garantir a coordinación administrativa e o axuste do proxecto á normativa urbanística, ambiental e patrimonial vixente.

27. DOCUMENTOS DO PROXECTO

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS

Memoria

Anexos á Memoria

Anexo nº 0: Cumprimento da Orde de Estudo

Anexo nº 1: Antecendentes e xustificación da solución.

Anexo nº 2: Cartografía, topografía e implantación.

Anexo nº 3: Xeoloxía, xeotécnica e efectos sísmicos.

Anexo nº 4: Climatoloxía, hidroloxía e drenaxe.

Anexo nº 5: Planeamento urbanístico

Anexo nº 6: Patrimonio

Anexo nº 7: Ordenación ecolóxica.

Anexo nº 8: Trazado.

Anexo nº 9: Expropiacións.

Anexo nº 10: Coordinación con outros organismos

Anexo nº 11: Orzamento para Coñecemento da Administración.

Anexo nº 12: Estimación de Prezos.

DOCUMENTO Nº 2: PLANOS

1. Índice, situación e emprazamento
   1.1. Índice
   1.2. Situación
   1.3. Emprazamento
2. Concello de Santiago
   2.1. Senda Moas de Abaixo
      1.1. Estado Actual Ortofoto
      1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

3. Concello de Negreira

3.1. Senda A Barquiña

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

4. Concello de Mazaricos

4.1. Senda Corzón

1. Estado Actual Ortofoto

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral con Ortofoto

5. Concello de Dumbría

5.1. Senda Olveiroa

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

5.2. Senda Hospital

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

5.3. Senda Rego Valsagueiro

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

5.4. Senda Carizas

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

5.5. Senda Fonte dos Ladróns

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

5.6. Senda Rego Fragoso

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

6. Concello de Cee, Corcubión e Fisterra

6.1. Senda Amarela

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

6.2. Senda Estorde

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral

3.1. Perfís Lonxitudinais

3.2. Perfís Transversais

7. Concello de Muxía

7.1. Senda Praia de Lourido

1.1. Estado Actual Ortofoto

1.2. Estado Actual Cartografía

2.1.Plano de conxunto. Planta Xeral

2.2. Planta Xeral. Acondicionamento de Camiños

2.3. Planta Xeral. Senda

3. Perfís Lonxitudinal e Transversais

8. Seccións Tipo- Detalles

DOCUMENTO Nº 3: ORZAMENTO

Medicións auxiliares

Medicións

Estimación de prezos

Orzamentos Parciais

Orzamento Execución Material

Orzamento Base de Licitación

28. CONCLUSIÓN

Estimando que o presente Proxecto foi redactado conforme á lexislación vixente, que se refire a unha obra completa de acordo co artigo 13, apartado 3, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que contén os documentos necesarios de acordo co artigo 233 da devandita Lei, e que as solucións adoptadas están suficientemente xustificadas, temos o honor de elevalo á superioridade para a súa aprobación, se procede.

Santiago de Compostela, decembro do 2025

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos
Director do Proxecto	Autora do proxecto
Asdo.: Luis Gestal Ernau	Asdo.: Claudia A. Landeira Calviño

ANEXO Nº 0: CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO

ANEXO Nº 0: CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO

ÍNDICE

1. OBXECTO 5
2. CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO 5
2.1 ORDE DE ESTUDO 5
2.2 OBXETIVO DA ORDE DE ESTUDO 6
2.3 DESCRIPCIÓN DAs ACTUACIÓNs 6
2.3.2 XUSTIFICACIÓN DE VARIACIÓNS NO ORZAMENTO 7
2.4 TRÁMITES ADMINISTRATIVOS PARA AUTORIZACIONES 7
2.5 CONCLUSIÓNS 8

1. OBXECTO

O presente anexo ten por obxecto recoller e analizar a Orde de Estudo que motivou a redacción do PROXECTO DE TRAZADO: "FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA" de clave: 2025/016, así como xustificar o cumprimento dos requisitos, criterios e condicións establecidos nela, de conformidade co disposto na normativa vixente de aplicación.

Así mesmo, neste anexo verifícase a adecuación das actuacións proxectadas aos obxectivos definidos na Orde de Estudo, avaliando a súa coherencia técnica, funcional, económica, ambiental e de seguridade viaria.

2. CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO

2.1 ORDE DE ESTUDO

A continuación, a Orde de Estudo que serve de base á redacción do presente proxecto incorpórase de forma íntegra para a súa consulta e referencia:

TURISMO DE GALICIA

galicia

7. ANEXO Nº1: ORDEN DE ESTUDIO

Tipo de estudio: Proyecto de trazado y construcción

Actuación: **Fomento de la movilidad sostenible. Proyecto de trazado y construcciones de los trechos comunes en el Camino FISTERRA-MUXIA.**

Ámbito: A Coruña.

Carreteras: carreteras de las diputaciones, autonómica, estatales y locales.

Objeto del estudio: Desarrollo completo de la solución óptima, con el detalle suficiente para hacer factible los objetivos definidos.

Descripción de la actuación:
Se estudiará con detalle a reposición de caminos, accesos, servidumbres y servicios que resulten afectados, incluyendo en el estudio las actuaciones que se estimen necesarias para su correcta reposición.
En consecuencia, se considerarán las siguientes actuaciones, entre otras:

- Ejecución de sendas segregadas de las carreteras en los trechos comunes según la documentación propuesta.
- Se estudiará los trechos del Camino de Santiago que estén junto a una carretera autonómica, local, diputaciones o estatal no incluidos en el "documento inventario y diagnosis de los trechos comunes del Camino de Santiago con la carreteras provinciales, autonómicas y estatales" identificando el grado de peligrosidad en función de la velocidad de los vehículos, IMD, estado del firme, ámbito en el que se ejecuten las sendas, etc.
- Mejora de trechos de sendas segregadas existentes si fuera el caso.
- Revisión de la señalización vertical

Se mantendrá la coordinación adecuada con otros centros directivos de la Administración General de la Comunidad Autónoma de Galicia, Diputación Provincial y con el resto de entidades y organismos que se pudieron ver afectados o que pudieran acercar datos de interés para la redacción del estudio.

Una vez supervisado el proyecto de construcción y previo a la licitación de la obra el adjudicatario del contrato de servicio completará la fase e inventariado de la aplicación informática de trechos comunes de la Agencia Turismo de Galicia. Los campos a cubrir en esa aplicación serán entre ellos los siguientes: fotografías en general, fotografías de detalles, ayuntamiento, pks, información de la carretera, velocidad, actuaciones de mejoras, etc.
Todos estos datos se incluirán en el Sistema de Información de Elementos del Camino de Santiago SIEC lo cual el adjudicatario tendrá acceso a la aplicación informática de manera temporal hasta lo ultimo día de la presentación de ofertas.
Enlace: https://cruces.cuartazona.es/login
Usuario: Licita_proyectos2

26

Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal

TURISMO DE GALICIA galicia

Contraseña: Prox&973&81%
Una vez firmado el contrato en cada lote el adjudicatario tendrá una contraseña del trecho adjudicado.

Presupuesto estimado: ver presupuesto que se adjunta al presente pliego.

Otras instrucciones particulares:
Incluirá ficha descriptiva del trazado previo a la puesta en la información pública lo que será elaborada por el redactor del proyecto para su inclusión en el mismo, y posteriormente, una vez que el dito proyecto sea supervisado y este aprobado, deberá modificarla de manera que se recojan los cambios pertinentes adaptándola a los cambios realizados en el proyecto como resultado de los diversos informes de revisión del mismo; será revisada por el director del proyecto y deberá ser remitida a la Arena de obras y Mantenimiento de la Agencia Turismo de Galicia.

Su presentación será requisito imprescindible para la facultad de emisión y cobro de la certificación final del proyecto.

Se identificarán los trámites que es preciso realizar en el que respeta a las autorizaciones y/o informes que se requieren previamente a la ejecución de las actuaciones recogidas en el proyecto, dejando relación expresa de los entes a los que hay que dirigirse (por ejemplo: Augas de Galicia, Costas, Patrimonio, Ayuntamientos etc.)

Con la inclusión de este anexo Nº 0 de "cumplimiento de la orden de estudio", las firmas del documento se distribuirán de la siguiente manera:

- El director del proyecto firmará los siguientes documentos: memoria, planos, pliego de prescripciones técnicas particulares, cuadros de precios, presupuesto final y anexo de cumplimiento de la orden de estudio.
- El jefe del área de Obras y Mantenimiento Agencia Turismo de Galicia.
- El autor del proyecto.

Que el antedicho documento, una vez redactado, sea remitido a la Arena de Obras y Mantenimiento que, una vez revisado, dará traslado, en aquellos casos que sea procedente, al Servicio de Supervisión de Proyectos para su supervisión, y se realice la suspensión temporal del contrato, de ser necesario, durante el período de tiempo en el que el documento se encuentre en supervisión.

Según presupuesto obtenido, podrá ser dividido en varios lotes para la posterior licitación.

27

Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal

TURISMO DE GALICIA galicia XUNTA DE GALICIA

2.2 OBXETIVO DA ORDE DE ESTUDO

O obxectivo da Orde de Estudo é o desenvolvemento completo do proxecto, definindo unha solución técnica óptima, suficientemente detallada e xustificada, que permita a execución material das obras previstas.

Esta solución deberá garantir o cumprimento da normativa vixente e dos criterios funcionais, de seguridade viaria, ambientais e económicos aplicables, incorporando o nivel de detalle necesario para facer viables os obxectivos definidos e asegurar a correcta execución das actuacións.

2.3 DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS

A Orde de Estudo recolle, entre outras, as seguintes actuacións a desenvolver no marco do proxecto:

- Execución de sendas segregadas da calzada nos treitos comúns do Camiño de Fisterra-Muxía con estradas autonómicas, provinciais, locais ou estatais, de acordo coa documentación proposta (*"Inventario e diagnose dos treitos comúns do Camiño de Santiago con estradas provinciais, autonómicas e estatais"*).
- Estudo dos treitos do Camiño de Santiago que discorren paralelos a estradas autonómicas, locais, provinciais ou estatais non incluídos no documento *"Inventario e diagnose dos treitos comúns do Camiño de Santiago con estradas provinciais, autonómicas e estatais"*, identificando o seu grao de perigosidade en función de parámetros como a velocidade de circulación, a intensidade media diaria de tráfico (IMD), o estado do firme ou o ámbito territorial no que se executan as sendas.
- Mellora dos treitos de sendas segregadas existentes, no caso de que se detecten deficiencias funcionais, de seguridade ou de adecuación normativa.
- Revisión e mellora da sinalización vertical asociada ás actuacións proxectadas

2.3.1 XUSTIFICACIÓN DE CAMBIOS NAS ACTUACIONES PROPOSTAS NA ORDE DE ESTUDIO

Non se produciron cambios significativos respecto das actuacións definidas na Orde de Estudo.

As actuacións finalmente recollidas no presente Proxecto de Trazado manteñen a coherencia cos criterios establecidos na Orde de Estudo e coas conclusións do documento *"Inventariado e diagnose dos treitos comúns do Camiño de Fisterra con estradas provinciais, autonómicas e estatais"*, axustándose ás condicións reais do terreo e ás necesidades detectadas durante os traballos de campo e a análise técnica detallada.

As principais diferenzas entre as actuacións recollidas no documento de diagnose e as finalmente incluídas no presente proxecto poden resumirse nos aspectos que se expoñen a continuación.

No documento de diagnose identificábanse unha serie de actuacións prioritarias baseadas en criterios de perigosidade, intensidade media diaria de tráfico, velocidade de circulación, ámbito territorial e estado do firme, propoñéndose a execución de sendas peonís segregadas nos seguintes treitos:

ciesa

ID	ESTRADA	CONCELLO	LONXITUDE (m)
9_740	Vía local en Moas Abaixo	Santiago de Compostela	330
9_733	Vía local da Barquiña a Chancela	Negreira	600
9_595	Estrada provincial DP-3404	Mazaricos e Dumbría	1.752
9_739	Estrada provincial DP-3404	Dumbría	210
9_597	Estrada provincial DP-5201	Muxía	1.462
9_737	Vía local ao Faro Touriñán	Muxía	18
		TOTAL	**4.372**

Tras o desenvolvemento dos traballos de campo, a análise detallada do trazado e a avaliación das condicións reais de implantación, os treitos finalmente seleccionados para o desenvolvemento das sendas no presente proxecto son os seguintes:

ID	ESTRADA	CONCELLO	TREITO (PP.QQ)	LONXITUDE (m)
9_610	Estrada autonómica AC-445	Cee	Praia de Estorde 11,311 A 10+210 (a Fisterra)	766
9_600	Estrada autonómica AC-445	Corcubión / Cee	A Amarela (Corcubion) - Os Cantiños (Cee) 12+025 a 11+547 (a Fisterra)	280
9_609	Estrada autonómica AC-199	Dumbría	Rego Fragoso 21+443 a 21+230 (a Muxía)	211
9_596	Estrada provincial DP-3404	Dumbría	Carizas 24+298 a 24+081 (a Muxía)	237
9_608	Estrada provincial DP-2302	Dumbría	Rego das Moas - Fonte dos Ladróns 29+837 a 29+117 (a Fisterra)	485
9_598	Estrada provincial DP-3404	Dumbría	Rego das Moas - Rego Valsageiro 29+958 a 25+463 (a Muxía)	1.344
9_607	Estrada provincial DP-3404	Dumbría	Hospital 30+477 a 30+228 (Principal)	374
9_595	Estrada provincial DP-3404	Dumbría	Olveira 37+352 a 35+954 (Principal)	1.424
9_733	Estrada municipal	Negreira	Barquiña a Chancela 71+283 a 70+329 (Principal)	615
9_597	Estrada provincial DP-5201	Muxía	Praia de Lourido sen pp.qq. (Fisterra-Muxía)	50
9_740	Estrada municipal	Santiago de Compostela	Moas de Abaixo 86+877 a 86+562 (Principal)	293
			TOTAL	**6.079**

En primeiro lugar, **amplíase e detállase o ámbito de actuación**, pasando dunha selección inicial de seis treitos prioritarios na diagnose a once actuacións concretas no proxecto, como resultado dun estudo máis pormenorizado do trazado, da análise da perigosidade real e do traballo de campo desenvolvido.

En segundo lugar, **axústanse as lonxitudes de varios treitos**, adaptándoas ás condicións reais do terreo, á continuidade funcional dos itinerarios peonís e á optimización da integración coas infraestruturas existentes. Nalgúns casos redúcese a lonxitude inicialmente prevista e noutros amplíase para garantir a continuidade e seguridade do itinerario.

En terceiro lugar, **elimínase a execución de estruturas singulares inicialmente previstas**, como a pasarela sobre o río Xallas no tramo 9_595, optándose por solucións compatibles coa infraestrutura existente. Esta decisión reduce a afección ambiental, hidráulica e patrimonial, así como a complexidade técnica e o custo da actuación.

Así mesmo, **precísase a titularidade das estradas e o ámbito administrativo de cada actuación**, incorporando treitos en estradas autonómicas (AC-445 e AC-199) que non figuraban expresamente na diagnose inicial, en coherencia cos criterios definidos na Orde de Estudo.

En conxunto, as diferenzas detectadas responden a unha **optimización técnica, funcional e ambiental das actuacións**, mantendo en todo momento os obxectivos de mellora da seguridade viaria e da mobilidade sustentable establecidos na Orde de Estudo, sen introducir cambios substanciais na filosofía nin nos criterios de actuación inicialmente definidos.

2.3.2 XUSTIFICACIÓN DE VARIACIÓNS NO ORZAMENTO

A Orde de Estudo non recolle unha estimación económica nin un orzamento de referencia das actuacións previstas.

En consecuencia, o orzamento definido no presente Proxecto de Trazado deriva directamente da solución técnica finalmente adoptada, das medicións realizadas e dos prezos unitarios aplicables, non sendo posible establecer unha comparación directa con estimacións económicas previas contidas na Orde de Estudo.

2.4 TRÁMITES ADMINISTRATIVOS PARA AUTORIZACIONES

Para a execución das obras previstas no presente proxecto será necesaria a tramitación de diversos informes e autorizacións sectoriais, dado que as actuacións proxectadas inciden en ámbitos sometidos a normativa específica. A continuación detállanse os organismos competentes e os trámites requiridos.

En primeiro lugar, non se prevén afeccións a servizos de titularidade privada, dado que o trazado proxectado se adapta, na medida do posible, para evitar a súa incidencia sobre estes. Non obstante, na fase de redacción do proxecto construtivo verificarase a inexistencia de afeccións a tendidos aéreos e redes soterradas, realizándose, de ser preciso, os axustes de trazado necesarios. Con todo, no orzamento das actuacións contemplouse, con carácter preventivo, o posible traslado dalgúns postes.

Procederase á comunicación das actuacións aos concellos de Santiago de Compostela, Negreira, Mazaricos, Dumbría, Cee, Corcubión e Muxía, no ámbito dos cales se desenvolven as obras.

Dado que os trazados proxectados discorren polo ámbito do Camiño de Santiago de Fisterra e Muxía, as obras requiren informe preceptivo do Comité Asesor do Camiño de Santiago e, posteriormente, resolución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co establecido na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

As actuacións proxectadas nas estradas autonómicas AC-445 e AC-199 sitúanse parcialmente dentro da súa zona de afección, polo que será necesario solicitar a correspondente autorización á Axencia Galega

de Infraestruturas, conforme á normativa vixente en materia de estradas autonómicas e ao réxime de servidumes funcionais da infraestrutura.

Así mesmo, diversas actuacións atópanse na zona de afección de varias estradas provinciais, polo que se precisará a autorización da Deputación da Coruña, de acordo coa normativa reguladora das estradas da súa titularidade e co réxime de servidumes asociado.

Do mesmo xeito, ao discorrer algunhas actuacións pola zona de protección de bens catalogados como de interese cultural, consultarase á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para a valoración da idoneidade e viabilidade das actuacións proxectadas, garantindo que todas as intervencións se realicen baixo criterios de respecto, integración paisaxística e compatibilidade patrimonial.

Asemade, determinadas actuacións afectan á zona de policía de leitos de distintos ríos e regatos, tal e como se recolle no Anexo nº 4, *Climatoloxía, hidroloxía e drenaxe*, polo que será preceptivo solicitar a correspondente autorización administrativa e presentar a declaración responsable ante Augas de Galicia, de conformidade co establecido na normativa vixente en materia de dominio público hidráulico.

Finalmente, o ámbito do proxecto atópase incluído dentro do Plan de Ordenación do Litoral (POL), nunha área clasificada como área de ordenación, na cal as actuacións proxectadas constitúen usos permitidos de acordo co disposto no epígrafe 46.3.a e no artigo 55 do POL.

2.5 CONCLUSIÓNS

Á vista da mellora da seguridade viaria que se producirá coa execución das obras proxectadas, do cumprimento da normativa vixente aplicable á redacción do proxecto, do contido técnico suficiente como proxecto de trazado e do prazo previsto para a realización dos traballos, conclúese que se deu cumprimento á Orde de Estudo que motivou a redacción do presente proxecto.

ANEXO Nº 1: ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA

ANEXO Nº 1: ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 5
2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS 5
3. ANTECEDENTES TÉCNICOS 5
4. ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE TREITOS COMÚNS 6
4.1. INTRODUCCIÓN 6
4.2. METODOLOXÍA 6
4.3. ESTADO ACTUAL DOS TRAMOS COMÚNS DO CAMIÑO FISTERRA E MUXÍA 6
4.3.1. TRAMO 9_740 – ESTRADA A RÚAS DE ABAIXO (SANTIAGO DE COMPOSTELA) 7
4.3.2. TRAMO 9_730 – DP-7802 – QUINTÁNS (SANTIAGO DE COMPOSTELA) 8
4.3.3. TRAMO 9_601 – AC-453 - VENTOSA (AMES) 10
4.3.4. TRAMO 9_592 – O LOMBAO – AUGAPESADA (AMES) 11
4.3.5. TRAMO 9_732 – PONTE MACEIRA (AMES) 12
4.3.6. TRAMO 9_602 – AC-447 – BARCA (NEGREIRA) 13
4.3.7. TRAMO 9_733 – ESTRADA DE NEGREIRA A BARCA – A BARQUIÑA (NEGREIRA) 14
4.3.8. TRAMO 9_734 – DP-5602 – CORPACHÓN - O PATROCINIO (NEGREIRA) 16
4.3.9. TRAMO 9_603 – DP-5603 – ZAS (NEGREIRA) 17
4.3.10. TRAMO 9_604 – DP-5603 – PORTOCAMIÑO (NEGREIRA) 18
4.3.11. TRAMO 9_605 – DP-5603 – PORTOCAMIÑO – VILASERÍO (NEGREIRA) 19
4.3.12. TRAMO 9_606 – DP-5603 – VILASERÍO – O CORNADO (NEGREIRA) 20
4.3.13. TRAMO 9_593 – DP-5604 – L.C. SANTA COMBA (SANTA COMBA) 21
4.3.14. TRAMO 9_594 – AC-400 - AS MAROÑAS (MAZARICOS) 22
4.3.15. TRAMO 9_735 – ESTRADA DE CORZÓN ÁS ABELEIROAS (MAZARICOS) 23
4.3.16. TRAMO 9_595 - DP-3404 - OLVEIRA-OLVEIROA (DUMBRÍA) 24
4.3.17. TRAMO 9_607- DP-3404 - HOSPITAL (DUMBRÍA) 25
4.3.18. TRAMO 9_598- DP-3404 – REGO DAS MOAS – REGO VALSAGUEIRO (DUMBRÍA) 26
4.3.19. TRAMO 9_596 - DP-3404 – CARIZAS (DUMBRÍA) 27
4.3.20. TRAMO 9_608- DP-2302 – FONTE DOS LADRÓNS (DUMBRÍA) 28
4.3.21. TRAMO 9_609 – DP-3404 – TRAVESÍA DE BUXÁN E DUMBRÍA (DUMBRÍA) 29
4.3.22. TRAMO 9_609 – AC-199 – REGO FRAGOSO (DUMBRÍA) 30
4.3.23. TRAMO 9_611 – AC-552 – RÍO FRAGOSO (DUMBRÍA) 31
4.3.24. TRAMO 9_600 - AC-445 - A AMARELA (CORCUBION) - OS CANTIÑOS (CEE) 31
4.3.25. TRAMO 9_600 - AC-445 – PRAIA DE ESTORDE (CEE) 32
4.3.26. TRAMO 9_599 – AC-445 – PRAIA DE TALÓN (FISTERRA) 34
4.3.27. TRAMO 9_612 – AC-440 – MORAIME (MUXÍA) 35
4.3.28. TRAMO 9_597 – DP-5201– PRAIA DE LOURIDO (MUXÍA) 35
5. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS E XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA 37
5.1. CRITERIOS XERAIS DE INTERVENCIÓN 37
5.2. TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓN PREVISTAS 37
5.3. XUSTIFICACIÓN DAS SOLUCIÓNS ADOPTADAS 37
5.3.1. Tramos resoltos sen necesidade de actuacións 38
5.3.2. Tramos con necesidades de sinalización 38
5.3.3. Tramos con execución de novas sendas segregadas 39
5.3.3.1. Tramo 9_740 Moas de Abaixo (Santiago de Compostela) 39
5.3.3.2. Tramo 9_733 A Barquiña (Negreira) 40
5.3.3.3. Tramo 9_595 Olveiroa (Dumbría) 40
5.3.3.4. Tramo 9_607 Hospital (Dumbría) 41
5.3.3.5. Tramo 9_598 Rego das Moas – Rego Valsagueiro (Dumbría) 41
5.3.3.6. Tramo 9_596 As Carizas (Dumbría) 42
5.3.3.7. Tramo 9_608 Fonte dos Ladróns (Dumbría) 42
5.3.3.8. Tramo 9_609 Rio Fragoso (Dumbría) 43

5.3.3.9. Tramo 9_600 A Amarela (Corcubión) - Os Cantiños (Cee) 43

5.3.3.10. Tramo 9_600 Praia de Estorde (Cee) 44

5.3.3.11. Tramo 9_597 Praia de Lourido (Muxía) 44

6. CONCLUSIÓNS 45

APÉNDICE 1. FICHAS DO INVENTARIADO E DIAGNOSE DOS TREITOS COMÚNS DO CAMIÑO DE FISTERRA CON ESTRADAS PROVINCIAIS, AUTONÓMICAS E ESTATAIS 47

APÉNDICE 2. PLANOS 85

1. INTRODUCIÓN

O presente anexo recolle os antecedentes e a xustificación da solución adoptada no marco do proxecto de trazado e construción FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA de clave 2025/016

A Axencia de Turismo de Galicia, no exercicio das súas competencias, detectou a necesidade de avaliar e mellorar as condicións de seguridade viaria e de conservación do Camiño de Fisterra e Muxía, especialmente nos treitos coincidentes con estradas de distinta titularidade (municipais, provinciais e autonómicas). A elevada afluencia de peregrinos e usuarios, así como a relevancia cultural e turística do itinerario, fan necesario garantir un tránsito seguro e continuo, compatibilizando a mobilidade peonil coa circulación rodada.

Neste contexto redactouse o documento "*Servizo de inventariado e diagnose dos treitos comúns do Camiño de Fisterra con estradas provinciais, autonómicas e estatais" de data xaneiro de 2025*, no que se analizou o estado actual dos itinerarios, identificáronse as carencias de sinalización, accesibilidade e firme, e propuxéronse actuacións específicas de mellora. As conclusións dese estudo constitúen a base para a definición das solucións proxectadas no presente documento.

Posteriormente, con data xullo de 2025, adxudicouse á empresa **CIESA (Consultora de Enxeñaría e Empresa S.L.)** o contrato de servizos para a redacción dos proxectos de trazado e construción dos treitos comúns no Camiño de Fisterra-Muxía, expediente 2025/016.

Así, este anexo pretende situar as actuacións proxectadas no seu contexto, ofrecer unha visión xeral dos estudos previos e expoñer de maneira motivada as razóns técnicas, funcionais e de seguridade viaria que xustifican a solución adoptada.

2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

A Axencia Turismo de Galicia (ATG), no exercicio das súas competencias en materia de promoción, conservación e valorización dos Camiños de Santiago, promoveu a redacción deste proxecto co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, accesibilidade e conservación do Camiño de Fisterra e Muxía, especialmente nos tramos coincidentes con estradas de titularidade autonómica, provincial e municipal.

A elevada afluencia de peregrinos e usuarios ao longo deste itinerario, así como a súa relevancia histórica, cultural e turística, fan necesaria a posta en marcha de actuacións que garantan un tránsito peonil seguro, continuo e compatible coa circulación rodada, ao tempo que se respecta o valor patrimonial e paisaxístico do territorio polo que discorre o Camiño.

En cumprimento destes obxectivos, o 13 de marzo de 2025, o órgano de contratación da Axencia Turismo de Galicia acordou o inicio do expediente correspondente ao "Servizo de redacción dos proxectos de trazado e construción dos treitos comúns no Camiño de Fisterra-Muxía" (Expediente 2025/016).

O 4 de abril de 2025 publicouse o anuncio de licitación por procedemento aberto simplificado ordinario, finalizando o prazo de presentación de ofertas o 21 de abril de 2025.

Por resolución de 9 de xullo de 2025, a ATG acordou adxudicar o contrato á empresa CIESA (Consultora de Enxeñaría e Empresa, S.L.), entidade encargada da redacción dos proxectos de trazado e construción dos distintos treitos de actuación. O contrato formalizouse con data 11 de agosto de 2025, dando inicio aos traballos técnicos de levantamento, análise e definición das solucións de mellora.

A redacción deste proxecto realizouse conforme aos criterios e directrices da Axencia Turismo de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, asegurando a compatibilidade co Camiño de Santiago, a súa integración paisaxística e funcional e o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade, deseño de sendas e protección do patrimonio.

O presente proxecto desenvólvese, polo tanto, por encargo da Axencia Turismo de Galicia, dentro do marco do devandito contrato de servizos, como parte do programa de fomento da mobilidade sustentable e posta en valor dos itinerarios xacobeos.

3. ANTECEDENTES TÉCNICOS

Como principal antecedente técnico cómpre citar o documento de xaneiro de 2025 **"Inventariado e diagnose dos treitos comúns do Camiño de Fisterra con estradas provinciais, autonómicas e estatais**" no que se analizou:

- O estado actual das sendas existentes (firme, dimensións e conservación).
- A existencia ou ausencia de sinalización específica.
- A percepción de seguridade e accesibilidade para os usuarios.

Como conclusión xeral, constatouse unha falta de homoxeneidade no tratamento dos treitos coincidentes con estradas, con carencias relevantes de sinalización vertical e horizontal, beirarrúas de anchura insuficiente, descontinuidades e ausencia de pasos peonís en puntos críticos.

Este documento recolleu o inventario dos 30 treitos coincidentes con estradas, clasificados por concello e titularidade, e estruturados cos seguintes datos:

- ID do tramo.
- Concello.
- Titularidade da estrada.
- Lonxitude.

- Estado do firme.
- Continuidades/descontinuidades.
- Sinalización existente.
- Proposta preliminar de actuación.

No Apéndice I deste anexo inclúense as fichas completas, co detalle de cada tramo, recollidas no antedito documento.

Adicionalmente, tómase como referencia o proxecto **"Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)"**, de xuño de 2025, do que se adoptaron os criterios técnicos e estéticos relativos ao deseño dos pavimentos diferenciados nos cruzamentos e á sinalización específica asociada. As propostas deste proxecto coordináronse coas recollidas no citado documento, garantindo coherencia funcional e visual ao longo do itinerario.

En conxunto, estes antecedentes constitúen a base técnica para a redacción do presente proxecto, que desenvolve as actuacións necesarias para mellorar a continuidade, seguridade viaria e integración paisaxística do Camiño de Fisterra-Muxía nos treitos coincidentes con estradas autonómicas, provinciais e municipais..

4. ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE TREITOS COMÚNS

4.1. INTRODUCCIÓN

Durante os meses de xullo e agosto de 2025 realizáronse novas visitas de campo cos seguintes obxectivos:

- Verificar o estado real dos tramos inventariados en xaneiro de 2025.
- Corrixir erros detectados no inventario inicial.
- Incorporar cambios producidos nas condicións de firme, sinalización ou mobilidade.
- Precisar as actuacións propostas en cada tramo.

De xeito sistemático recolleuse a situación actual das sendas incluídas no ámbito do proxecto "FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA", nos treitos coincidentes con estradas provinciais, autonómicas e locais.

A información elaborouse a partir do inventario de xaneiro de 2025 de tramos comúns, completándose coas visitas de campo realizadas, nas que se revisaron as características físicas das sendas existentes (firme, dimensións, estado de conservación) e a súa sinalización.

O obxectivo é documentar de maneira detallada a condición actual de cada tramo, de xeito que sirva como base comparativa respecto das actuacións proxectadas para mellorar a seguridade viaria, a continuidade e a sinalización do itinerario.

Para a análise tivéronse en conta os datos recollidos no documento "Inventariado e diagnose dos tramos comúns do Camiño de Fisterra con estradas provinciais, autonómicas e estatais" (xaneiro de 2025), que serviu como referencia para contrastar e validar as observacións obtidas en campo

4.2. METODOLOXÍA

Os traballos consistiron en visitas de inspección a campo en cada treito inventariado, rexistrando:

- As condicións do firme.
- O ancho dispoñible.
- A continuidade do trazado.
- A percepción de perigo.
- A sinalización existente.

De maneira especial, verificouse a existencia e correcta disposición da sinalización específica dos tramos comúns do Camiño de Santiago, conforme ao establecido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

4.3. ESTADO ACTUAL DOS TRAMOS COMÚNS DO CAMIÑO FISTERRA E MUXÍA

Na maioría dos treitos visitados o Camiño de Santiago discorre por sendas paralelas á estrada, de carácter segregado.

En relación co firme, observouse unha notable variabilidade: desde saburra estabilizada ata pavimento de formigón e, nalgúns casos, terra compactada. As dimensións tamén resultan heteroxéneas, con anchos comprendidos entre 1,20 e 2,50 m, sen continuidade plena en determinados puntos. En numerosos treitos detectáronse deficiencias de conservación, como afundimentos, perda de material ou carencia de drenaxe.

Nalgúns casos existen barreiras ou elementos de separación respecto da calzada, aínda que non se trata dunha condición xeneralizada.

No que respecta á sinalización, constatouse que non se axusta de forma homoxénea ao disposto na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas:

- Ausencia de sinais verticais de advertencia nos tramos de convivencia.
- Sinalización horizontal escasa ou inexistente.

- Presenza de fitos e frechas amarelas irregular, con acumulación en certas zonas e ausencia noutras.

A continuación, recóllese o observado en cada tramo.

4.3.1. TRAMO 9_740 – ESTRADA A RÚAS DE ABAIXO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

O primeiro tramo atópase entre os PP.QQ. 86+877 a 86+562 da traza do Camiño Fisterra e Muxía, e correspóndese coa estrada local a Rúas de Abaixo, no lugar de Moas de Abaixo, pertencente ao Concello de Santiago de Compostela.

Trátase dun treito urbano de 315 m sen senda segregada, no que o tránsito peonil se realiza compartindo a calzada co tráfico local. A estrada está pavimentada con firme asfáltico e conta con dous carrís de circulación non delimitados, cun ancho variable entre 4,00 e 5,00 m. Dispón de liña branca de delimitación da calzada e beiravías de ancho irregular. A velocidade está limitada a 30 km/h.

Non existe sinalización específica que advirta da presenza do Camiño ou da convivencia con peregrinos, segundo a Nota Servicio 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, e falta sinalización vertical no paso peonil.

A continuación axúntase reportaxe fotográfica do treito.

Foto 1.- Paso peonil no inicio do tramo común (PQ. 86+877).

Foto 2.- Beiravía na marxe esquerda, con anchos variables entre 1,20 e 1,60 m, susceptible de mellora mediante pavimentación; obsérvase tamén a sinalización horizontal existente de limitación de velocidade.

Foto 3.- Sinalización vertical existente no tramo común analizado.

Foto 4.- Tramo central do tramo á altura do PQ. 86+757, onde se localiza un profundo foxo na marxe dereita destinado á recollida das augas dun regato afluente do Fontecova.

Foto 5.- Pontella sobre o rego de Fontecova, situada aproximadamente na parte central do tramo

Foto 6.- Sección da estrada na zona do cruce co rego de Fontecova, dotada de barreiras de seguridade.

Foto 7.- Tramo final do tramo con peche en pedra na marxe esquerda, delimitando unha beiravía de ancho variable entre 2,05 e 2,70 metros, incluíndo a cuneta en terra.

Foto 8.- Final do tramo común de Moas de Abaixo (PQ. 86+562).

4.3.2. TRAMO 9_730 – DP-7802 – QUINTÁNS (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

O treito atópase entre os PP.QQ. 83+540 e 83+505 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-7802 ao seu paso polo núcleo de Quintáns, no termo municipal de Santiago de Compostela.

O treito presenta 50 m de senda pavimentada en formigón, cun ancho de 1,50 m, disposta adxacente á estrada. A senda presenta descontinuidades derivadas da presenza de postes na marxe esquerda e dun noiro con desnivel na marxe dereita, inmediatamente antes do cruzamento. Nesta última marxe existe un resgardo e unha beiravía que, en conxunto, acadan 1,25 m de ancho.

Na marxe dereita, a senda, tamén en formigón e cun ancho de 1,50 m, discorre paralela a unha cuneta de 0,90 m. A vía principal de circulación conta con dous carrís por sentido, firme asfáltico en bo estado e limitación de velocidade de 50 km/h.

Non existe paso peonil habilitado no cruzamento. Tampouco atopouse sinalización específica de intersección ou advertencia para peregrinos segundo a Nota de Servizo 1/2008, aínda que si se localizan sinais de preaviso de cruzamento de peóns na vía principal para vehículos.

A continuación axúntase reportaxe fotográfica do treito.

Foto 9.- Inicio do tramo (P.Q. 83+540)

Foto 10.- Interrupción da senda de formigón da marxe dereita pola presencia de postes

Foto 11.-Senda de formigón da marxe esquerda , con descontinuidade pola presencia dun noiro.

Foto 12.- Senda de formigón da marxe esquerda e continuación do Camiño (PQ. 83+505).

4.3.3. TRAMO 9_601 – AC-453 - VENTOSA (AMES)

Este treito discorre entre os PP.QQ. 81+704 e 81+109 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada autonómica AC-453 (PP.QQ. 0+650 a 1+400), no tramo comprendido entre os núcleos da Portela de Villestro e Ventosa, no concello de Ames.

Trátase dun treito urbano de 587 m de lonxitude, no que o tránsito de peregrinos se realiza pola beirarrúa existente na marxe dereita, sen necesidade de cruzar a estrada para continuar o percorrido do Camiño. Esta beirarrúa presenta un ancho variable entre 1,00 e 2,00 m e está pavimentada con baldosa de formigón.

A calzada, de firme asfáltico, atópase en bo estado de conservación. Conta cun carril por sentido de 3,00 m de ancho e beiravías laterais de 0,50 m. A pendente lonxitudinal máxima é do 5,7 % e a velocidade está limitada a 50 km/h.

O treito dispón de sinalización específica de advertencia da presenza do Camiño, conforme ao establecido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

En consecuencia, o treito considérase resolto e non precisa de actuacións adicionais.

A continuación axúntase reportaxe fotográfica do treito.

Foto 13.- Sinal de preaviso de tramo común co Camiño antes do P.Q. 81+704

Foto 14.- Inicio do tramo común coa estrada AC-453 (P.Q. 81+704).

Foto 15.- Aspecto da beiravía no treito de Ventosa.

Foto 16.- Fin do tramo común (PQ. 81+109).

4.3.4. TRAMO 9_592 – O LOMBAO – AUGAPESADA (AMES)

Este treito atópase entre os PP.QQ. 80+338 e 79+034 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo de novo coa estrada autonómica AC-453, nesta ocasión entre os PP.QQ. 2+090 e 3+410, no tramo comprendido entre os núcleos do Lombao e Augapesada, no concello de Ames.

Ten unha lonxitude aproximada de 1,32 quilómetros no que o tránsito peonil realízase polas beirarrúas situadas a ambos marxes da calzada. Estas están pavimentadas con baldosa de formigón de formato 30×30cm, dispostas en varias filas. A colocación mínima de tres filas consecutivas garante un ancho útil de 0,90 m, acadándose nos puntos sen estreitamentos unha anchura variable entre 1,50 e 2,00 m. Porén, rexístranse estreitamentos puntuais por postes e cerramentos, así como interrupcións frecuentes debido a accesos a vías locais sen pasos peonís habilitados.

A calzada, de firme asfáltico en bo estado, dispón dun carril por sentido de 3,00 m de ancho, con beiravías laterais de 0,50 m. No final do treito rexístrase unha pendente máxima do 6 %. A velocidade está limitada a 60 km/h na recta principal do tramo, reducíndose puntualmente a 40 km/h en zonas concretas, como na curva do seu final.

En canto á sinalización, o treito dispón de sinais específicos do Camiño de Santiago conforme á Nota de Servizo 1/2008, aínda que se detecta a ausencia dun sinal de preaviso no inicio (PQ 80+338). Non obstante, existe unha sinalización previa moi próxima no cruzamento do PQ 80+691, situada a uns 200 m antes do comezo deste treito.

A continuación axúntase reportaxe fotográfica do treito.

Foto 17.- Inicio do tramo analizado no P.Q. 80+338.

Foto 18.- Estado da beiravía existente.

Foto 19.- Sinal de cruzamento coa AC-453 no final do tramo analizado (P.Q. 79+034).

4.3.5. TRAMO 9_732 – PONTE MACEIRA (AMES)

Este treito discorre entre os PP.QQ. 74+158 a 73+231 do Camiño Fisterra e Muxía. Correspóndese cun tramo antigo, fóra do trazado principal, da estrada provincial DP-0201 no seu paso polo núcleo da Ponte Maceira, no concello de Ames.

Trátase dun treito urbano de aproximadamente 70 m de lonxitude, no que o tránsito peonil se realiza polas beirarrúas de baldosa de formigón dispostas a ambos marxes da calzada. Estas presentan anchos reducidos e variables, comprendidos entre 0,95 e 1,47 m na marxe esquerda e entre 0,80 e 1,40 m na marxe dereita. A calzada, de firme de formigón, atópase nun estado de conservación deficiente e conta con dous carrís de circulación non delimitados.

Non existe sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos, tal e como establece a Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas. Non obstante, ao tratarse dun tramo de estrada en desuso, o tráfico rodado é reducido e non se aprecia un nivel de perigo significativo para os peregrinos, polo que a sinalización non resulta prioritaria.

A continuación axúntase reportaxe fotográfica do treito.

Foto 20.- Inicio do tramo analizado á entrada ao núcleo da Ponte Maceira

Foto 21.- Variabilidade das beirarrúas no seu ancho e presenza de determinados obstáculos, como bancos de pedra, que provocan estreitamentos puntuais

Foto 22.- Fin do tramo analizado, na entrada á ponte de pedra sobre o río Tambre.

4.3.6. TRAMO 9_602 – AC-447 – BARCA (NEGREIRA)

Este treito atópase entre os PP.QQ. 71+906 e 71+632 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada autonómica AC-447, entre os seus PP.QQ. 0+300 e 0+550, ao seu paso polo núcleo de Barca, no concello de Negreira.

Trátase dun treito en recta de aproximadamente 250 m de lonxitude, no que o tránsito peonil se realiza pola marxe dereita, cunha senda pavimentada en formigón desactivado de ancho variable entre 1,50 e 2,10 m. A separación entre o bordo da senda e a liña branca de sinalización da beiravía é de 1,30 m. Ao bordo exterior da senda sitúase unha cuneta revestida en formigón de 0,50 m.

A beiravía da marxe esquerda, con anchura variable entre 1,60 e 2,00 m, é empregada ocasionalmente tamén como senda, xa que o punto de cruzamento non está ben definido. Este debería realizarse á altura do PQ 71+906, mais non existe paso peonil habilitado.

A calzada, de firme asfáltico en moi bo estado, conta cun carril por sentido de 3,50 m de ancho, delimitado por liñas de separación. A pendente máxima é do 2 % e a velocidade está limitada a 80 km/h, dispoñendo ademais de boa visibilidade.

En canto á sinalización, o tramo dispón de sinais de advertencia de tramo común e, no PQ 71+283, de sinalización de cruzamento, segundo o disposto na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, aínda que algunhas presentan deficiencias de conservación.

A continuación axúntase reportaxe fotográfica do treito.

Foto 23.- Sinal de preaviso de tramo común co Camiño, de Santiago antes do PQ. 71+906.

Foto 24.- Inicio da senda analizada e sinal de tramo común co Camiño, no P.Q. 71+906.

Foto 25.- Peregrinos transitando pola beiravía da marxe esquerda no tramo analizado.

Foto 26.- Sección tipo da senda en formigón desactivado da marxe dereita.

4.3.7. TRAMO 9_733 – ESTRADA DE NEGREIRA A BARCA – A BARQUIÑA (NEGREIRA)

Este treito atópase entre os PP.QQ. 71+283 e 70+329 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada municipal de Negreira á Barca, ao seu paso polo núcleo de Chancela, no ermo municipal de Negreira.

Nos seus primeiros 300 metros, o Camiño discorre compartindo plataforma coa estrada local, nas inmediacións dun pequeno polígono con naves industriais, que presenta unha calzada de aproximadamente 5,00 m de ancho, pavimentada con aglomerado asfáltico en moi bo estado e pintura das beiravía pero sen separación de carrís, así como unha cuneta de seguridade transitable pavimentada en formigón pola súa marxe esquerda.

Nesta cuneta dispuxéronse bordos prefabricados de formigón pintados en amarelo cada 10 metros a modo de separadores, solución que non é homologada nin segura, xa que pode resultar perigosa tanto para os peregrinos como para os vehículos que circulan pola vía.

A limitación de velocidade da vía é de 30 km/h, o que, malia favorecer a convivencia co tráfico local, non garante por si mesma a seguridade dos peregrinos debido á ausencia de espazo segregado e á escasa visibilidade nalgúns puntos do tramo.

A estrada apóiase sobre un terreo sensiblemente chan, bordeando a ribeira dereita do río Tambre, nas proximidades dun meandro onde se localiza o Castro de Logrosa, ben patrimonial catalogado. Ao final deste tramo recto localízase unha curva de visibilidade reducida, seguida dun treito con forte pendente ascendente que conduce ata o núcleo de Chancela.

Na contorna do peche da parcela de Irmáns Mallón, a cuneta pavimentada de formigón desaparece, e o Camiño continúa por unha senda en saburra estabilizada co mesmos tipo de separadores, actualmente en deficiente estado de conservación, que bordea unha zona arborada ata alcanzar o Pazo de Albariña, xa no núcleo de Chancela.

Neste treito obsérvanse pequenos noiros de desmonte, que en certos puntos semellan cabalóns de terra formados polo paso e erosión, sen función estrutural definida e cun aspecto irregular.

Non existe sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos, contravindo o establecido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, polo que se propón a instalación de nova sinalización de advertencia e guiado.

Neste treito proponse a execución dunha senda peonil segregada, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria e peonil e garantir a continuidade do itinerario do Camiño.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 27.- Separador empregado no tramo non homologado.

Foto 28.- Tramo inicial da actuación, coa cuneta transitable pola beira dereita.

Foto 29.- Zona das naves coa curva de pouca visibilidade ao fondo.

Foto 30.- Curva de radio reducido e comezo do treito en pendente.

Foto 31.- Fin da cuneta transitable.

Foto 32.- Aspecto da senda en saburra estabilizada existente na marxe esquerda da vía local.

Foto 33.- Noiros de desmonte ao bordo da senda existente na zona boscosa.

Foto 34.- Fin do tramo no núcleo de Chancela.

Foto 35.- Inicio do tramo analizado, na contorna da intersección da DP-5602 coa DP-5603 (PQ 69+094 do Camiño).

4.3.8. TRAMO 9_734 – DP-5602 – CORPACHÓN - O PATROCINIO (NEGREIRA)

Este treito atópase entre os PP.QQ. 69+094 e 68+860 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-5602, no tramo comprendido entre os núcleos de Corpachón e O Patrocinio, no concello de Negreira.

Trátase dun treito de carácter urbano, cunha lonxitude aproximada de 230 metros, no que o tránsito peonil se realiza pola marxe dereita, a través dunha beirarrúa de formigón tinguido con bordo de granito e ancho variable entre 1,30 e 1,70 m.

A estrada presenta firme asfáltico con dous carrís de circulación de 3,50 m de ancho, e na marxe esquerda dispón dunha cuneta de 1,00 m e dunha beiravía de 1,00 m de ancho. Tanto o firme coma a sinalización horizontal se atopan en bo estado de conservación. A velocidade está limitada a 50 km/h, ao tratarse dun treito con curvas pechadas en S e forte pendente, o que obriga a extremar a precaución tanto para condutores como para peregrinos.

Existen pasos peonís sinalizados nos PP.QQ. 69+216 e 68+860, que facilitan a continuidade do itinerario a ambas marxes da estrada.

Non existe, porén, sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos, o que incumpre o indicado na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, polo que se recomenda a súa incorporación nas actuacións proxectadas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado..

Foto 36.- Fin do tramo (PQ. 68+860), coa beiravía da marxe dereita (2,1 m) e beirarrúa na marxe esquerda (1,7 m).

Foto 37.- Paso de peóns no final do tramo (PQ. 68+860)

4.3.9. TRAMO 9_603 – DP-5603 – ZAS (NEGREIRA)

Este treito atópase entre os PP.QQ. 67+271 e 66+559 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-5603, no tramo comprendido entre os núcleos de Taberna Nova e Zas, no concello de Negreira.

O tramo ten unha lonxitude aproximada de 710 metros, nos que o Camiño discorre por unha senda de saburra estabilizada de 2,30 m de ancho medio. No seu inicio, o itinerario transcorre pola marxe esquerda da estrada (entre os PQ 67+271 e 66+944), punto no que é necesario cruzar á marxe dereita para continuar ata o final do tramo, no PQ 66+559. Este cruzamento será atendido nas actuacións previstas no proxecto *"Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)"*, que contempla a súa mellora funcional e de seguridade.

Na contorna do PQ 66+665, a senda sepárase da calzada ata uns 4,00 m, debido á presenza dunha cuneta de grandes dimensións (3,50 m de ancho) que canaliza as augas pluviais.

A estrada presenta firme asfáltico en bo estado, con dous carrís de circulación de 3,25 m de ancho, separados por liña branca continua, e beiravías de 1,00 m a cada lado. Ao longo do trazado existen cunetas de terra de aproximadamente 1,20 m de ancho, que delimitan o bordo da calzada.

Aínda que se trata dun treito recto e con boa visibilidade, na contorna do PQ 66+944 existe unha ampliación da mediana con marcas transversais brancas e balizamento, destinada á redución do ancho dos carrís e da velocidade a 50 km/h, co fin de mellorar a seguridade no punto de cruzamento dos peregrinos.

Non existe, porén, sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos, o que incumpre o establecido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, polo que se considera necesaria a instalación de nova sinalización vertical e horizontal de advertencia e guiado.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 38 .- Inicio do tramo (PQ. 67+271) coa senda de saburra na marxe dereita.

Foto 39.- Contorna do PQ. 66+944 co estreitamento da mediana e balizamento para facilitar o cruzamento.

Foto 40.- Sinalización existente no estreitamento de carrís do PQ. 66+944.

Foto 41.- Aspecto da senda existente na contorna do 66+665.

Foto 42.- Fin do tramo común analizado (PQ. 66+559).

4.3.10. TRAMO 9_604 – DP-5603 – PORTOCAMIÑO (NEGREIRA)

O tramo analizado atópase entre os PP.QQ. 60+338 e 60+087 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-5603, ao seu paso polo núcleo de Portocamiño, no concello de Negreira.

Trátase dun treito de aproximadamente 517 metros de lonxitude, no que o Camiño discorre maioritariamente pola marxe dereita da estrada, a través dunha senda pavimentada en formigón desactivado de 2,00 m de ancho, medida desde o bordo da calzada. En determinados puntos dispón dunha barreira metálica de seguridade que separa fisicamente a senda da calzada, mellorando a protección do tránsito peonil.

A estrada presenta firme asfáltico en bo estado, con dous carrís de circulación de 3,50 m de ancho. O bordo da calzada pola marxe dereita está delimitado por unha dobre liña branca horizontal separada 1,00 m, que actúa como beiravía e zona de separación visual coa senda. A velocidade máxima permitida é de 50 km/h, ao tratarse dun treito en zona de poboación.

Non existe, porén, sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos, contravindo o establecido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, polo que se recomenda a instalación de nova sinalización de advertencia e guiado nos puntos de inicio e final do tramo, así como nos accesos intermedios.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado..

Foto 43.- Inicio do tramo analizado (PQ. 60+338).

Foto 44.- Senda de formigón desactivado na marxe dereita e dobre liña branca horizontal no bordo da estrada.

Foto 45.- Desvío do Camiño da DP-5603 cara a rúa Fornos, con pavimento de formigón.

4.3.11. TRAMO 9_605 – DP-5603 – PORTOCAMIÑO – VILASERÍO (NEGREIRA)

Este treito atópase entre os PP.QQ. 59+068 e 57+032 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-5603, no tramo comprendido entre os núcleos de Portocamiño e Vilaserío, no concello de Negreira.

Trátase dun treito de aproximadamente 2,0 km de lonxitude, no que o Camiño discorre de maneira paralela á estrada provincial, mediante unha senda peonil de saburra estabilizada cun ancho medio de 2,00 m.

O itinerario transcorre inicialmente pola marxe dereita da estrada, adxacente á calzada, ata o PQ 57+353, punto no que é necesario cruzar á marxe esquerda, pola que continúa ata o final do tramo. No punto de cruzamento non existen marcas transversais de paso de peóns, aínda que a estrada conta con sinalización horizontal de redución de velocidade e estreitamento dos carrís mediante ancheamento da mediana e balizamento central. Este cruzamento está incluído nas actuacións previstas no *proxecto "Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)"*, que contempla a súa mellora funcional e de seguridade.

A estrada presenta firme asfáltico en bo estado, con dous carrís de circulación de 3,50 m de ancho e beiravías de 1,00 m. As beiravías adxacentes ás sendas está delimitadas por dúas liñas brancas paralelas separadas 1,00 m. A velocidade máxima permitida é de 50 km/h, ao tratarse dun treito con poboación dispersa e tránsito habitual de peregrinos, con curvas amplas e treitos rectos de pendente moderada.

Non existe sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos en contradición coa Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, polo que se recomenda a instalación de sinalización de advertencia e guiado específica, especialmente nos puntos de cruzamento e acceso aos núcleos.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 46.- Senda en saburra estabilizada pola marxe dereita, á altura do cruzamento coa estrada a Marcelle e Landeira (PQ. 58+046).

Foto 47.- Cruzamento da estrada provincial DP-5603 á altura do PQ. 57+353, por cambio de marxe da senda.

Foto 48.- Fin do treito, no PQ. 57+032, entrando a Vilaserío por un carreiro que evita unha curva moi pronunciada e sen visibilidade na estrada provincial.

4.3.12. TRAMO 9_606 – DP-5603 – VILASERÍO – O CORNADO (NEGREIRA)

Este treito atópase entre os PP.QQ. 56+620 e 54+836 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-5603, entre os seus PP.QQ. 11 e 13 aproximadamente, no tramo comprendido entre os núcleos de Vilaserío e O Cornado, no concello de Negreira.

Trátase dun treito de aproximadamente 1,8 km de lonxitude, no que o Camiño discorre paralelo á estrada provincial. Inicialmente transcorre pola marxe esquerda, ata antes do PQ 56+208, punto no que é necesario cruzar cara á marxe dereita para continuar ata o final do tramo. Este cruzamento será atendido nas actuacións previstas no proxecto *"Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)",* que contempla a súa mellora funcional e de seguridade.

A senda está pavimentada con saburra estabilizada e conta cun ancho aproximado de 2,00 m en ambos treitos, así como cuneta de 1,40 m de ancho en terra. O estado do firme é deficiente, presentando tramos erosionados e perda de material, o que reduce o confort e a seguridade do tránsito peonil.

A estrada provincial conta con dous carrís de circulación de 3,50 m de ancho, separados por liña branca central, e firme asfáltico en bo estado. O trazado presenta amplas rectas e pendentes moderadas, aínda que existen varias sucesións de curvas en "S", unha delas situada á altura do PQ 55+790 (zona de Babión) e outra no cruzamento co río Donas, que reducen a visibilidade e requiren especial precaución para os peregrinos.

Na contorna do cruzamento (PP.Q. 56+620 a 56+208) non existen marcas transversais de paso de peóns, aínda que a estrada dispón de sinalización vertical P-20b (advertencia de proximidade a zona con presenza de peóns), estreitamento de carrís mediante marcas transversais na mediana, balizamento e limitación de velocidade a 50 km/h.

Non existe sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos, conforme á Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, polo que se considera necesario reforzar a sinalización e mellorar o estado do firme, co obxectivo de garantir a continuidade e seguridade do itinerario peonil..

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 49.- Inicio do tramo en Vilaserío (PQ. 56+620).

Foto 50.- Contorna do cruzamento no PQ. 56+208, con balizamento e estreitamento de carrís.

Foto 51.- Barreira de seguridade nunha das curvas protexendo á senda.

Foto 52.- Fin do tramo chegando a Cornadó (PQ. 54+836).

4.3.13. TRAMO 9_593 – DP-5604 – L.C. SANTA COMBA (SANTA COMBA)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 53+542 e 53+185 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-5604, á altura do seu PQ 16, no tramo comprendido entre os núcleos de Pesaduira e Barbeira, no termo municipal de Santa Comba.

Trátase dun treito de 352 m de lonxitude, no que o Camiño discorre de maneira non segregada, mediante unha senda adxacente á beiravía da estrada, executada en firme asfáltico. A plataforma viaria presenta dous carrís de circulación de 3,00 m de ancho, cunha beiravía delimitada por dobre liña branca separada 0,60 m. A senda presenta unha anchura media de 1,95 m, resultando insuficiente para garantir condicións óptimas de seguridade, especialmente tendo en conta a proximidade do tráfico rodado.

A velocidade máxima permitida é de 50 km/h. O trazado é recto, con pendente suave e boa visibilidade, circunstancia que pode favorecer velocidades reais superiores, incrementando o risco potencial para os peregrinos ao carecer de separación física respecto da calzada.

No cruzamento do PQ 53+542 non existe paso de peóns habilitado, aínda que a súa mellora funcional e de seguridade está prevista no proxecto “Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra.

A estrada dispón unicamente dun sinal de advertencia de cruzamento coa DP-5604, mais non conta con sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos, incumprindo o disposto na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas. O reforzo desta sinalización tamén está contemplado no proxecto de mellora de cruzamentos..

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 53.- Inicio do tramo (PQ. 53+542) con sinal de precaución e información por cruzamento coa DP-5604.

Foto 54.- Tramo común coa estrada provincial DP-5604 en Santa Comba.

4.3.14. TRAMO 9_594 – AC-400 - AS MAROÑAS (MAZARICOS)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 48+200 e 47+712 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada autonómica AC-400, entre os seus PP.QQ. 67+750 e 68+100, ao seu paso polo núcleo de As Maroñas, no concello de Mazaricos.

Trátase dun treito de aproximadamente 490 m de lonxitude, no que o Camiño discorre maioritariamente pola marxe dereita da estrada, de forma segregada, mediante unha senda de saburra estabilizada cunha anchura variable entre 3,00 e 4,00 m. No fronte edificado do núcleo, a senda deixa de estar segregada e pasa a discorrer pola propia beiravía da estrada, cun ancho aproximado de 4,00 m.

Na marxe esquerda, aproximadamente á altura do PQ 48+200, existe outro pequeno tramo de senda de saburra, cun estado de conservación deficiente, de 2,00 m de ancho e 70 m de lonxitude, que presenta forte pendente e que, actualmente, non conta cun paso peonil de conexión coa marxe dereita.

A estrada autonómica presenta firme asfáltico en bo estado, con dous carrís de 3,50 m, separados por marca viaria, e beiravías de 1,40 m. Entre a beiravía e a senda existe unha cuneta en terra de 1,50 m de ancho, que actúa como elemento de drenaxe e separación funcional.

O trazado é recto, con boa visibilidade e unha pendente aproximada do 2 %. A velocidade permitida é a xenérica da estrada autonómica (90 km/h), existindo unha redución puntual a 80 km/h na contorna do PQ 68+030, pola proximidade dunha intersección.

Ao longo deste tramo é necesario efectuar tres cruzamentos da estrada autonómica —nos PQ 48+150, 47+872 e 47+712— para permitir o cambio de marxe da senda. A mellora funcional e de seguridade destes cruzamentos está prevista no proxecto específico de intersecciónss “Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)”.

O treito conta con sinalización específica: sinais de preaviso de cruzamento do Camiño coa estrada, sinais de advertencia de tramo común e sinais de precaución e información por cruzamento, cumprindo co establecido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 55.- Inicio da senda na marxe esquerda (PQ. 48+200), con forte pendente e saburra deteriorada.

Foto 56.- Sinal de inicio de tramo común do Camiño no PQ 48+200.

Foto 57.- Senda pola beiravía dereita, cun ancho de 4,00 m, á altura da panadería das Maroñas.

Foto 58.- Intersección da senda cunha vía pecuaria, con firme de saburra en bo estado.

4.3.15. TRAMO 9_735 – ESTRADA DE CORZÓN ÁS ABELEIROAS (MAZARICOS)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 39+892 e 38+890 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo cunha estrada local que comunica os núcleos de Corzón e As Abeleiroas, no concello de Mazaricos.

Trátase dun treito de aproximadamente 1 km de lonxitude, no que o Camiño discorre pola marxe esquerda da estrada local, mediante unha senda de saburra estabilizada. A partir do acceso ao cemiterio de Corzón, a senda queda delimitada cunha liña de bordo de lastro, o que mellora a súa definición respecto da calzada e facilita o guiado dos usuarios. A anchura útil da senda é, como mínimo, de 1,50 m, aínda que nalgúns puntos presenta desniveis laterais significativos, especialmente na contorna do PQ 38+890, final do treito.

A estrada presenta un ancho total aproximado de 4,00 m, con circulación en ambos sentidos, sen delimitación de carrís nin beiravías, e cunha cuneta de terra de 1,40 m de ancho na súa marxe dereita. O tránsito rodado é local, pero a escasa sección da plataforma condiciona as condicións de seguridade do tránsito peonil, especialmente nos puntos sen separación física respecto da calzada.

Non existe sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos, en incumprimento do establecido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, polo que se considera necesario reforzar a sinalización de advertencia e guiado neste treito.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 59.- Inicio do tramo coa senda de saburra na marxe dereita e a cuneta en terra á esquerda.

Foto 60.- Treito da senda con bordo de lastro, desde o cemiterio de Corzón.

Foto 61.- Zona con desniveis, ao final do tramo analizado.

4.3.16. TRAMO 9_595 - DP-3404 - OLVEIRA-OLVEIROA (DUMBRÍA)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 37+723 e 35+954 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-3404, entre os seus PP.QQ. 20 e 22, ao seu paso polos núcleos de Mollón —derradeiro núcleo do concello de Mazaricos—, Ponte Olveira e Olveiroa, xa no concello de Dumbría.

Trátase dun treito de aproximadamente 2 km de lonxitude, no que o Camiño discorre pola marxe esquerda da estrada, mediante unha beiravía pavimentada en aglomerado, cun ancho medio próximo a 2,00 m, delimitada da calzada por dúas liñas brancas paralelas.

Cómpre salientar a presenza da Ponte de Ponte Olveira, entre os PP.QQ. 37+723 e 37+350, un dos pasos máis significativos do Camiño Fisterra-Muxía. Trátase dunha ponte histórica de fábrica en cachotaría granítica, con arcos de medio punto, que conserva a súa configuración tradicional. Integra un conxunto de elevado valor paisaxístico e etnográfico e está catalogada como Ben de Interese Cultural (BIC) con protección estrutural, ao abeiro da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia.

O taboleiro estreito da ponte, cun ancho de 3,00–3,50 m, non permite manter a continuidade da beiravía nin executar solucións segregadas para o tránsito peonil, polo que o paso é compartido entre vehículos e peregrinos, constituíndo un punto crítico de seguridade, especialmente en épocas de alta afluencia.

Ao tratarse dun BIC, non se prevén actuacións sobre a ponte, limitándose calquera intervención futura a labores de mantemento tradicional e sempre condicionada á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. O presente proxecto mantén, polo tanto, a ponte sen modificacións, reforzando unicamente a seguridade nas súas aproximacións mediante sinalización.

A estrada presenta dous carrís de 3,50 m de ancho, separados por liña branca continua. As beiravías contan con sinalización horizontal: dobre liña branca na marxe esquerda, contigua á senda, e liña simple na dereita. A beiravía esquerda acada aproximadamente 1,00 m de ancho.

O trazado é, en xeral, suave, con curvas de radio amplo e relevo suave, aínda que na contorna da ponte existe un treito en S con curvas moi pechadas, o que xustifica a limitación de velocidade a 60 km/h na súa aproximación e a 30 km/h no propio estreitamento da ponte.

Na entrada ao núcleo de Olveiroa (PQ 36+437) a velocidade tamén está limitada a 60 km/h, mentres que no resto do tramo rexe a velocidade xenérica da estrada (90 km/h).

Non existe sinalización específica que advirta da presenza do Camiño nin da convivencia con peregrinos, en incumprimento da Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, polo que se considera necesario reforzar a información e advertencia aos usuarios da vía.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 62.- Ponte sobre o río Xallas, límite entres os concellos de Mazaricos e Dumbría.

Foto 63.- Aproximación á ponte sobre o río Xallas, no núcleo de Ponte Olveira.

Foto 64.- Tramo DP-3404 á altura do núcleo de Olveiroa.

4.3.17. TRAMO 9_607- DP-3404 - HOSPITAL (DUMBRÍA)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 30+616 e 30+228 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-3404, aproximadamente á altura do seu PQ. 27, ao seu paso polo núcleo de Hospital, no concello de Dumbría.

Trátase dun treito de aproximadamente 400 m de lonxitude, no que o Camiño discorre, ao igual que no tramo precedente, pola beiravía dereita da estrada, de ancho próximo a 2,00 m, pavimentada en aglomerado e delimitada da calzada por dúas liñas brancas paralelas separadas 50 cm. A senda conta con bordo lateral e sumidoiros en determinados puntos, o que mellora a recollida de augas pero non garante un espazo segregado ou seguro para o tránsito peonil.

A estrada provincial presenta unha calzada de 6,00 m de ancho, con dous carrís de circulación separados por liña central continua, e beiravías pavimentadas a ambos lados. A beiravía esquerda, aínda que pavimentada, presenta un ancho inferior ao da marxe dereita, o que non impide que algúns peregrinos a utilicen puntualmente, cruzando a estrada en diferentes puntos.

A velocidade está limitada a 70 km/h, debido á presenza habitual de peóns e á existencia dunha curva de visibilidade reducida neste tramo. A afluencia de peregrinos é significativa, especialmente na contorna do punto de información, onde moitos realizan o cruzamento da estrada. Outro punto habitual de cruzamento é o situado nas inmediacións do bar localizado ao final do treito (PQ 30+228).

Neste tramo non existe sinalización específica que identifique o Camiño nin a convivencia con peregrinos.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 65.- Punto habitual de cruzamento da estrada DP-3404, inicio do tramo (PQ. 30+616).

Foto 66.- Beiravía acondicionada para o tránsito de peregrinos no tramo de Hospital.

4.3.18. TRAMO 9_598- DP-3404 – REGO DAS MOAS – REGO VALSAGUEIRO (DUMBRÍA)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 29+958 e 29+693 do trazado principal do Camiño Fisterra-Muxía e entre os PP.QQ. 26+589 e 25+463 da variante cara a Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-3404 aproximadamente entre os seus PP.QQ. 27,5 e 29, ao seu paso entre os núcleos de Hospital e A Grixa, no concello de Dumbría.

Trátase dun treito de aproximadamente 1,4 km de lonxitude, no que o Camiño discorre, do mesmo xeito que no tramo precedente, pola beiravía dereita da estrada provincial, acondicionada cun ancho próximo a 2,00 m, pavimentada en aglomerado e dotada de bordo lateral e sumidoiros. Esta beiravía delimítase da calzada mediante dúas liñas brancas paralelas separadas 50 cm.

Os primeiros 265 m (PP.QQ. 29+958 a 29+693) pertencen ao trazado principal, mentres que os seguintes 1.126 m (PP.QQ. 26+589 a 25+463) corresponden á variante que finaliza en Muxía.

A estrada provincial presenta unha calzada de 6,00 m de ancho, con dous carrís de circulación separados por liña branca continua e firme asfáltico en bo estado. As beiravías están pavimentadas a ambos lados, aínda que a da marxe esquerda presenta un ancho moi inferior e certos desniveis, o que fai que non sexa utilizada polos peregrinos.

O trazado combina longos treitos rectos con curvas pechadas e pendentes moderadas, se ben existen puntos de menor visibilidade nas inmediacións dos vales formados polos regos que atravesan a zona. A velocidade está limitada a 70 km/h na aproximación á glorieta, debido á presenza habitual de peóns, e a 50 km/h na propia glorieta de conexión coa DP-2302, punto de bifurcación do itinerario cara a Fisterra ou Muxía. Tras este enlace, rexe a velocidade xenérica da estrada (90 km/h) na maior parte do treito.

Neste tramo tampouco existe sinalización específica que identifique o Camiño nin a convivencia con peregrinos, en incumprimento da Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 67.- Continuación da beiravía habilitada para o tránsito de peregrinos na marxe dereita da DP-3404 ao inicio do tramo.

Foto 68.- Continuación do traxecto sobre a plataforma da DP-3404 cara á Muxía.

4.3.19. TRAMO 9_596 - DP-3404 – CARIZAS (DUMBRÍA)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 24+298 e 24+081 da variante do Camiño Fisterra-Muxía cara a Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-3404, aproximadamente ao seu PQ 29,5, ao seu paso nas inmediacións do lugar de Carizas, no concello de Dumbría.

Trátase dun treito de pequena lonxitude (aproximadamente 220 m), no que o Camiño discorre pola marxe dereita da estrada, mediante unha beiravía pavimentada en aglomerado cun ancho aproximado de 2,00 m. Esta beiravía delimítase da calzada por dúas liñas brancas paralelas separadas por 0,50 m, e conta con bordo lateral e sumidoiros en varios puntos ao longo do trazado.

A estrada provincial presenta unha calzada de 6,00 m de ancho, distribuída en dous carrís de circulación separados por liña branca central. As beiravías están pavimentadas en ambas marxes, aínda que a marxe esquerda presenta un ancho menor e unha funcionalidade máis limitada.

Este treito sitúase despois dunha zona de trazado complexo, na que a estrada describe unha sucesión de curvas moi pechadas entre Hospital e Carizas. Nese sentido de circulación existe varias recomendacións de velocidade de 50 e 40 km/h debido á reducida visibilidade e ao carácter sinuoso do trazado, mentres que no sentido contrario non se dispón de limitación específica, rexéndose pola velocidade xenérica da estrada.

A contorna inmediata caracterízase pola presenza de valados tradicionais de pedra nos peches das parcelas situadas na marxe dereita, que conforman un corredor visual e físico moi marcado. O cruzamento do Camiño cara ao núcleo de Carizas efectúase no PQ 24+081, punto no que se acada a mellor visibilidade para o tránsito peonil.

No tramo tampouco existe sinalización específica que identifique o Camiño nin a convivencia con peregrinos, en incumprimento do establecido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 69.- Tramo entre os PP.QQ. 24+298 e 24+081 da variante de Muxía na DP-3404 na contorna de Carizas.

4.3.20. TRAMO 9_608- DP-2302 – FONTE DOS LADRÓNS (DUMBRÍA)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 29+837 e 29+117 do trazado principal do Camiño Fisterra-Muxía (ramal con destino a Fisterra) e coincide coa estrada provincial DP-2302 entre os seus PP.QQ. 0+000 e 0+500, na contorna do paraxe de Fonte dos Ladróns, no termo municipal de Dumbría.

Neste punto, os peregrinos circulan pola mesma plataforma da estrada, empregando a beiravía esquerda habilitada para tal fin, cun ancho aproximado de 2,00 m, pavimentada en aglomerado e delimitada da calzada mediante dúas liñas brancas continuas separadas 0,50 m. Este tramo discorre bordeando a parcela de Xallas Electricidade, cuxo peche de tuias de grande porte proporciona sombra ao longo do percorrido.

Tras o paso de peóns existente á altura do PQ 29+281, os peregrinos cruzan novamente a estrada para continuar pola marxe dereita, onde enlazan coa pista de saburra coñecida como “Camiño de Cee a Santiago”, pola que prosegue o itinerario oficial do Camiño.

A estrada presenta unha calzada de aproximadamente 6,50 m de ancho, con dous carrís separados por liña branca continua. A beiravía dereita ata o cruzamento é moi reducida (aprox. 0,10 m), mentres que a beiravía esquerda mantén o seu ancho ata entrada a planta de XEAL. A velocidade está limitada a 50 km/h ao tratarse dunha zona de tránsito peonil frecuente.

Ademais do paso de peóns sinalizado, non existe neste treito sinalización específica que identifique o Camiño nin que advirta da convivencia con peregrinos, en incumprimento do disposto na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 70.- Inicio do tramo na glorieta de enlace entre a DP-3404 e DP-2302.

Foto 71.- Paso de peóns no PQ. 29+281.

Foto 72.- Beiravía esquerda acondicionada despois do cruzamento.

Foto 73.- Final do treito no PQ. 29+117.

4.3.21. TRAMO 9_609 – DP-3404 – TRAVESÍA DE BUXÁN E DUMBRÍA (DUMBRÍA)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 22+757 e 21+443 da traza do Camiño Fisterra-Muxía da variante a Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-3404 entre os seus PP.QQ. 31+650 e 33+000, ao seu paso polo núcleo urbano de Dumbría, no tramo comprendido entre o Albergue do Conco e o Centro de Saúde de Dumbría.

Trátase dun treito de carácter urbano, de aproximadamente 1,3 km de lonxitude, no que o tránsito peonil se desenvolve polas beirarrúas existentes a ambos lados da estrada, executadas en baldosa de formigón e cunha anchura suficiente para acoller o tránsito de peregrinos e veciñanza. Ao longo do tramo contabilízanse sete pasos de peóns, que permiten o cambio de marxe entre ambas beirarrúas e garanten a continuidade do itinerario.

A estrada presenta firme asfáltico en bo estado, con dous carrís de circulación de 3,25 m de ancho e beiravías aproximadas de 0,50 m, delimitadas por sinalización horizontal en bo estado de conservación. A velocidade está limitada a 50 km/h, ao tratarse dun ámbito urbano consolidado.

A pesar da elevada presenza de peregrinos e do seu carácter de travesía do Camiño, non existe sinalización específica que identifique o itinerario nin que advirta da convivencia con peóns, en incumprimento do disposto na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 74.- Inicio do tramo, no PQ. 22+757.

Foto 75.- Beirarrúa existente á altura do centro de saúde (PQ. 21+738).

Foto 76.- Fin do tramo, na glorieta coa AC-199 (PQ. 21+443), inicio da actuación de Rego Fragoso.

4.3.22. TRAMO 9_609 – AC-199 – REGO FRAGOSO (DUMBRÍA)

Continuación do tramo anterior, xa fóra de poboado, este treito localízase entre os PP.QQ. 21+443 e 21+230 da traza do Camiño Fisterra-Muxía na variante de Muxía, coincidindo coa estrada autonómica da rede local AC-199, que conecta o núcleo de Dumbría coa AC-552, entre os seus PP.KK. 0+470 e 0+680.

Neste punto realizouse recentemente unha modificación do trazado co fin de evitar o cruzamento da AC-552 á altura do PQ 20+910, situado nunha curva de visibilidade reducida. A solución adoptada consistiu en aproveitar diversas pistas e camiños e dispoñer una pasarela de madeira baixo o viaduto da AC-552, permitindo desviar o itinerario ata interceptar unha senda que se acondicionou na marxe dereita da AC-552, pola que se recupera a conexión coa traza orixinal do Camiño.

As obras foron executadas pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) no ano 2021 xunto con outras dez actuacións de mellora da seguridade viaria en seis estradas da RAEGA no Camiño de Fisterra e Muxía ao seu paso polos concellos de Muxía, Mazaricos, Negreira, Ames, Fisterra, Cee, Corcubión e Dumbría.

Trátase dun treito de 200 metros de lonxitude, no que os peregrinos comparten a calzada coa circulación rodada, aínda que o tráfico é moi reducido (IMD 719 veh/día), ao tratarse dunha estrada autonómica da rede local. A plataforma presenta unha calzada de 5,50 m de ancho, con dous carrís separados por liña branca central e sen beiravías. O trazado é sensiblemente recto, con pendente máxima do 3 %, e a velocidade está limitada a 50 km/h.

Non existe sinalización específica que identifique o Camiño nin que advirta da convivencia con peregrinos, en incumprimento do recollido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 77.- Tramo da AC-199 entre os PP.QQ.21+443 e 21+230 do Camiño Fisterra-Muxía.

4.3.23. TRAMO 9_611 – AC-552 – RÍO FRAGOSO (DUMBRÍA)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 21+082 e 20+910 da traza do Camiño Fisterra-Muxía na variante con destino a Muxía, coincidindo coa estrada autonómica da rede estruturante AC-552, de A Coruña a Cee, na contorna do seu PQ 81+150, ao paso sobre o río Fragoso mediante un viaduto, no termo municipal de Dumbría.

Trátase dun treito de aproximadamente 172 m de lonxitude, configurado recentemente tras a modificación do trazado indicada no apartado anterior. O Camiño discorre pola marxe dereita da vía mediante unha senda executada en formigón desactivado cun ancho aproximado de 1,70 m que vai adxacente á beiravía dereita, de 1,50 m de ancho, e conta cunha cuneta exterior de 1,10 m. Entre a senda e a calzada dispóñense separadores viarios de caucho e balizas flexibles H-75, que delimitan o espazo reservado ao tránsito peonil.

A estrada presenta firme asfáltico con marcas viarias en bo estado, dous carrís de circulación de 3,40 m de ancho e unha beiravía esquerda de 1,30 m. O treito sitúase nunha curva á esquerda cun radio aproximado de 380 m e unha pendente do 3 %, situada nas inmediacións da intersección da AC-552 coa DP-3404, principal acceso á poboación de Dumbría, e nas proximidades do viaduto sobre o río Fragoso. A velocidade máxima está limitada a 80 km/h desde a intersección, sendo 70 km/h a velocidade recomendada na curva. O tráfico neste punto é elevado, cunha IMD de 10.098 vehículos diarios.

O tramo conta con sinais de preaviso de cruzamento do Camiño coa vía, de advertencia de tramo común e de precaución por cruzamento, instalados conforme á Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas. Debido á recente modificación do trazado que eliminou o cruzamento directo coa AC-552, parte destes sinais quedaron fóra de uso efectivo, permanecendo aínda instalados.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 78.- Pasarela de madeira baixo o viaduto do río Fragoso.

Foto 79.- Senda acondicionada na berna da AC-552.

4.3.24. TRAMO 9_600 - AC-445 - A AMARELA (CORCUBION) - OS CANTIÑOS (CEE)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 12+025 e 11+547 da traza principal do Camiño Fisterra-Muxía (ramal a Fisterra), coincidindo coa estrada autonómica AC-445, de Cee a Fisterra, pertencente á rede complementaria, aproximadamente entre os seus PP.QQ. 4+500 e 4+910. O treito discorre polo núcleo da Amarela, no concello de Corcubión, e continúa ata o núcleo de Estorde, xa no termo municipal de Cee.

Trátase dun treito de aproximadamente 480 m de lonxitude no que o Camiño atravesa o núcleo rural da Amarela, espazo limítrofe entre os concellos de Corcubión e Cee. Entre os PP.QQ. 12+025 e 11+879 os peregrinos comparten plataforma coa calzada, nun ámbito urbanizado con edificacións a ambas marxes, sen espazo segregado definido. A estrada dispón de beiravías pavimentadas de ancho variable —entre 1,00 e 2,50 m na marxe esquerda e entre 0,80 e 4,00 m na dereita— nas que se sitúan tamén prazas de aparcamento e unha parada de bus, compartindo así o espazo dispoñible co tránsito de vehículos.

Ao chegar ao PQ 4+680 (aprox. PQ 11+879 do Camiño), a Axencia Galega de Infraestruturas executou no ano 2021 unha mellora de seguridade viaria consistente no acondicionamento dunha senda peonil de solo-cemento de 2,00 m de ancho, con separadores de caucho, pola marxe dereita ata o PQ 11+574, que continúa en dirección a Cee. Neste punto existe un carril central de espera para xiros, o que condiciona a configuración da plataforma.

A estrada nesta zona presenta unha calzada de 7,00 m de ancho, con dous carrís de circulación separados por liña branca continua. O aliñamento combina curvas encadeadas: unha primeira curva á esquerda de radio 130 m seguida dunha segunda á dereita de radio 180 m, nun tramo con pendente descendente progresiva entre o 1 % e o 4 %. A velocidade está limitada a 50 km/h na zona urbana, aumentando a 80 km/h na contorna da senda e reducindo de novo a 60 km/h ao final do tramo, coincidindo cun novo treito de curvas en S. A intensidade media diaria (IMD) é baixa, de 1.854 vehículos/día.

Neste treito non existe un cruzamento específico habilitado para o cambio de marxe, xa que as condicións da estrada non permiten a implantación dun paso de peóns regulamentario conforme á Instrución 1/2024 de pasos peonís da Xunta de Galicia. Por este motivo, o cambio de marxe queda actualmente ao criterio do peón, ao tratarse dun ámbito urbano consolidado no que non resulta viable delimitar un punto seguro e que cumpra os requisitos normativos de visibilidade, pendente e disposición da sección viaria.

O tramo conta con sinais de preaviso de cruzamento do Camiño coa vía, de advertencia de tramo común e de precaución por cruzamento, instalados conforme á Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 80.- Estado actual do tramo da Amarela á altura do PQ. 11+879.

Foto 81.- Contorna da estrada AC-445 con senda acondicionada pola marxe dereita.

Foto 82.- Fin do tramo en estudo, xa na aldea de Cantorna no concello de Cee (PQ. 11+574).

4.3.25. TRAMO 9_600 - AC-445 – PRAIA DE ESTORDE (CEE)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 11+311 e 10+210 da traza principal do Camiño Fisterra-Muxía (ramal a Fisterra), coincidindo coa estrada autonómica AC-445, da rede complementaria, entre os seus PP.QQ. 5+270 e 6+740, ao seu paso pola contorna da praia de Estorde, no concello de Cee.

Trátase dun treito de aproximadamente 1,1 km de lonxitude, no que o tránsito de peregrinos discorre pola marxe dereita da estrada, sen necesidade de cruzamentos ata o final do tramo. O itinerario desenvólvese sobre unha senda de solo-cemento, executada nas actuacións de mellora da seguridade viaria realizadas pola AXI no ano 2021. A senda presenta un ancho variable próximo aos 2,00 m, adaptado á plataforma existente, e delimítase da calzada mediante separadores de caucho, completándose cunha cuneta triangular de formigón no bordo exterior.

A senda remata antes do aparcadoiro situado fronte ao cámping, polo que no treito final o tránsito peonil vese condicionado pola presenza de vehículos estacionados. No acondicionamento da parada de autobús próxima ao cámping, executado en maio de 2024 dentro do "*Plan de mellora da seguridade e accesibilidade de paradas de autobús en varias comarcas (Santiago, Fisterra, Terra de Soneira e Xallas)",* implantouse unha beirarrúa tipo senda conforme ás características establecidas na Instrución 3/2021, ata o límite dos concellos de Cee e Fisterra.

A calzada da AC-445 presenta firme asfáltico en bo estado, e un ancho variable entre 7 e 10 metros, no que se inclúe: un carril para vehículos lentos na marxe esquerda entre os PP.QQ. 5+270 e 5+440; carrís centrais de espera entre os PP.QQ. 5+440 a 5+700 e 5+840 a 6+090 e paradas de autobús nas inmediacións dos PP.QQ. 5+400 e 6+250.

As beiravías tamén son de ancho variable entre 0,50 e 3,20 m na marxe esquerda e entre 0,80 e 3,00 m na dereita. Na contorna do cámping aparecen dúas bandas de aparcadoiro en batería cunha profundidade de 4,50 m.

O trazado é sinuoso ao longo da fachada litoral. Iníciase cunha curva á dereita de radio 180 m e pendente do 4 %, seguida dunha curva á esquerda de radio 160 m e un treito recto ata aproximadamente o PQ 5+700. A continuación enlázanse unha curva á dereita de radio 60 m, coincidindo coa entrada a poboado, e outra á esquerda de radio 80 m, reducindo a pendente ao 2,5 %. Na zona de accesos á praia e da intersección coa estrada Fisterra–Guimareu, o trazado discorre por un treito recto cunha pendente ascendente que chega ao 7 % no final do tramo.

A velocidade está limitada a 70 km/h en todo o treito, debido á presenza de accesos, establecementos e interseccióńns. A IMD é coincidente coa do tramo precedente, con 1.854 vehículos/día.

O treito conta con sinalización específica de advertencia de intersección co Camiño e de tramo común, instalada conforme ao establecido na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 83.- Inicio do tramo no PQ. 11+311.

Foto 84.- Sección da AC-445 co carril esquerdo para vehículos lentos e senda acondicionada na marxe dereita.

Foto 85.- Senda existente na contorna da intersección da estrada de Fisterra a Guimareu.

Fotos 86 e 87.- Itinerario actual do Camiño de Fisterra e Muxía á altura do PQ. 10+609.

Foto 88.- Zona de aparcadoiro situada fronte ao cámping.

Foto 89.- Beirarrúa recentemente executada na contorna da parada de autobús no fin do tramo.

4.3.26. TRAMO 9_599 – AC-445 – PRAIA DE TALÓN (FISTERRA)

Este tramo localízase entre os PP.QQ. 6+960 e 6+638 da traza principal do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo de novo coa estrada autonómica AC-445 entre os seus PP.QQ. 9+460 e 9+800, no treito comprendido entre os accesos ás praias do Talón e da Boleira, no concello de Fisterra.

Trátase dun treito de aproximadamente 320 m de lonxitude no que o Camiño discorre pola marxe esquerda da estrada mediante unha senda de saburra estabilizada cun ancho próximo a 2,00 m. A senda discorre paralela á calzada e está separada desta mediante barreira de seguridade, polo que non é necesario realizar cruzamentos neste punto. Na marxe exterior existen fortes desniveis, especialmente na contorna do PQ 6+960. Esta senda foi executada no marco das actuacións de mellora da seguridade viaria desenvolvidas pola AXI en 2021 no Camiño de Fisterra e Muxía.

A estrada presenta firme asfáltico en bo estado, con dous carrís de circulación de 3,50 m de ancho e beiravías de aproximadamente 1,10 m. O treito sitúase nunha curva á dereita cun radio aproximado de 220 m e pendente máxima do 1,6 %, cun forte desnivel na marxe esquerda protexido mediante barreira metálica. A velocidade está limitada a 60 km/h debido á existencia dunha sucesión de curvas en S de radios reducidos. Neste tramo a IMD é maior que nos anteriores, de 4.366 vehículos diarios.

O tramo conta con sinalización específica de advertencia de intersección co Camiño e de cruzamento, ao existir un cruzamento no PQ 7+263, instalada conforme ao establecido na Nota de Servizo 1/2008.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 90.- Sinal de tramo común co Camiño de Santiago no inicio do treito (PQ. 6+960).

Foto 91.- Final do tramo no PQ 6+638, coa senda en bo estado de conservación.

4.3.27. TRAMO 9_612 – AC-440 – MORAIME (MUXÍA)

O tramo localízase entre os PP.QQ. 4+797 e 4+657 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, na variante con destino a Muxía, coincidindo coa estrada autonómica AC-440, da rede local, que comunica Berdoias con Muxía, á altura do seu PQ 11+650, ao seu paso polo núcleo de Moraime, no concello de Muxía.

Trátase dun treito de aproximadamente 40 m de lonxitude no que o Camiño discorre pola marxe dereita da estrada, mediante unha senda executada en formigón coloreado en cor terrizo, cun ancho aproximado de 2,00 m. A senda discorre paralela á calzada, delimitada interiormente por unha barreira de seguridade e exteriormente por unha varanda metálica, que garante a protección fronte ao pronunciado desnivel existente na marxe dereita. Esta senda foi executada nas obras de mellora da seguridade viaria promovidas pola AXI no ano 2021.

A continuidade do itinerario require o cruzamento da estrada no PQ 4+657, desde onde o Camiño inicia o ascenso cara ao núcleo de Moraime.

A estrada presenta firme asfáltico en bo estado, con dous carrís de circulación de 3,50 m de ancho, beiravía esquerda de 1,60 m e dereita de 1,30 m. O treito está inscrito nunha curva á esquerda de radio aproximado de 210 m e cunha pendente máxima do 9,3 %, sendo a velocidade recomendada de 60 km/h. A intensidade media diaria (IMD) acada os 2.264 vehículos/día.

Ademais dos sinais de preaviso de cruzamento do Camiño, de advertencia de tramo común e de precaución por cruzamento, instalados conforme á Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, dispóñense tamén bandas transversais de alerta (BTA), destinadas a advertir aos condutores da presenza do itinerario xacobeo e favorecer a redución da velocidade no punto de cruzamento.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 92.- Senda existente na marxe dereita da AC-440 en Moraime (PQ. 4+797).

4.3.28. TRAMO 9_597 – DP-5201– PRAIA DE LOURIDO (MUXÍA)

Este tramo localízase na variante do Camiño Fisterra-Muxía cara a Muxía, que non dispón de puntos quilométricos sinalizados no propio itinerario. Correspóndese co treito da estrada provincial DP-5201, de Muxía a Touriñán pola costa, aproximadamente entre os seus PP.QQ. 2+500 —na contorna da nova glorieta de acceso ao Parador Costa da Morte e de enlace á estrada de Vilariño— e 1+500, xa no núcleo urbano de Muxía, ao seu paso pola contorna da praia de Lourido e punta Langosteira, no concello de Muxía.

Trátase dun treito duns 1.000 metros de lonxitude aproximada, no que o Camiño discorre pola marxe esquerda da estrada, no sentido de entrada a Muxía, mediante unha beiravía pavimentada en aglomerado, cun ancho variable, xeralmente próximo aos 2,00 m.

Nos primeiros 100 m tras a glorieta, en sentido Muxía, dispóñese unha cuneta transitable pola marxe dereita e unha beiravía ampla pavimentada en aglomerado separada da calzada por liña branca continua na marxe esquerda. A continuación, a senda queda reducida a beiravía ata a subida á praia de Lourido.

A partir dese punto, a beiravía amplíase a 2,00 m, delimitándose mediante dobre liña branca separada 0,50 m e reflectores tipo ollo de gato, ata chegar ao entorno do campo de fútbol. Nese punto, o tránsito de peregrinos pasa á marxe esquerda, mediante un cruzamento sinalizado con paso de peóns, para continuar pola beirarrúa existente, de baldosa hidráulica tipo de 36 pastillas, con bordo prefabricado.

En diversos puntos, o bordo exterior da senda limita con desniveis, existindo noiros descendentes de distinta altura, protexidos mediante barreira de seguridade tipo bionda.

As obras de mellora da estrada e o traslado da senda peonil ao bordo litoral foron executadas no ano 2023, promovidas pola Deputación da Coruña, titular da vía.

A estrada provincial DP-5201 presenta unha calzada de 6,00 m de ancho, con dous carrís de circulación de 3,00 m separados por liña branca central. As beiravías, tamén pavimentadas e delimitadas con pintura, teñen anchos variables entre 0,50 e 1,50 m no marxe esquerdo e ata 2 metros no dereito, dependendo da proximidade ao dominio marítimo-terrestre ou aos accesos existentes. O trazado combina treitos rectos con curvas suaves, acompañando a liña litoral, cunha pendente suave xeralmente descendente en sentido Muxía.

O tráfico, aínda que moderado, increméntase notablemente en época estival pola presenza de bañistas e polo acceso ao Parador. A velocidade máxima permitida é de 50 km/h ao tratarse dun tramo con accesos, vivendas dispersas e elevada presenza de peóns.

Non existe sinalización específica que identifique o Camiño nin a convivencia con peregrinos, en incumprimento do indicado na Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A continuación inclúese reportaxe fotográfica ilustrativa do tramo analizado.

Foto 93.- Inicio do tramo na glorieta de acceso ao Parador, con cuneta transitable na marxe esquerda.

Foto 94.- Contorna da praia de Lourido co desenvolvemento da beiravía en aglomerado e limitación da velocidade.

Foto 95.- Beiravía acondicionada pola marxe dereita do treito litoral previo a Muxía.

Foto 96.- Paso de peóns situado na contorna do campo de fútbol, inicio da beirarrúa.

5. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS E XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA

5.1. CRITERIOS XERAIS DE INTERVENCIÓN

As actuacións propostas responden á necesidade de mellorar a seguridade viaria, garantir a continuidade do tránsito peonil e asegurar a integración paisaxística nos tramos do Camiño Fisterra-Muxía que discorren por estradas autonómicas, provinciais e municipais. A definición das solucións adoptadas responden aos seguintes criterios:

• Garantir a continuidade e accesibilidade do itinerario peonil, mediante sendas cun ancho suficiente e firmes adecuados ao contorno.

• Adecuar os de cruzamentos á Nota de Servizo 1/2008 e, cando proceda, á Instrución 1/2024 de pasos peonís.

• Corrixir treitos con falta de visibilidade, estreitamentos ou zonas con risco de atropelo.

• Empregar materiais coherentes cos proxectos precedentes da Axencia Turismo de Galicia: solo-cemento, saburra estabilizada, xabre-cemento e formigón desactivado.

• Minimizar afeccións ao dominio público e ao patrimonio cultural, especialmente en ámbitos protexidos.

• Adaptar a sinalización segundo a NS 1/2008 incorporando sinais de advertencia, tramo común, cruzamento e guía de itinerario.

• Mellorar o confort e a percepción de seguridade do peregrino mediante actuacións sinxelas, de baixa entidade e alta efectividade.

5.2. TIPOLOXÍAS DE ACTUACIÓN PREVISTAS

De acordo coa problemática detectada na diagnose previa dos tramos inventariados, proponse un conxunto de solucións tipo, coherentes con actuacións análogas executadas pola Axencia Turismo de Galicia no ámbito dos Camiños de Santiago.

As tipoloxías empregadas para a execución de novas sendas segregadas son:

- Firme en xabre-cemento ou formigón desactivado segundo o carácter rural ou urbano.
- Varandas de madeira en zonas con desniveis superiores a 45 cm.
- Variacións puntuais do trazado para eliminar cruzamentos perigosos.
- Lousados en cruzamentos de estradas locais e marxes de estradas autonómicas/provinciais, para reforzar a lectura do Camiño, mellorar a percepción de continuidade e advertir ao tráfico.
- Anchos de 1,80 m en zonas de accesibilidade limitada e 2,30 m cando a senda discorra afastada da estrada para permitir a conservación mecanizada.
- Manter e respectar árbores autóctonas cun diámetro superior a 20 cm.
- Pendentes lonxitudinais inferiores ao 6 %, admitíndose ata o 15 % en terreo accidentado.
- En zonas onde a senda discorra á mesma cota ca estrada, reservar unha franxa vexetal mínima de 50 cm (recomendable >1,00 m), salvo imposibilidade xustificada.

No que respecta á sinalización e balizamento:

- Instalación de nova sinalización vertical conforme á NS 1/2008.
- Balizas H-75 de cor verde en cruzamentos ou puntos de risco.

5.3. XUSTIFICACIÓN DAS SOLUCIÓNS ADOPTADAS

As actuacións definidas neste proxecto derivan directamente da diagnose recollida no apartado 4, na que se identificaron déficits de seguridade viaria, insuficiencias xeométricas, carencias de continuidade peonil e ausencia de sinalización específica regulada pola Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

A selección das solucións adoptadas baséase nos seguintes principios técnicos:

- Adecuación da infraestrutura existente ás condicións normativas vixentes en materia de itinerarios peonís, cruzamentos e senda segregada.
- Corrección de situacións de risco asociadas a interacción peón–vehículo, especialmente en treitos con beiravías estreitas, curvas de reducida visibilidade ou pendentes relevantes.
- Homoxeneización do tratamento construtivo das sendas, empregando materiais xa consolidados na rede do Camiño de Santiago (xabre-cemento, formigón desactivado, saburra estabilizada).

- Compatibilidade cos proxectos xa redactados ou executados pola Axencia Turismo de Galicia e pola Axencia Galega de Infraestruturas.
- Evitar solapamentos co proxecto *"Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)"*, limitándose neste documento ás actuacións estritamente complementarias.

A partir destes criterios, estrutúrase a proposta de intervención por tramos, atendendo ao nivel de adecuación existente, ao tipo de infraestrutura e ao grao de risco detectado.

A continuación detállanse as actuacións previstas para cada tramo inventariado:

5.3.1. TRAMOS RESOLTOS SEN NECESIDADE DE ACTUACIÓNS

Os tramos incluídos neste grupo presentan condicións xeométricas e funcionais axeitadas para o tránsito peonil en convivencia co tráfico rodado, ao dispoñer de beirarrúas ou sendas pavimentadas en bo estado, beiravías suficientes, velocidade limitada e sinalización conforme á NS 1/2008.

Non se considera necesaria a execución de actuacións no marco deste proxecto, agás tarefas de conservación ordinaria (reparacións puntuais, reposición de firme, limpeza ou mantemento de sinalización), que serán acometidas polo servizo de conservación ordinaria do Camiño de Santiago.

- **ID 9_601 Ventosa (Ames).** Tramo integrado no ámbito urbano da estrada autonómica AC-453, con beirarrúas consolidadas, condicións de accesibilidade adecuadas e sinalización do tramo segundo a normativa vixente. Considerase resolto polo que non se prevén actuacións.
- **ID 9_592 O Lombao - Aguaspesadas (Ames).** Tramo urbano da estrada autonómica AC-453 con beirarrúas continuas en ambas marxes e sinalización do tramo consonte a NS 1/2008. Sen déficits funcionais relevantes, non se prevén actuacións.
- **ID 9_732 Ponte Maceira** (**Ames).** Percorrido urbano consolidado, con sección suficiente para o tránsito peonil en convivencia co rodado nun treito antigo da DP-0201. Non se prevén actuacións.
- **ID 9_602 A Barca (Negreira).** Tramo de senda peonil en formigón desactivado en bo estado e sinalización consonte a normativa vixente, executada na beiravía da estrada autonómica AC-447 no marco das actuacións de mellora da seguridade viaria desenvolvidas pola AXI no ano 2021. Considerase que o tramo está resolto polo que non se prevén actuacións adicionais.
- **ID 9_612 Moraime (Muxía**). Tramo de senda peonil en formigón na beiravía da AC-440 con sinalización consonte a NS 1/2008, executada no marco das actuacións de mellora da seguridade viaria de 2021. Considerase que o tramo está resolto polo que non se propoñen actuacións adicionais.
- **ID 9_594 – As Maroñas (Mazaricos)**. Tramo de senda de saburra estabilizada na estrada autonómica AC-400, con sinalización segundo a NS 1/2008. A mellora da percepción dos cruzamentos dos PP.QQ. 48+150, 47+872 e 47+712 están incluídas no proxecto "*Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)".* Considerase que o tramo está resolto polo que non se propoñen actuacións adicionais.
- **ID 9_611 – Río Fragoso (Dumbría)**. Tramo na estrada autonómica AC-552 resolto cunha senda en formigón desactivado e a supresión dun cruzamento tras a variación de trazado executada nas actuacións da AXI de MSV no ano 2021. Unicamente cómpre a retirada de sinalización obsoleta do antigo cruzamento, tarefa a realizar polo servizo de conservación. O tramo considerase resolto polo que non se propoñen actuacións adicionais.
- **ID 9_599 – Praia de Talón (Fisterra**) Tramo da estrada autonómica AC-445 resolto no marco das actuacións de MSV da AXI (2021) mediante unha senda de saburra estabilizada no seu marxe esquerdo e sinalización conforme NS 1/2008. A mellora da percepción do cruzamento no PQ 6+960 está incluído no proxecto específico de *MSV de cruzamentos no Camiño Fisterra-Muxía*. No que respecta ao presente proxecto, considerase que o tramo está resolto polo que non se propoñen actuacións adicionais.

5.3.2. TRAMOS CON NECESIDADES DE SINALIZACIÓN

Inclúense neste grupo os tramos nos que a infraestrutura existente é funcional para o tránsito peonil —ben mediante beirarrúas, sendas pavimentadas ou beiravías acondicionadas— pero presentan **carencias de sinalización regulamentaria segundo a NS 1/2008**.

As actuacións propostas consisten exclusivamente na mellora e completado da sinalización vertical (preaviso, tramo común, cruzamento, guía e confirmación) para garantir unha correcta advertencia aos condutores e unha continuidade perceptiva do itinerario para os peregrinos.

As intervencións de conservación menor (limpeza, roza, reparación puntual de firme) deberán executarse dentro do mantemento ordinario.

Estas intervencións non alteran a sección tipo existente nin implican ampliación de plataforma nin de dominio público. Trátase, polo tanto, de actuacións *non estruturais*, sen afeccións ao dominio público e orientadas unicamente á mellora da percepción e seguridade viaria.

- **ID 9_730 Quintáns (Santiago de Compostela)**. Tramo resolto con senda de formigón consolidada na estrada provincial DP-7802. No presente proxecto proponse exclusivamente a instalación da sinalización vertical segundo a NS 1/2008. A adecuación do cruzamento existente con pavimento diferenciado e balizas nas beiravías para mellorar a súa percepción queda reservada ao proxecto específico "*Mellora da seguridade viaria en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)".*
- **ID 9_734 Corpachón (Negreira)**. Treito urbano con beirarrúas na DP-5602 no que unicamente proponse a instalación de sinalización (preaviso, tramo común e confirmación) conforme a NS 1/2008.

- **ID 9_603 – Zas (Negreira)**. Tramo resolto con senda de saburra estabilizada na DP-5603, no que se propoñe exclusivamente completar a sinalización consonte a NS 1/2008. As reparacións puntuais de firme, roza e limpeza serán atendidas polo servizo de conservación ordinaria. A mellora da percepción dos cruzamentos está incluída no proxecto de *MSV en cruzamentos do CSFM.*
- **ID 9_604 – Portocamiño (Negreira)**. Tramo resolto con senda de saburra estabilizada na DP-5603. Proponse unicamente a implantación de sinalización segundo a NS 1/2008.As reparacións puntuais de firme, roza e limpeza serán a desenvolver polo servizo de conservación ordinaria.
- **ID 9_605 – Portocamiño – Vilaserío (Negreira)**. Tramo resolto con senda de saburra estabilizada na DP-5603. Proponse só sinalización do tramo segundo a NS 1/2008. O cruzamento no PQ 57+353 se resolve no proxecto de *MSV en cruzamentos do CSFM*. As reposicións puntuais de firme, roza e limpeza serán atendidas polo servizo de conservación ordinaria.
- **ID 9_606 – Vilaserío (Negreira)**. Tramo resolto con senda de saburra estabilizada na DP-5603. Proponse unicamente a sinalización vertical regulamentaria segundo a NS 1/2008. Os cruzamentos deste tramo están contemplados no proxecto de *"MSV en cruzamentos coas estradas autonómicas, municipais e da Deputación co Camiño de Santiago (Camiño Fisterra)"*. As reparacións de firme, roza e limpeza serán atendidas polo servizo de conservación ordinaria.
- **ID 9_593 – Santa Comba**. Tramo resolto cunha beiravía ampla en aglomerado na estrada provincial DP-5604. Só é necesario completar a sinalización vertical segundo a NS 1/2008. A mellora dos cruzamentos xa está contemplada no proxecto de *MSV de cruzamentos no Camiño Fisterra-Muxía*.
- **ID 9_609 – Travesía de Dumbría**. Treito urbano con beirarrúas na estrada provincial DP-3404. Proponse completar a sinalización vertical consonte á NS 1/2008 (preaviso, tramo común, cruzamentos e confirmación).
- **ID 9_735 – Estrada Corzón–Abeleiroas (Mazaricos)** Tramo resolto cunha senda de saburra na beiravía esquerda da estrada local de Corzón a Abeleiroas que actualmente presenta un estado de conservación moi deficiente. Neste caso non existen cruzamentos. Pola entidade das actuacións requiridas, xa que hai que renovar o firme nunha lonxitude de 1.300 metros, inclúese no presente proxecto. Proponse a execución dun novo pavimento de xabre-cemento, instalación de varandas de protección nos noiros laterais e sinalización vertical completa segundo a NS 1/2008.

5.3.3. TRAMOS CON EXECUCIÓN DE NOVAS SENDAS SEGREGADAS

Inclúense neste apartado aqueles tramos nos que, debido ás condicións xeométricas da vía, á intensidade de tráfico, á existencia de estreitamentos, á falta de espazo seguro para o tránsito peonil ou á necesidade de garantir a continuidade perceptiva do Camiño, se considera imprescindible a execución dunha nova senda segregada, independente da calzada da estrada.

As actuacións previstas axústanse aos criterios técnicos definidos no punto 5.1 e ás tipoloxías construtivas incluídas no punto 5.2, garantindo:

- ✓ A continuidade e lectura perceptiva do itinerario.
- ✓ A mellora da seguridade viaria mediante separación física do tráfico.
- ✓ A aplicación da NS 1/2008.
- ✓ A integración paisaxística e o respecto ao patrimonio cultural.
- ✓ A redución das afeccións ao dominio público e ás propiedades lindeiras.

A continuación descríbese a solución adoptada nos tramos deste grupo:

5.3.3.1. Tramo 9_740 Moas de Abaixo (Santiago de Compostela)

Estas actuacións desenvólvense nun tramo de 315 metros sen senda segregada entre os PP.QQ. 86+877 a 86+562 da traza do Camiño Fisterra e Muxía sobre a estrada local a Rúas de Abaixo, titularidade do Concello de Santiago, ao seu paso polo lugar de Moas de Abaixo. Os peregrinos comparte a calzada estreita, con bastante transito local de vehículos e sen sinalización específica segundo a Nota Servicio 1/2008.

O tramo presenta unha configuración que impide a convivencia segura entre peóns e vehículos:

- A sección da estrada é reducida e carece de beirarrúas.
- Existen treitos con pendentes superiores ao 10 % que incrementan a velocidade de aproximación dos vehículos.
- A marxe dereita está ocupada pola canle de drenaxe do rego de Fontecova, polo que non é viable a implantación da senda nesa marxe.
- A senda actual é descontinua e non cumpre condicións mínimas de accesibilidade e confort.
- Non existe un itinerario perceptible nin sinalización suficiente que indique a continuidade do Camiño.

Por estes motivos considérase necesario definir unha senda peonil segregada en toda a lonxitude do tramo, situada na marxe esquerda.

A solución adoptada neste caso consistirá en:

No fronte urbano inicial (58 metros), onde existe un peche de bloque e malla metálica, execútase unha **beirarrúa en formigón desactivado** en cor natural, consistente con outras actuacións do Camiño en ámbitos urbanos. O ancho útil establécese en 1,80 m, con estreitamentos puntuais, garantindo o tránsito seguro en itinerario continuo.

Desde o PQ 86+795 ata o final do tramo, proponse a implantación dunha **unha senda segregada en xabre-cemento**, con ancho mínimo de 1,80 m, solución habitual en contornos rurais e periurbanos promovidos pola Axencia Turismo de Galicia, para minimizar a ocupación en parcelas privadas e evitar a

ampliación da estrutura existente sobre o rego, ampliable ata 2,30 m onde o espazo dispoñible o permita, garantindo a accesibilidade dos equipos de conservación da ATG e do Concello, garantindo accesibilidade para roza e limpeza.

A disposición da senda realizarase preferentemente ao pé do terraplén, minimizando ocupación de parcelas privadas. Tras o cruzamento sobre o canle do rego de Fontecova, e para evitar a ampliación da pontella existente, a senda trasládase á berma da estrada, mantendo separación mediante bordo tipo levada e/ou franxa vexetal.

As pendentes lonxitudinais mantéñense xeralmente por debaixo do 6 %, agás no treito inicial onde, por condicionantes existentes, se acadan valores próximos ao 12 %, valor admisible ao tratarse dun contorno rural e natural, sen condicións estritas de accesibilidade universal.

No que respecta a sinalización asociada, prevese a instalación de sinais segundo a NS 1/2008: preaviso, tramo común, confirmación e frechas de guiado, panelización específica en cruzamentos e intersección menores así como a sinalización temporal durante as obras para garantir o tránsito seguro de peregrinos.

No que respecta á integración ambiental e paisaxística:

- ✓ A solución evita afeccións ao rego de Fontecova.
- ✓ Minimízase o volume de escavación e aterro.
- ✓ Mantéñense os exemplares arbóreos existentes de máis de 20 cm de tronco, adaptando o trazado puntualmente.
- ✓ O acabado en xabre-cemento permite unha mellor integración cromática e permeabilidade respecto do contorno.

A definición gráfica da solución pode atoparse no Documento nº 2 Planos.

5.3.3.2. Tramo 9_733 A Barquiña (Negreira)

Esta actuación localízase no tramo común coa estrada municipal de Negreira á Barca, ao seu paso polo núcleo de Chancela, entre os PP.QQ. 71+283 e 70+329 da traza do Camiño Fisterra–Muxía. A solución actual non garante condicións adecuadas de seguridade nin de comodidade, de modo que parte dos peregrinos continúan a transitar pola calzada en lugar de empregar as solucións existentes. Ademais, o itinerario non dispón dun cruzamento definido nun punto de visibilidade axeitada.

Por este motivo proponse a execución dunha senda segregada en xabre-cemento fóra da plataforma, ao pé ou á cabeza de noiro segundo o treito.

Nos primeiros 150 metros, desde o cruzamento da estrada AC-447 no PQ. 71+283, a nova senda discorre ao pé do terraplén pola marxe esquerda da vía, cun ancho de 1,80 m para minimizar afeccións a parcelas privadas, clasificadas como solo urbano de núcleo rural sen edificar. A marxe dereita non é viable por existir edificacións e muros de contención en formigón. A pendente máxima que se alcanza nesta zona é do 8,8 % na baixada inicial desde a calzada a posición inferior da senda, ao pé do terraplén existente.

Ao final deste treito existe unha ODT correspondente á canalización dun rego afluente do Tambre, deberá ser ampliada para garantir a súa continuidade hidráulica.

O cambio de marxe situarase nun punto con boa visibilidade na zona de trazado en recta. Neste punto proponse a execución dun lousado que permita identificar e diferenciar o paso peonil.

A continuación, pola marxe dereita, proxéctase unha beirarrúa en formigón desactivado cor terriza, con bordo estético prefabricado e franxa vexetal de 50 cm, todo conforme á Instrución 3/2021 para sendas. O ancho resultante da beirarrúa adaptarase ás condicións das fachadas e dos peches existentes, finalizando antes da curva..

No derradeiro treito desta actuación, tras sortear o peche da parcela de Irmáns Mallon, recupérase a tipoloxía de senda segregada de xabre-cemento, con ancho de 2,30 m, adentrándose nunha zona boscosa situada na marxe dereita da estrada local.

Neste tramo da senda poderán ser necesarios estreitamentos puntuais e un trazado máis sinuoso para respectar árbores autóctonas de diámetro maior de 20 cm, bordear os noiros residuais e cabalóns existentes así como minimizar os movementos de terras e a excesiva modificación do terreo natural.

Descártase completamente continuar cunha solución pola marxe esquerda debido ás afeccións que produciría na parcela vinculada ao Pazo de Albariña.

A pendente máxima neste treito acada o 9,6 %, valor acorde cos condicionantes topográficos e co carácter rural do itinerario.

A actuación remata no cruzamento de acceso ao núcleo de Chancela, onde se prevé o lousado do punto de paso para garantir a continuidade perceptiva do Camiño.

A definición gráfica da solución inclúese no Documento nº 2 – Planos.

5.3.3.3. Tramo 9_595 Olveiroa (Dumbría)

Esta actuación localízase entre os PP.QQ. 37+723 e 35+954 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-3404, entre os seus PP.QQ. 20 e 22, ao seu paso polos núcleos de Mollón —derradeiro núcleo do concello de Mazaricos—, Ponte Olveira e Olveiroa, xa no concello de Dumbría.

En primeiro lugar cómpre indicar que se descarta calquera actuación na contorna da ponte de Olveira, ao tratarse dun Ben de Interese Cultural (BIC) con protección integral e estrutural, o que impide intervencións que poidan modificar o seu ámbito de protección ou a súa lectura paisaxística.

Do mesmo modo, descártase actuar sobre a marxe esquerda da DP-3404 no treito comprendido entre a saída da ponte e o PQ. 37+259, co obxectivo de evitar afeccións no ámbito do hórreo de Ponte Olveira, tamén protexido.

Por este motivo, a actuación proposta iníciase unha vez superada a ponte, mediante a execución dun treito de beirarrúa en formigón desactivado pola marxe dereita da DP-3404, cun ancho desexable de 1,80 m, admitindo estreitamentos puntuais para adaptarse ao fronte edificado das vivendas existentes.

Unha vez afastados da contorna de protección do hórreo, a beirarrúa cruza á marxe esquerda antes da curva, definindo un itinerario perceptible e seguro.

A partir do PQ 37+259 iníciase unha **senda en xabre-cemento**, que procura seguir o pé do terraplén da estrada provincial, minimizando afeccións á produtividade das fincas atravesadas. Por este motivo, establécese un **ancho de 2,00 m** —lixeiramente inferior ao empregado noutros tramos— co obxectivo de reducir ocupación e facilitar a integración agrícola. Esta menor ocupación faise posible grazas a que ao longo de todo o treito existe accesibilidade suficiente desde a estrada para os medios de conservación, sen necesidade de ampliar a sección da senda.

O trazado da senda mantense paralelo á estrada, separado uns metros do deslinde, agás na zona de vivendas entre os PP.QQ. 36+437 e o inicio do núcleo, onde se axusta levemente ao límite da propiedade para evitar afeccións ás parcelas edificadas.

En xeral, trátase dunha zona de pendentes moi suaves, inferiores ao 4 %, agás no inicio da actuación, onde a beirarrúa alcanza pendentes próximas ao 8 % por adaptación ás rasantes existentes da estrada provincial.

A solución formulada responde a un equilibrio entre seguridade, funcionalidade e minimizar afeccións. A elección do xabre-cemento permite unha boa integración paisaxística, facilita a permeabilidade superficial, reduce a escorras e resulta compatible coa tipoloxía xa empregada pola Axencia Turismo de Galicia noutros treitos rurais. O ancho de 2,00 m garante un itinerario seguro e continuo para os peregrinos, ao tempo que evita unha ocupación excesiva sobre parcelas en actividade agraria, preservando o seu uso e reducindo as necesidades de expropiación. Ademais, a disposición da senda ao pé do terraplén asegura unha separación efectiva respecto do tráfico rodado, evitando interaccións innecesarias coa calzada e mantendo unhas condicións de pendente moi suaves (≤ 4 %), adecuadas para o tránsito continuo e seguro.

A definición gráfica da solución inclúese no Documento nº 2 – Planos.

5.3.3.4. Tramo 9_607 Hospital (Dumbría)

As actuacións deste tramo localízanse entre os PP.QQ. 30+616 e 30+228 da traza do Camiño Fisterra-Muxía, coincidindo aproximadamente co PQ 27 da estrada provincial DP-3404, ao seu paso polo núcleo de Hospital, no concello de Dumbría.

Trátase dun treito de aproximadamente 400 metros, no que se define a execución dunha **senda segregada en xabre-cemento de 2,30 m de ancho**, implantada na marxe dereita da estrada provincial. A senda disporase **cunha separación mínima de 1,00 m respecto do bordo da beiravía asfaltada**, garantindo unha separación física perceptible entre o tránsito peonil e o tráfico rodado.

Os **valados de pedra** existentes na marxe dereita que resulten afectados pola implantación da senda pasarán a titularidade da Axencia Turismo de Galicia, o que permitirá o seu mantemento, consolidación e posta en valor como elementos patrimoniais característicos do lugar.

O tramo dá comezo no cruzamento do PQ 30+616, que se mellorará mediante o lousado dos primeiros 5 metros de senda, reforzando a lectura perceptiva do punto de cruzamento e a instalación de balizas flexibles tipo H-75 en cor verde, para reforzo da visibilidade e protección dos peóns.

De forma análoga, no extremo final da actuación (PQ 30+228), prevese tamén un treito final lousado, que mellora a continuidade e a percepción direccional do itinerario.

A pendente máxima da actuación sitúase en valores inferiores ao 6,8 %, compatibles cos criterios xerais de accesibilidade e co carácter rural da zona, sen precisar modificacións relevantes da rasante existente.

A xustificación da solución vén dada pola necesidade de mellorar as condicións de seguridade nun tramo onde os peregrinos circulan actualmente pola beiravía asfaltada dunha estrada con tráfico apreciable e visibilidade limitada. A implantación dunha senda segregada en xabre-cemento, separada da calzada, garante un itinerario continuo, seguro e plenamente perceptible, reducindo significativamente o risco de interacción directa cos vehículos.

A elección de **xabre-cemento** facilita a integración paisaxística nun contorno rural consolidado, mantendo a coherencia coas actuacións promovidas pola ATG noutros treitos do Camiño. A conservación e posta en valor dos **valados de pedra** contribúe á protección do patrimonio tradicional asociado ao Camiño. O lousado dos extremos reforza a lectura dos puntos de cruzamento e mellora a continuidade perceptiva do itinerario.

.A definición gráfica da actuación inclúese no Documento nº 2 – Planos.

5.3.3.5. Tramo 9_598 Rego das Moas – Rego Valsagueiro (Dumbría)

Esta actuación pode considerarse unha **prolongación funcional da anterior** dado que se inicia no PQ 29+958 do trazado principal do Camiño Fisterra-Muxía, inmediatamente despois de que o itinerario aproveite un tramo antigo da estrada provincial no que finalizaba a senda anterior.

A nova senda desenvólvese paralela á estrada DP-3404, entre os seus PP.QQ. 27,5 e 29, ao seu paso entre os núcleos de Hospital e A Grixa, no concello de Dumbría. Neste treito prodúcese a bifurcación das variantes, de maneira que a intervención continúa desde o PQ 29+693 polos PP.QQ. 26+589 a 25+463 da variante cara a Muxía,

Trátase dun treito de aproximadamente 1,4 km de lonxitude no que, do mesmo modo que no tramo anterior, se executa pola marxe dereita unha **senda segregada en xabre-cemento de 2,30 m de ancho**, dimensión axeitada para permitir as tarefas de conservación e mantemento da ATG. A senda disporase cunha **separación mínima de 1,00 m** respecto do bordo exterior da beiravía asfaltada, garantindo unha distancia perceptible entre tránsito peonil e tráfico rodado.

Porén, debido á presenza de dúas parcelas edificadas no tramo inicial, entre os PP.QQ. 0+110 e 0+180 da variante, a senda aproveita a beiravía xa acondicionada para evitar afeccións sobre edificacións e peches existentes. Neste punto, faise necesario implantar o cruzamento que permite dar continuidade ao ramal principal cara a Fisterra.

O trazado da senda discorre paralelo ao da estrada provincial, adaptándose á morfoloxía do terreo. As pendentes mantéñense en valores moderados, aínda que se alcanzan rasantes do 12 % en dúas depresións locais asociadas á traversía dos regos das Moas e Valsagueiro. No resto do tramo, as pendentes non superan valores do **8–9 %**, compatibles co carácter rural e coa necesidade de minimizar movementos de terra.

A solución proposta garante continuidade, seguridade e lectura perceptiva do itinerario nun treito no que os peregrinos circulan actualmente pola beiravía ou pola calzada dunha estrada con velocidade elevada e visibilidade non sempre favorable. A senda segregada, combinada coa utilización puntual da beiravía existente para evitar afeccións, configúrase como a opción máis equilibrada en termos de seguridade viaria, integración territorial e eficiencia construtiva.

A definición gráfica detallada da actuación inclúese no Documento nº 2 – Planos.

5.3.3.6. Tramo 9_596 As Carizas (Dumbría)

Trátase dunha actuación de pequena lonxitude (220 m), localizada entre os PP.QQ. 24+298 e 24+081 da variante a Muxía do Camiño Fisterra–Muxía, no punto no que a traza regresa á marxe dereita da estrada provincial DP-3404, aproximadamente ao seu PQ 29,5.

Co obxectivo de garantir un itinerario seguro, continuo e perceptible, proponse a execución dunha **senda segregada en xabre-cemento** pola beira dereita, dado que a implantación na marxe esquerda obrigaría a trasladar o cruzamento a unha zona con visibilidade insuficiente, circunstancia que se descarta por criterios de seguridade viaria.

Neste sentido, mantense o cruzamento no PQ 24+081, punto que presenta as mellores condicións de visibilidade para continuar cara ao núcleo de As Carizas pola traza actual do Camiño. Este cruzamento reforzarase mediante lousado e a instalación de balizas flexibles H-75, mellorando a súa percepción e seguridade.

A nova senda deseñase cun **ancho de 2,30 m** e unha separación mínima de 1,00 m respecto ao bordo da explanación da estrada provincial, garantindo unha distancia perceptible e segura fronte ao tráfico rodado.

Ao longo do trazado existen valados tradicionais de pedra, polo que a senda se adapta á súa xeometría; os treitos afectados pasarán a titularidade da Axencia Turismo de Galicia, o que garante a súa correcta conservación e integración paisaxística como elementos identitarios do contorno rural.

Nos treitos inicial e final a senda atravesa zonas arboradas, polo que se prevén estreitamentos puntuais e pequenos axustes en planta para respectar os exemplares autóctonos con diámetro de tronco superior a 20 cm, evitando afeccións innecesarias á vexetación existente.

A rasante da senda acada **pendentes máximas próximas ao 11 %,** aínda que a pendente na rasante principal sitúase arredor do 4 %, valores compatibles coa topografía do terreo e co carácter rural da actuación.

A solución adoptada xustifícase pola necesidade de:

- ✓ mellorar a seguridade viaria afastando os peregrinos dunha beiravía estreita e exposta;
- ✓ manter a coherencia funcional e paisaxística coas tipoloxías empregadas nos tramos precedentes segregados da DP-3404;
- ✓ evitar actuacións na marxe esquerda, que implicarían maior impacto territorial, condicións desfavorables de seguridade e peor integración no contorno.

A definición gráfica detallada da actuación inclúese no Documento nº 2 – Planos.

5.3.3.7. Tramo 9_608 Fonte dos Ladróns (Dumbría)

Esta actuación localízase entre os PP.QQ. 29+837 e 29+117 do trazado principal do Camiño Fisterra–Muxía (ramal a Fisterra) e coincide coa estrada provincial DP-2302, na contorna do paraxe de Fonte dos Ladróns.

Actualmente o Camiño discorre pola marxe esquerda, bordeando as instalacións industriais de Ferroatlántica, e realiza un cruzamento no PQ 29+281 dotado de paso de peóns sinalizado. Porén, a implantación dunha senda segregada nesta mesma marxe implicaría afección directa a solo industrial e á futura planta de carbón vexetal actualmente en obras, polo que esta alternativa se descarta por razóns funcionais e de ocupación.

En consecuencia, proponse a execución dunha **nova senda segregada en xabre-cemento** pola marxe dereita, afastada un mínimo de 1,00 m do bordo exterior da explanación (cuneta). A anchura da senda establécese en **2,00 m**, suficiente para garantir un tránsito seguro e continuo, minimizando ao mesmo tempo a ocupación e evitando movementos de terras innecesarios nunha zona cun forte desnivel lateral nalgunhas zonas. Ademais, o acceso dos equipos de conservación resulta doado desde a propia estrada provincial.

Para garantir a continuidade perceptiva do itinerario, prevese un **novo cruzamento peonil no PQ 29+590**, reforzado mediante lousado e balizas flexibles H-75, mellorando a seguridade viaria e a lectura do

itinerario. O paso de peóns existente no PQ 29+281 mantense operativo ao tratarse dun punto con condicións de visibilidade axeitadas.

As pendentes do tramo son xeralmente suaves, mantendo valores inferiores ao 6 % na maior parte da actuación, compatibles cos criterios xerais de accesibilidade e coa morfoloxía rural da contorna. No extremo final acádase unha pendente próxima ao 6,8 %, perfectamente asumible.

A solución adoptada responde á necesidade de:

- ✓ garantir un itinerario seguro segregado do tráfico rodado;
- ✓ afastar o tránsito peonil dunha marxe con fortes condicionantes industriais e escasa marxe libre;
- ✓ manter coherencia coas tipoloxías empregadas nos tramos precedentes da DP-3404.

A definición gráfica detallada da actuación inclúese no Documento nº 2 – Planos.

5.3.3.8. Tramo 9_609 Rio Fragoso (Dumbría)

Esta actuación localízase entre os PP.QQ. 21+443 e 21+230 da traza do Camiño Fisterra–Muxía na variante cara a Muxía, coincidindo co tramo que discorre sobre a estrada AC-199, e conecta directamente coa modificación de trazado executada no ano 2021. Mantense o punto de cruzamento existente no PQ 21+230, que será reforzado mediante lousado e balizas flexibles H-75, co obxectivo de incrementar a seguridade viaria e mellorar a lectura perceptiva do itinerario.

O inicio da actuación sitúase no PQ 21+443, onde se prolongará a beirarrúa existente mediante un treito inicial lousado en lastro, que funciona como elemento de transición e sinalización do novo tramo segregado. A senda discorrerá pola zona boscosa situada na marxe esquerda da estrada, o que obriga a prever estreitamentos puntuais e pequenos axustes en planta co fin de respectar exemplares arbóreos autóctonos cun diámetro superior a 20 cm, evitando afeccións innecesarias e preservando o carácter natural do contorno.

A senda executarase en xabre-cemento, cun ancho de 2,30 m que garante un tránsito peonil seguro e permite a intervención dos medios de conservación. Implantarase ao pé do terraplén da estrada AC-199, mantendo unha separación mínima de 1,00 m respecto ao bordo da explanación, asegurando unha distancia perceptible e segura fronte ao tráfico rodado.

A rasante da senda presenta pendentes máximas próximas ao 11 %, condicionadas pola topografía existente, mentres que a pendente dominante sitúase arredor do 6 %, valores compatibles co carácter rural do treito e cos criterios de accesibilidade asumibles para itinerarios naturais asociados ao Camiño.

A solución proposta responde á necesidade de mellorar a seguridade viaria nun tramo onde os peregrinos circulan actualmente pola calzada da AC-199, en coexistencia directa co tráfico rodado. A senda segregada permite afastar o tránsito peonil, reforzar a continuidade perceptiva do Camiño e manter coherencia coas solucións adoptadas nos tramos precedentes da DP-3404.

A definición gráfica detallada da actuación inclúese no Documento nº 2 – Planos.

5.3.3.9. Tramo 9_600 A Amarela (Corcubión) - Os Cantiños (Cee)

Esta actuación desenvolvese entre os PP.QQ. 12+025 e 11+547 da traza principal do Camiño Fisterra–Muxía (ramal a Fisterra), coincidindo coa estrada autonómica AC-445 entre os seus PP.QQ. 4+500 e 4+910, desde o núcleo da Amarela (Corcubión) ata Estorde, xa no termo municipal de Cee..

O inicio da actuación sitúase na marxe esquerda da AC-445, inmediatamente despois da zona edificada da Amarela. Neste primeiro tramo, de aproximadamente 40 m, implántase unha senda segregada en xabre-cemento de 1,80 m de ancho. Aínda que pola escasa lonxitude non é posible situala ao pé do terraplén, mantense unha separación suficiente respecto da plataforma asfaltada para garantir un tránsito peonil seguro.

O cruzamento cara á marxe dereita da estrada localízase no PQ 4+730 da AC-445. Este punto non pode sinalizarse como paso de peóns regulamentario por non cumprir os requisitos da *Instrución 1/2024 de pasos peonís da Xunta de Galicia*, polo que o reforzo se realiza mediante lousado na senda e balizas flexibles tipo H-75, co obxectivo de mellorar a percepción e a seguridade do itinerario. Este cruzamento substitúe o cruzamento informal que adoitan realizar os peregrinos na zona edificada da Amarela, onde a visibilidade é máis reducida.

A partir deste cruzamento, a senda continúa pola marxe dereita, incrementando tanto a separación respecto da plataforma viaria como o seu ancho ata **2,30 m**, o que garante a accesibilidade necesaria para as tarefas de conservación. O trazado discorre afastado da calzada, adaptándose á topografía existente e sorteando os postes, instalacións e demais elementos localizados no bordo da estrada.

A actuación finaliza no PQ 11+547, enlazando co trazado existente fóra da estrada na contorna de Estorde–Os Cantiños.

A rasante presenta pendentes máximas da orde do **12,75 %**, derivadas da necesidade de adaptarse á topografía natural sen executar grandes movementos de terras. Estes valores son compatibles co carácter rural do tramo e coas tipoloxías de sendeiro natural propio do Camiño de Santiago.

A solución adoptada responde á necesidade de mellorar substancialmente a seguridade viaria nun tramo onde os peregrinos circulan actualmente polas beiravías da AC-445, convivindo cun tráfico intenso e con seccións de visibilidade limitada. A execución dunha senda segregada permite afastar o tránsito peonil da calzada, garantir a continuidade perceptiva do Camiño e manter coherencia coas solucións implantadas nos tramos precedentes.

A definición gráfica detallada da actuación inclúese no Documento nº 2 – Planos.

5.3.3.10. Tramo 9_600 Praia de Estorde (Cee)

Esta actuación localízase entre os PP.QQ. 11+311 e 10+210 da traza principal do Camiño Fisterra–Muxía (ramal a Fisterra) e ten por obxecto evitar a maior lonxitude posible de percorrido en convivencia co tráfico rodado da estrada AC-445 na contorna da praia de Estorde (Cee).

A solución proposta desenvólvese integramente sobre terreos situados na marxe dereita da AC-445, sen necesidade de realizar cruzamentos, e estrutúrase en tres treitos consecutivos:

Primeiro treito (PP.QQ. 11+311 – 11+081)

Execútase unha **senda segregada de xabre-cemento de 2,30 m** de ancho, implantada sobre a cabeza do desmonte da estrada autonómica, mantendo unha separación mínima de 1,00 m respecto do bordo da explanación. Tanto no inicio como no final deste treito prevese un **lousado** que actúa como elemento de transición e reforza a percepción do novo itinerario segregado.

A pendente media sitúase arredor do 7 %, acadando máximos do 9,7 %, con algún punto puntual ao inicio próximo ao 18 %, condicionada pola topografía existente.

A partir do PQ 11+081, o Camiño retoma a senda executada pola AXI no ano 2021 sobre a beiravía da AC-445.

Segundo treito (PP.QQ. 10+958 – 10+707)

Neste tramo proporse un **trazado funcional** por motivos de seguridade viaria, imprescindible para evitar o treito máis perigoso da AC-445, caracterizado por unha sucesión de curvas moi pechadas e desmontes en rocha verticais que acadan alturas próximas aos 3 m. Estas condicións fan inviable a implantación dunha senda segura pola cabeza deste desmonte e impedirían garantir pendentes admisibles, ademais de afectar construcións existentes.

A nova **senda segregada en xabre-cemento de 2,00 m** de ancho —lixeiramente menor pola necesidade de reducir afeccións— seguindo un trazado de nova planta coherente coa estrutura viaria prevista polas NNSS de 1995 e dar prioridade á ocupación sobre parcelas de menor aproveitamento (longas e estreitas).

A senda arrinca desde unha pista asfaltada que parte á dereita da AC-445 no PQ 10+958 en dirección á aldea de Estorde e, tras uns 25 m, introdúcese nas fincas privadas cunha orientación norte. Aproximadamente aos 115 m xira cara ao oeste buscando a estrada de Guimareu, que se cruza uns 150 m máis adiante mediante **lousado**, minimizando as afeccións aos valados tradicionais de pedra que poidan aparecer.

Despois deste cruzamento, a senda vira ao sur para reincorporarse á beiravía da AC-445 á altura do PQ 10+707, evitando as edificacións existentes no bordo da estrada.

A pendente máxima acada aproximadamente o 11 %, fundamentalmente na conexión coa pista de Guimareu, mentres que no resto da actuación a pendente dominante arredor do 7 %.

No treito no que o Camiño regresa á contorna inmediata da AC-445, cómpre executar dous treitos de beirarrúa en formigón desactivado, que conducen ata o cruzamento sobre a pista a Guimareu. Este cruzamento, afastado da intersección viaria para mellorar a visibilidade, executarase mediante lousado, garantindo unha continuidade perceptiva e reforzando a seguridade do itinerario.

Terceiro treito (PP.QQ. 10+609 a 10+210)

Este treito desenvólvese na zona fronte ao cámping e considérase necesario para evitar que os peregrinos teñan que sortear os vehículos estacionados na marxe da estrada.

Proxéctase unha **senda de 1,80 m en xabre-cemento** segregada sobre a banda de terreo existente entre o aparcadoiro e o cámping. A actuación finaliza no límite co Concello de Fisterra, conectando coa nova parada de autobús executada.

A pendente máxima neste treito é do **6,5 %**..

O trazado funcional proposto responde á necesidade de **eliminar a convivencia directa entre peregrinos e tráfico rodado** nun dos treitos máis comprometidos da AC-445, onde conflúen unha elevada intensidade de vehículos en época estival, curvas de radio reducido con visibilidade limitada, tramos con fortes desmontes en rocha e beiravías insuficientes ou inexistentes. Estas condicións fan imprescindible afastar o itinerario peonil da calzada, garantindo unha circulación segura e continua ao longo da contorna da praia de Estorde.

A execución dunha senda segregada ao longo dos tres treitos definidos permite configurar un percorrido independente, con pendentes compatibles coa topografía existente e sen requirir grandes movementos de terras. Ao mesmo tempo, mantense a coherencia paisaxística e funcional coas sendas xa executadas nos tramos precedentes, reforzándose a percepción e continuidade do Camiño mediante lousados e firmes diferenciados. Os anchos propostos responden ao criterio de minimizar afeccións ás parcelas privadas, especialmente nas zonas de maior ocupación ou fragmentación de propiedades.

Cómpre salientar que a presenza de accesos e edificacións ao longo da AC-445 imposibilita a implantación dunha senda continua nas proximidades da estrada. Por este motivo, estudáronse alternativas que permitisen enlazar de maneira segura coa senda existente executada pola AXI en 2021, aproveitando os puntos onde a dispoñibilidade de terreo e a visibilidade o facían viable e evitando, na medida do posible, afeccións a construcións. O resultado é unha solución equilibrada entre seguridade viaria, integración territorial e continuidade perceptiva do itinerario xacobeo.

A definición gráfica detallada da actuación inclúese no Documento nº 2 – Planos.

5.3.3.11. Tramo 9_597 Praia de Lourido (Muxía)

Neste tramo, correspondente á variante do Camiño cara a Muxía, identifícase un treito da DP-5201 entre a glorieta de acceso ao Parador Costa da Morte e o camiño de Embarrada no que existe un baleiro de

sendeiro seguro, obrigando ao peregrino a circular pola beiravía ou pola calzada nunha estrada litoral con tráfico estacional elevado derivado do acceso ao Parador Costa da Morte e á propia praia.

Co obxectivo de garantir continuidade e seguridade perceptiva, proponse o acondicionamento dos camiños de acceso á praia de Lourido e conexión de ambos mediante un treito de senda en xabre-cemento de 2,30 m de ancho, mellorando a súa funcionalidade para o tránsito peonil.

A pendente máxima é do 12%, devido a que hai que adaptarse á topografía dos camiños a conectar

Esta solución permite eliminar o tramo residual onde o peregrino quedaba exposto ao tráfico e resolve a continuidade do itinerario ata o acceso á praia polo camiño de Embarrada.

As actuacións propostas foron seleccionadas pola súa eficacia para garantir continuidade e seguridade, o seu baixo impacto ambiental e territorial, compatibilidade estética co contorno litoral e a súa coherencia coas actuacións executadas pola Deputación da Coruña en 2023.

A definición gráfica da actuación inclúese no Documento nº 2 – Planos.

6. CONCLUSIÓNS

As solucións propostas para os once tramos nos que se define a execución de novas sendas segregadas responden a unha análise detallada das condicións de seguridade viaria, da dispoñibilidade de espazo, da orografía existente e da necesidade de garantir a continuidade e perceptibilidade do Camiño Fisterra–Muxía en condicións adecuadas para o tránsito peonil.

En todos os treitos analizados constatouse a imposibilidade de manter unha convivencia segura entre peregrinos e tráfico rodado, xa fose pola ausencia de beiravías practicables, pola existencia de curvas con reducida visibilidade, polos estreitamentos da plataforma viaria, pola presenza de desmontes ou noiros pronunciados, ou pola existencia de edificacións e accesos que imposibilitan habilitar itinerarios seguros sobre a propia estrada. Estes condicionantes fixeron necesario definir itinerarios segregados, independentes da calzada, que garantisen a seguridade dos usuarios e a continuidade da traza xacobea.

No marco do Grupo de Laxe, distingueuse unha área occidental e outra oriental. A área occidental, de maior extensión, abrangue metasedimentos e ortoneises glandulares, granitoides diatexíticos autóctonos inhomogéneos e leucogranitos de dúas micas anatéxicos. Destacan zonas como o val de Vimianzo e Bustelo, onde os metasedimentos presentan esquistos micáceos con delgadas intercalacións anfibolíticas e evidencias de dúas fases de deformación sinmetamórfica. En profundidade, os materiais migmatíticos bandeados amosan foliacións ben marcadas, crenulacións poligonizadas e paragéneses típicas de alto grado que inclúen cuarzo, plagioclasa, biotita, sillimanita, cordierita e, nalgúns casos, granate, con segregacións de minerais félsicos e metatéxicos en leucosomas e melanosomas. A moscovita aparece como mineral tardimetamórfico, xeralmente sobre biotita ou feixos de sillimanita, acompañada de bordes simplectíticos e, en ocasións, como produto da moscovitización de feldespatos.

A área oriental caracterízase por metasedimentos grauváquicos e paraanfibolitas, con foliacións localmente plegadas e paragéneses similares pero con menor presenza de feldespato potásico e granate. As paraanfibolitas aparecen en pequenas bandas de neises anfibólicos con retrogradación incipiente, incluíndo clorita, zoisita e opacos.

Os depósitos cuaternarios están representados principalmente pola rasa litoral e por praias, solos máis ou menos evolucionados e depósitos aluviais. A súa matriz é predominantemente areno-arcillosa e pouco potente, derivada da erosión de macizos neísicos, graníticos e esquistosos, e a súa capacidade de infiltración e almacenamento de augas subterráneas está limitada pola súa superficialidade e espesor reducido.

En conxunto, o Grupo de Laxe reflicte unha historia complexa de metamorfismo progresivo, migmatización e deformación hercínica, cunha transición gradual entre diferentes tipos de rochas e unha ampla variabilidade estrutural que se manifesta tanto nas paragéneses mineralóxicas como nas foliacións e crenulacións observadas no campo.

2.4.3 PETROLOXÍA

O estudo petrográfico evidencia tres dominios distintos en evolución e litoloxía: o Complexo de Noia (“Fosa Blastomilonítica”), con rochas polimetamórficas, e os dous dominios limítrofes, probablemente monometamórficos, afectados só polo Ciclo Hercínico, correspondentes ao “Grupo de Laxe”.

Este apartado centrarase no Dominio migmatítico e de rochas graníticas (Grupo de Laxe), ao que corresponden as sendas analizadas neste punto.

A Área Occidental está formada por varios conxuntos litolóxicos: metasedimentos e ortoneises glandulares, fortemente migmatizados en profundidade; granitoides diatexíticos autóctonos, tanto homoxéneos como inhomoxéneos; leucogranitos de dúas micas, anatéxicos, alóctonos e variablemente

orientados; e granodioritas "precoces" (pre-F2). A profundidade metamórfica nesta zona aumenta cara ao oeste.

As zonas de senda estudadas están constituídas polo grupo de rochas denominado 'Granitoides de dúas micas. Tipo Dumbría ($_{2\text{-}3}\gamma^{2}_{mb}$)'. Estas trátanse de rochas claramente alóctonas, situadas entre as rochas de grao medio do val de Vimianzo. Presentan unha foliación por fluxo (F2) á que se superpoñen cataclases variables, nalgúns casos concentradas en bandas con certa recristalización milonítica. Son frecuentes os enclaves esquistosos de diferentes tamaños, así como módulos pegmatíticos con turmalina, concordantes coa foliación, e venas pegmatíticas discordantes. Localmente obsérvanse fenocristais de feldespato potásico, e xunto a San Xoán de Calo destacan afloramentos granudos de granodiorita anfibólica, que poderían representar macroenclaves ou intrusións posteriores.

Trátase de rochas leucocráticas, equigranulares e hipidiomorfas de grao groso, cunha paragénese típica de cuarzo, plaxioclasa, feldespato potásico, moscovita e biotita, con apatito, circón e, en ocasións, turmalina como accesorios. A plaxioclasa albítica, o anubarramento dos cristais de apatito e a abundancia de moscovita en grandes placas desorientadas con bordes simplectíticos tardíos distinguen estes granitoides de probable orixe metatéctica, diferenciándoos dos demais granitoides monometamórficos. A foliación reflicte un emplazamento sincinemático durante F2, mentres que a cataclase e a milonitización indican unha fase tardía de fractura con intensa alteración hidrotermal.

Os supostos enclaves ou intrusións básicas tardías de San Xoán de Calo son granodioritas anfibólicas granudas, hipidiomorfas e de grao fino-medio, con cuarzo, plaxioclasa, feldespato potásico, hornblenda verde e biotita, podendo incluír clinopiroxeno, e accesorios como opacos, apatito, circón e allanita. A plaxioclasa presenta zonado de andesina a oligoclasa nos bordos, e a hornblenda verde transfórmase parcialmente en clorita e esfena, conservando algúns núcleos relictos de clinopiroxeno. Os microenclaves son peralumínicos, formados por biotita, hercinita e cordierita pinnitizada. O significado xeolóxico destas rochas granudas non estruturadas permanece descoñecido.

Na Área Oriental identificáronse catro litoloxías principais: metasedimentos migmatíticos, paraanfibolitas, granitos de dúas micas e intrusións de ortoneises pre-F2. Dado que os tramos de senda analizados non se localizan nesta área, non se profundizará máis neste apartado.

2.4.4 TECTÓNICA

Na Folla de Camariñas distínguense tres conxuntos: o Complexo de Noia ("Fosa Blastomilonítica"), o Dominio migmatítico e granítico do "Grupo de Laxe" e a granodiorita de Traba. Os dous primeiros presentan estruturas hercínicas, mentres que o Complexo de Noia tamén foi afectado por un evento térmico antigo e a granodiorita só polas fases tardihercínicas.

O Grupo de Laxe será o descrito neste apartado por ser este o dominio ao que pertencen as sendas a analizar.

Os materiais deste Grupo ocupan case dúas terceiras partes da superficie da Folla e foron afectados por dúas fases de deformación hercínicas. Na primeira fase, os esquistos e neises glandulares desenvolven unha esquistosidade de fluxo, máis evidente nos neises que nos esquistos, onde queda menos patente pola intensidade da segunda fase, sen observarse megaestruturas asociadas. A segunda fase xerou unha esquistosidade de crenulación con recristalización, que en algúns puntos chega a obliterar a S1 nos metasedimentos. Nos granitos de dúas micas, especialmente no Tipo Dumbría, apréciase orientación asociada a esta fase.

Relacionadas coa segunda fase identifícanse tres estruturas principais ao oeste do Complexo de Noia ("Fosa Blastomilonítica"): a antiforma dos neises glandulares de Salgueiros, a antiforma dos neises glandulares do Alto da Cruz e a sinforma dos metasedimentos de Vimianzo. Ao leste do complexo parece existir outra antiforma, aínda que o seu trazado cartográfico non se puido definir. As estruturas principais presentan dirección aproximada N-S con planos axiais vergentes cara ao leste, situándose os neises glandulares na parte estruturalmente máis baixa, formando o núcleo en certas zonas como no enclave de Vimianzo.

Ademais, na Folla rexístranse varias fases hercínicas e fracturacións posteriores. Destaca unha falla N 50° E ao sur-leste do Complexo de Noia, con labio norte hundido. O resto da Folla presenta diaclasas tardías, especialmente na granodiorita tipo Traba, e localmente cicatrízanse por diques de cuarzo e pegmatitas.

A Fase 1 xerou esquistosidade de fluxo, máis visible nos ortoneises, con lineacións N-S lixeiramente inclinadas ao norte. A Fase 2 formou as principais macroestruturas, con plano axial subvertical ou vergente ao leste, dirección N-S, crenulación nos sedimentos e orientación planolinear nos granitos.

As fases tardías son locais e microscópicas, e a microtectónica evidencia milonitización nos neises e ortoneises do Complexo, asociada a cizalla intensa e efectos hidrotermais, especialmente no contacto oriental do Complexo de Noia.

2.4.5 HIDROXEOLOXÍA

Dende o punto de vista hidroxeolóxico, na Folla poden diferenciarse dous conxuntos de terreos: os depósitos recentes e os metasedimentos, granitos, granitoides e neises.

- **Depósitos recentes:** Trátase de sedimentos con boas características hidroxeolóxicas iniciais, pero de escasa potencia, o que limita o seu aproveitamento e aumenta o risco de contaminación nas zonas próximas a núcleos urbanos.
- **Metasedimentos, granitos, granitoides e neises:** Presentan permeabilidade primaria case nula e secundaria moi baixa, só algo mellorada en zonas de esquistosidade ou fracturas. O aproveitamento limítase a captacións en pequenas alteracións, con caudais escasos, polo que resulta máis relevante a utilización das augas superficiais que das subterráneas.


MAPA GEOLÓGICO DE ESPAÑA
Escala 1:50.000
Instituto Geológico y Minero de España
CAMARIÑAS
68
03-06
LEYENDA
CUAT.
HOLOCENO
PLEISTOCENO
DOMINIO MIGMATITICO Y DE LAS ROCAS GRANITICAS
GRUPO DE LAGE
PRECAMBRICO-SILURICO
ROCAS PLUTONICAS
ROCAS GRANITICAS TARDIHERCINICAS
ROCAS GRANITICAS HERCINICAS
ROCAS GRANITICAS PREHERCINICAS
COMPLEJO DE NOYA ("FOSA BLASTOMILONITICA")
PRECAMBRICO-CAMBRICO
ROCAS PLUTONICAS
ROCAS FILONIANAS
22 Llanuras aluviales y fondos de vaguada
21 Playas actuales
20 Indiferenciado
19 Playas antiguas y rasa litoral
18 Esquistos y paraneises con algunas intercalaciones de paraanfibolitas
17 Granodiorita biotítica. Tipo Traba
16a Zonas graníticas homogéneas
16 Granito de dos micas de grano medio a grueso. Tipo Dumbría
15a Abundantes restitos
15 Granitoide migmatítico con abundantes restitos
14 Granodiorita precoz con megacristales
13 Precursores básicos (cognate inclusions) de la granodiorita precoz de composición granodiorítica hasta dorítica
12a Gneis glandular con zonas graníticas homogéneas
12 Gneis glandular
11a Porfiroblastos de plagioclasa
11 Esquistos y paraneises con algunas paraanfibolitas intercaladas
10 Gneises félsicos con retroeclogitas intercaladas
9 Retroeclogitas hasta anfibolitas granatíferas predominantes sobre gneises félsicos
8 Ortogneis con anfíbol (hastingsita o riebeckita)
7 Anfibolita
6 Ortogneis biotítico
5 Ortogneis con biotita y cuarzos azulados (dentro de los gneises félsicos)
4 Cuarzo
3 Microgranito porfídico
2 Cuarzodiorita
1 Pegmatitas
SIMBOLOS CONVENCIONALES
Contacto indiferenciado
Contacto discordante
Contacto intrusivo
Anticlinal supuesto
Falla conocida
Falla supuesta
Cabalgamiento conocido
Cabalgamiento supuesto
Diaclasa
Diaclasa supuesta
Sinclinal de fase 2
Antiforma de 2ª Fase Hercínica sup.
Sinforma de 2ª Fase Hercínica sup.
Esquistosidad de fase 1 Hercínica vertical
Esquistosidad de fase 1 Hercínica
Esquistosidad de fase 2 Hercínica vertical
Esquistosidad de 2ª fase Hercínica (S2)
Plano de cizalla
Lineación de intersección horizontal
Eje de pliegue asociado a 2ª fase Hercínica
Mina inactiva
Cantera inactiva
Roca algo migmatizada
Roca muy migmatizada
Abundantes restitos
Traza de capa
Ámbito de senda en Rego Fragoso (Dumbría)
Área de Sistemas de Información Geocientífica
Escala 1:50.000
Proyección y Cuadrícula UTM. Elipsoide Internacional. Huso 29
NORMAS, DIRECCIÓN Y SUPERVISIÓN DEL I.G.M.E
AÑO DE REALIZACIÓN DE LA CARTOGRAFÍA GEOLÓGICA: 1979
Autores : J. Hernández Urroz (TRC, S.A.)
M. Iglesias Ponce de León (Universidad de Salamanca)
Dirección y supervisión : A. Huerga Rodríguez (IGME)

2.5 CORCUBIÓN E CEE

2.5.1 ENCADRE XEOLÓXICO

A este apartado pertencen os tramos de senda correspondentes aos concellos de Corcubión e Cee, situados na Folla 92, denominada 'Fisterra' do Mapa Topográfico Nacional.

Esta Folla sitúase no extremo oeste de Galicia, na provincia da Coruña. A pesar da súa pequena extensión, presenta unha morfoloxía variada, con áreas chairas, onduladas e abruptas (cota máxima 304 m), así como unha costa con acantilados e praias amplas. A rede hidrográfica é escasa e desenvolveuse a favor de fracturas e diaclasas tardihercínicas. Os materiais incluídos abarcan dende esquistos e paraneises pouco migmatizados ata diatexitas, xunto con rochas intrusivas como o granito de Fisterra, todos estreitamente relacionados co metamorfismo rexional. Segundo a división hercínica da Península de JULIVERT et al. (1972), a Folla encádrase na Zona Centro Ibérica, correspondente á Zona V "Galicia Occidental-NO de Portugal" de MATTE (1968).

2.5.2 ESTRATIGRAFÍA

A Folla de Fisterra encádrase totalmente no dominio migmatítico e das rochas graníticas, correspondendo ao Grupo de Laxe definido por Parga Pondal como unha asociación de rochas orientadas (granitos neísicos, glandulares e esquistosos) moi tectonizadas e parcialmente milonitizadas, que posteriormente sufriron un intenso proceso de migmatización e que flanquean por ambos lados ao "Complexo de Noia''. Debido ao metamorfismo e á intensa deformación, non se puido determinar a polaridade da serie, a idade exacta nin o seu medio de deposición, e a correlación con outras series semellantes é limitada pola ausencia de fósiles.

Os materiais presentes inclúen granitos de dúas micas máis ou menos homoxéneos e enclaves de metasedimentos con diferentes graos de metamorfismo, dende metasedimentos non migmatíticos ata granitos diatexíticos, pasando por neises migmatíticos e nebulitas. O paso entre estes tipos é gradual, polo que os contactos cartográficos teñen un carácter orientativo. Destacan os enclaves do Monte Seoane e do Monte Quenxe, mentres que outros son pequenos e non cartografiables á escala do estudo. Ao norte da Praia do Sardiñeiro, a presenza de numerosos enclaves dificulta distinguir entre neises moi migmatíticos e granitos nebulíticos.

Os metasedimentos non migmatíticos aparecen en pequenos enclaves de esquistos e paraneises, con foliación de fluxo e asociación mineral típica de cuarzo, biotita, moscovita, feldespato, granate, cordierita e sillimanita, con alteración hidrotermal evidente. Os neises migmatíticos forman os enclaves maiores, mostrando bandeados nos que predomina o compoñente escuro restítico sobre o leucosoma, con estructuras intensamente plegadas e presenza de anfíbols, moscovita tardía e granates relictos.

A idade destes materiais, pola súa deformación e metamorfismo, sitúase entre o Precámbrico e o Silúrico por correlación con series do noroeste da Península, sendo os neises glandulares probablemente Precámbricos e os metasedimentos superiores do Cámbrico ou Ordovícico Inferior.

No Cuaternario, os depósitos de maior relevancia son os recentes das praias, dunas e areas eólicas, especialmente na pequena barra que une a península de Fisterra co continente e nas praias de Langosteira e do Rostro. Os sedimentos presentan unha fracción lixeira de cuarzo, feldespato, micas e carbonatos procedentes de restos biolóxicos, cunha redondez moderada dos granos.

2.5.3 PETROLOXÍA

Neste apartado estudaranse os metasedimentos con metamorfismo máis intenso, nos que predomina o leucosoma sobre o paleosoma, así como os granitoides, tanto homoxéneos como inhomoxéneos. Tal como se sinalou no capítulo de estratigrafía, o tránsito entre as distintas rochas é gradual, polo que os contactos representados no mapa teñen carácter orientativo.

As migmatitas repartidas por toda a Folla son rochas heteroxéneas e pegmatíticas, frecuentemente con bandeado relicto de sillimanita que confírelles un aspecto nebulítico, e adoitan presentar foliación. A súa paragénese primaria inclúe cuarzo, feldespato potásico (microclina pertítica), plaxioclasa albítica, biotita ± sillimanita ± andalucita, con apatito, circón e minerais opacos como accesorios. A sillimanita aparece atrapada nos cristais de cuarzo, plaxioclasa e feldespato, mentres que a intensa recristalización tardía de moscovita impide determinar as relacións temporais. Os núcleos anubarrados dos apatitos e a combinación de plaxioclasa albítica con moscovita tardía permiten distinguir estas rochas autóctonas dos granitos diatexíticos subautóctonos.

A Folla corresponde a unha zona profunda da cadea hercínica na que se xeneralizaron os procesos de fusión anatéctica con mobilización parcial (migmatitas) e total (diatexitas) dos metasedimentos. A presenza de minerais relictos como a andalucita, así como a abondancia de sillimanita e, localmente, de cordierita, suxiren un metamorfismo de tipo intermedio a baixa presión. O momento álgido correspondería ao final da interfase, de xeito que as metatexias e os diatexíticos mobilizados desenvolverían unha orientación por fluxo. Simultaneamente introdúcense os granitos de Fisterra, de procedencia máis profunda, probablemente basicrustais.

2.5.4 TECTÓNICA

Dende o punto de vista estrutural poden diferenciarse dous conxuntos: o 'Dominio migmatítico e das rochas graníticas '(Grupo de Laxe), e 'Granito de Fisterra'.

O Dominio migmatítico foi deformado polas fases hercínicas, mentres que o granito de Fisterra só está afectado polas fases tardihercínicas, aínda que este último non se atopa presente nos tramos das sendas deste capítulo.

O dominio migmatítico e das rochas graníticas ocupa case a totalidade da superficie da Folla. Dentro dos metasedimentos, nos que se agruparon tanto os esquistos pouco migmatizados como os neises, obsérvanse case sempre de forma clara dúas fases de deformación e puntualmente unha terceira moi pouco penetrativa.

A primeira fase xera unha esquistosidade de fluxo, dificilmente observable nos niveis máis esquistosos, nos que queda obliterada pola segunda fase. Non se observaron megaestruturas asociadas a ningunha das dúas fases, só pregues a escala decimétrica debido á intensa migmatización, visibles unicamente en puntos moi concretos.

A segunda fase produce esquistosidade de crenulación e recristalización, sendo máis patente sobre todo nos niveis máis pelíticos. Os granitoides migmatíticos están en numerosos puntos afectados pola F2, aínda que non adquiren o aspecto esquistosado dos granitos doutras áreas próximas.

A estrutura xeral da Folla corresponde a unha zona na que os granitos de dúas micas ocupan case toda a superficie, con numerosos enclaves máis ou menos migmatizados sobre eles.

As fracturas importantes non se observaron na Folla debido á case uniformidade dos materiais aflorantes, sen que haxa desprazamentos significativos no mapa. Con todo, desenvolveuse posteriormente un sistema claro de diaclasas, especialmente na costa oeste, frecuentemente cicatrizadas por diques de cuarzo e pegmatitas.

2.5.5 HIDROXEOLOXÍA

Debido á reducida extensión e desenvolvemento dos depósitos cuaternarios, estes, a pesar de presentar boas características hidroxeolóxicas pola súa composición e morfoloxía, non constitúen reservas importantes de augas. Ademais, a súa proximidade á costa implica un risco de infiltración de augas salgadas.

Os metasedimentos e, sobre todo, os granitos de dúas micas presentan características contrarias, cunha permeabilidade primaria case nula que só aumenta nas discontinuidades tectónicas, como esquistosidades, fracturas e diaclasas.

MAPA GEOLÓGICO DE ESPAÑA
Escala 1:50.000

Instituto Geológico y Minero de España

FINISTERRE 92 / 02-07

LEYENDA

CUAT. HOLOCENO 9 8 7
PLEISTOCENO 6

9 Llanuras aluviales y fondos de vaguada
8 Playas actuales
7 Indiferenciado
6 Playas antiguas y rasa litoral
5 Esquistos y paragneises
4 Granito de megacristales tipo Finisterre
3 Granitoide migmatítico abundantes restitos (nebulítico) zonas graníticas homogéneas deformación
2 Microgranito porfídico
1 Pegmatitas

DOMINIO MIGMATITICO Y DE LAS ROCAS GRANITICAS. GRUPO DE L
PRECAMBRICO-SILURICO 1

ROCAS PLUTONICAS
ROCAS GRANITICAS TARDIHERCINIC 4
ROCAS GRANITICAS HERCINICAS 3
ROCAS FILONIANAS POSTECTONICA 2

SIMBOLOS CONVENCIONALES

Contacto discordante
Falla conocida
Diaclasa
Primera esquistosidad
Segunda esquistosidad
Cantera activa
Roca algo migmatizada
Abundantes restitos
Contacto intrusivo
Falla supuesta
Primera esquistosidad subvertical
Segunda esquistosidad subvertical
Esquistosidad asociada a fases tardías hercínicas
Cantera inactiva
Roca muy migmatizada



Área de Sistemas de Información Geocientífica

Escala 1:50.000

Proyección y Cuadrícula UTM. Elipsoide Internacional. Huso 29

NORMAS, DIRECCIÓN Y SUPERVISIÓN DEL I.G.M.E
AÑO DE REALIZACIÓN DE LA CARTOGRAFÍA GEOLOGICA: 1979

Autores : J. Hernández Urroz (TOR, S.A.)
F. Aldaya Valverde (Universidad de Salamanca)
Dirección y supervisión : A. Huerga Rodríguez (IGME)

2.6 MUXÍA

2.6.1 ENCADRE XEOLÓXICO

Este apartado refírese ás sendas situadas no concello de Muxía, e constitúe o último dentro do capítulo de Xeoloxía.

Estas sendas corresponden a Folla 67, denominada 'Muxía', e localízase no extremo máis occidental da Península Ibérica, ao oeste da provincia da Coruña, dentro da Zona Centro-Ibérica do Macizo Hespérico. Trátase dunha área fortemente marcada polo metamorfismo e a granitización hercínicas, cunha disposición en bandas de materiais metamórficos asociados a intrusións graníticas de carácter subautóctono a alóctono.

Nesta franxa, situada ao oeste do denominado "Complexo Antigo" ou Complexo de Noia, predominan as rochas migmatíticas e graníticas, acompañadas por outras metamórficas e intrusivas de carácter filoniano. A topografía é xeralmente suave e pouco accidentada, cunha liña de costa acantilada resultado da forte erosión mariña, alternando con pequenos vales que abren en zonas de costa baixa.

2.6.2 ESTRATIGRAFÍA

Agás algúns recubrimentos cuaternarios, o resto dos materiais foron afectados pola Orixe Hercínica e corresponden na súa maior parte a corpos intrusivos hercínicos, migmatitas e neises de alto grao con xenólitos esquistosos. Polo tanto, só se pode sinalar respecto á estratigrafía dos terreos antihercínicos e hercínicos que, debido á intensa deformación e ao metamorfismo existente, non se conservaron as características das rochas primitivas.

O Cuaternario na Folla está pouco representado, sen embargo este material está presente nalgunha zona pola que pasa un tramo dunha das senda. Neste destaca unha antiga rasa litoral a +2-8 m, con depósitos de bloques graníticos que en zonas expostas forman "campos de bolos" (Punta Lourido) e en áreas protexidas (Praia Merexo) constitúen unha pequena formación detrítica fosilizada. O resto son praias pouco desenvolvidas pola costa acantilada e a acción dos temporais, que dispersan as areas formando depósitos eólicos como en Lourido (+70 m), así como coluvións mal definidos de cantos en matriz areosa a arxilosa.

2.6.3 PETROLOXÍA

A continuación descríbense as características petrolóxicas dos distintos tipos de rochas presentes nos tramos de sendas estudados no apartado actual, concretamente as pertencentes ao grupo de rochas plutónicas e dentro deste, as rochas graníticas hercínicas.

- **Granito de dúas micas con megacristais (Muxía) ($_{2\text{-}3}\ \gamma^2_{mb}$):** O granito de Muxía, que aflora entre esta localidade e o Cabo da Buitra, é un granito porfídico con megacristais de feldespato potásico nunha matriz de gran medio a groso. Contén diques menores de cuarzo, aplitas e pegmatitas non representables en cartografía. Difire dos granitos de Ruña e Dumbría, o que suxire unha orixe distinta á da serie alcalina. Os contactos co granitoide migmatítico son xeralmente netos, aínda que ás veces difusos, con reorientación dos megacristais. Petrográficamente está composto por cuarzo, plaxioclasa, feldespato potásico, biotita e moscovita, con apatito, circón e opacos como accesorios. Segundo Ibarguchi (1979), trátase dun magma granodiorítico profundo con enriquecemento en sillimanita e moscovita. Non existen datacións radiométricas absolutas para a súa idade.
- **Granitoide migmatítico ($\gamma\ \psi^2$):** Esta é a rocha máis extensa da Folla, disposta de norte a sur. Presenta un forte carácter migmatítico, con paleosoma e neosoma diferenciados e restos de biotita ou biotita-sillimanita. A foliación está marcada pola orientación dos enclaves micacíticos, sen conservarse a primitiva. A recristalización borra a esquistosidade orixinal. Obsérvase un paso gradual dende fases heteroxéneas, con xenolitos, ata fases graníticas homogéneas de anatexia. Petrográficamente componse de cuarzo, feldespato potásico, plaxioclasa con bordes mirmequíticos, biotita, moscovita e sillimanita.

2.6.4 TECTÓNICA

A Folla de Muxía presenta unha tectónica polifásica de idade hercínica. Distínguense tres fases principais:

- **F1:** Esquistosidade de fluxo moi pouco visible, probablemente borrada por intrusións graníticas posteriores.
- **F2:** Máis clara, con micropregamentos en capas micacíticas e esquistosidade de crenulación subvertical definida por recristalización de biotita.
- **Fases posteriores:** Deformacións máis febles con pregamentos tipo *chevron* e *kink-bands*, asociadas a fallas tardihercínicas.

2.6.5 HIDROXEOLOXÍA

Na Folla 67 do Mapa Xeolóxico de España non se dispoñen datos específicos sobre hidroxeoloxía. Deste xeito, non é posible realizar unha descrición das características hidroxeolóxicas da área, limitándose este apartado á constancia da ausencia de información sobre esta cuestión.

MAPA GEOLÓGICO DE ESPAÑA
Escala 1:50.000

Instituto Geológico y Minero de España

MUXÍA 67 / 02-06



3. XEOTECNIA

Para a realización deste estudo xeotécnico básico consúltase a Folla 7 (1-2), Santiago de Compostela, do Mapa Xeotécnico de España a escala 1:200.000. Dito mapa contempla as zonas de actuación e axúntase ao final deste apartado.

3.1 CARACTERÍSTICAS XEOTÉCNICAS XERAIS

No presente apartado incorpórase unha ampla descrición, de carácter xenérico, relativa ás características xeomorfolóxicas, litolóxicas, hidroxeolóxicas e xeotécnicas que, a escala rexional, dominan o medio físico interesado por este traballo. Ademais, faise referencia aos aspectos xeotécnicos máis destacables presentados polos diferentes materiais que conforman as zonas de actuación.

As zonas de estudo encádranse no macizo galaico, formado por rochas graníticas, granitizadas e metamórficas, con intrusións illadas de rochas básicas, eruptivas e filonianas. Polo tanto, considérase unha unidade xeotécnica de primeiro orde: Rexión 1.

Para a división en unidades de segundo orde (Áreas) tivéronse en conta a xeomorfoloxía, o tipo de rochas, a súa resistencia á erosión e o seu comportamento ante movementos tectónicos. Distínguense tres formas de relevo principais:

-Formas chairas ou suavemente onduladas, sobre materiais soltos (areas, arxilas, limos e gravas) (Área I_1).

-Formas moderadas, sobre rochas como micacitas, serpentinas, anfibolitas e esquistos, facilmente erosionables (Área I_2).

-Formas acusadas, con superficies vigorosas e pouco erosionables, correspondentes a granitos, granodioritas, gabros, riolitas, pórfidos, pegmatitas e gneises (Área I_3).

Como no presente proxecto existen diferentes tramos de sendas que discorren por varios concellos, resulta necesario facer unha descrición diferenciada de cada área en cada apartado de estudo, sinalando aqueles concellos que por elas discorren:

- **Área I_1:** Transcorren por ela os tramos de senda do concello de Muxía. Esta área distribúese de forma illada, con maior presenza no leste e pequenos manchóns en vales e zonas costeiras. Está formada por depósitos pouco consolidados (arxilas, limos e areas) de ata 5 m, sobre relevo chan con pendentes locais que favorecen escorregamentos, especialmente no Dubra.
  As condicións hidrolóxicas varían: en zonas pequenas acumúlase auga por mala drenaxe, mentres que en áreas maiores pode haber acuíferos pouco profundos ligados a horizontes areosos. O primeiro nivel arxiloso é rico en materia orgánica (ata 5%), con capacidade de carga baixa a media e asentamentos irregulares.
  A superficie está sempre vexetada, cun uso maioritariamente agropecuario. O aproveitamento de materiais é limitado: areais do Ulla, gravas do Dubra e arxilas máis rendibles na zona norte (Carballo, Vimianzo).
- **Área I_2:** Dentro desta área inclúense os tramos de senda pertencentes aos concellos de Ames, Negreira, Santa Comba e Fisterra. A súa distribución concéntrase na metade oriental da Folla, con orientación principal N-S. Está formada por rochas metamórficas (micacitas, micaesquistos, esquistos, serpentinas, anfibolitas e aureolas de contacto), facilmente erosionables e disgregables en laxes, con espesores elevados.
  A topografía é moderada en conxunto, alternando zonas chans ou alomadas con outras abruptas e de fortes desniveis. Estas rochas presentan estratificación e boa cohesión, aínda que poden darse escorregamentos ao coincidir planos tectónicos con fortes pendentes. O contido en auga oscila entre o 1,5 e o 5%, sendo xeralmente semipermeables, con tendencia á impermeabilidade; o drenaxe superficial é favorable e os acuíferos son escasos, ligados a tectónica ou recheos.
  A área está sempre recuberta por manto vexetal, máis denso nas ladeiras do norte, e as súas rochas consolidadas teñen propiedades mecánicas entre favorables e aceptables, sen problemas graves agás escorregamentos potenciais. O aproveitamento industrial destes materiais é moi limitado.
- **Área I_3:** Por esta área discorren os tramos de senda dos concellos de Santiago, Mazaricos, Dumbría, Corcubión e Cee. A súa extensión cobre practicamente toda a Folla, predominando ao oeste e sueste. Está formada por rochas graníticas, granodioritas, gneises, gabros, riolitas, pórfidos e pegmatitas, de textura orientada ou granuda, alta compacidade, resistente á erosión e con grandes espesores.
  O relevo é moi acusado, con superficies redondeadas e vigorosas, case sen recubrimentos, rodeadas de pequenos taludes ou rochas illadas. Os problemas morfolóxicos están ligados ás fortes pendentes e á irregularidade do terreo. As rochas son en xeral pouco permeables, cun drenaxe superficial favorecido e sen asolagamentos, e os acuíferos só aparecen ligados a fracturacións tectónicas.
  As características mecánicas son elevadas (boa capacidade de carga, sen asentamentos significativos) e as rochas teñen aproveitamento industrial, principalmente como material de construción, explotándose segundo necesidades da obra pública e a industria.

3.2 CARACTERÍSTICAS XEOMORFOLÓXICAS

Neste apartado analízanse as principais características morfolóxicas do terreo e a súa influencia nas condicións construtivas, destacando aqueles problemas naturais ou inducidos pola acción humana.

As formas de relevo predominantes na zona de estudo inclúen depósitos soltos, rochas esquistosas, rochas básicas, gneises e granitos gneísicos, granitos non orientados e granodioritas.

- **Área I_1 (Senda de Muxía):** A área considérase case totalmente chan, con pendentes entre 0 e 3%. Fóra de zonas como Carballo, Vimianzo, Negreira e o río Sar, aparece en pequenos retallos nos fondos de vales. Obsérvanse escorregamentos activos, especialmente entre Portomouro e Rial, e existe tendencia a escorregamentos nas pendentes naturais por acción humana ou causas climáticas. En xeral, a estabilidade natural é aceptable, pero pode pasar a desfavorable en determinadas condicións.
- **Área I_2 (Senda de Negreira):** A área ten morfoloxía moi variada, dende case chan con pendentes inferiores ao 3 % ata abrupta con pendentes do 10–15%. Presenta marcada pizarrosidade e, de forma illada, zonas influenciadas por fracturas e fallas (SO de Carballo e O de Portomouro e Rial). Os principais fenómenos exóxenos están ligados a escorregamentos segundo as direccións de tectonización. En xeral, a estabilidade natural é aceptable, pero pode pasar a desfavorable se se combinan factores como pendentes, cargas e tectonización.
- **Área I_3 (Sendas de Santiago de Compostela, Mazaricos, Dumbría e Cee):** A área ten morfoloxía moi acusada, con pendentes entre o 15 e 30%. Presenta formas lisas, sen recubrimentos, con pequenas acumulacións de rochas soltas redondeadas e paralelipédicas. Está moi tectonizada, e en zonas como Argalo e Boa as fallas e as elevadas pendentes provocan escorregamentos continuos. Os problemas xeomorfolóxicos están ligados á irregularidade do terreo e ás fortes pendentes. En xeral, a estabilidade natural é favorable, salvo en áreas moi tectonizadas.

3.3 ASPECTOS LITOLÓXICOS

Neste apartado descríbense os distintos tipos de rochas que integran a zona estudiada, a clasificación fundamental no substrato e formacións superficiais, atende en realidade a unha primeira interpretación xeotécnica destas rochas, de modo que e primeiro grupo inclúe aquelas que aflorando ou con pequenos recubrimentos, dende o punto de vista xeolóxico, ten un marcado carácter pétreo, e o segundo as que con potencias considerables e extensión suficiente, constitúen solos dende o punto de vista xeotécnico.

- **Área I_1 (Senda de Muxía):** A área está formada por depósitos de litoloxía variada, predominando a fracción granular. Fóra de zonas como Padrón, Carballo, Vimianzo e Negreira, onde a capa superior é arxilo-limosa, escura e rica en materia orgánica, o resto é principalmente areoso mesturado con arxila e finos. Os depósitos de grava son pouco frecuentes. Os materiais carecen de aproveitamento industrial, utilizándose a área principalmente con fins agropecuarios.
- **Área I_2 (Senda de Negreira):** A área está formada principalmente por micacitas, micaesquistos, esquistos, serpentinas e anfibolitas, de cores vivos e xeralmente alteradas e trituradas. Son materiais facilmente erosionables, disgregándose en laxes, e teñen un aproveitamento industrial moi limitado.
- **Área I_3 (Sendas de Santiago de Compostela, Mazaricos, Dumbría e Cee):** A área formouse polos produtos de alteración das rochas anteriores, cunha distribución irregular e pequena extensión, polo que non se representa no mapa. Presenta depósitos granulares con finos e laxes, de cores claras e potencia variable (ata 10 m en granodiorita). Empréganse normalmente como material de construción e abrasivo.

A continuación, farase una descrición das características litolóxicas daqueles tipos de rochas que afectan aos tramos de senda deste proxecto. Para cada grupo detallaranse, sempre que sexa posible, as súas condicións físicas, mecánicas e a resistencia á erosión. O mapa asociado clasifica as rochas en dúas grandes unidades: as Formacións Superficiais (depósitos pouco consolidados do Villafranquiense ata hoxe) e o Substrato (rochas máis consolidadas de maior antigüidade).

Dentro do grupo Substrato atópanse:

- **Granitos- γ:** Dentro desta definición inclúense todas as rochas graníticas, sen atender á súa orixe nin ás posibles diferenzas relacionadas cos seus minerais accesorios (biotita ou moscovita) ou coas súas distintas texturas. Son rochas moi resistentes á erosión, de formas redondeadas, pouco alteradas e case sen recubrimento, frecuentemente rodeadas de esquistos moi fragmentados. Distribúense por toda a extensión da Folla, con predominio no oeste e suroeste. En xeral, os granitos teñen aproveitamento industrial, empregándose na construción e nas obras públicas. Debido á súa abundancia, a súa explotación é ocasional e adáptase ás necesidades.
  A este grupo pertencen os tramos de senda que discorren polos concellos de Santiago de Compostela, Negreira, Mazaricos e Dumbría.
- **Micacita, esquistos e micaesquistos- λ:** Estas formacións, situadas no centro e leste da Folla, caracterízanse polas súas tonalidades avermelladas, amarelentas ou marróns, a elevada pizarrosidade e a alteración das súas capas máis superficiais.
  En xeral presentan abundantes fracturas, xa sexa ao longo dos planos de esquistosidade ou perpendiculares a eles, e están atravesadas por numerosos filóns de cuarzo. En contacto coas formacións graníticas, estas rochas aparecen moi requentadas, trituradas e en certas zonas recristalizadas, adquirindo entón maior consistencia. En xeral son materiais facilmente erosionables e moi sensibles ao escoamento das augas superficiais, cun aproveitamento industrial reducido. Este tipo aparece, non de forma moi abundante, nalgúns dos tramos das sendas de Negreira e Mazaricos.
- **Gneises- ç:** Distribúense nunha franxa lonxitudinal que vai dende o cabo de Malpica ata a ría de Arousa, continuando cara ao sur. No terreo presentan dúas formas distintas: por unha banda, gneises con biotita e textura glandular; por outra, gneises moi orientados. Os primeiros son bastante resistentes á erosión, moi compactos e forman fracturas paralelipédicas; os segundos teñen numerosos planos de tectonización, o que os fai máis sensibles á erosión e á alteración superficial, dando superficies pouco salientadas. Dos dous tipos, os primeiros teñen amplo aproveitamento na industria da construción, mentres que os segundos non. Neste apartado inclúense as sendas dos concellos de Corcubión y Cee.

Por outra banda, con respecto ao grupo Formacións Superficiais:

- **Areas con arxilas finas e abundantes láminas de mica. Depósitos de alteración de rochas con posterior desprazamento- Qc**: Son estas as rochas que aparecen con maior frecuencia no contorno da Folla. En xeral están formadas por unha mestura de materiais finos nos que predominan as arxilas.
  Xéranse pola alteración e o posterior arrastre da parte alterada de todos os tipos de rochas existentes, polo que adoita observarse certa ordenación granulométrica nos materiais. Tanto a súa distribución como o seu aproveitamento son moi irregulares: estes depósitos cubren case todos os terreos, pero o seu espesor é reducido e a posibilidade de explotación moi limitada. A este tipo pertenxen as sendas ubicadas en Muxía.

3.4 CARACTERÍSTICAS HIDROLÓXICAS

Este apartado analizará as características hidrolóxicas que afecten de maneira máis ou menos directa ás condicións construtivas dos terreos.

- **Área I_1 (Senda de Muxía):** A área considérase xeralmente semipermeable, aínda que hai zonas impermeables (Padrón, Zas, Casta de Pebordelos) e outras máis permeables. O seu relevo chan e a proximidade ás redes naturais de drenaxe xeran escorrentía superficial pouco marcada, favorecendo encherse temporalmente de auga nas áreas illadas. En xeral, o drenaxe superficial é bo, con auga a pouca profundidade, e as condicións hidrolóxicas para construción varían entre aceptables e deficientes.
- **Área I_2 (Senda de Negreira):** A área considérase semipermeable, con tendencia xeralmente máis impermeable. Non presenta niveis acuíferos extensos, e a auga está ligada á fracturación. O drenaxe superficial depende da morfoloxía, e en zonas planas poden aparecer áreas inundadas. As condicións hidrolóxicas para construción varían entre aceptables e deficientes.
- **Área I_3 (Sendas de Santiago de Compostela, Mazaricos, Dumbría e Cee):** A área está formada por materiais pouco permeables, cunha certa permeabilidade ligada á tectonización. O drenaxe superficial é bo, favorecido polas fortes pendentes e a baixa permeabilidade, sen aparecer zonas inundadas. Non se rexistran niveis acuíferos definidos, e a auga só aparece asociada á fracturación. En xeral, as condicións hidrolóxicas para construción son aceptables a favorables.

3.5 CARACTERÍSTICAS XEOTÉCNICAS

Neste apartado analizaranse as principais características xeotécnicas, entendendo por esta acepción todas aquelas que están relacionadas coa mecánica do solo e o seu comportamento posterior ao ser sometido á acción técnica do home.

- **Área I_1 (Senda de Muxía):** Os terreos teñen, en xeral, capacidade de carga media, que pode ser baixa en zonas como Infiesta ou Rebordelos, con posible aparición de asentos e pequenos escorregamentos en áreas arxilosas ou ricas en micas. A capa superficial adoita eliminarse pola alta contorna de materia orgánica (ata 5 %). As condicións construtivas varían segundo a zona, dende favorables (río Sar e Noia) ata moi desfavorables.
- **Área I_2 (Senda de Negreira):** Os terreos teñen en xeral alta capacidade de carga, sen risco de asentamentos, aínda que poden producirse escorregamentos. As condicións construtivas varían entre favorables e aceptables, dependendo das condicións hidrolóxicas e xeomorfolóxicas.
- **Área I_3 (Sendas de Santiago de Compostela, Mazaricos, Dumbría e Cee):** Os terreos teñen moi alta capacidade de carga e sen risco de asentamentos. As condicións construtivas varían entre aceptables e desfavorables pola marcada morfoloxía.

En todo o anterior descríbese o terreo atendendo ás súas características xeotécnicas, xeomorfolóxicas, litolóxicas e hidroxeolóxicas. Non obstante, cómpre ter en conta que as condicións xeotécnicas dependen non só do terreo, senón tamén do tipo de actuación que se vai realizar, da súa rixidez. Por iso, nesta conclusión só se reflicte o ambiente xeotécnico en termos xerais, sen fornecer datos de aplicación directa á execución das sendas.

As condicións construtivas das áreas polas que discorren as sendas oscilan entre favorables e aceptables, dependendo en moitas ocasións das condicións hidrolóxicas e morfolóxicas. En xeral:

- **A senda de Muxía (Área I_1)** presentan capacidade de carga media, con posibles asentamentos e escorregamentos en zonas arxilosas; a estabilidade natural é aceptable, aínda que pode verse afectada en condicións adversas.
- **A senda de Negreira (Área I_2)** ten alta capacidade de carga, sen risco significativo de asentamentos, podendo ocorrer esvarramentos dependendo das pendentes e fracturacións; a estabilidade natural é aceptable.
- **As sendas de Santiago de Compostela, Mazaricos, Dumbría, Corcubión e Cee (Área I_3)** presentan moi alta capacidade de carga, sen asentamentos, pero as condicións construtivas poden verse afectadas pola acusada morfoloxía e zonas moi tectonizadas; a estabilidade natural é favorable na maior parte do terreo.

Dado o tipo de actuación prevista —sendas lineais de escasa entidade— **non se prevén movementos de terra significativos nin problemáticas xeotécnicas relevantes** durante a execución.

A continuación, inclúense os mapas de características xeomorfolóxicas, formacións superficiais e substrato, características hidrolóxicas e de interpretación xeotécnica con indicación da zona de estudo.

MINISTERIO DE INDUSTRIA

DIRECCION GENERAL DE MINAS

INSTITUTO GEOLOGICO Y MINERO DE ESPAÑA

MAPA GEOTECNICO GENERAL

CARACTERISTICAS GEOMORFOLOGICAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA	1 – 2
	7



INTERPRETACION DEL MAPA TOPOGRAFICO

- Zonas planas, pendientes menores del 7 %
- Zonas intermedias, pendientes entre el 7 y el 15 %
- Zonas abruptas, pendientes entre el 15 y el 30 %
- Zonas montañosas, pendientes entre el 30 y el 50 %
- Límite de separación de Zonas

SEPARACION DE ZONAS SEGUN SU GRADO DE ESTABILIDAD

- Zonas estables bajo condiciones naturales y bajo la acción del hombre.
- Zonas estables bajo condiciones naturales e inestables bajo la acción del hombre
- Zonas inestables bajo condiciones naturales y bajo la acción del hombre
- Límite de separación de Zonas

SIMBOLOGIA

FENOMENOS GEOLOGICOS ENDOGENOS

- Falla o zona de falla
- Dirección de pizarrosidad
- Zona influenciada por fracturas o fallas

FENOMENOS GEOLOGICOS EXOGENOS

- Forma de relieve muy acusada
- Forma de relieve acusada
- Laderas con recubrimientos abundantes por alteración
- Deslizamiento en potencia a favor de la dirección de tectonización
- Deslizamiento en potencia a favor de las pendientes topográficas

DIVISION ZONAL

- Límite de separación de Regiones
- Límite de separación de Areas
- Designación de un Area

MINISTERIO DE INDUSTRIA

DIRECCION GENERAL DE MINAS

INSTITUTO GEOLOGICO Y MINERO DE ESPAÑA

MAPA GEOTECNICO GENERAL

FORMACIONES SUPERFICIALES Y SUSTRATO

SANTIAGO DE COMPOSTELA	1 – 2
	7



SUSTRATO

Λ Micacitas y micaesquistos con marcada pizarrosidad, fácilmente erosionables, muy alteradas en superficie (1-3 m.). Colores, rojizos y marrones.

Σ Serpentinitas y peritotitas con marcada pizarrosidad, muy poco alteradas en superficie. Colores oscuros y grises.

γ Rocas ácidas. Se incluyen aquí toda la gama de los granitos. Dan formas muy redondeadas y generalmente sin recubrimiento. Aisladamente aparecen ligados a ellas depósitos granulares procedentes de su alteración.

η Rocas ácidas. Se incluyen aquí toda la gama de las granodioritas, por lo general dan formas abruptas, con disyunción en bolos y una marcada tonalidad rosacea. Su alteración da potentes depósitos granulares.

ς Rocas ácidas. Se incluye aquí la gama de los gneises. Son formas redondeadas con rotura paralepipédica.

θ Gabros, morfología moderada, colores, verde—oscuros y recubrimiento escaso.

ρ–π Riolitas y pórfidos normalmente con potencia muy reducida. Colores muy vivos (rojos) y abundantes filones de cuarzo.

ξ Rocas metamórficas. Se incluye aquí toda la gama de los esquistos. Con formas suaves y con marcada pizarrosidad. Horizonte de alteración (arcillo—micaceo) de potencia inferior a 3 m.

δ Anfibolitas y piroxenitas, de coloración rojiza con alteración en arcillas y morfología llana.

γp Pegmatitas, aparecen aisladamente incluidas en la mayoría de las rocas anteriores.

FORMACIONES SUPERFICIALES

Qm Cuaternarios marinos. Arenas prácticamente sin finos.

Qa Cuaternarios aluviales. Mezcla de arenas, arcillas, finos y gravas.

Qe Cuaternarios eluviales. Arenas con pocos finos y abundantes láminas de mica.

Qc Cuaternarios coluviales. Arenas con arcillas, finos y abundantes láminas de mica.

Qma Cuaternarios. Areas de tipo marismal, compuestas por materiales eminentemente arcillosos, y recubiertas por el agua.

FONDOS MARINOS

A Fondo eminentemente arenoso.

F Acumulaciones de fango.

P Fondo rocoso con grandes cantos y piedras.

C Fondo de guijarros y conchuelas.

MINISTERIO DE INDUSTRIA

DIRECCION GENERAL DE MINAS

INSTITUTO GEOLOGICO Y MINERO DE ESPAÑA

MAPA GEOTECNICO GENERAL

CARACTERISTICAS HIDROLOGICAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA	1 – 2
	7



Escala 1/400.000

CONDICIONES DE DRENAJE

- Zonas con Drenaje Nulo — Ocupadas por el agua permanentemente
- Zonas con Drenaje Deficiente — Ocupadas por el agua temporalmente
- Zonas con Drenaje Aceptable — Drenadas en superficie y con agua a escasa profundidad
- Zonas con drenaje favorable — Escorrentía superficial activa
- Límite de separación de Zonas

PERMEABILIDAD DE LOS MATERIALES

- Materiales permeables
- Materiales semipermeables
- Materiales impermeables
- Límite de separación de materiales

SIMBOLOGIA

HIDROLOGIA SUPERFICIAL

- Límite de cuenca hidrográfica
- Límite de subcuenca hidrográfica
- Red de drenaje

HIDROLOGIA SUBTERRANEA

- Zonas prácticamente sin acuíferos — B
- Zonas con acuíferos aislados — A
- Límite de separación de zonas.

FACTORES HIDROLOGICOS VARIOS

- Zonas marismáles
- Terrenos inundados en épocas lluviosas
- Acuíferos ligados a fenòmenos tectònicos

DIVISION ZONAL

- Límite de separación de Regiones
- Límite de separación de Areas
- Designación de un Area — I_1

MINISTERIO DE INDUSTRIA

DIRECCION GENERAL DE MINAS

INSTITUTO GEOLOGICO Y MINERO DE ESPAÑA

MAPA GEOTECNICO GENERAL

MAPA DE INTERPRETACION GEOTECNICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA	1 – 2
	7



REGION | AREA | CRITERIOS DE DIVISION Y CARACTERISTICAS GENERALES

RELIEVES CICLICOS GALAICOS – RECINTOS EMERGIDOS

FORMAS DE RELIEVE SUAVES

Se incluyen en ella todos los terrenos de deposición marginal, cualquiera que sea su origen (fluvial – marino, aluvial, coluvial). Su morfología es eminentemente llana, mostrando a veces ligeros resaltes ligados a la topografía de las rocas a las que recubren.

Presenta problemas de drenaje en aquellas zonas donde se unen condiciones de baja permeabilidad e impermeabilidad de los materiales.

El contenido en materia orgánica es en general alto (oscilando entre el 2 y el 5 %.

Su capacidad de carga es baja existiendo la posibilidad de asientos en aquellas zonas enteramente arcillosas, su valor como suelo de cimentación es aceptable y como suelo para aprovechamiento agropecuario es muy favorable.

FORMAS DE RELIEVE MODERADAS

AREAS DE ROCAS BASICAS

Se incluyen en ella todos los terrenos formados por rocas con textura orientada y marcada anisotropía, por lo general ricos materiales con topografía alomada a causa de su fácil erosionabilidad.

El área se considera en general semipermeable con variaciones locales, ligadas a la litología. El drenaje superficial se halla favorecido en ciertas zonas por las características topográficas.

Normalmente el área en general posee condiciones de capacidad de carga favorables, no dando por lo común asientos. Pueden presentarse problemas de deslizamientos cuando coinciden las direcciones de carga, los planos de foliación y las condiciones topográficas.

FORMAS DE RELIEVE ACUSADAS

AREAS DE ROCAS ACIDAS

Se distribuye especialmente sobre zonas situadas del área anterior, y corresponde a extensiones de rocas graníticas muy diversas, o recubiertos en superficie. Poseen características morfológicas menos acusadas, dando relieves suaves, y en consecuencia, las condiciones hidrológicas son igualmente pobres, con grandes áreas de encharcamiento. Su elevado contenido en arcillas y limos, da a los terrenos de la misma una plasticidad elevada. Dichos componentes, en presencia de un drenaje deficiente, pueden ocasionar deslizamientos y corrimientos favorecidos por la topografía. Sus condiciones mecánicas son inferiores a las del área anterior, existiendo posibilidad de asientos importantes, en aquellas zonas en cual la capa de alteración es potente.

FORMAS DE RELIEVE ACUSADAS

AREAS DE ROCAS BASICAS

Se incluyen en ella todos aquellos terrenos formados por rocas con textura orientada o granular, muy competentes y resistentes a la erosión. Por lo general dan origen Montañas muy acusada y con formas recondeadas.

Su permeabilidad es pequeña o nula, y un grado alto favorecido por las elevadas pendientes y los fenómenos de seccionación, factores ambos que condicionan el drenaje del área. Las surgencias, en general, están relacionadas con el sistema de fracturación de la roca.

Sus características mecánicas son muy favorables, tanto bajo el punto de vista de capacidad de carga, como por la inexistencia de asientos.

FORMAS DE RELIEVE ACUSADAS

AREAS DE ROCAS ALTERABLES

Se distribuye principalmente sobre las I_3 dando relieves más moderados. Por lo general está formado por depósitos de materiales granulares sueltos, con matriz arcillosa y abundante mica, fundamentalmente si cíclica la fracción arenosa como material de construcción o como abrasivo.

Su erosión está ligada a fenómenos de seccionación y textura, jugando un papel decisivo la intensa alteración química.

Sus características mecánicas son sensiblemente inferiores a las de I_3 debido su alto contenido en micas y finos. Por lo general estos depósitos son muy vulnerables a la acción de las aguas que los lleguen fácilmente por arrastre de la fracción fina.

CRITERIOS DE CLASIFICACION

CONDICIONES CONSTRUCTIVAS	PROBLEMAS "TIPO" EXISTENTES	CONCURRENCIA DE 2 PROBLEMAS "TIPO"	CONCURRENCIA DE 3 PROBLEMAS "TIPO"	CONCURRENCIA DE 4 PROBLEMAS "TIPO"	PROBLEMAS GEOTECNICOS	NOTACION
Muy Favorables	Litológicos	Litológicos y Geomorfológicos / Geomorfológicos e Hidrológicos	Litológicos, Geomorfológicos e Hidrológicos	Litológicos, Geomorfológicos, Hidrológicos y Geotécnicos (p.d.)	De Cimentación	
Favorables	Geomorfológicos	Litológicos e Hidrológicos / Geomorfológicos y Geotécnicos	Litológicos, Geomorfológicos y Geotécnicos (p.d.)		De Asientos	
Aceptables	Hidrológicos		Litológicos, Hidrológicos e Geotécnicos (p.d.)		Geotécnicos Varios	
Desfavorables	Geotécnicos (p.d.)	Litológicos y Geotécnicos (p.d.) / Hidrológicos y Geotécnicos (p.d.)	Geomorfológicos, Hidrológicos y Geotécnicos (p.d.)			
Muy Desfavorables						

LEYENDA

CONDICIONES CONSTRUCTIVAS FAVORABLES	CONDICIONES CONSTRUCTIVAS ACEPTABLES	CONDICIONES CONSTRUCTIVAS DESFAVORABLES
Problemas de tipo geomorfológico e hidrológicos.	Problemas de tipo geomorfológico	Problemas de tipo geomorfológico
	Problemas de tipo geomorfológicos y geotécnicos (p.d.)	Problemas de tipo geotécnicos (p.d.) e hidrológicos.
	Problemas de tipo geomorfológicos e hidrológicos.	Problemas de tipo geomorfológicos, geotécnicos (p.d.) e hidrológicos.
	Problemas de tipo geotécnicos (p.d.) e hidrológicos.	

MAPA DE SITUACION

DIVISION ADMINISTRATIVA

1.- La Coruña
2.- Pontevedra

4. VERTEDOIROS E CANTEIRAS

Neste proxecto contémplase un movemento de terras de volume moi reducido. Non obstante, buscouse información de zonas próximas ás actuacións proxectadas que se podan empregar como posibles vertedoiros onde acumular os materiais non aproveitables.

Vertedero de Boiro

Ubicación:	Antiga canteira de Runes
Término Municipal:	Boiro
Provincia:	A Coruña
Volumen neto do vaso de vertido (m³):	160.000
Planta de valorización:	Non

Vertedero de Carballo

Ubicación:	Lugar de Monte Neme
Término Municipal:	Carballo
Provincia:	A Coruña
Volumen neto do vaso de vertido (m³):	22.600
Planta de valorización:	Non

Vertedero de Valga

Ubicación:	Próximo a Pumarino e Caneila
Término Municipal:	Valga
Provincia:	Pontevedra
Volumen neto do vaso de vertido (m³):	4.063
Planta de valorización:	Si

Considéranse aptos como recheo a totalidade dos materiais rochosos e os solos procedentes dos recheos antrópicos presentes nos ámbitos das sendas. Non obstante, recoméndase prever o uso de materiais externos ás obras, que se obterán de préstamos e canteiras situadas nas proximidades dos trazados de estudo. As obras en conxunto son de pouca entidade, polo que non resultaría rendible considerar préstamos en zonas adxacentes. Non obstante, inclúese a continuación unha relación de xacementos próximos a área de proxecto, todos eles na provincia da Coruña:

- CANTERAS GRANDEIRO (Santiago de Compostela)
- ÁRIDOS CNC, S.L (Santiago de Compostela)
- CANTEIRA DA MINA S.L. (Santa Comba)
- GRANITOS SANTA COMBA. (Santa Comba)
- PROPETAN INVESTMENT, S.L (Carnota)

Para completar información apórtase a Folla 7 (1-2), Santiago de Compostela, do Mapa de Rochas Industriais a escala 1/200.000 publicado polo IGME en 1973.


MAPA DE ROCAS INDUSTRIALES
E. 1 : 200.000
INSTITUTO GEOLOGICO Y MINERO DE ESPAÑA
SANTIAGO DE COMPOSTELA 7 1-2
LEYENDA
CUATERNARIO
PALEOZOICO
PRECAMBRICO
ROCAS ACIDAS
ROCAS BASICAS
ROCAS ERUPTIVAS
ROCAS METAMORFICAS
ROCAS ULTRABASICAS
ROCAS FILONIANAS
ISLAS SISARGAS
Cabo Finisterre
Santiago de Compostela
ATLANTICO
OCÉANO
EDITA: SERVICIO DE PUBLICACIONES-MINISTERIO DE INDUSTRIA
C.S.G. 1977
ESQUEMA ESTRUCTURAL
LEYENDA
SIMBOLOGIA
YACIMIENTOS Y EXPLOTACIONES
UTILIZACION
ESTADO ACTUAL
RESERVAS
Escala 1:200.000
SIMBOLOGIA Y CLAVE DE ROCAS INDUSTRIALES
Referencia Mapa Nacional 1: 50.000
Referencia Mapa Militar 1: 50.000
MAPA DE SITUACION
DIVISION ADMINISTRATIVA
1.–La Coruña
2.–Pontevedra

5. SISMICIDADE

O presente apartado redáctase seguindo os criterios de deseño recollidos no *Real Decreto 997/2002, do 27 de setembro, polo que se aproba a norma de construción sismorresistente: parte xeral e edificación (NCSR-02)*.

No ámbito de aplicación da ***Norma de Construción Sismorresistente: Parte xeral e edificación (NCSE-02)*** esténdese a todos os proxectos de obras de construción relativos a edificación e, no que corresponda, aos demais tipos de construcións, en tanto non se aproben para os mesmos normas ou disposicións legais específicas con prescricións de contido sismorresistente.

Ademais, se se dese o caso, teríase en consideración o *Real Decreto 637/2007, do 18 de maio, polo que se aproba a Norma de construción sismorresistente: pontes (NCSP-07)*, cuxo ámbito de aplicación se estende a todos os proxectos e obras de nova construción de pontes que formen parte da rede de carreteiras do Estado ou da rede ferroviaria de interese xeral.

De acordo co apartado 1.2.2 da NCSE-02, as construcións civís clasifícanse, a efectos de determinar o seu ámbito de aplicación, como segue:

1) De importancia moderada: aquelas con probabilidade desprezable de que a súa destrución polo terremoto poida ocasionar vítimas, interromper un servicio primario, ou producir danos económicos significativos a terceiros.
2) De importancia normal: aquelas cuxa destrución polo terremoto poida ocasionar vítimas, interromper un servicio para a colectividade, ou producir importantes perdas económicas, sen que en ningún caso se trate dun servicio imprescindible nin poida dar lugar a efectos catastróficos.
3) De importancia especial: aquelas cuxa destrución polo terremoto, poida interromper un servicio imprescindible ou dar lugar a efectos catastróficos. Neste grupo inclúense as construcións que así se consideren no planeamento urbanístico e documentos públicos análogos, así como en regulamentacións máis específicas.

Co obxecto de coñecer a perigosidade sísmica asociada ao territorio nacional, na NCSE-02 defínese o mapa de perigosidade sísmica, onde se subministra, para cada punto do territorio español e expresado en relación ao valor da gravidade, a aceleración sísmica básica, que é un valor característico da aceleración horizontal da superficie do terreo, correspondente a un período de retorno de 500 anos.

O mapa de perigosidade sísmica proporciona, ademais, o coeficiente de distribución K, que ten en conta a influencia na perigosidade sísmica de cada punto dos distintos tipos de terremotos considerados; os valores numéricos deste coeficiente recóllense no Anexo 1 das normas NCSE-02 y NCSP-07.

5.1 ACCIÓNS SÍSMICAS A CONSIDERAR

O ámbito das sendas que se recollen no presente proxecto localízanse nos concellos de Santiago de Compostela, Negreira, Mazaricos, Dumbría, Corcubión, Cee e Muxía; nunhas áreas para as que o valor da aceleración sísmica básica (a_b) é inferior a 0,04·g, sendo g a aceleración da gravidade, como se amosa a continuación, no mapa de perigosidade sísmica referido á zona de proxecto.



Figura 4: Mapa de perigosidade sísmica da Norma de Construción Sismorresistente. Fonte: IGN.

Conforme o apartado 1.2.3 da NCSE-02, esta non é de aplicación obrigatoria nos casos seguintes:

- Nas construcións de importancia moderada.
- Nas edificacións de importancia normal ou especial cando a aceleración sísmica básica (a_b) sexa inferior a 0,04 g, sendo g a aceleración da gravidade.
- Nas construcións de importancia normal con pórticos ben arrostrados entre eles en todas as direccións cando a aceleración sísmica básica (a_b) sexa inferior a 0,08 g. Non obstante, a Norma será de aplicación nos edificios de máis de sete plantas se a aceleración sísmica de cálculo (a_c) é igual ou maior de 0,08 g.

Por conseguinte, **NON é necesaria a consideración das accións sísmicas** no deseño e cálculo do presente proxecto.

6. CONCLUSIÓNS

As obras proxectadas consisten fundamentalmente en actuacións lixeiras ao longo de estradas e sendas existentes ou de novos itinerarios peonís, sen movementos de terra de gran entidade **nin execución de estruturas**, limitándose as intervencións á formación de explanadas, execución de firmes, drenaxes superficiais e pequenos noiros de reducida altura.

En consecuencia, e tendo en conta o tipo e alcance das actuacións previstas, **non se considera necesaria a realización dun estudo xeotécnico específico máis detallado** que o recollido no presente anexo, ao non proxectarse estruturas nin elementos que requiran un dimensionamento estrutural ou cimentación especial. Esta consideración resulta coherente co establecido no *Documento Básico DB-SE-C "Cimentos" do Código Técnico da Edificación,* que circunscribe a esixencia de estudos xeotécnicos detallados aos casos nos que se proxectan estruturas ou elementos construtivos con incidencia estrutural relevante.

Así mesmo, o presente anexo proporciona unha caracterización xeolóxico-xeotécnica suficiente do ámbito de actuación para a definición das explanadas e firmes, de acordo coas prescricións xerais do **PG-3**, que esixe garantir a capacidade portante do terreo e a estabilidade das obras de terra, sen que sexa preciso un estudo xeotécnico de maior detalle para actuacións lineais deste tipo.

En termos xerais, os solos e rochas subxacentes presentan unha **capacidade de carga suficiente** para o tipo de actuación prevista, cunha **estabilidade natural favorable** na maior parte dos tramos. Nas áreas formadas por **depósitos pouco consolidados**, como no treito de Muxía, poderían producirse asentamentos ou pequenos escorregamentos en pendentes, polo que se recomenda prestar especial atención durante a execución. Pola contra, os tramos que discorren sobre **rochas metamórficas e graníticas** —Negreira, Santiago de Compostela, Mazaricos, Dumbría, Corcubión e Cee— presentan condicións moi favorables, cun terreo pouco alterado, escasa fracturación e ausencia de acuíferos someros relevantes.

Non resulta necesario considerar accións sísmicas específicas, dado que a **aceleración sísmica básica** da zona é inferior a **0,04 g**, valor que non obriga á adopción de verificacións adicionais para o tipo de obra proxectada.

En consecuencia, **non se prevén problemas xeotécnicos significativos** durante a execución das sendas. Prevese que os materiais sexan escavables mediante medios mecánicos convencionais, aparecendo rocha con distintos graos de alteración unicamente a maiores profundidades.

No que respecta á idoneidade dos materiais naturais, o terreo subxacente clasifícase, como mínimo, como **solo inadecuado** para a súa utilización directa en explanada, polo que será necesario dispoñer unha capa de **50 cm de solo seleccionado** co obxectivo de garantir a capacidade portante esixida.

En termos de estabilidade de noiros e de acordo coa natureza do terreo, adóptanse pendentes tipo **1:1 (H:V) en desmonte** e **3:2 (H:V) en terraplén**, salvo xustificación específica no proxecto construtivo ou axustes derivados da execución. As alturas tanto dos noiros de desmonte como de terraplén son reducidas, non superando os 1,50 m en ningún caso. As maiores alturas de desmonte rexístranse nas sendas de Rego Valsagueiro (0,95 m), Fonte dos Ladróns (1,08 m) e Praia de Estorde (1,36 m). No que respecta aos terrapléns, as maiores alturas atópanse en Moas de Abaixo (1,07 m) e A Barquiña (1,21 m).

Finalmente, considerando as características do material escavado, empregarase un **coeficiente de esponxamento de 1,05** para o seu posible aproveitamento en terraplén.

ANEXO Nº4: CLIMATOLOXÍA, HIDROLOXÍA E DRENAXE

ANEXO Nº4: CLIMATOLOXÍA, HIDROLOXÍA E DRENAXE

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 5
2. CLIMATOLOXÍA 5
2.1 CARACTERÍSTICAS 5
2.1.1 Estación de EOAS (Santiago de Compostela) 5
2.1.2 Estación Coto Muíño (Zas) 6
2.1.3 Estación de Camariñas 7
2.2 PLUVIOMETRÍA 8
3. HIDROLOXÍA 9
3.1 CARACTERÍSTICAS 9
3.1.1 Sistema de explotación nº 5 Río Ulla e Ría de Arousa (marxe dereita) 10
3.1.2 Sistema de explotación nº 6 Río Tambre e Ría de Muros e Noia. 10
3.1.3 Sistema de explotación nº 7 Río Xallas, Costa da Coruña e Ría de Corcubión 11
3.1.4 Sistema de explotación nº 8 Río O Castro 11
3.1.5 Sistema de explotación nº 9 Río Grande, Ría de Camariñas e Costa da Coruña ata Río Anllóns 11
3.2 AFECCIÓNS A LEITOS E ZONAS DE POLICÍA 12
4. CAUDAIS DE CÁLCULO 12
4.1 INTRODUCIÓN 12
4.2 OBTENCIÓN DE CAUDAIS DE CÁLCULO 12
4.2.1 Cálculo de caudais 12
4.2.2 Intensidade de precipitación 13
4.2.3 Tempo de concentración 14
4.2.4 Coeficiente de escoamento 15
4.2.5 Coeficiente corrector do limiar de escorras 16
4.2.6 Coeficiente de uniformidade na distribución temporal da precipitación 17
4.2.7 Curvas Intensidade-Duración-Frecuencia (IDF) 18
4.2.8 Caudais xerais de aportación 21
4.3 DRENAXE LONXITUDINAL 21
4.3.1 CUNETAS 21
4.4 DRENAXE TRANSVERSAL 22
APÉNDICE 1. CÁLCULOS HIDRÁULICOS 23
APÉNDICE 2. PLANOS 29

1. INTRODUCIÓN

No presente anexo analízanse os aspectos climatolóxicos, hidrolóxicos e de drenaxe que condicionan as actuacións proxectadas no marco do proxecto "FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA" de clave 2025/016.

O estudo climatolóxico realizouse a partir dos datos rexistrados por **MeteoGalicia** nas estacións pluviométricas e termométricas situadas na contorna da área de estudo. Unha vez recompilada a información dispoñible, procedeuse á selección das estacións máis representativas, tal e como se xustifica nos apartados seguintes, atendendo a criterios de proximidade, continuidade temporal e coherencia climática.

O estudo hidrolóxico elaborouse a partir dos datos pluviométricos obtidos no estudo climatolóxico e da delimitación das correspondentes cuncas de achega. Para a definición destas cuncas empregáronse Modelos Dixitais do Terreo (MDT) cun paso de malla de 2 metros, proporcionados polo **Instituto Xeográfico Nacional**, o que permitiu unha análise detallada do comportamento das escorras superficiais.

Con todo, dado o carácter de **proxecto de trazado**, os aspectos relativos á **hidroloxía e ao deseño das solucións de drenaxe** desenvolveranse de forma máis pormenorizada na fase de redacción do **proxecto construtivo**, onde se realizarán as comprobacións hidráulicas e definicións de detalle necesarias.

2. CLIMATOLOXÍA

2.1 CARACTERÍSTICAS

Os concellos polos que discorre o **Camiño De Fisterra e Muxía**—Santiago de Compostela, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Corcubión, Cee, Fisterra e Muxía— sitúanse na zona occidental da provincia da Coruña. Trátase dun ámbito territorial continuo, cunha forte interrelación xeográfica, socioeconómica, histórica e cultural.

O clima da zona caracterízase por unha marcada **influencia atlántica**, con **invernos suaves e húmidos** e **veráns temperados**, sen extremos térmicos acusados. As precipitacións son abondosas e ben distribuídas ao longo do ano, con máximos nos meses de outono e inverno, o que contribúe á elevada dispoñibilidade hídrica e á presenza dunha vexetación densa e ben desenvolvida. A elevada humidade ambiental favorece a aparición frecuente de ceos cubertos e episodios de néboa, configurando unha paisaxe climática característica desta área de Galicia.

Para a caracterización climatolóxica empregáronse os datos dispoñibles na páxina web de **MeteoGalicia**, organismo dependente da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia.

Seleccionáronse as estacións meteorolóxicas recollidas na táboa seguinte, por seren as máis próximas e representativas da área de estudo:

DENOMINACIÓN	CONCELLO	TIPO	ALTITUDE	LOCALIZACIÓN
Santiago-EOAS	Santiago de Compostela	Termopluviométrica	255 m	42º 52' 33,46" N 8º 33' 96,00" O
Coto Muíño	Zas	Termopluviométrica	317 m	43º 01' 43,93" N 8º 58' 29,68" O
Camariñas	Camariñas	Termopluviométrica	5 m	43º 07' 28,01" N 9º 10,51' 41,94" O

Táboa 1. Datos xerais das estacións meteorolóxicas seleccionadas.



Figura 1.-Situación das Estacións meteorolóxicas seleccionadas. Fonte: MeteoGalicia.

2.1.1 Estación de EOAS (Santiago de Compostela)

Mes	T (ºC)	TM	Tm	R (mm)	H	DR	DH	I
Xaneiro	8,71	12,44	5,54	203,36	84,60	13,60	2	112,04
Febreiro	10,10	14,62	6,50	156,02	81,00	12,00	0,2	131,04
Marzo	10,60	15,22	6,82	156,14	78,80	13,00	0,4	152,91
Abril	12,64	17,91	8,38	129,42	76,80	11,60	0	166,97
Maio	15,10	20,57	10,48	113,32	76,20	10,00	0	204,44
Xuño	17,00	21,98	13,01	79,90	80,00	9,80	0	188,83
Xullo	19,42	25,47	14,63	23,88	76,00	4,20	0	237,54
Agosto	19,61	25,75	15,26	41,56	78,20	5,20	0	212,00
Setembro	17,53	22,84	13,56	117,86	80,80	10,20	0	167,86
Outubro	15,29	19,36	12,12	281,68	86,40	17,40	0	123,39
Novembro	12,11	15,88	8,95	186,74	85,80	13,80	0	108,27
Decembro	9,82	13,26	6,98	278,80	88,20	17,80	0,4	85,88
Ano	**13,99**	**18,78**	**10,19**	**1.768,68**	**81,07**	**138,60**	**3,00**	**1.891,17**

Táboa 2. Valores climatolóxicos da estación EOAS - Santiago de Compostela (2020-2024). Fonte: MeteoGalicia.

	Lenda
T	Temperatura media mensual/anual (°C)
TM	Media mensual/anual das temperaturas máximas diarias (°C)
Tm	Media mensual/anual das temperaturas mínimas diarias (°C)
R	Precipitacións mensual/anual media (mm)
H	Humidade relativa media (%)
DR	Número medio mensual/anual de días de precipitación superior ou igual a 1 mm
DH	Número medio mensual/anual de días de xeada
I	Número medio mensual/anual de horas de sol

A temperatura media anual rexistrada é de 13,99 ºC, o que evidencia un réxime térmico suave, característico do clima atlántico. O mes máis cálido é agosto, cunha temperatura media de 19,61 ºC, mentres que o mes máis frío é xaneiro, cun valor medio de 8,71 ºC. A amplitude térmica anual, inferior a 11 ºC, confirma a forte influencia oceánica e a ausencia de extremos térmicos acusados.

En canto ao réxime pluviométrico, a precipitación media anual ascende a 1.768,68 mm, o que sitúa a estación nun contexto claramente húmido. As precipitacións distribúense de forma irregular ao longo do ano, cun máximo nos meses de outubro (281,68 mm) e decembro (278,80 mm), coincidindo co período outono-invernal. Pola contra, os valores mínimos rexístranse nos meses estivais, especialmente en xullo (23,88 mm) e agosto (41,56 mm), configurando un período seco relativo, aínda que sen chegar a condicións de aridez.

O número medio anual de días con precipitación igual ou superior a 1 mm sitúase en 138,6 días, o que reflicte a frecuencia elevada de episodios chuviosos ao longo do ano. A humidade relativa media anual é tamén elevada, cun valor do 81,07 %, favorecendo a presenza habitual de ceos cubertos e episodios de néboa.

O seguinte gráfico amosa o climograma correspondente á estación EOAS, no que se representa a evolución mensual das temperaturas medias (liña vermella) e das precipitacións totais (barras azuis):



Figura 2. Climograma da estación de EOAS - Santiago de Compostela. Fonte: Elaboración propia.

O climograma anterior permite visualizar claramente o carácter húmido do clima e a moderada oscilación térmica anual.

En síntese, Santiago de Compostela presenta un **clima atlántico moi húmido**, con precipitacións abondosas, temperaturas suaves durante todo o ano e unha escasa amplitude térmica, condicións que resultan representativas do ámbito occidental da provincia da Coruña e adecuadas para caracterizar o contexto climatolóxico das actuacións proxectadas.

2.1.2 Estación Coto Muíño (Zas)

Mes	T (ºC)	TM	Tm	R (mm)	H	DR	DH
Xaneiro	8,06	12,42	4,17	320,26	89,80	16,20	6,8
Febreiro	9,02	14,19	4,55	229,90	87,20	13,60	4
Marzo	9,49	14,55	4,81	212,34	85,40	13,60	2,8
Abril	11,36	17,10	6,22	159,06	83,60	13,60	0,8
Maio	13,70	19,23	8,60	148,40	84,00	10,80	0,4
Xuño	15,50	20,47	10,99	112,30	86,80	11,40	0
Xullo	17,59	23,26	12,52	50,96	85,00	6,20	0
Agosto	17,92	23,51	13,23	59,80	86,40	8,40	0
Setembro	16,16	22,05	11,30	144,40	87,40	12,40	0
Outubro	14,28	18,84	10,25	444,12	90,20	19,00	0
Novembro	11,30	15,69	7,36	280,22	89,60	17,00	0,2
Decembro	9,22	13,22	5,69	366,04	90,40	19,40	3,8
Ano	**12,80**	**17,88**	**8,31**	**2527,80**	**87,15**	**161,60**	**18,80**

Táboa 3. Valores climatolóxicos da estación Coto Muíño- Zas (2020-2024). Fonte: MeteoGalicia.

A temperatura media anual é de 12,80 ºC, propia dun clima atlántico húmido de interior, con maior influencia continental ca nas estacións costeiras. O mes máis cálido é agosto, cunha temperatura media de 17,92 ºC, mentres que o mes máis frío é xaneiro, cun valor medio de 8,06 ºC. A amplitude térmica anual, próxima aos 10 ºC, segue a reflectir a moderación térmica característica do noroeste peninsular, aínda que con invernos lixeiramente máis fríos ca no litoral.

O réxime pluviométrico é moi elevado, cunha precipitación media anual de 2.527,80 mm, o que sitúa esta estación entre as máis chuviosas do ámbito de estudo. As precipitacións concéntranse principalmente no outono e inverno, destacando outubro como o mes máis chuvioso, con 444,12 mm, seguido de decembro (366,04 mm) e xaneiro (320,26 mm). Pola contra, os valores mínimos rexístranse no verán, especialmente en xullo (50,96 mm) e agosto (59,80 mm), configurando un período seco relativo.

O número medio anual de días con precipitación igual ou superior a 1 mm ascende a 161,6 días, o que evidencia unha elevada frecuencia de episodios chuviosos. A humidade relativa media anual, cun valor do 87,15 %, é moi elevada, favorecendo condicións de elevada humidade ambiental durante todo o ano. Así mesmo, rexístrase unha presenza apreciable de xeadas invernais, cunha media anual de 18,8 días, concentradas fundamentalmente nos meses de inverno.

A seguinte figura amosa o climograma correspondente á estación de Coto Muíño, no que se aprecia claramente o carácter extremadamente húmido do clima e a moderada oscilación térmica anual:



Figura 3. Climograma da estación Coto Muíño - Zas (2020-2024). Fonte: Elaboración propia.

En síntese, a estación de Coto Muíño representa un **clima atlántico moi húmido de interior**, con precipitacións moi abondosas, elevada frecuencia de días chuviosos e temperaturas suaves, aínda que algo máis frías que nas zonas costeiras.

2.1.3 Estación de Camariñas

Mes	T (ºC)	TM	Tm	R (mm)	H	DR	DH	I
Xaneiro	11,32	13,65	8,79	111,70	83,60	13,80	0	118,32
Febreiro	12,01	14,40	9,31	95,50	83,00	9,80	0	145,38
Marzo	12,18	14,40	9,50	75,06	80,60	12,00	0	180,58
Abril	13,45	15,83	10,79	67,96	81,40	10,60	0	219,15
Maio	15,21	17,45	12,78	55,24	83,20	7,60	0	265,21
Xuño	16,61	18,50	14,46	54,46	87,00	8,00	0	242,25
Xullo	18,07	20,17	15,90	19,50	86,60	3,40	0	281,79
Agosto	18,70	20,81	16,52	21,30	87,80	3,80	0	252,50
Setembro	18,09	20,62	15,40	57,18	85,80	8,20	0	227,71
Outubro	16,66	18,96	14,19	198,18	88,00	15,20	0	152,41
Novembro	14,36	16,60	11,80	119,38	84,80	14,80	0	120,58
Decembro	12,42	14,69	9,89	141,74	86,40	16,40	0	93,43
Ano	**14,92**	**17,17**	**12,44**	**1.017,20**	**84,85**	**123,60**	**0,00**	**2.299,31**

Táboa 4. Valores climatolóxicos da estación de Camariñas (2020-2024). Fonte: MeteoGalicia

A temperatura media anual é de 14,92 ºC, reflectindo claramente a influencia marítima do litoral da Costa da Morte. O mes máis cálido é agosto, cunha temperatura media de 18,70 ºC, mentres que o mes máis frío é xaneiro, cun valor medio de 11,32 ºC. A amplitude térmica anual é reducida, inferior a 8 ºC, o que evidencia unha forte moderación térmica asociada á proximidade do océano.

A precipitación media anual sitúase en 1.017,20 mm, valor sensiblemente inferior ao rexistrado nas estacións do interior, pero aínda representativo dun clima húmido atlántico. As precipitacións distribúense de maneira desigual ao longo do ano, con máximos no outono, destacando outubro como o mes máis chuvioso (198,18 mm), e mínimos moi acusados no verán, especialmente en xullo (19,50 mm) e agosto (21,30 mm).

O número medio anual de días con precipitación igual ou superior a 1 mm é de 123,6 días, inferior ao das estacións interiores, reflectindo unha menor frecuencia de choivas pero con episodios máis concentrados. A humidade relativa media anual, cun valor do 84,85 %, mantense elevada durante todo o ano. Non se rexistran días de xeada, circunstancia coherente coa marcada influencia oceánica da estación

A figura seguinte amosa o climograma correspondente á estación de Camariñas, no que se observa un clima suave, con temperaturas moderadas durante todo o ano e un acusado mínimo pluviométrico estival.



Figura 4. Climograma da estación de Camariñas (2020-2024). Fonte: Elaboración propia.

En resumo, Camariñas presenta un clima atlántico litoral, con temperaturas moi moderadas, ausencia de xeadas, precipitacións inferiores ás do interior e un verán seco relativo, condicionado pola influencia directa do océano Atlántico.

2.2 PLUVIOMETRÍA

Galicia sitúase entre as rexións máis chuviosas da Europa Occidental. Non obstante, a irregularidade na distribución das súas precipitacións é unha característica recorrente. En realidade, ao longo do territorio galego prodúcese unha progresión desde a predominancia oceánica pura —cunha maior homoxeneidade na repartición da precipitación— cara a zonas climáticas que se consideran suboceánicas ou, máis correctamente, subtropicalizadas. Isto débese a que a estacionalidade pluviométrica en Galicia está controlada, en gran parte, pola compoñente climática subtropical.

Unha porcentaxe considerable das chuvias recóllese no semestre outono-inverno, período no que resulta frecuente o establecemento dunha anomalía negativa do campo de presión sobre o Atlántico Norte..

A variabilidade das precipitacións non se explica unicamente pola dinámica atmosférica, xa que Galicia se atopa na parte meridional do percorrido habitual das perturbacións asociadas aos ventos de poñente. Por este motivo, o **factor orográfico** xoga un papel decisivo:

1. Actúa como **intensificador** da descarga hídrica asociada ás frontes mediante os ascensos forzados (efecto Foehn ou sotavento).
2. A diversidade altimétrica, a orientación e a exposición dos obstáculos montañosos condicionan o **desigual reparto espacial** das precipitacións.

O relevo é, polo tanto, o factor clave que define a existencia de **rexións de gradiente pluviométrico** en Galicia, tal e como se recolle no *Atlas Climático de Galicia* (Xunta de Galicia, 1999).



Figura 5. Distribución da precipitación total anual (mm/año) na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (Período 1980/81 - 2011/12). Fonte: Plan Hidrolóxico Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa 2015 - 2021.

Para realizar o estudo pluviométrico da área, empregouse a metodoloxía proporcionada pola publicación *"Máximas chuvias diarias na España Peninsular"*, editada pola Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento. O obxectivo é obter o valor da máxima precipitación diaria (X_t) para distintos períodos de retorno (T).

Este valor estímase partindo da media anual ($\bar{P}$) e dun coeficiente de variación (C_v), e asumindo para as precipitacións unha distribución *SQRT-ETmáx*. Este dato final servirá para o cálculo dos caudais que achegarán as sendas e as súas marxes en cada tramo.

A continuación, descríbese o proceso operativo seguido:

1. Unha vez localizadas as zonas de estudo nos planos que figuran na citada publicación, estímase, mediante as isolíneas representadas nestes, o coeficiente de variación C_v e o valor medio da máxima precipitación diaria anual ($\bar{P}$):
   - $\bar{P}$: variable segundo o tramo. Unha relación dos valores usados para cada tramo pode encontrarse no Apéndice 2: Cálculos Hidráulicos.
   - Cv: mantense constante ao largo do percorrido cun valor de 0,35.



Figura 6. Isoliñas do valor medio da máxima precipitación diaria anual ($\bar{P}$) Fonte: Máximas chuvias diarias na España peninsular.



Figura 7. Isoliñas do valor rexional do coeficiente de variación Cv. Fonte: Máximas chuvias diarias na España peninsular.

2. Para os períodos de retorno (T) desexados, obtense o cuantil (Y_t) en función do valor Cv (0,35), segundo a Norma 5.2-IC:

Cv	Período de retorno en años (T)		
	25	100	500
0,35	1,732	2,220	2,831

Táboa 5. Valores do cuantil Y_t en función do valor C_v, segundo a Norma 5.2-IC.

3. Realizando o produto do valor medio $\bar{P}$ polo cuantil Yt, obtemos a precipitación máxima diaria Xt para os distintos períodos de retorno:

$\bar{P}$	T (años)	Xt (mm/día)
70	25	121,24
	100	155,4
	500	198,17
65	25	112,58
	100	144,3
	500	184,015
60	25	103,92
	100	133,2
	500	169,86

Táboa 6. Valores da precipitación diaria máxima (X_t) para os distintos períodos de retorno.

3. HIDROLOXÍA

3.1 CARACTERÍSTICAS

En Galicia existe unha diferenza significativa entre os sectores costeiros e os do interior, tanto en termos de caudal como de densidade da rede fluvial. As concas costeiras caracterízanse por seren de menor extensión, cun réxime máis torrencial e vertido directo ao mar, mentres que as concas interiores están asociadas a ríos de maior entidade e percorridos máis longos.

A totalidade do ámbito de actuación do proxecto sitúase dentro da **Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa**, segundo a delimitación vixente.

O **Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa vixente** corresponde ao ciclo **2021–2027**, aprobado polo **Real Decreto 48/2023, do 24 de xaneiro**. Así mesmo, a normativa do Plan foi publicada no **DOG nº 35, do 20 de febreiro de 2023**, mediante a Orde do 10 de febreiro de 2023.



Figura 8. Ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa vixente. Fonte: Augas de Galicia.

Os obxectivos xerais do Plan Hidrolóxico son a consecución do bo estado das masas de auga da demarcación, a súa adecuada protección, a satisfacción das demandas actuais e futuras de auga e a harmonización do desenvolvemento territorial e sectorial. Estes obxectivos acádanse mediante a protección da calidade do recurso, a optimización do seu uso e a racionalización dos aproveitamentos, en función da capacidade de asimilación dos sistemas acuáticos.

A planificación hidrolóxica baséase en criterios de sustentabilidade, promovendo a xestión integrada e a protección a longo prazo dos recursos hídricos, a prevención do deterioro do estado das augas, a protección e mellora dos ecosistemas acuáticos e a redución da contaminación, contribuíndo tamén á mitigación dos efectos das inundacións e das secas.

O documento definitivo do Plan elaborouse tendo en conta as achegas recibidas durante os procesos de participación pública promovidos por Augas de Galicia e estrutúrase nunha Memoria e Anexos, Normativa, documento de síntese e fe de erratas. A información xeorreferenciada máis relevante (masas de auga, redes de control, hidrografía, etc.) atópase dispoñible a través da plataforma **ID-DHGC**.

Dada a extensión da demarcación Galicia-Costa, cunha superficie aproximada de **12.991 km²**, a planificación hidrolóxica organiza o territorio en distintos **sistemas de explotación**, dos cales varios resultan afectados polo presente proxecto.



Figura 9. Sistemas de explotación básicos existentes. Fonte: Augas de Galicia.

As obras incluídas no presente proxecto localízanse nos seguintes sistema de explotación:

3.1.1 Sistema de explotación nº 5 Río Ulla e Ría de Arousa (marxe dereita)

Este sistema inclúe a conca completa do río Ulla e as concas dos ríos da marxe dereita da ría de Arousa, cunha superficie aproximada de **3.061 km²**. O río Ulla constitúe o eixo principal do sistema e posúe a maior conca da demarcación Galicia-Costa, contando con numerosos afluentes e con outros ríos de entidade que desembocan directamente na ría.

A densidade de poboación é baixa na zona alta da conca, incrementándose progresivamente cara á zona baixa e litoral. O principal núcleo urbano é **Santiago de Compostela**, no interior, destacando tamén Ames, A Estrada ou Lalín, así como núcleos costeiros como Boiro, Ribeira e Rianxo.

Os concellos que forman parte deste sistema son: *A Estrada, Agolada, Ames, Antas de Ulla, Arzúa, Boiro, Boqueixón, Brión, Catoira, Dodro, Dozón, Lalín, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira, Rodeiro, Rois, Santiago de Compostela, Santiso, Silleda, Teo, Toques, Touro, Valga, Vedra e Vila de Cruces*.



Figura 10. Sistema de explotación Nº5. Río Ulla e ría de Arousa (marxe dereita). Fonte: Augas de Galicia.

3.1.2 Sistema de explotación nº 6 Río Tambre e Ría de Muros e Noia.

Este sistema comprende a conca do **río Tambre** e as rías de **Muros e Noia**, sendo o Tambre o principal provedor de recursos hídricos. A poboación distribúese de maneira dispersa no interior, concentrándose principalmente na costa, especialmente na marxe esquerda da ría.

Os principais núcleos de poboación son **Muros**, **Noia** e **Porto do Son**, destacando tamén Ordes no interior.

Os concellos incluídos neste sistema son: *A Baña, Boimorto, Cerceda, Frades, Lousame, Mesía, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Oroso e O Pino.*

Figura 11. Sistema de explotación Nº6. Río Tambre e Ría de Muros e Noia. Fonte: Augas de Galicia.

3.1.3 Sistema de explotación nº 7 Río Xallas, Costa da Coruña e Ría de Corcubión

Trátase do sistema máis occidental da demarcación, que abrangue o **río Xallas**, a zona costeira da Coruña desde Carnota, a **ría de Corcubión** e o ámbito do **cabo Fisterra**. A conca do río Xallas, principal provedor de recursos, presenta unha superficie aproximada de **665 km²**.

Os principais núcleos de poboación son **Cee**, **Corcubión** e **Fisterra** na costa, así como **Santa Comba** no interior.

Os concellos incluídos nesta sistema son: *Carnota, Cee, Corcubión, Fisterra, Mazaricos e Santa Comba*.

Figura 12. Sistema de explotación Nº7. Río Xallas, Costa da Coruña e Ría de Corcubión. Fonte: Augas de Galicia.

3.1.4 Sistema de explotación nº 8 Río O Castro

Este sistema está constituído pola conca do **río O Castro**, cunha superficie aproximada de **153 km²**. O río O Castro, xunto cos seus principais afluentes —o **río Fragoso** e o **rego de Alvarellos**— constitúe o eixo do sistema.

A conca caracterízase por unha baixa densidade de poboación e unha elevada dispersión, tanto nas zonas costeiras como no interior.

Os concellos que forman parte deste sistema son: *Dumbría, Vimianzo, Muxía e Cee*.

Figura 13. Sistema de explotación Nº 8. Río O Castro. Fonte: Augas de Galicia.

3.1.5 Sistema de explotación nº 9 Río Grande, Ría de Camariñas e Costa da Coruña ata Río Anllóns

Este sistema presenta unha superficie aproximada de **444 km²** e inclúe a conca do **río Grande**, a ría de Camariñas e o tramo costeiro da Coruña ata o río Anllóns. Os principais afluentes do río Grande son os ríos Zas e Vilar, así como os regos de Cambeda e Riotorto.

É unha zona pouco poboada, destacando os núcleos interiores de **Vimianzo** e **Zas**, así como **Camariñas** e **Muxía** na costa.

Os concellos incluídos no sistema son: *Cabana de Bergantiños, Camariñas, Laxe, Muxía, Vimianzo e Zas*.

Figura 14. Sistema de explotación Nº 9. Río Grande, Ría de Camariñas e Costa da Coruña ata Río Anllóns. Fonte: Augas de Galicia.

3.2 AFECCIÓNS A LEITOS E ZONAS DE POLICÍA

Aínda que o trazado do Camiño de Fisterra e Muxía atravesa un número elevado de cursos de auga de carácter menor, identifícanse de maneira específica aquelas actuacións nas que se producen afeccións a leitos fluviais ou ás súas correspondentes zonas de policía, de acordo coa delimitación establecida pola normativa vixente en materia de dominio público hidráulico.

No **tramo 9_740 – Moas de Abaixo** (entre os PP.QQ. 86+877 e 86+562) prodúcese afección ao rego de Fontecova e á súa zona de policía, no ámbito da conca do río Sar, pertencente ao sistema de explotación nº 5.

O **tramo 9_733 – A Barquiña** (PP.QQ. 71+283 – 70+329) cruza sobre un afluente do río Tambre, xerando afeccións tanto á zona de policía como á zona de fluxo preferente do río Tambre, dentro do sistema de explotación nº 6.

No **tramo 9_595 – Olveiroa** (PP.QQ. 37+352 – 35+954) identifícase afección a un afluente do río Xallas e á súa correspondente zona de policía, pertencentes ao sistema de explotación nº 7.

O **tramo 9_607 – Hospital** (PP.QQ. 30+477 – 30+228) desenvólvese integramente dentro da zona de policía do rego Vadeano, integrado na conca do río Xallas, tamén no sistema de explotación nº 7.

No **tramo 9_598 – Rego das Moas – Rego Valsagueiro** (PP.QQ. 29+837 – 25+463) prodúcense afeccións a un afluente do río Fragoso e á zona de policía doutro dos seus afluentes, no ámbito do sistema de explotación nº 8.

Así mesmo, o **tramo 9_609 – Río Fragoso** (PP.QQ. 21+443 – 21+230) presenta afección a un afluente do río Fragoso e á súa correspondente zona de policía, tamén dentro do sistema de explotación nº 8.

No **tramo 9_600 – Praia de Estorde** (PP.QQ. 10+958 – 10+707) a actuación afecta ao rego de Estorde e á súa zona de policía, pertencente ao sistema de explotación nº 7.

Finalmente, o **tramo 9_597 – Praia de Lourido** localízase dentro da zona de policía do rego da Area, no ámbito do sistema de explotación nº 9.

Aínda que non se prevén afeccións directas aos leitos fluviais, dado que as actuacións se desenvolven sobre estradas e infraestruturas xa existentes, será necesaria a obtención da **autorización administrativa previa do organismo de conca**, conforme ao establecido no **artigo 9.4 do Real Decreto 849/1986**, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais que resulten de aplicación.

No Apéndice nº1 deste anexo inclúense os planos correspondentes coa delimitación das zonas de policía afectadas, co obxectivo de identificar de forma precisa as áreas sometidas a protección.

4. CAUDAIS DE CÁLCULO

4.1 INTRODUCIÓN

Para dimensionar as obras de drenaxe necesarias seguiuse a normativa e as recomendacións incluídas na **Instrución 5.2-I.C. Drenaxe Superficial**.

O obxectivo desta sección é calcular o caudal de achega (Q_T) que recibirán os dispositivos formulados, garantindo que en ningún tramo se supere a súa capacidade.

4.2 OBTENCIÓN DE CAUDAIS DE CÁLCULO

O método de estimación dos caudais asociados a distintos períodos de retorno depende do tamaño e da natureza da conca de aportación.

Para concas pequenas (tempos de concentración inferiores a 6 horas) son apropiados os métodos hidrometeorolóxicos, baseados na aplicación dunha intensidade media de precipitación á superficie da conca a través dunha estimación das súas escorras.

Dado que as concas afectadas polo proxecto poden considerarse pequenas (con tempos de concentración inferiores a 6 horas), emprégase o **método racional** descrito na Norma 5.2-I.C.

4.2.1 Cálculo de caudais

Seguindo o método racional, o caudal máximo anual (Q_T), correspondente a un período de retorno T, calcúlase mediante a seguinte fórmula:

$$Q_T = \frac{I(T, t_c) \cdot C \cdot A \cdot K_t}{3{,}6}$$

Onde:

- Q_T (m³/s). Caudal máximo anual correspondente ao período de retorno T, no punto de desaugadoiro da conca.
- $I(T,t_c)$ (mm/h). Intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno considerado T, para unha duración do ballón igual ao tempo de concentración t_c da conca.
- C (adimensional). Coeficiente medio de escorrentía da conca ou superficie considerada.
- A (km²). Área da conca ou superficie considerada.
- K_t (adimensional). Coeficiente de uniformidade na distribución temporal da precipitación.

A continuación, detallamos o proceso e as fórmulas necesarias para o cálculo dos factores que descoñecemos e para a obtención do caudal.

4.2.2 Intensidade de precipitación

A intensidade de precipitación I(T,t) correspondente a un período de retorno T, e a unha duración do ballón t, a empregar na estimación de caudais mediante o método racional. Obterase a través da seguinte fórmula:

$$I(T,t) = I_d \cdot F_{int}$$

Onde:

- I(T,t) (mm/h). Intensidade de precipitación correspondente a un período de retorno T e a unha duración do ballón t.
- I_d (mm/h). Intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ao período de retorno T.
- F_{int} (adimensional). Factor de intensidade.

A intensidade de precipitación a considerar no cálculo do caudal máximo anual para o período de retorno T, no punto de desaugado da conca Q_T, é a que corresponde a unha duración do ballón igual ao tempo de concentración (t = tc) desta conca.

4.2.2.1 Intensidade media diaria de precipitación corrixida

A intensidade media diaria de precipitación corrixida ao período de retorno T, obtense mediante a seguinte fórmula:

$$I_d = \frac{P_d \cdot K_A}{24}$$

Onde:

- I_d (mm/h). Intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ao período de retorno T.
- P_d (mm). Precipitación diaria correspondente ao período de retorno T.
- K_A (adimensional). Factor reductor da precipitación pola área da conca.

$$Se\ A < 1km^2 \rightarrow K_A = 1$$

$$Se\ A \geq 1km^2 \rightarrow K_A = 1 - \frac{\log_{10} A}{15}$$

Para a determinación da precipitación diaria correspondente ao período de retorno T, P_d, débese adoptar o maior valor dos obtidos a partir de:

- Datos publicados pola Dirección Xeral de Estradas
- Estudo estatístico das series de precipitacións diarias máximas anuais, medidas nos pluviómetros existentes na conca, ou próximos a ela.

Aos efectos desta norma, para a aplicación do método racional tómase como precipitación diaria P_d a correspondente ao valor medio na superficie da conca (media areal), que se obtén mediante a interpolación espacial dos valores recollidos en cada un dos pluviómetros considerados.

O factor de intensidade introduce a torrencialidade da choiva na área de estudo e depende de:

- A duración do ballón t
- O período de retorno T, se se dispoñen de curvas intensidade-duración-frecuencia (IDF) aceptadas pola Dirección Xeral de Estradas, nun pluviógrafo situado na contorna da zona de estudo que poida considerarse representativo do seu comportamento.

Tomarase o maior valor dos obtidos entre os que se indican a continuación:

$$F_{int} = máx(F_a, F_b)$$

onde:

- F_{int} (adimensional). Factor de intensidade
- F_a (adimensional). Factor obtido a partir do índice de torrencialidade (I_1/I_d)

$$F_a = \left(\frac{I_1}{I_d}\right)^{3,5287-2,5287\cdot t^{0,1}}$$

Represéntase na seguinte figura:



Figura 15. Factor Fa. Fonte: Norma 5.2-IC Drenaxe.

I_1/I_d (adimensional). Índice de torrencialidade que expresa a relación entre a intensidade de precipitación horaria e a media diaria corrixida. O seu valor determínase en función da zona xeográfica, a partir do seguinte mapa.



Figura 16. Factor Fa. Fonte: Norma 5.2-IC Drenaxe.

t (horas). Duración do ballón.

F_b (adimensional). Factor obtido a partir das curvas IDF dun pluviógrafo próximo.

$$F_b = k_b \frac{I_{IDF}(T, t_c)}{I_{IDF}(T, 24)}$$

I_{IDF} (T,t_c) (mm/h). Intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno T e ao tempo de concentración t_c, obtido a través das curvas IDF do pluviógrafo, tal e como se mostra na seguinte figura:



Figura 17. Curva IDF para obtención do factor F_b . Fonte: Elaboración propia.

k_b (adimensional). Factor que ten en conta a relación entre a intensidade máxima anual nun período de 24 horas e a intensidade máxima anual diaria. Na falta dun cálculo específico pódese tomar k_b = 1,13.

4.2.3 Tempo de concentración

O tempo de concentración tc, é o tempo mínimo necesario desde o comezo do ballón para que toda a superficie da conca estea a aportar escorras no punto de desaugadoiro. Obtense calculando o tempo de percorrido máis longo desde calquera punto da conca ata o punto de desaugadoiro, mediante as seguintes formulacións:

1. Para concas principais:

$$t_c = 0{,}3 \cdot L_c^{0,76} \cdot J_c^{-0,19}$$

Onde:

T_c (horas). Tempo de concentración.

L_c (km). Lonxitude do leito.

J_c (adimensional). Pendente media do cauce.

Dado que o tempo de concentración depende da lonxitude e da pendente do leito escollido, deben tentearse diferentes canles ou percorridos da auga, incluíndo sempre nos tenteos aqueles de maior lonxitude e menor pendente. O leito (ou percorrido) que debe escollerse é aquel que dá lugar a un valor maior do tempo de concentración tc.

2. Para concas secundarias:

O tempo de concentración débese determinar dividindo o percorrido das escorras en treitos de características homoxéneas inferiores a trescentos metros de lonxitude (300 m) e sumando os tempos parciais obtidos, distinguindo entre:

- Fluxo canalizado a través de cunetas ou outros elementos de drenaxe: pódese considerar réxime uniforme e aplicar a ecuación de Manning.
- Fluxo difuso sobre o terreo:

$$t_{dif} = 2 \cdot L_{dif}^{0,408} \cdot n_{dif}^{0,312} \cdot J_{dif}^{-0,209}$$

Onde:

t_{dif} (minutos). Tempo de percorrido en fluxo difuso sobre o terreo.

L_{dif} (m). Lonxitude de percorrido en fluxo difuso

J_{dif} (adimensional). Pendente media

n_{dif} (adimensional). Coeficiente de fluxo difuso (táboa de valores do coeficiente n_{dif}).

Cobertura del terreno		n_{dif}
Pavimentado o revestido		0,015
No pavimentado ni revestido	Sin vegetación	0,050
	Con vegetación escasa	0,120
	Con vegetación media	0,320
	Con vegetación densa	1,000

Táboa 7. Valores do coeficiente de fluxo difuso n_{dif}.

O valor do tempo de concentración t_c obtense da seguinte táboa:

t_{dif} (minutos)	t_C (minutos)
≤ 5	5
5 ≤ t_{dif} ≤ 40	t_{dif}
≥ 40	40

Táboa 8. Determinación de t_c en condicións de fluxo difuso.

4.2.4 Coeficiente de escoamento

O coeficiente de escoamento (C), que representa a relación entre a auga que escorre superficialmente e a auga precipitada, obtense mediante a seguinte fórmula, representada graficamente na Figura 18:

$$Se\ P_d \cdot K_A > P_0 \quad C = \frac{\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} - 1\right)\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} + 23\right)}{\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} + 11\right)^2}$$

$$Se\ P_d \cdot K_A \leq P_0 \quad C = 0$$

onde:

- C: Coeficiente de escoamento (adimensional).
- P_d:. Precipitación diaria correspondente ao período de retorno T considerado (en mm).
- K_A: Factor redutor da precipitación por área da conca(adimensional).
- P_0: Limiar de escoamento (en mm).



Figura 18. Determinación gráfica do coeficiente de escoamento.

4.2.4.1 Limiar de escoamento (P_0)

O limiar de escoamento (P_0) representa a precipitación mínima que debe caer sobre a conca para que comece a xeración de escorras. Determinarase mediante a seguinte fórmula:

$$P_0 = P_0^i \cdot \beta$$

Onde:

- P_0 : Limiar de escorra (mm).
- P_0^i: Valor inicial do limiar de escorras (en mm).
- B: Coeficiente corrector do limiar de escorras (adimensional). .

Determinación do Valor Inicial do Limiar (P_0^i):

1. Series de datos ou mapas publicados pola Dirección Xeral de Estradas, nos que se obteña directamente o valor de P_0^i para unha determinada localización xeográfica, ou da ***Táboa 2.3.- Valores iniciais do limiar de escorras superficiais P_0^i (mm)*** nas seguintes circunstancias:
    - Cando a información xeográfica detallada non estea dispoñible.
    - Cando o tamaño da conca sexa similar (ou inferior) ao tamaño da discretización espacial realizada.
    - En problemas específicos de escorras superficiais urbana.
    - Para a definición da drenaxe de plataforma e marxes.
    - Cando se teña constancia de cambios de uso do solo con posterioridade á elaboración das series de datos ou mapas.

- Para a realización de cálculos nos que se supoñan modificacións dos usos do solo respecto ao reflectido nas mencionadas series de datos ou mapas.

A determinación dos grupos hidrolóxicos de solo presentes na conca debe realizarse a partir do mapa da Figura 20 , agás que se xustifique o cambio do grupo hidrolóxico do solo cunha información máis detallada e os criterios da Táboa 12 e a Figura 21:



Figura 19. Mapa de grupos hidrolóxicos de solo.

Cando se dispoña de información máis detallada, no proxecto pódese xustificar o cambio do grupo hidrolóxico do solo nunha conca concreta, segundo os criterios da táboa seguinte “Grupos hidrolóxicos do solo a efectos da determinación do valor inicial do limiar de escorras superficial” e a figura “Diagrama triangular para determinación da textura en materiais tipo solo”.

Grupo	Infiltración (cuando están muy húmedos)	Potencia	Textura	Drenaje
A	Rápida	Grande	Arenosa Areno-limosa	Perfecto
B	Moderada	Media a grande	Franco-arenosa Franca Franco-arcillosa-arenosa Franco-limosa	Bueno a moderado
C	Lenta	Media a pequeña	Franco-arcillosa Franco-arcillo-limosa Arcillo-arenosa	Imperfecto
D	Muy lenta	Pequeño (litosuelo) u horizontes de arcilla	Arcillosa	Pobre o muy pobre

Nota: Los terrenos con nivel freático alto se incluirán en el Grupo D.

Táboa 9. Grupos hidrolóxicos de solo a efectos da determinación do valor inicial do limiar de escorras.



Figura 20. Diagrama triangular para determinación da textura en materiais tipo solo.

Cando se considere oportuno, pódense diferenciar as proporcións dos distintos tipos e usos do solo existentes na conca, atribuíndolle a cada un o valor correspondente de P_{0i} que se indica na Táboa 2.3 da Instrución 5.2-I.C de Drenaxe Superficial.

Para a estimación inicial do limiar de escorras superficial, estudáronse os **Mapas de Cultivos e Aproveitamentos**, a escala 1:50.000, editados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dispoñibles no Sistema de Información Xeográfico Agrario (https://sig.mapama.gob.es/siga/).

4.2.5 Coeficiente corrector do limiar de escorras

Pódense distinguir os seguintes casos para a determinación do coeficiente corrector do limiar de escorras (β) en función dos datos dispoñibles:

Figura 9.- Treito común coa estrada DP-5603 de Vilaserío ao Cornado (PP.QQ. 56+620 e 54+836) (PXOM 1999).



As actuacións proxectadas no termo municipal de Negreira resultan plenamente compatibles co planeamento urbanístico vixente. As sendas e beirarrúas proxectadas localízanse maioritariamente sobre dominio público viario ou en ámbitos cualificados como solo de núcleo rural, sen que se produza afección significativa sobre áreas con ordenación pormenorizada nin sobre ámbitos de desenvolvemento urbanístico.

As intervencións teñen un carácter esencialmente lineal e de integración paisaxística, orientadas á mellora da seguridade peonil e da accesibilidade do Camiño de Santiago, sen supoñer transformacións no uso do solo nin incremento da edificabilidade.

En consecuencia, conclúese que as actuacións previstas non implican afección substancial ao planeamento urbanístico vixente, sendo compatibles coas determinacións do PXOM de Negreira e co resto de instrumentos de ordenación aplicables.

No Apéndice nº 1 inclúense os planos correspondentes ao planeamento urbanístico vixente.

2.4. SANTA COMBA

O instrumento de planeamento municipal vixente é o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santa Comba, aprobado o 5 de abril de 2001 (BOP nº 86 de 16 de abril de 2001, DOG nº75 de 18 de abril de 2001).

A única actuación prevista no termo municipal de Santa Comba localízase entre os PP.QQ. 53+542 e 53+185 da traza do Camiño de Fisterra e Muxía, coincidindo coa estrada provincial DP-5604, á altura do PQ 16, no tramo comprendido entre os núcleos de Pesaduira e Barbeira, na paraxe de Pena Silveira. A actuación consistirá na implantación da sinalización vertical específica asociada ao Camiño.

Segundo o PXOM de Santa Comba, o solo no que se desenvolverá esta actuación está cualificado como solo rústico de protección agropecuaria, permitindo a realización de obras e instalacións vinculadas á mellora da mobilidade e seguridade viaria, sempre que non impliquen transformacións urbanísticas de carácter estrutural.

As actuacións proxectadas non implican afección substancial ao planeamento urbanístico vixente, resultando plenamente compatibles coas determinacións do PXOM de Santa Comba e cos demais instrumentos de ordenación territorial aplicables.

No Apéndice nº 1 inclúense os planos correspondentes ao planeamento urbanístico vixente.



Figura 10.- Ámbito das actuacións previstas en Santa Comba (PP.QQ. 53+542 e 53+185) (PXOM 2001).

LENDA:



2.5. MAZARICOS

O instrumento de plan municipal vixente son as Normas Subsidiarias de Planeamento de Mazaricos, aprobadas definitivamente o 4 de maio de 1995 (BOP nº 124 de 1 de xuño de 1995).

As actuacións previstas no termo municipal de Mazaricos consisten fundamentalmente en tarefas de mantemento das sendas existentes, así como na mellora puntual dalgúns tramos para garantir a súa continuidade e seguridade.

Entre os PP.QQ. 39+892 e 38+890 da traza do Camiño, coincidindo cunha estrada local que comunica os núcleos de Corzón e As Abeleiroas, proxéctase mellorar o firme da senda existente mediante a execución dun pavimento de xabre-cemento ao longo de todo o percorrido, a instalación de varandas de protección nas zonas con desnivel superior a 55 cm —especialmente na contorna do PQ 38+890—, e a implantación de sinalización vertical conforme á Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

Segundo as Normas Subsidiarias de Mazaricos, o solo no que se desenvolverán as actuacións proxectadas está cualificado como solo non urbanizable de protección agropecuaria, solo non urbanizable de protección forestal e solo non urbanizable de protección do patrimonio histórico-artístico.



Figura 11.- Ámbito da estrada de Corzón ás Abeleiroas (PP.QQ. 39+892 e 38+890) (NNSS 1995).

LENDA:



As actuacións previstas presentan un carácter de conservación e mellora funcional, sen supoñer transformacións urbanísticas nin modificacións do uso do solo. O seu obxectivo é garantir a continuidade, seguridade e accesibilidade do itinerario peonil asociado ao Camiño de Santiago, polo que se consideran plenamente compatibles coas determinacións das NNSS de Mazaricos e co resto de instrumentos de ordenación territorial aplicables.

En consecuencia, conclúese que as actuacións proxectadas non implican afección substancial ao planeamento urbanístico vixente, podendo desenvolverse sen necesidade de adaptación ou modificación dos instrumentos de ordenación existentes.

No Apéndice nº 1 inclúense os planos correspondentes ao planeamento urbanístico vixente.

2.6. DUMBRÍA

No municipio de Dumbría non existe actualmente ningún instrumento de planeamento municipal vixente. No seu lugar, conta con documentos de *Delimitación de Solo de Núcleo Rural (DSNR)* para as poboacións de Olveira (aprobado o 7 de maio de 2015), Olveiroa (aprobado o 19 de novembro de 2013), Figueiroa-Dumbría e Pazos-Selgueiros (aprobados o 6 de xuño de 2014), o núcleo histórico-tradicional das Trouzas (aprobado o 14 de novembro de 2012) e A Boudañeira (aprobado o 10 de xaneiro de 2012). Ningún destes documentos regula o uso do solo nas zonas directamente afectadas polas actuacións previstas neste proxecto.

Nos municipios galegos que carecen de planeamento municipal, a lexislación urbanística vixente) — principalmente a *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia*— establece un réxime específico para regular os usos do solo e a edificación.

Aínda que esta Lei é a principal referencia normativa actual, cómpre lembrar que a anterior *Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia*, xa dispoñía que, na ausencia de planeamento xeral, se aplicarían as *Normas Provinciais de Planeamento*, que recollían as disposicións sobre usos e aproveitamentos do solo e edificación. A *Lei 2/2016* simplificou e unificou este marco normativo, establecendo unha regulación máis homoxénea para os concellos sen planeamento.

De acordo coa *disposición transitoria primeira, apartado 4 da Lei 2/2016*:

«Nos municipios sen planeamento xeral aplicarase o réxime de solo rústico, coas seguintes salvedades: unicamente poderase edificar nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado por reunir os requisitos establecidos no artigo 17.a da Lei do Solo de Galicia, e as delimitacións de solo rural manterán a súa vixencia.»

As principais consecuencias desta disposición son:

— Aplicación do réxime de solo rústico: A regra xeral é que todo o termo municipal se considera solo rústico, polo que as posibilidades de edificación son moi restritivas e limítanse a instalacións e construcións vinculadas a explotacións agrícolas, gandeiras, forestais ou a infraestruturas de interese público.

— Solo urbano consolidado: Permítese a edificación unicamente en terreos que dispoñan dos servizos urbanísticos básicos (acceso rodado, abastecemento de auga, saneamento e subministración eléctrica) e estean consolidados pola edificación nas dúas terceiras partes da súa superficie.

— Mantemento das delimitacións de núcleos rurais: As delimitacións aprobadas manteñen a súa vixencia e aplícaselles o réxime de solo de núcleo rural, que permite edificacións residenciais e outros usos compatibles co carácter tradicional do núcleo.

As actuacións previstas no termo municipal de Dumbría consisten fundamentalmente na execución de novas sendas peonís segregadas do tráfico rodado ao longo de varios tramos das estradas provinciais **DP-3404** e **DP-2302**, así como na mellora da seguridade e sinalización nos treitos coincidentes co trazado do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, nos puntos onde este discorre en paralelo ou cruza ás ditas estradas provinciais, conforme á Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

As novas sendas proxectadas contarán cunha sección tipo de 2,30 metros de ancho, executada en firme de xabre-cemento, garantindo a accesibilidade, integración paisaxística e drenaxe superficial axeitada ao ámbito rural no que se insiren.

En total, prevese a execución de seis tramos de senda peonil segregada, que se describen a continuación:

ID	ESTRADA	DENOMINACIÓN DO TRAMO	PQ INICIAL	PQ FINAL	LONXITUDE
9_595	DP-3404	Olveira	37+352	35+954	1.423,77
9_607	DP-3404	Hospital	30+477	30+228	374,29
9_598	DP-3404	Rego das Moas – Rego Valsagueiro	29+958	25+463	1.343,88
9_608	DP-2302	Fonte dos Ladróns	29+837	29+117	484,99
9_596	DP-3404	Carizas	24+298	24+081	237,02
9_609	DP-3404	Rego Fragoso	21+443	21+230	211,02

De acordo coa información urbanística dispoñible, o solo polo que discorren estas actuacións está clasificado como solo rústico sen categorizar.

As actuacións teñen carácter lineal e de integración paisaxística, orientadas á mellora da mobilidade sostible e da seguridade viaria, sen supoñer transformacións urbanísticas nin incremento da edificabilidade.

En conclusión, as actuacións proxectadas no termo municipal de Dumbría non implican afección substancial ao planeamento urbanístico vixente, resultando plenamente compatibles co marco normativo establecido pola *Lei 2/2016 do Solo de Galicia*.

No Apéndice nº 1 non se inclúen planos correspondentes aos ámbitos de actuación no termo municipal de Dumbría, ao non existir planeamento vixente aplicable aos devanditos ámbitos.

2.7. CORCUBIÓN

O instrumento de planeamento municipal vixente son as Normas Subsidiarias de Planeamento de Corcubión, aprobadas o 13 de xaneiro de 1989 (BOP nº 179 de 5 de agosto de 1989), xunto coas súas modificacións puntuais posteriores. Ademais, o concello conta cun planeamento de desenvolvemento específico para o conxunto histórico-artístico da vila de Corcubión.

As actuacións previstas no termo municipal de Corcubión consisten na execución duns 42 metros de senda peonil segregada pola marxe esquerda da estrada autonómica AC-445, ao seu paso polo núcleo rural de Amarela. Á altura aproximada do PK 4+750, a senda cruzará á marxe dereita da estrada, continuando xa por terreos pertencentes ao Concello de Cee.

A senda proxectada contará cunha sección tipo de 2,30 metros de ancho, executada en firme de xabre-cemento, garantindo a accesibilidade, a integración paisaxística e unha drenaxe superficial axeitada ao ámbito rural no que se insire.

Segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento de Corcubión, o solo polo que discorre a senda proxectada está clasificado como solo de núcleo rural sen categorizar.



Figura 12 .- Clasificación do solo no ámbito de actuación da Amarela. (NNSS-1989)..

LENDA:



No Apéndice nº 1 inclúense os planos correspondentes ao planeamento urbanístico vixente.

2.8. CEE

O instrumento de planeamento municipal vixente son as Normas Subsidiarias de Planeamento de Cee, aprobadas o 23 de febreiro de 1995 (BOP nº 57 do 10 de marzo de 1995), xunto coas súas modificacións puntuais posteriores.

As actuacións previstas no termo municipal de Cee consisten na execución de catro treitos segregados de senda peonil en xabre-cemento, co obxectivo de evitar o tránsito peonil pola plataforma da estrada autonómica AC-445, no ámbito da Praia de Estorde, entre os PP.KK. 11+879 (A Amarela) e 10+210 (Cova do Trigo). En total, proxéctase aproximadamente un quilómetro de senda de nova planta.

As sendas proxectadas contarán cunha sección tipo de 2,30 metros de ancho máximo, executada en firme de xabre-cemento, garantindo en todo momento a accesibilidade universal, a integración paisaxística e unha drenaxe superficial axeitada ás condicións do ámbito litoral no que se insiren. Ademais, prevese o acondicionamento con pavimento de formigón desactivado nos treitos existentes situados na marxe da estrada que se manteñan, co obxectivo de asegurar a continuidade funcional e estética entre os distintos tramos de senda de nova execución.



Figura 13.- Clasificación do solo no ámbito da Amarela segundo o planeamento vixente en Cee (NNSS-1995).

LENDA:



Figura 14.- Clasificación do solo no ámbito de actuación de Estorde. (NNSS-1995).

LENDA:



Segundo recolle o planeamento existente, o solo polo que discorren as sendas proxectadas categorízase como solo non urbanizable común e solo urbano sen categorizar, no cal se identifican distintas tipoloxías segundo os usos e intensidades permitidas: extensión de casco tipo cidade xardín, extensión de casco media, zona verde e zona recreativo-deportiva.

O Concello de Cee atópase actualmente inmerso na redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Na actualidade realizouse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria e estase a actualizar a cartografía municipal para continuar coa súa tramitación. Existe un borrador do PXOM de data xaneiro de 2022, depositado na Consellería de Medio Ambiente, acompañado do documento ambiental estratéxico, pendente de aprobación.



Figura 15.- Clasificación do solo na zona de actuación da Amarela segundo o avance do PXOM de Cee-2022.



Figura 16.- Clasificación do solo na zona de actuación de Estorde segundo o avance do PXOM de Cee-2022.

LENDA:

Segundo o planeamento en desenvolvemento, o solo afectado polo trazado das sendas está clasificado como solo rústico de especial protección de infraestruturas, solo rústico de especial protección de costas, solo rústico de especial protección de augas e solo de núcleo rural común.

Por outra banda, a estrada AC-445 de Cee a Fisterra, que pertencente á rede autonómica complementaria, posúe unha liña límite de edificación (L.L.E.) situada a 15 metros das marxes, que deberá ser respectada polas actuacións proxectadas.

As actuacións proxectadas no termo municipal de Cee presentan plena compatibilidade co planeamento urbanístico vixente, ao tratarse de obras de carácter lineal, vinculadas á mellora da mobilidade sostible e á seguridade viaria, que non implican transformacións do uso do solo nin incremento da edificabilidade. Así mesmo, son compatibles co avance do PXOM de Cee (2022), ao desenvolverse en ámbitos cualificados como solo rústico de especial protección de infraestruturas e de costas, permitindo actuacións de interese público destinadas á mellora das condicións de tránsito peonil e seguridade do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía.

En consecuencia, conclúese que as actuacións proxectadas non implican afección substancial ao planeamento urbanístico vixente nin ao seu desenvolvemento futuro, sendo coherentes cos obxectivos de ordenación territorial e de mobilidade previstos para o municipio de Cee.

No Apéndice nº 1 recóllense os planos correspondentes ao planeamento vixente e ao planeamento en desenvolvemento.

2.9. FISTERRA

O instrumento de planeamento municipal vixente é o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra, aprobado o 5 de agosto de 2019 (BOP nº 125 do 7 de agosto de 2020; DOG nº 167 do 4 de setembro de 2019), xunto coas súas modificacións puntuais posteriores.

No termo municipal de Fisterra non se prevén actuacións dentro do ámbito deste proxecto, polo que non se producen afeccións ao planeamento urbanístico vixente.

2.10. MUXÍA

O instrumento de planeamento municipal vixente son as Normas Subsidiarias de Planeamento de Muxía, aprobadas o 4 de maio de 1995 (BOP nº 218 do 1 de xuño de 1995), xunto coas súas modificacións puntuais posteriores.

A única actuación prevista no termo municipal de Muxía consiste no acondicionamento de dous rueiros de acceso á praia de Lourido, denominados Camiño da Embarrada e Camiño do Tendeiro, situados entre os PP.QQ. 2,500 e 1,770 da estrada provincial DP-5201.

Para conectar ambos camiños prevese a execución duns 50 metros de senda peonil en firme de xabre-cemento, garantindo a continuidade do itinerario do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía neste tramo. Así mesmo, proxéctase a instalación de sinalización específica nos treitos coincidentes co trazado do Camiño, tanto nos puntos de cruzamento como nos percorridos paralelos á estrada provincial DP-5201, conforme á Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.



Figura 17.- Clasificación do solo no ámbito de actuación na Praia de Lourido. (NNSS-1995).

LENDA:



Segundo o planeamento vixente de Muxía, o solo polo que discorre a senda proxectada está catalogado como solo non urbanizable de protección paisaxística, o que permite actuacións de interese público orientadas á mellora da mobilidade e á posta en valor de itinerarios peonís vinculados ao Camiño de Santiago.

As actuacións proxectadas no termo municipal de Muxía presentan plena compatibilidade co planeamento urbanístico vixente, ao tratarse de intervencións de carácter lineal e de reducida entidade, destinadas á mellora da mobilidade peonil e da sinalización do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía. Non implican transformacións do uso do solo nin incremento da edificabilidade, polo que non se produce afección substancial ao planeamento en vigor.

No Apéndice nº 1 inclúese o plano correspondente ao ámbito de actuación e á clasificación do solo segundo o planeamento vixente.

2.11. CONCLUSIÓNS

O presente anexo recolle a análise do planeamento urbanístico vixente e da clasificación do solo nos distintos concellos polos que discorren as actuacións incluídas no proxecto de execución de sendas peonís asociadas ao Camiño de Santiago de Fisterra e Muxía, con especial atención ás afeccións derivadas sobre o solo urbano, rústico e de núcleo rural.

Da análise efectuada conclúese o seguinte:

- ✓ **Planeamento vixente**: Todos os concellos polos que discorre o trazado dispoñen de planeamento municipal aprobado —PXOM ou Normas Subsidiarias—, agás o Concello de Dumbría, que carece de planeamento xeral e se rexe pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e polas súas Delimitacións de Solo de Núcleo Rural (DSNR).
- ✓ **Clasificación do solo afectado:** As actuacións proxectadas discorren maioritariamente sobre solo rústico ou solo de núcleo rural, e en menor medida sobre solo urbano consolidado. Non se detectan afeccións relevantes a ámbitos con ordenación pormenorizada nin a solo urbano de desenvolvemento.
- ✓ **Compatibilidade co planeamento:** As actuacións propostas —sendas peonís segregadas, melloras de sinalización, limpeza e mantemento de tramos existentes— son plenamente compatibles co planeamento urbanístico vixente e co marco normativo autonómico. Trátase de actuacións lineais, de carácter público e de interese xeral, orientadas á mellora da mobilidade sostible, a seguridade viaria e a integración paisaxística do itinerario xacobeo.
- ✓ **Carácter das intervencións:** Ningunha das actuacións proxectadas implica modificacións da estrutura territorial nin supón incremento da edificabilidade. As sendas proxectadas, con sección tipo de 2,30 m en firme de xabre-cemento, e os tramos de conexión en formigón desactivado, respectan as condicións de accesibilidade, drenaxe e integración ambiental do medio rural e litoral no que se insiren.

En todos os concellos analizados, as actuacións previstas non implican afección substancial ao planeamento urbanístico vixente, sendo coherentes cos instrumentos de ordenación municipal e autonómica aplicables.

En caso de resultar aplicable, naqueles tramos nos que existen alienacións, o trazado proposto para as sendas segregadas axustase ás alienacións establecidas.

En consecuencia, o proxecto resulta urbanisticamente viable e compatible cos instrumentos de ordenación territorial e urbanística en vigor, contribuíndo ao reforzo da seguridade, funcionalidade e posta en valor do Camiño de Santiago de Fisterra e Muxía como infraestrutura de mobilidade sostible e patrimonio cultural de interese público.

Na táboa seguinte recóllese o **planeamento urbanístico vixente en cada concello**, xunto coa **clasificación do solo afectado** e a **viabilidade urbanística das actuacións proxectadas**, de acordo coa normativa municipal aplicable en cada ámbito:

CONCELLO	PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE	ACTUACIÓNS	CLASIFICACIÓN DO SOLO	VIABILIDADE URBANÍSTICA
Santiago de Compostela	Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 3 de outubro de 2007 (BOP nº 56 do 30/11/2007, DOG nº 204 do 22/10/2007).	9_740 Moas de Abaixo	Solo de núcleo rural e solo rústico de protección das augas.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
Negreira	Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 18 de maio de 1999 (BOP nº 125 do 04/06/1999, DOG nº 100 do 27/05/1999).	9_733 A Barquiña	Solo de núcleo rural sen categorizar, solo rústico de protección do patrimonio e solo rústico común.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
Mazaricos	Normas Subsidiarias de Planeamento de Mazaricos, aprobadas o 4 de maio de 1995 (BOP nº 124 do 01/06/1995).	9_735 Corzón	Solo non urbanizable de protección agropecuaria, solo non urbanizable de protección forestal e solo non urbanizable de protección do patrimonio histórico-artístico.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
Dumbría	Sen planeamento xeral vixente. Existen delimitacións de solo de núcleo rural aprobadas entre 2012 e 2015 (Olveira, Olveiroa, Figueiroa-Dumbría, Pazos-Selgueiros, A Boudañeira e As Trouzas).	9_595 Olveiroa	Solo rústico sen categorizar.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
		9_607 Hospital	Solo rústico sen categorizar.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
		9_598 Rego das Moas – Rego Valsagueiro	Solo rústico sen categorizar.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
		9_596 As Carizas	Solo rústico sen categorizar.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
		9_608 Fonte dos Ladróns	Solo rústico sen categorizar.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
		9_609 Rego Fragoso	Solo rústico sen categorizar.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
Corcubión	Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas o 13 de xaneiro de 1989 (BOP nº 179 do 05/08/1989).	9_600 A Amarela	Solo de núcleo rural sen categorizar.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
Cee	Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas o 23 de febreiro 1995 (BOP nº 57 do 10/03/1995).	9_600 A Amarela	Solo non urbanizable común	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
		9_600 Praia de Estorde	Solo non urbanizable común e solo urbano sen categorizar.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.
Muxía	Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas o 4 de maio de 1995 (BOP nº 218 do 01/06/1995).	9_597 Praia de Lourido	Solo non urbanizable de protección paisaxística.	Compatible co planeamento urbanístico vixente.

APÉNDICE 1. PLANOS



LÍMITE TERMO MUNICIPAL
LÍMITE DE SOLO URBANO / ORDENANZA
LÍMITE DE SOLO URBANO / ORDENACIÓN SUBSISTENTE
NC P-1 SOLO URBANO NON CONSOLIDADO / P-1, PERI 1R, AEI-A, UG-A, UG-1
LÍMITE DE SOLO DE NÚCLEO RURAL / ORDENANZA
ÁMBITO DE SOLO URBANIZABLE
SUD-1 DELIMITADO
SUND-1 NON DELIMITADO
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO / PLANEAMENTO SUBSISTENTE
ÁMBITO PLAN ESPECIAL
ÁMBITO PLAN ESPECIAL SUBSISTENTE

3 ORDENANZA Nº
B+2 / 12 ALTURA E FONDO MÁX. DA EDIFICACIÓN
CAMBIO DE ALTURA DA EDIFICACIÓN
ALIÑACIÓNS PROPOSTAS
DISTANCIA ENTRE ALIÑACIÓNS
327.2 PUNTO ALTIMÉTRICO DE RASANTE NO NOVO VIARIO
VIARIO PROPOSTO / SISTEMA XERAL EN SOLO URBANIZABLE
IV TIPO SISTEMA VIARIO
SERVICIOS TÉCNICOS DE INFRAESTRUCTURAS
SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
15 ORDINARIA
16 AGROPECUARIA
17 FORESTAL
18 DE INFRAESTRUCTURAS
19 DAS AUGAS
20 DE ESPACIOS NATURAIS
21 DE INTERESE PAISAXÍSTICO
22 DE INTERESE PATRIMONIAL ARTÍSTICO OU HISTÓRICO

LÍMITE TERMO MUNICIPAL
LÍMITE DE SOLO URBANO / ORDENANZA
LÍMITE DE SOLO URBANO / ORDENACIÓN SUBSISTENTE
NC P-1 SOLO URBANO NON CONSOLIDADO / P-1, PERI 1R, AEI-A, UG-A, UG-1
LÍMITE DE SOLO DE NÚCLEO RURAL / ORDENANZA
ÁMBITO DE SOLO URBANIZABLE
SUD-1 DELIMITADO
SUND-1 NON DELIMITADO
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO / PLANEAMENTO SUBSISTENTE
ÁMBITO PLAN ESPECIAL
ÁMBITO PLAN ESPECIAL SUBSISTENTE

3 ORDENANZA Nº
B+2 / 12 ALTURA E FONDO MÁX. DA EDIFICACIÓN
CAMBIO DE ALTURA DA EDIFICACIÓN
ALIÑACIÓNS PROPOSTAS
DISTANCIA ENTRE ALIÑACIÓNS
327.2 PUNTO ALTIMÉTRICO DE RASANTE NO NOVO VIARIO
VIARIO PROPOSTO / SISTEMA XERAL EN SOLO URBANIZABLE
IV TIPO SISTEMA VIARIO
SERVICIOS TÉCNICOS DE INFRAESTRUCTURAS
SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN
15 ORDINARIA
16 AGROPECUARIA
17 FORESTAL
18 DE INFRAESTRUCTURAS
19 DAS AUGAS
20 DE ESPACIOS NATURAIS
21 DE INTERESE PAISAXÍSTICO
22 DE INTERESE PATRIMONIAL ARTÍSTICO OU HISTÓRICO

LENDA
ZONA DE ACTUACIÓN

S:\PROYZ\c2251312_ATG Sonxas FISMUXTECNO\PLANOS\Arquivos\A05-Planeamento\dv2_-_PXOM_Santiago_Ec01.dwg

XUNTA DE GALICIA · galicia · TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P.
AUTORA DO PROXECTO: Claudia A. Landeira Calviño

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P.
DIRECTOR DO PROXECTO: Luis Gestal Ermau

DEBUXOU: | COTEXOU: | SUBSTITUE A: | SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:2.000 (0 10 20 40 80m)

TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 1–2.1
FOLLA: 1 DE 1

DESIGNACIÓN DO PLANO: PLANEAMENTO VIXENTE PXOM SANTIAGO

DATA: DECEMBRO 2025
NÚMERO DE PÁXINA:



ZONIFICACION

SOLO URBANO
- SOLO URBANO

SISTEMAS XERAIS
- SISTEMA XERAL DE ZONA VERDE

SOLO DE NUCLEO RURAL
- CASERIO CONCENTRADO
- CASERIO DISPERSO

SOLO URBANIZABLE
- USO RESIDENCIAL
- USO EMPRESARIAL

SOLO RUSTICO COMUN
- SOLO RUSTICO COMUN
- SOLO RUSTICO DE INFRAESTRUCTURAS

SOLO RUSTICO PROTEXIDO
- PROTECCION RIOS
- PROTECCION AGRICOLA
- PROTECCION FORESTAL
- PROTECCION DO PATRIMONIO

LENDA

ZONA DE ACTUACIÓN

S:\PROYC\C2251312_ATG Servizos FISMUX\TECNICO\PLANOS\AmpliaA05-Planeamento\b3_1_PXOM_Negreira_L001.dwg

XUNTA DE GALICIA galicia TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P. AUTORA DO PROXECTO: Claudia A. Landeira Calvelo

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P. DIRECTOR DO PROXECTO: Luis Gestal Emau

DEBUXOU: | SUBSTITUE A:

COTEXOU: | SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:5.000 (0 25 50 75 100m)

TITULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 2–3.1

FOLLA: 1 DE 1

DESIGNACIÓN DO PLANO: PLANEAMENTO VIXENTE PXOM NEGREIRA

DATA: DECEMBRO 2025

NÚMERO DE PÁXINA:



CATEGORIA DEL SISTEMA VIARIO

CAT. A	VIALES URBANOS (SENALADO EN PLANOS DE ALINEACIONES)
CAT. B	VIALES INTERURBANOS
CAT. C	OTROS VIALES PERTENECIENTES AL SISTEMA GENERAL VIARIO
CAT. D	CAMINOS RURALES (VIALES RESTANTES)

- LIMITE DE APLICACION ORDENANZA PA
- LIMITE DE APLICACION ORDENANZA PF
- PROTECCION DE CAUCES EN RELACION CON LA EDIFICACION
- LIMITE DE AREA DE PROTECCION ARQUEOLOXICA CAUTELAR
- LIMITE DO TERMINO MUNICIPAL.
- LIMITE APLICACION DA ORDENANZA.

SOLO NON URBANIZABLE.

NN	SOLO NON URBANIZABLE DE NUCLEOS RURAIS DE POBOACION.
NU	SOLO NON URBANIZABLE COMUN.
PN	SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCION DOS ESPACIOS NATURAIS.
SF	SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCION DE CANLES E ZONAS BAIXAS.
PA	SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCION AGROPECUARIA.
PF	SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCION FORESTAL.
E	EQUIPAMENTOS.
PHA	SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCION DO PATRIMONIO HISTORICO-ARTISTICO.

LENDA

ZONA DE ACTUACIÓN

XUNTA DE GALICIA · galicia · TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P. AUTORA DO PROXECTO: Claudia A. Landeira Calviño

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P. DIRECTOR DO PROXECTO: Luis Gestal Ermau

DEBUXOU: | SUBSTITUE A:

COTEXOU: | SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:5.000 (0 25 50 75 100m)

TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 3–4.1 | FOLLA 1 DE 1

DESIGNACIÓN DO PLANO: PLANEAMENTO VIXENTE NNSS MAZARICOS

DATA: DECEMBRO 2025

NÚMERO DE PÁXINA:

S:\PROY\2\C2551012_ATG Sondas FISMUX\TECNICO\PLANOS\Arquivo\AO\5-Planeamento\4-1_NNSS_Mazaricos_Ed01.dwg



LENDA

ZONA DE ACTUACIÓN

ZONIFICACION

SOLO URBANO

- 1 CASCO ANTIGO INTENSIVO
- EXTENSION CASCO INTENSIVO
- EXTENSION CASCO SEMI-INTENSIVO
- EXTENSION CASCO MEDIA
- EXTENSION CASCO UNIFAMILIAR
- 6 EXTENSION CASCO "CIDADE XARDIN"
- ACTUACIONS UNITARIAS DE VIVENDA
- INDUSTRIA
- DOTACIONS
- 10 ZONA VERDE
- 11 ZONA RECREATIVO-DEPORTIVA
- + ZONA FUNERARIA
- PARQUES E XARDINS CATALOGADOS
- 14 ZONA RECREATIVO-COSTEIRA
- EDIFICIOS E CONXUNTOS CATALOGADOS
- 16 ZONA PORTUARIA
- 17 VIARIO

SOLO APTO PARA URBANIZAR

- 18 RESIDENCIAL
- 19 INDUSTRIAL

SOLO NON URBANIZABLE DE NUCLEO RURAL

- 20 NUCLEO RURAL TRADICIONAL DE CASERIO COMPACTO
- 21 NUCLEO RURAL TRADICIONAL DE CASERIO DISPERSO
- 22 ZONA DE TOLERACIA

SOLO NON URBANIZABLE COMUN

- 23 SOLO NON URBANIZABLE COMUN
- 24 SOLO NON URBANIZABLE DE INFRAESTRUCTURAS

SOLO NON URBANIZABLE PROTEXIDO

- PROTECCION DE COSTAS
- PROTECCION DE RIOS
- 27 PROTECCION AGRICOLA
- 28 PROTECCION FORESTAL
- 29 PROTECCIÓN DE PATRIMONIO

S:\PROYZ\C2251317_ATG Sendas FISMUX\TECNICO\PLANOS\Arquivos\A05-Planeamento\dgn\6.-_NNSS_Coc_Ec01.dwg

XUNTA DE GALICIA galicia TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P. AUTORA DO PROXECTO: Claudia A. Landeira Calveiro

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P. DIRECTOR DO PROXECTO: Luis Gestal Emau

DEBUXOU: | COTEXOU: | SUBSTITUE A: | SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:5.000 (0 25 50 75 100m)

TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 4–6.1

FOLLA: 1 DE 1

DESIGNACIÓN DO PLANO: PLANEAMENTO VIXENTE NNSS CEE

DATA: DECEMBRO 2025

NÚMERO DE PÁXINA:



LENDA

ZONA DE ACTUACIÓN

- Chan urbano
- Delimitación da zona de dominio marítimo
- Zona de protección marítimo terrestre

Non urbanizable sen especial protección:
- Chan de nucleos rurais NRT
- Chan común NUC

Non urbanizable especialmente protexido:
- De litoral NUPL
- De cultivos NUPC
- Forestal NUPF
- Histórico–Artistico NUPH
- Cursos de auga NUPR

S:\PROYZ\C2251312_ATG Servizo TI\SMUIX\TECNICO\PLANOS\Arquivos\A05-Planeamento\06_-_NNSS_Corcubión_Ed01.dwg

XUNTA DE GALICIA galicia TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P.
AUTORA DO PROXECTO
Claudia A. Landeira Calviño

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P.
DIRECTOR DO PROXECTO
Luis Gestal Ermau

DEBUXOU:	SUBSTITUÍ A:
COTEXOU:	SUBSTITUÍDO POR:

ESCALAS: 1:5.000 (0 25 50 75 100m)

TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 5–6.1
FOLLA: 1 DE 1

DESIGNACIÓN DO PLANO: PLANEAMENTO VIXENTE NNSS CORCUBIÓN

DATA: DECEMBRO 2025

NÚMERO DE PÁXINA:

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FISTERRA

SOLO URBANO

Delimitación de Solo Urbano

Solo urbano consolidado

Solo urbano non consolidado

SOLO DE NÚCLEO RURAL

Delimitación de Solo de Núcleo Rural

Zona Común

Zona Histórico-Tradicional

(1) (2)
00.00
DENLE
(1) Parroquia
(2) Numeración
Nome

SOLO RÚSTICO

Plan Especial de Protección do Entorno do Faro

S. Rústico de Protección Ordinaria (SRPO)

S. Rústico de Protección Agropecuaria (SRPA)

S. Rústico de Protección Forestal (SRPF)

S. Rústico de Protección das Augas (SRPAg)

S. Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPI)

S. Rústico de Protección Paisaxística (SRPP)

Itinerario paisaxístico

S. Rústico de Prot. de Espazos Naturais (SRPEN)

S. Rústico de Protección de Costas (SRPC)

S. Rústico de Prot. do Patrimonio Cultural (SRPPC)

SOLO URBANIZABLE

S. Urbanizable Delimitado Residencial

SIMBOLOXÍA

SISTEMAS XERAIS E DOTACIÓNS LOCAIS

ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES — ZV

EQUIPAMENTOS — EQ

COMUNICACIÓNS E TRANSPORTES

SP Sistema Xeral Portuario
DPP Dominio Público Portuario
Sendas e camiños
Camiño dos Faros
Sistema Viario Autonómico
Sistema Viario Municipal
Reserva Viaria
AP-E Zona de aparcadoiro existente de titularidade pública
AP-AD Zona de aparcadoiro novo

INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

EDAR Estación de Depuración de Augas Residuais
AT Antena de Telefonía
Liña de Media Tensión

PATRIMONIO CULTURAL

ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO
01.01 Ámbito protexido
Contorno de protección
Camiño de Santiago

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO
01.19
Grado protección I: BIC
GA0000000 Código xacimento
Grado de Protección II: Protección integral
Grado de Protección III: Protección cautelar

LIC. Lugar de Interese Comunitario (Rede Natura 2000)
Liña de ribeira
Liña de Deslinde Público Marítimo Terrestre (D.P.M.T)
Liña de servidume de protección

LENDA

ZONA DE ACTUACIÓN

AC-445
TRAMO 610

Praia de Estorde
Praia de Sardiñeiro
Praia de Restrelo
Punta da Arnela
O Rumbo
Porto de Sardiñeiro
Punta Longa
Cee
Sardiñeiro de Abaixo
Cova da Tuga

S:\PROYZ\C2251312_ATG Servizos FISMUX\TECNICO\PLANOS\Arroios\Vol05-Planeamento\6-2_PXOM_Fisterra_Ed01.dwg

XUNTA DE GALICIA galicia · TURISMO DE GALICIA	CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.	A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P. AUTORA DO PROXECTO: Claudia A. Landeira Calveiro	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P. DIRECTOR DO PROXECTO: Luis Gestal Emau	DEBUXOU: / COTEXOU:	SUBSTITUÍ A: / SUBSTITUÍDO POR:	ESCALAS: 1:5.000 (0 25 50 75 100m)	TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA	CLAVE: 2025/016	NÚMERO DE PLANO: 6–6.2 / FOLLA: 1 DE 1	DESIGNACIÓN DO PLANO: PLANEAMENTO VIXENTE PXOM FISTERRA	DATA: DECEMBRO 2025 / NÚMERO DE PÁXINA:



LENDA

ZONA DE ACTUACIÓN

S:\PROY\2c2551312_ATG Servizos FISMUXI\TECNICO\PLANOS\Anglos\A05-Planeamento\7 - NNSS_Muxia_E-801.dwg

XUNTA DE GALICIA · galicia · TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P.
AUTORA DO PROXECTO
Claudia A. Landeira Calviño

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P.
DIRECTOR DO PROXECTO
Luis Gestal Emau

DEBUXOU: | SUBSTITUE A:
COTEXOU: | SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:5.000
0 25 50 75 100m

TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 7–7.1
FOLLA: 1 DE 1

DESIGNACIÓN DO PLANO: PLANEAMENTO VIXENTE NNSS MUXÍA

DATA: DECEMBRO 2025
NÚMERO DE PÁXINA:

ANEXO Nº 6: PATRIMONIO

ANEXO Nº 6: PATRIMONIO

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 5
2. PATRIMONIO CULTURAL 5
2.1. SANTIAGO DE COMPOSTELA 5
2.2. AMES 5
2.3. NEGREIRA 5
2.4. SANTA COMBA 6
2.5. MAZARICOS 7
2.6. DUMBRÍA 7
2.7. CORCUBIÓN 9
2.8. CEE 10
2.9. FISTERRA 10
2.10. MUXÍA 11
2.11. CONCLUSIÓNS 11
3. CAMIÑO DE SANTIAGO: FISTERRA-MUXÍA 12
3.1. INTRODUCCIÓN 12
3.2. DESCRIPCIÓN Y PERCORRIDO 13
3.2.1. ETAPA I: SANTIAGO→NEGREIRA 13
3.2.2. ETAPA II: NEGREIRA→OLIVEIROA 13
3.2.3. ETAPA IIIA: OLVEIROA→CORCUBIÓN 13
3.2.4. ETAPA IIIB: OLVEIROA→MUXÍA 14
3.2.5. ETAPA IV: CORCUBIÓN→FISTERRA 14
3.2.6. ETAPA V: FISTERRA↔MUXÍA 15
3.3. NORMATIVA 15
3.4. CONCLUSIÓNS 16
APÉNDICE 1. INFORME ARQUEOLÓXICO 17
APÉNDICE 2. FICHAS DOS ELEMENTOS CATALOGADOS 33
1. NEGREIRA 35
2. MAZARICOS 36
3. DUMBRÍA 40
4. MUXÍA 42
APÉNDICE 3. PLANOS 45

1. INTRODUCIÓN

O presente proxecto recolle as actuacións necesarias para segregar o trazado do **Camiño de Santiago de Fisterra e Muxía** nos tramos comúns con estradas de titularidade municipal, provincial e autonómica, mediante a execución de sendas de nova planta fóra da plataforma destas vías. Complementariamente, nos tramos nos que xa existe unha alternativa de tránsito segregada, proxéctanse actuacións de carácter complementario, consistentes na implantación ou reforzo da sinalización vertical específica e do balizamento, na execución de pavimentos de lastro de pedra para a identificación e advertencia dos cruzamentos, así como en tarefas de roza e reposición de pavimentos.

As actuacións proxectadas desenvólvense nos termos municipais de Santiago de Compostela, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Corcubión, Cee, Fisterra e Muxía; todos eles pertencentes á provincia da Coruña.

O obxecto do presente anexo é describir o planeamento urbanístico vixente e identificar os elementos catalogados do patrimonio cultural situados nas zonas afectadas polas actuacións previstas.

A información relativa ao patrimonio vixente recollida neste documento obtívose a través do Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA): https://siotuga.xunta.gal/siotuga/. Ademais, completouse coa información dispoñible no Plan Básico Autonómico da Xunta de Galicia e no Visor de Aproveitamentos Forestais do mesmo organismo: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/?locale=es.

2. PATRIMONIO CULTURAL

2.1. SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Santiago de Compostela dispón dun Catálogo de protección patrimonial aprobado mediante Orde do 3 de outubro de 2007, integrado no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), no que se recolle un amplo conxunto de elementos arquitectónicos, etnográficos, arqueolóxicos e culturais, reflexo do destacado patrimonio histórico do municipio.

No caso que nos ocupa, o tramo proxectado non discorre por ámbitos con presenza de bens catalogados nin dentro das súas áreas de protección, agás a propia traza do Camiño de Santiago de Fisterra e Muxía, elemento cultural de relevancia recoñecida e obxecto da debida preservación conforme á normativa vixente.

A continuación inclúese unha imaxe extraída do Visor de Aproveitamentos Forestais da Xunta de Galicia correspondente ao ámbito de actuación, na que se aprecia a ausencia de elementos catalogados ou inventariados que poidan verse afectados polas actuacións proxectadas.

Figura 1.- Ámbito da senda en Moas de Abaixo (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

2.2. AMES

No termo municipal de Ames as actuacións previstas limítanse a tarefas de implantación ou reforzo da sinalización vertical específica nos tramos coincidentes co Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, sen execución de novas sendas nin obras de movemento de terras.

Por tanto, non se prevén afeccións a elementos patrimoniais catalogados nin a bens incluídos en áreas de protección segundo o PXOM de Ames (2002).

A sinalización proxectada é a propia do Camiño de Santiago, conforme á *Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas*, polo que se trata dunha actuación de carácter leve e plenamente compatible coa conservación do patrimonio cultural e coa contorna existente.

2.3. NEGREIRA

O PXOM vixente de Negreira inclúe un catálogo de bens patrimoniais identificados e numerados, no que se recollen elementos arquitectónicos, relixiosos e arqueolóxicos de relevancia, entre eles varios situados na parroquia de Santa Baia de Logrosa.

A única actuación de nova planta proxectada neste termo municipal localízase entre os PP.QQ. 71+283 e 70+329, no núcleo da Chancela, onde se prevé a execución dunha senda peonil segregada paralela á estrada municipal de Negreira á Barca.

Segundo se aprecia no Visor de Aproveitamentos Forestais da Xunta de Galicia, o ámbito de actuación sitúase nas proximidades do Castro de Logrosa (GA15056030), dentro da súa área de contorno visual e de amortecemento, así como da propia área de protección do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía. Ademais, a traza proxectada discorre próxima pero fóra das áreas de protección do Pazo da Chancela, da Igrexa de Santa Baia de Logrosa e do Xacemento romano de Logrosa (GA15056084).



Figura 2.- Ámbito da senda en Chancela. (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

LENDA:

En relación co Castro de Logrosa, trátase dun importante xacemento arqueolóxico que conserva vestixios dunha dobre muralla, foxo e vivendas circulares. Documentáronse tamén fragmentos cerámicos e metálicos, aínda que parte do xacemento se atopa alterado pola construción de edificacións modernas (vivenda, campo de tenis e piscina) sobre a antiga acrópole. O castro situábase nun pequeno couto illado, configurado como esporón nun meandro do río Tambre, o que lle confería un claro valor defensivo.

Os restos conservados e o material arqueolóxico recuperado —entre eles dúas efixies antropomorfas e catro inscricións romanas depositadas no Museo do Pobo Galego— foron estudados por autores como Florentino López Cuevillas (Las estatuas de Logrosa, Cadernos de Estudos Galegos, 1957) e G. López Monteagudo (1989), quen propuxeron a súa posible relación coa divindade indíxena Cosus.

A maior parte do trazado da nova senda proxectada discorre en terraplén moi próxima á estrada local, sen necesidade de movementos de terra significativos nin de escavacións no substrato, o que reduce notablemente o risco de afeccións directas ao patrimonio arqueolóxico.

As actuacións previstas no termo municipal de Negreira non implican afección directa a bens catalogados nin a elementos arqueolóxicos documentados, dado que se desenvolven fóra das súas áreas de protección específicas. Non obstante, ao situarse parcialmente dentro da contorna de protección do Castro de Logrosa, recoméndase a supervisión arqueolóxica preventiva durante a execución das obras, conforme ao establecido na *Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia*, a fin de garantir a conservación integral do patrimonio cultural existente.

En consecuencia, as actuacións proxectadas son compatibles co planeamento urbanístico e co réxime de protección patrimonial vixente, sempre que se adopten as medidas preventivas indicadas.

2.4. SANTA COMBA

No termo municipal de Santa Comba, as actuacións previstas limítanse á implantación ou reforzo da sinalización vertical específica nos tramos coincidentes co Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, sen contemplarse a execución de novas sendas nin obras de movemento de terras.

En consecuencia, non se prevén afeccións a elementos patrimoniais catalogados nin a bens incluídos en áreas de protección, segundo o PXOM de Santa Comba (2001), que recolle un catálogo de bens culturais de carácter local, arquitectónico e etnográfico, sen que ningún deles se atope no ámbito de actuación.

A sinalización proxectada é a propia do Camiño de Santiago, conforme á Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas, e consiste en elementos normalizados e reversibles, polo que se trata dunha actuación de carácter leve, non invasora e plenamente compatible coa conservación do patrimonio cultural e coa contorna existente.

Por tanto, as actuacións previstas no termo municipal de Santa Comba non implican ningunha afección ao patrimonio cultural catalogado nin ao ámbito protexido do Camiño, resultando plenamente compatibles co planeamento urbanístico vixente e coa normativa de protección patrimonial.

2.5. MAZARICOS

As actuacións previstas no termo municipal de Mazaricos consisten fundamentalmente na mellora do firme da senda existente entre os PP.QQ. 39+892 e 38+890 da traza do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, na beira da estrada local que comunica os núcleos de Corzón e As Abeleiroas. Ademais, prevese a instalación de varandas de protección nas zonas con desnivel superior a 55 cm e a implantación de sinalización vertical específica conforme á *Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas*.

En consecuencia, non se prevén afeccións directas a elementos patrimoniais catalogados nin a bens incluídos en áreas de protección, segundo o Catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento de Mazaricos (1995).

Porén, segundo se aprecia no Visor de Aproveitamentos Forestais da Xunta de Galicia, o ámbito de actuación sitúase nas proximidades de varias mámoas catalogadas pertencentes ao conxunto megalítico de Pedras Miúdas, así como da Igrexa de San Cristovo de Corzón e do Cruceiro de Corzón, todos eles elementos incluídos no inventario patrimonial municipal.



Figura 3.- Ámbito de actuación de Mazaricos (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

LENDA:



As actuacións proxectadas consisten en tarefas de renovación superficial do firme existente, sen implicar movementos de terra nin escavacións no substrato, polo que non se prevén afeccións directas a bens arqueolóxicos nin a elementos patrimoniais inventariados.

En consecuencia, as actuacións previstas no termo municipal de Mazaricos non afectan a elementos catalogados nin a áreas de protección patrimonial, desenvolvéndose sobre infraestruturas existentes e con mínima incidencia sobre o territorio.

2.6. DUMBRÍA

Debido á ausencia de planeamento urbanístico xeral vixente no Concello de Dumbría, non existe un catálogo municipal de bens patrimoniais. Con todo, o Plan Básico Autonómico (PBA) da Xunta de Galicia recolle diversos elementos de interese patrimonial e etnográfico situados nas contornas afectadas polas actuacións de execución das novas sendas proxectadas.

Para a identificación dos bens susceptibles de afección, analizáronse os ámbitos de actuación a través do Visor de Aproveitamentos Forestais da Xunta de Galicia, obténdose as seguintes conclusións:



Figura 4.-Ámbito da actuación en Olveira (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

Figura 5.- Ámbito entre Hospital e Fonte dos Ladróns (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

LENDA:



No caso da senda en Olveira, o seu inicio desenvolvese na contorna de dous elementos patrimoniais de especial relevancia:

— **Ponte de Olveira:** trátase dunha ponte de fábrica de cantería de grande valor patrimonial, arquitectónico e histórico, construída en granito local e composta por tres arcos de medio punto que salvan o curso do río Xallas, na fronteira entre os concellos de Dumbría e Mazaricos. A estrutura, datada entre os séculos XVII e XVIII, posúe un arco principal de aproximadamente 12 metros de luz e unha altura máxima próxima aos 7 metros na súa parte central.

Dispón de catro tallamares triangulares, situados dous a favor e dous en contra da corrente, e un taboleiro duns 5 metros de ancho, que foi reformado con formigón armado para permitir a pavimentación e o tránsito rodado da estrada actual.

A ponte está catalogada no Plan Básico Autonómico (PBA) e recollida tamén no PXOM de Mazaricos dentro do Inventario Municipal de Bens Patrimoniais como elemento arquitectónico e etnográfico protexido, con nivel de protección estrutural, debido á súa relevancia como infraestrutura viaria tradicional e parte integrante do itinerario xacobeo cara Fisterra.

En canto ao seu estado de conservación, a ponte foi reconstruída parcialmente a finais do século XIX tras o colapso dunha das súas bóvedas, e restaurada novamente a mediados do século XX para mellorar o paso peonil. Nas últimas décadas realizáronse traballos puntuais de consolidación de paramentos e limpeza das lousas de rodadura, polo que se mantén actualmente en bo estado estrutural e funcional.

A súa tipoloxía construtiva, a disposición dos arcos e o aparello de cachotería regular amosan características propias das pontes medievais galegas, malia que as intervencións posteriores lle outorgan un aspecto máis homoxéneo. Constitúe, polo tanto, un testemuño destacado da rede de comunicacións histórica entre a Terra de Xallas e a Costa da Morte, así como un elemento simbólico do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía..

— **Hórreo de Ponte de Olveira:** elemento catalogado no Plan Básico Autonómico (PBA). Trátase dun hórreo tradicional galego de planta rectangular, construído en granito e madeira, con cuberta a dúas augas de tella do país, asentado sobre pés e tornarratos pétreos. Representa un exemplo singular da arquitectura tradicional agraria da zona, asociado á vivenda rural e á actividade cerealista.

No ámbito das sendas de Fonte dos Ladróns e de Hospital, o PBA identifica os seguintes elementos patrimoniais:

— **Castro do Alto Casteliño** (GA15034021): asentamento castrexo de tipoloxía habitual na comarca, localizado sobre un pequeno outeiro, con vestixios de parapeto e foxo defensivo.

— **Mámoa do Campo das Mallas**: túmulo megalítico visible sobre o terreo, de gran valor arqueolóxico e testemuña da ocupación prehistórica da zona.

Nos restantes tramos de actuación —Rego das Moas-Rego Valsagueiro, Carizas e Rego Fragoso— non se localizaron bens patrimoniais catalogados, agás a propia traza do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, que conta coa súa área de protección específica.



Figura 6.- Ámbito entre os regos das Moas e Valsagueiro (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

Figura 7.- Ámbito da senda en Carizas. (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

Figura 8.- Ámbito da senda en rego Fragoso (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

As actuacións proxectadas no termo municipal de Dumbría non implican afección directa a bens patrimoniais catalogados, desenvolvéndose maioritariamente sobre trazados existentes e terreos rústicos de escasa alteración, o que minimiza o impacto sobre o patrimonio cultural.

Non obstante, dado que o ámbito da senda de Olveira se localiza nas inmediacións de bens de especial relevancia histórico-arquitectónica e etnográfica, como a Ponte de Olveira e o Hórreo de Ponte de Olveira, e que nas contornas de Hospital e Fonte dos Ladróns se identifican elementos arqueolóxicos relevantes —o Castro do Alto Casteliño (GA15034021) e a Mámoa do Campo das Mallas—, recoméndase a aplicación das seguintes medidas preventivas e de control arqueolóxico:

- ✓ Supervisión arqueolóxica durante as fases de implantación e movemento de terras, co fin de identificar e documentar posibles achados fortuítos.
- ✓ Mantemento dunha distancia de seguridade mínima de 50 metros respecto dos bens inventariados e das súas áreas de protección.
- ✓ Prohibición expresa de provisións, instalacións auxiliares ou verteduras nas contornas inmediatas dos elementos patrimoniais.
- ✓ En caso de aparición de restos materiais ou estruturais, paralización inmediata das obras e comunicación ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, conforme ao establecido no artigo 107 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

En conclusión, as actuacións proxectadas son compatibles co réxime de protección patrimonial vixente, non se prevén afeccións significativas aos bens catalogados e, coa aplicación das medidas preventivas indicadas, garantirase a conservación integral do patrimonio histórico e etnográfico de Dumbría, contribuíndo á vez á posta en valor do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía como itinerario cultural de interese público.

2.7. CORCUBIÓN

No termo municipal de Corcubión, a única actuación prevista corresponde ao tramo da senda da Amarela, que discorre pola marxe esquerda da estrada autonómica AC-445, a cal constitúe ademais o límite administrativo entre os concellos de Corcubión e Cee.

O planeamento vixente (Normas Subsidiarias de 1989) non identifica bens de interese cultural nin elementos patrimoniais protexidos neste treito, e o Plan Básico Autonómico (PBA) tampouco recolle elementos de relevancia patrimonial ou arqueolóxica na contorna, agás a propia traza do Camiño de Santiago, que dispón da súa área de protección paisaxística e cultural específica, como se aprecia na seguinte imaxe extraída do Visor de Aproveitamentos Forestais da Xunta de Galicia:

Figura 9.- Ámbito da senda da Amarela (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

A intervención proxectada consiste na execución dun pequeno treito de senda peonil segregada, realizada en firme de xabre-cemento, destinada a mellorar a seguridade viaria e a continuidade do itinerario do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía ao seu paso por este ámbito.

Por tanto, a actuación proxectada no termo municipal de Corcubión non implican afección ao patrimonio cultural nin a bens catalogados, ao executarse nunha marxe viaria xa consolidada e con mínima incidencia territorial. Trátase dunha actuación plenamente compatible coa normativa de protección patrimonial e co planeamento vixente, contribuíndo á mellora da accesibilidade, da seguridade peonil e á posta en valor do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía.

2.8. CEE

No caso das actuacións proxectadas no termo municipal de Cee, nin o planeamento vixente (NN.SS. de 1995) nin o Plan Básico Autonómico (PBA) identifican bens patrimoniais ou elementos de interese cultural que poidan verse afectados dentro dos ámbitos de actuación das novas sendas.

O tramo da Amarela, situado no límite entre os concellos de Corcubión e Cee, foi xa analizado no apartado anterior, confirmándose a inexistencia de bens catalogados nas súas inmediacións, máis alá da propia traza do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía.

No caso das actuacións na contorna da Praia de Estorde, tampouco se identifican elementos patrimoniais, arqueolóxicos ou etnográficos inventariados nas súas proximidades, como pode apreciarse na imaxe extraída do Visor de Aproveitamentos Forestais da Xunta de Galicia que se amosa a continuación:

Figura 10.- Ámbito da praia de Estorde (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

As actuacións previstas consisten na execución de sendas peonís segregadas en firme de xabre-cemento, de reducida entidade e localizadas en terreos de marxe viaria e dominio público autonómico, polo que a súa afección territorial e visual resulta moi limitada.

Polo tanto, as actuacións proxectadas no termo municipal de Cee non implican afección a bens patrimoniais catalogados nin a áreas de protección cultural, resultando plenamente compatibles co planeamento urbanístico vixente e coa normativa de protección patrimonial autonómica.

Ademais, pola súa tipoloxía e integración paisaxística, estas intervencións contribúen á posta en valor do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía e á mellora da seguridade peonil e da mobilidade sostible no litoral do municipio.

2.9. FISTERRA

No Concello de Fisterra non se prevén actuacións no marco deste proxecto, polo que non se producen afeccións sobre o planeamento urbanístico nin sobre o patrimonio cultural.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra, aprobado o 5 de agosto de 2019 (BOP nº 125 do 7 de agosto de 2020; DOG nº 167 do 4 de setembro de 2019), recolle un amplo catálogo de bens patrimoniais de natureza arquitectónica, relixiosa, etnográfica e arqueolóxica, entre os que destacan o Conxunto Histórico-Artístico da vila de Fisterra, o Castelo de San Carlos, o Santuario da Virxe da Barca e diversos elementos asociados ao Camiño de Santiago a Fisterra.

Ao non contemplarse actuacións neste termo municipal, non se prevé ningunha incidencia sobre os bens catalogados nin sobre as súas áreas de protección.

En conclusión, as actuacións do proxecto non afectan ao termo municipal de Fisterra, polo que non se producen afeccións nin interaccións co patrimonio cultural existente, resultando o proxecto plenamente compatible co planeamento e co réxime de protección patrimonial vixente.

2.10. MUXÍA

A única actuación proxectada no Concello de Muxía localízase nas proximidades do Castro de Lourido (GA15052005), aínda que fóra do seu contorno de protección oficial.

Este elemento non se recolle no catálogo do planeamento vixente (NNSS de 1195), pero si se atopaba no catálogo do PXOM de Muxía de 2016, anulado por sentenza de 31 de maio de 2018, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso n.º 4311/2016. Esta sentenza é firme por STS do Tribunal Supremo de 25 de outubro de 2020 e o Inventario do Patrimonio Cultural de Galicia.



Figura 11.- Ámbito da praia de Lourido (fonte: https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos).

O Castro de Lourido, datado na Idade do Ferro, constitúe un asentamento fortificado de considerable interese arqueolóxico. A súa croa ovoidal presenta unhas dimensións aproximadas de 100 metros de longo no eixo Noroeste–Sudeste e 70 metros no eixo Suroeste–Nordeste. Dispón de dous parapetos concéntricos: o primeiro delimita a croa principal, xerando un terraplén de entre 2 e 3 metros de altura, mentres que o segundo bordea a croa polos sectores leste, oeste e norte, conformando unha superficie aterrazada intermedia que reforzaba a defensa do asentamento.

A actuación proxectada —o acondicionamento dos rueiros de acceso á praia de Lourido (Camiño da Embarrada e Camiño do Tendeiro) e a execución duns 50 metros de senda en firme de xabre-cemento para conectar ambos itinerarios— desenvólvese sobre camiños preexistentes e sen movementos de terra significativos, polo que non se prevén afeccións directas nin indirectas ao castro nin á súa área de protección arqueolóxica.

As actuacións proxectadas no termo municipal de Muxía non implican afección ao Castro de Lourido nin a outros bens patrimoniais catalogados, ao situarse fóra da súa área de protección e desenvolverse sobre vías rurais consolidadas.

A intervención proposta é plenamente compatible co planeamento vixente e coa normativa de protección patrimonial, en particular coa *Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia*, que garante a preservación do patrimonio arqueolóxico.

2.11. CONCLUSIÓNS

Algunhas das sendas obxecto deste proxecto atravesan ou se desenvolven nas contornas de protección dalgúns dos bens patrimoniais catalogados nos concellos incluídos no ámbito de actuación. Tras a análise detallada de cada un dos ámbitos e elementos afectados, conclúese que non existen afeccións directas sobre os bens protexidos, ao tratarse de actuacións de reducida entidade, executadas sobre vías ou espazos previamente alterados.

Recóllese a continuación unha táboa resumo dos bens catalogados identificados na contorna das actuacións:

Concello	Tramo	Ben catalogado	Código	Contorno
Negreira	A Barquiña	Castro de Logrosa	GA15056030	Contorno de protección
		Igrexa de Santa Baia de Logrosa	-	Próximo
		Xacemento romano de Logrosa	-	Próximo
Mazaricos	Corzón	Conxunto de Mámoas de Pedras Miúdas	GA15045101	Contorno de protección
		Cruceiro de Corzón	-	Próximo
		Igrexa de Corzón	-	Próximo
Dumbría	Olveiroa	Ponte Olveira	GA15056084	Contorno de protección
		Hórreo de Ponte Olveira	-	Contorno de protección
	Fonte dos Ladróns	Castro do Alto Casteliño	GA15034034	Contorno de protección
		Mámoa do Campo das Mallas	GA15034021	Contorno de protección
Muxía	Praia de Lourido	Castro de Lourido	GA15052005	Próximo

Non obstante, nos casos en que as actuacións se localizan dentro dos contornos de protección dalgúns bens patrimoniais, tal e como se representa na cartografía incluída no Apéndice nº 3 deste documento, será necesario tramitar a autorización correspondente ante a Administración competente en materia de patrimonio cultural, de acordo co disposto *no artigo 39 (Autorizacións) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.*

As obras previstas, fundamentalmente de carácter lineal, consisten en pequenas operacións de movemento de terras, roza, emprego de terras externas, pavimentacións e sinalización, polo que non se consideran susceptibles de producir impactos significativos sobre o patrimonio cultural nin sobre as actividades permitidas nas distintas cualificacións de solo afectadas.

A data de 7 de xaneiro de 2026, recíbese o informe arqueolóxico realizado pola empresa PyA arqueólogos, onde se fai unha revisión dos elementos catalogados do patrimonio cultural localizados no ámbito do proxecto, así como o estudo de afeccións e propostas de medidas correctoras. Este informe preséntase no Apéndice 1.

A tal fin, valóranse as seguintes medidas de protección do patrimonio cultural:

DESCRICIÓN	MEDICIÓN	IMPORTE UNITARIO	IMPORTE
Redacción do proxecto de intervención			400 €
Control e seguimento a pé de obra	211 €/xornada	6 xornadas	1.266 €
Redacción de Informe Memoria			600 €
TOTAL PROTECCIÓN DO PATRIMONIO			**2.266 €**

Co fin de garantir a protección do patrimonio cultural durante a execución das obras, adoptaranse as seguintes medidas preventivas e correctoras:

- ✓ Delimitación previa da área de traballo, evitando a afección a zonas alleas á obra, así como correcto desmantelamento das instalacións auxiliares e limpeza final do emprazamento.
- ✓ Inclusión na planimetría de obra dos bens patrimoniais e das súas áreas de protección, definindo estas zonas como áreas de exclusión para provisións, maquinaria ou actividades auxiliares.
- ✓ Nas zonas situadas dentro de contornos de protección, as actuacións non xerarán impacto apreciable, ao realizarse sobre plataformas viarias xa existentes e alteradas.
- ✓ Supervisión arqueolóxica preventiva, especialmente nas fases de movemento de terras ou apertura de novas sendas.
- ✓ En caso de aparición de restos materiais ou estruturais, procederase á paralización inmediata dos traballos e á comunicación ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, quen determinará as medidas oportunas para a súa protección, documentación ou retirada.

Inclúense no Apéndice nº 2 as fichas descritivas dos bens catalogados situados na contorna das zonas de actuación

En conclusión, e á vista da análise realizada, as actuacións proxectadas non supoñen afeccións relevantes nin riscos para o patrimonio cultural, sendo plenamente compatibles co réxime de protección establecido pola Lei 5/2016 e contribuíndo á posta en valor do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía como itinerario cultural e patrimonial de interese público.

3. CAMIÑO DE SANTIAGO: FISTERRA-MUXÍA

3.1. INTRODUCCIÓN

O Camiño de Fisterra e Muxía constitúe unha das variantes máis singulares do sistema xacobeo, pois, a diferenza das restantes rutas de peregrinación, ten o seu punto de partida en Santiago de Compostela e remata na costa atlántica galega, concretamente no Faro de Fisterra e no Santuario da Virxe da Barca de Muxía, dous lugares cargados de simbolismo espiritual e cultural.

Figura 12.- Trazado do Camiño de Santiago de Muxía e Fisterra, con identificación das etapas e das súas principais variantes.

Historicamente, este camiño representaba a prolongación natural da peregrinación, co desexo de chegar ao "fin do mundo coñecido", onde o sol se funde co océano. Na actualidade, estímase que entre un 10 e un 15 % dos peregrinos que chegan a Santiago deciden continuar ata Fisterra, e unha parte menor amplía o percorrido ata Muxía, ben como destino final, ben como parada intermedia.

O itinerario discorre por unha ampla diversidade de paisaxes —dende o entorno urbano compostelán ata os vales interiores de Xallas e as abruptas ribeiras da Costa da Morte— e constitúe un itinerario cultural e patrimonial de gran valor, recoñecido oficialmente como ben catalogado coa categoría de territorio histórico.

3.2. DESCRIPCIÓN Y PERCORRIDO

O Camiño de Fisterra–Muxía presenta dúas variantes principais, segundo se opte por dirixirse primeiro a Fisterra e rematar en Muxía , ou á inversa. A lonxitude total do percorrido é duns 119 km, con pequenas variacións en función da ruta elixida. O trazado atravesa os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Muxía, Cee, Corcubión e Fisterra, combinando tramos urbanos, rurais e costeiros.



Figura 13.- Itinerarios alternativos no Camiño de Fisterra e Muxía indicando etapas tradicionalmente establecidas.

3.2.1. ETAPA I: SANTIAGO→NEGREIRA

Partindo da Praza do Obradoiro, o camiño sae da cidade pola antiga Porta do Peregrino. A ruta avanza cara ao Concello de Ames, cruzando o val de A Maía e ascendendo ao alto de Mar de Ovellas. Tras pasar pola emblemática Ponte Maceira, o itinerario entra en Negreira, seguindo un sendeiro arborado paralelo ao Tambre ata a parroquia de Negreira. A lonxitude desta etapa é de 20.9 km.

Figura 14.- Perfil lonxitudinal da etapa I: Santiago – Negreira.

3.2.2. ETAPA II: NEGREIRA→OLIVEIROA

Desde o núcleo urbano de Negreira, o camiño ascende suavemente cara a Negreira, antigo núcleo orixinal da vila, atravesando paisaxes rurais de gran valor etnográfico nas que destacan hórreos, cruceiros e igrexas de estilo románico, testemuñas do carácter tradicional da comarca.

Superado o Monte Aro (556 m), o punto máis elevado do itinerario, ábrese unha ampla panorámica sobre o val do Xallas e os montes que conducen cara á Costa da Morte. O itinerario descende progresivamente ata cruzar o río Xallas, que serve de límite natural entre os concellos de Mazaricos e Dumbría, a través da histórica **Ponte Olveira**, de orixe moderna e gran valor patrimonial.

A etapa conclúe na aldea de Olveiroa, caracterizada pola súa arquitectura tradicional e pola súa función como punto de descanso histórico dos peregrinos. A lonxitude total da etapa é de 20,9 km, cun percorrido de moderada dificultade, no que as pendentes son máis acusadas que na etapa anterior, pero sen supoñer un esforzo relevante para o camiñante.

Figura 15: Perfil lonxitudinal da etapa II: Negreira – Olveiroa.

3.2.3. ETAPA IIIA: OLVEIROA→CORCUBIÓN

Esta etapa, considerada a variante principal do Camiño de Fisterra e Muxía, é a que seguen a maioría dos peregrinos que deciden rematar a súa viaxe en Fisterra. O percorrido, cunha lonxitude total de 20,6 km, combina tramos de suave ascenso con longos treitos de descenso cara á costa, atravesando algúns dos espazos máis fermosos e simbólicos do itinerario.

A saída realízase dende Olveiroa, acompañando o curso do río Xallas e penetrando en vales de gran valor paisaxístico e natural. O camiño atravesa a parroquia de A Pereiriña, onde destacan dous lugares de culto de fonda tradición entre os peregrinos: o Santuario da Nosa Señora das Neves e a ermida de San Pedro Mártir.

O itinerario continúa ascendendo ata o Cruceiro da Armada, punto panorámico excepcional desde o que se albisca, ao lonxe, o Cabo Fisterra, meta simbólica do camiño. A partir deste punto, a ruta descende suavemente pola faldra do monte, entre bosques e pequenas aldeas, ata alcanzar o núcleo urbano de Cee, o concello máis poboado da Costa da Morte.

Finalmente, o percorrido chega ao **casco histórico de Corcubión**, declarado **Ben de Interese Cultural**, onde conclúe a etapa. As rúas empedradas, os soportais mariñeiros e as vivendas tradicionais de pedra ofrecen ao peregrino unha das estampas máis auténticas e pintorescas da costa galega.



Figura 16.- Perfil lonxitudinal da etapa IIIA: Olveiroa - Corcubión.

3.2.4. ETAPA IIIB: OLVEIROA→MUXÍA

Esta etapa corresponde á variante do Camiño de Fisterra–Muxía para aqueles peregrinos que desexan rematar a súa viaxe no Santuario da Virxe da Barca de Muxía, un dos lugares máis emblemáticos da costa galega.

O itinerario parte da aldea de Olveiroa, onde se produce a bifurcación entre o camiño que continúa cara a Fisterra e o que se dirixe a Muxía. O desvío realízase na aldea de Hospital, punto no que o peregrino deixa o trazado principal e toma a dirección norte.

A partir deste punto, o camiño atravésase por diversas parroquias e pequenos núcleos rurais, combinando treitos asfaltados con camiños de terra e sendeiros agrícolas, motivo polo que as sendas peonís proxectadas neste proxecto resultarán de especial utilidade para mellorar a seguridade e continuidade do percorrido.

O itinerario continúa ata Dumbría, cuxo núcleo urbano se cruza para avanzar cara á aldea de Trasufre, xa pertencente ao Concello de Muxía. A continuación, o camiño discorre polo trazado do antigo Camiño Real, desde o que se poden contemplar as vistas da ría e da vila de Camariñas, ao outro lado do río Grande, nunha paisaxe de gran valor natural e escénico.

Tras acceder ao centro urbano de Muxía, o peregrino atravesa as súas rúas tradicionais e continúa ata alcanzar o Santuario da Virxe da Barca, construído sobre un promontorio granítico fronte ao océano Atlántico, nunha contorna de excepcional beleza e simbolismo.

Esta etapa, de perfil moderado, combina a tranquilidade dos vales interiores coa forza do mar aberto, constituíndo unha das experiencias máis intensas e espirituais de todo o itinerario xacobeo. A lonxitude do tramo é de 32.5 km.



Figura 17: Perfil lonxitudinal da etapa IIIb o Camiño Fisterra-Muxía.

3.2.5. ETAPA IV: CORCUBIÓN→FISTERRA

No caso de elixir a variante principal do Camiño a Fisterra, tras concluír a etapa anterior en Corcubión, o seguinte tramo conduce ao peregrino ata o mítico Faro de Fisterra, punto quilométrico 0 do Camiño de Santiago.

A etapa, de 14,3 km de lonxitude, é de carácter suave e eminentemente paisaxístico, discorrendo por un dos litorais máis fermosos de Galicia e de toda a Península Ibérica.

O percorrido iníciase no casco histórico de Corcubión, declarado Ben de Interese Cultural, e continúa bordeando a costa en dirección leste, entre areais, pequenas dunas e zonas mariñas abertas ao Atlántico. Ao longo do traxecto, o peregrino pode gozar de amplas vistas sobre a enseada de Cee e, ao fondo, da silueta da vila de Fisterra, que emerxe sobre a liña do horizonte como destino final da ruta.

Ao chegar ao barrio de San Roque, xa en Fisterra, o itinerario enlaza coa estrada de acceso ao faro, ascendendo suavemente ata alcanzar a súa punta. O Faro de Fisterra, situado sobre un promontorio rochoso a máis de 130 metros sobre o mar, marca o “Fin do Mundo” simbólico da peregrinación, un lugar de contemplación e recollemento onde o océano e o ceo se confunden na inmensidade atlántica.

Esta etapa representa, máis aló do seu valor físico, un tramo de gran carga espiritual e emocional, no que a chegada ao faro simboliza o final do camiño e o inicio dun novo horizonte para o peregrino.

Figura 18 .- Perfil lonxitudinal da etapa IV: Corcubión-Fisterra.

3.2.6. ETAPA V: FISTERRA↔MUXÍA

Esta etapa do Camiño de Fisterra–Muxía ten a particularidade de poder realizarse en ambos sentidos, segundo a variante escollida polo peregrino: ben como conexión final desde Fisterra ata Muxía, ou no sentido inverso, para quen parta de Muxía cara ao "Fin do Mundo".

O itinerario discorre pola complexa e fermosa orografía da Costa da Morte, entre vales agrícolas, montes costeiros e panorámicas abertas ao Atlántico.

Comezando en Fisterra, o camiño retrocede inicialmente cara á Praia de A Langosteira, avanzando entre aldeas mariñeiras, bosques de piñeiro e eucalipto, e terras de cultivo de millo, sempre coa presenza constante do mar no horizonte.

O trazado cruza temporalmente o Concello de Cee, á altura da parroquia de Lires, un lugar de gran encanto e tradición xacobea, situado na desembocadura do río Castro. Desde aquí, o itinerario continúa en dirección a Muxía, combinando tramos asfaltados e camiños rurais de gran beleza e tranquilidade.

Para acceder á vila de Muxía, é necesario superar dous puntos elevados: o Alto de As Ferroas (289 m) e o Monte Facho de Lourido, dende onde se obteñen vistas panorámicas privilexiadas sobre a ría e o océano. A ruta descende logo cara á vila mariñeira de Muxía, atravesando o seu casco urbano tradicional, coas súas casas de pedra e vistas ao porto.

Finalmente, o camiño bordea o Monte Corpiño polo Camiño da Pel ata culminar no Santuario da Virxe da Barca, erguido sobre un conxunto rochoso de gran valor simbólico e espiritual, fronte ao mar aberto.

Esta etapa, de carácter medio en dificultade, representa a unión simbólica entre os dous grandes destinos xacobeos da Costa da Morte, ofrecendo ao peregrino unha experiencia completa de espiritualidade, natureza e patrimonio, coa forza do océano como pano de fondo permanente.

Figura 19 .- Perfil lonxitudinal da etapa V.

3.3. NORMATIVA

Segundo o *artigo 75 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia*, os itinerarios dos **Camiños de Santiago** referidos no *artigo 73.2*, entre os que se atopa o **Camiño de Fisterra e Muxía**, aínda que non estean incluídos na **Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO**, **teñen a consideración de bens catalogados coa categoría de territorios históricos**. Isto implica a aplicación dun réxime de protección específico, sen prexuízo de que, por acordo unánime dos concellos polos que discorre o camiño, poida solicitarse á Consellería competente a súa **declaración como Ben de Interese Cultural (BIC)** ou mesmo a súa **incoación de oficio**.

O *artigo 38* da mesma Lei establece unha **contorna de protección subsidiaria** para as vías culturais catalogadas ou declaradas de interese cultural, cando non exista unha delimitación específica. Deste modo:

- En solos rústicos, núcleos rurais histórico-tradicionais ou urbanizables, establécese unha franxa de **30 metros** de ancho medida desde o elemento máis exterior do ben protexido.
- Esta distancia amplíase a **50 metros** se o ámbito inclúe bens da arquitectura tradicional, a **100 metros** cando se trate de bens do patrimonio arquitectónico (relixioso, civil, militar ou industrial), e ata **200 metros** no caso de bens pertencentes ao patrimonio arqueolóxico.

Pola súa parte, o *artigo 77* recolle que:

"As obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago deberán ser compatibles coa conservación e protección dos seus valores propios e, como criterio xeral, deberán manter as características principais do territorio que conforman, o que suporá preferentemente o mantemento dos núcleos tradicionais e das actividades agropecuarias e forestais.

En ningún caso a utilización dos Camiños de Santiago nin a dos seus elementos funcionais poderá supoñer perigo de destrución, deterioración ou realizarse de forma incompatible cos seus valores culturais."

O *artigo 78*, relativo aos **usos e actividades prohibidas**, dispón que:

– Nos **tramos non urbanos**, a traza dos Camiños de Santiago non poderá ser utilizada para o tráfico rodado de vehículos a motor, salvo para o acceso a vivendas, tarefas de mantemento, conservación ou emerxencia.

– Dentro dunha franxa de **tres metros a ambos os lados da traza**, prohíbese calquera tipo de actividade construtiva, excepto aquelas necesarias para o acondicionamento, conservación ou protección do camiño ou as que respondan ás características tradicionais do ámbito.

Ademais, o **Plan Básico Autonómico de Galicia**, aprobado polo *Decreto 83/2018, do 26 de xullo*, delimita oficialmente o trazado dos principais itinerarios xacobeos, incluído o Camiño de Fisterra–Muxía, o Camiño Portugués, o Camiño Portugués pola Costa, a Vía da Prata e o Camiño de Inverno.

Complementariamente, o Plan Director dos Camiños de Santiago de Galicia 2022–2027 establece directrices e criterios de intervención orientados á conservación, recuperación e posta en valor dos itinerarios xacobeos, que deberán ser respectados na execución das obras obxecto deste proxecto.

3.4. CONCLUSIÓNS

As actuacións previstas neste proxecto teñen como obxectivo mellorar a seguridade viaria e o confort dos peregrinos, mediante a execución de sendas peonís segregadas, a mellora dos firmes existentes e a implantación de sinalización específica, todo iso mantendo a coherencia co carácter histórico e cultural do Camiño de Santiago a Fisterra–Muxía.

As intervencións propostas non alteran o trazado histórico nin os valores culturais asociados, senón que contribúen á súa conservación e posta en valor, facilitando un tránsito máis seguro e ordenado ao longo dos tramos coincidentes coas estradas actuais.

En cumprimento do disposto na *Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia*, e do *Plan Director dos Camiños de Santiago 2022–2027*, consultarase á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para a valoración da idoneidade e viabilidade das actuacións proxectadas, garantindo que todas as intervencións se realicen baixo criterios de respecto, integración paisaxística e compatibilidade patrimonial.

APÉNDICE 1. INFORME ARQUEOLÓXICO

PyA arqueólogos

c/Salgueiro 2, 2ºD, 15894 Los Tilos (A Coruña)
629 845 259 pyaarqueologos@gmail.com

PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA. CLAVE: 2025/016

ANEXO: REVISIÓN DOS ELEMENTOS CATALOGADOS DO PATRIMONIO CULTURAL LOCALIZADOS NO ÁMBITO DO PROXECTO, ESTUDO DE AFECCIÓNS E PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS

Inscrita en el Reg. Mercantil de A Coruña, Tomo 1999 del archivo General, Folio 196, Hoja C 19409, Inscripción 1ª. C.I.F. B 15626237

PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA. CLAVE: 2025/016. ANEXO: REVISIÓN DOS ELEMENTOS CATALOGADOS DO PATRIMONIO CULTURAL LOCALIZADOS NO ÁMBITO DO PROXECTO, ESTUDO DE AFECCIÓNS E PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS

ÍNDICE

1. Presentación

2. Reseña do proxecto de actuación

3. Elementos catalogados do patrimonio cultural localizados no ámbito do proxecto, actuacións previstas nestas zonas e impactos documentados

4. Proposta de medidas correctoras

4.1. Medidas correctoras de carácter xeral

4.2. Medidas correctoras particulares

5. Valoración económica das medidas correctoras

PLANOS:

- Situación xeral
- Emprazamento (4 follas)
- A Barquiña
- Corzón
- Ponte Olveira
- Hospital e Fonte dos Ladróns

PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA. CLAVE: 2025/016

ANEXO: REVISIÓN DOS ELEMENTOS CATALOGADOS DO PATRIMONIO CULTURAL LOCALIZADOS NO ÁMBITO DO PROXECTO, ESTUDO DE AFECCIÓNS E PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS

1. Presentacion.

O presente Anexo da conta dos elementos catalogados do patrimonio cultural situados no ámbito do *Proxecto de trazado: fomento da mobilidade sustentable. Treitos comúns con estradas no Camiño Fisterra-Muxía. Clave: 2025/016*, efectuando unha valoración do posible impacto do proxecto sobre ditos elementos e propoñendo as medidas correctoras correspondentes.

A información relativa á presenza de ditos elementos obtívose a través do Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA)[1], completada coa información dispoñible no visor do Plan Básico Autonómico da Xunta de Galicia e no Visor de Aproveitamentos Forestais do mesmo organismo[2].

2. Reseña do proxecto de actuacion.

O proxecto recolle as actuacións necesarias para segregar o trazado do Camiño de Santiago de Fisterra e Muxìa nos tramos comúns con estradas de titularidade municipal, provincial e autonómica, mediante a execución de sendas de nova planta fora da plataforma destas vìas. Complementariamente, nos tramos nos que xa existe unha alternativa de tránsito segregada, proxéctanse actuacións de carácter complementario, consistentes na implantación ou reforzo da sinalización vertical especìfica e do balizamento, na execución de pavimentos de lastro de pedra para a identificación e advertencia dos cruzamentos, asì como en tarefas de roza e reposición de pavimentos.

[1] https://siotuga.xunta.gal/siotuga/

[2] https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/?locale=es

As actuacións proxectadas desenvólvense nos termos municipais de Santiago de Compostela, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Corcubión, Cee, Fisterra e Muxía; todos eles pertencentes á provincia da Coruña.

3. Elementos catalogados do patrimonio cultural localizados no ámbito do proxecto, actuacións previstas nestas zonas e impactos documentados.

Documéntase a realización de actuacións do proxecto dentro do ámbito de protección dos seguintes elementos catalogados do patrimonio cultural (ver planos adxuntos):

NEGREIRA

Parte das actuacións previstas no termo municipal de Negreira consisten na construción dunha senda segregada paralela á estrada de Negreira á Barca, de titularidade municipal, ao seu paso polo núcleo da Chancela, entre os PP.QQ. 71+283 e 70+329. Nos primeiros 150 metros, a senda discorrerá polo pÈ do noiro da marxe dereita, e finaliza á altura das naves existentes na marxe oposta, onde se prevé o cruzamento para configurar unha beirarrúa de formigón desactivado fronte ás edificacións existentes, ata a curva. A senda retómase despois do peche da parcela de Irmáns Mallón, pola mesma marxe esquerda, internándose nunha zona boscosa ata rematar fronte ao Pazo de Albariña.

Na actuación da Barquiña as obras localízanse parcialmente dentro do ámbito de protección do Castro de Logrosa, GA15056030.

- Valoración do impacto: Moderado, dada a distancia da actuación respecto ao ámbito de protección integral do xacemento (100 m).

MAZARICOS

Entre os PP.QQ. 39+892 e 38+890 da traza do Camiño, coincidindo cunha estrada local que comunica os núcleos de Corzón e As Abeleiroas, proxéctase mellorar o firme da senda existente mediante a execución dun pavimento de xabre-cemento ao longo de todo o percorrido, a instalación de varandas de protección nas zonas con desnivel superior a 55 cm -especialmente na contorna do PQ 38+890-, e a implantación de sinalización vertical conforme á Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

En Corzón, a actuación localízase parcialmente dentro do ámbito de protección da necrópolis megalítica de Mámoas de Pedras Miúdas, pasando 23 m ao W da nº 6, GA15045101. Asemade, penetra 35 m dentro do ámbito de protección da igrexa e cruceiro de Corzón.

- Valoración do impacto: Moderado no caso da mámoa de Pedras Miúdas 6 , dado que a actuación realízase sobre a senda existente, e compatible, no caso da igrexa e cruceiro de Corzón.

DUMBRÍA

As actuacións previstas no termo municipal de Dumbría consisten fundamentalmente na execución de novas sendas peonís segregadas do tráfico rodado ao longo de varios tramos das estradas provinciais DP-3404 e DP-2302, así como na mellora da seguridade e sinalización nos treitos coincidentes co trazado do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía, nos puntos onde este discorre en paralelo ou cruza as ditas estradas provinciais, conforme a Nota de Servizo 1/2008 da Dirección Xeral de Estradas.

En total, prevese a execución de seis tramos de senda peonil segregada, que se describen a continuación:

ID	ESTRADA	DENOMINACIÓN DO TRAMO	PQ INICIAL	PQ FINAL	LONXITUDE
595	DP-3404	Olveira	37,352	35,954	1423,77
607	DP-3404	Hospital	30,477	30,228	374,29
598	DP-3404	Rego das Moas – Rego Valsagueiro	29,958	25,463	1.343,88
608	DP-2302	Fonte dos Ladróns	29,837	29,117	484,99
596	DP-3404	Carizas	24,298	24,081	237,02
609	DP-3404	Rego Fragoso	21,443	21,230	211,02

As novas sendas proxectadas contarán cunha sección tipo de 2,30 metros de ancho, executada en firme de xabre-cemento, garantindo a accesibilidade, integración paisaxística e drenaxe superficial axeitada ao ámbito rural no que se insiren.

A actuación prevista en Ponte Olveira localízase parcialmente dentro dos ámbitos de protección da ponte catalogada existente no lugar, a 18 m da mesma, e dun hórreo, situado a 33 m no lado oposto da estrada no interior dunha propiedade privada.

- Valoración do impacto: Moderado no caso da ponte e compatible no caso do hórreo.

A actuación prevista en Hospital penetra 55 m no ámbito de protección do Castro do Alto de Castreliño, GA15034034 .

- Valoración do impacto: Moderado, dada a distancia da actuación respecto ao ámbito de protección integral do xacemento (máis de 100 m).

A actuación prevista en Fonte dos Ladróns penetra 85 m no ámbito de protección da Mámoa do Campo das Mallas, GA15034021.

PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA. CLAVE: 2025/016. ANEXO: REVISIÓN DOS ELEMENTOS CATALOGADOS DO PATRIMONIO CULTURAL LOCALIZADOS NO ÁMBITO DO PROXECTO, ESTUDO DE AFECCIÓNS E PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS

- Valoración do impacto: Moderado, dada a distancia da actuación respecto ao ámbito de protección integral do xacemento (máis de 100 m).

4. Proposta de medidas correctoras.

Co obxecto de evitar afeccións ao patrimonio cultural catalogado situado no ámbito das actuacións, se propoñe a realización das seguintes medidas correctoras:

4.1. Medidas correctoras de carácter xeral.

- Información aos responsables da actuación da localización dos bens do patrimonio cultural catalogados e sinalización dos mesmos na cartografía do obra.

- Prohibición de acopios, instalacións auxiliares ou aparcadoiros de maquinaria no ámbito de protección dos elementos.

4.2. Medidas correctoras particulares.

4.2.1. A Barquiña. Control arqueolóxico das obras dentro do ámbito de protección do Castro de Logrosa, GA15056030.

4.2.2. Corzón. Balizamento do límite exterior da mámoa de Pedras Miúdas 6, GA15045101, e control arqueolóxico das obras dentro do ámbito de protección do xacemento.

4.2.3. Ponte Olveira. Sinalización da ponte mediante balizamento no lado da actuación.

4.2.4. Hospital. Control arqueolóxico das obras dentro do ámbito de protección do Castro do Alto de Castreliño, GA15034034.

4.2.5. Fonte dos Ladróns. Control arqueolóxico das obras dentro do ámbito de protección da Mámoa do Campo das Mallas, GA15034021.

5. Valoración económica das medidas correctoras.

A valoración do custe económico do control e seguimento arqueolóxico e a seguinte:

- Redacción de proxecto de intervención	400 €
- Control e seguimento a pe de obra: 211 €/xornada x 6 xornadas	1.266 €
- Redacción de Informe Memoria	600 €
TOTAL sen IVA	2.266 €

Os Tilos, 7 de xaneiro de 2026

27492875D ANDRES BONILLA (R: B15626237)

Firmado digitalmente por 27492875D ANDRES BONILLA (R: B15626237)
Nombre de reconocimiento (DN): CN = 27492875D ANDRES BONILLA (R: B15626237), SN = BONILLA RODRIGUEZ, G = ANDRES, C = ES, O = PROSPECTIVA Y ANALISIS, ARQUEOLOGOS SLP
Fecha: 2026.01.07 09:05:10 +01'00'

Asdo.: Andrés Bonilla Rodríguez
Arqueólogo

PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA. CLAVE: 2025/016. ANEXO: REVISIÓN DOS ELEMENTOS CATALOGADOS DO PATRIMONIO CULTURAL LOCALIZADOS NO ÁMBITO DO PROXECTO, ESTUDO DE AFECCIÓNS E PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS

PLANOS:

- Situación xeral
- Emprazamento (4 follas)
- A Barquiña
- Corzón
- Ponte Olveira
- Hospital e Fonte dos Ladróns



ESCALA: 1/250.000

LENDA DE ACTUACIÓNS POR CONCELLOS
2. SANTIAGO DE COMPOSTELA
2.1. Moas de Abaixo
3. NEGREIRA
3.1. A Barquiña
4. MAZARICOS
4.1. Corzón
5. DUMBRÍA
5.1. Olveiroa
5.2. Hospital
5.3. Rego Valsagueiro (Rego das Moas)
5.4. Carizas
5.5. Fonte dos Ladróns
5.6. Rego Fragoso
6. CORCUBIÓN Y CEE
6.1. Amarela
6.2. Estorde
7. MUXÍA
7.1. Praia de Lourido



ESCALA: 1/300.000

TURISMO DE GALICIA	galicia	CONDUTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.	A ENXEIRARIA DE CAMIÑOS, C.X.T. AUTORA DO PROXECTO	DIRECTOR DO PROXECTO	DEBUXOU: / DITOU:	SUBSTITUE A: / SUBSTITUIDO POR:	ESCALAS: INDICADAS	TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA	CLAVE: 2025/016	NÚMERO DE PLANO: 1—1.2 FOLLA: 1 DE 1	DESIGNACIÓN DO PLANO: SITUACIÓN	DATA: DECEMBRO 2025 NÚMERO DE PÁXINA:

3. CONCELLO DE NEGREIRA
3,1 A BARQUIÑA
Ames
2. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2,1 MOAS DE ABAIXO
Brión
DISTRIBUCIÓN DE FOLLAS
1
2
3
4
TURISMO DE GALICIA
galicia
ciesa
1:40.000
PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE, TREITOS COMUNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA
2025/016
1—1.3
EMPRAZAMENTO
DECEMBRO 2025


5, CONCELLO DE DUMBRÍA
5,6 REGO FRAGOSO
5, CONCELLO DE DUMBRÍA
5,4 CARIZAS
5, CONCELLO DE DUMBRÍA
5,3 REGO VALSAGUEIRO
5, CONCELLO DE DUMBRÍA
5,2 HOSPITAL
5, CONCELLO DE DUMBRÍA
5,5 FONTE DOS LADRÓNS
5, CONCELLO DE DUMBRÍA
5,1 OLVEIROA
4, CONCELLO DE MAZARICOS
4,1 CORZÓN
A Muxía
Dumbría
A Fisterra
Principal
ENCORO DA FERVENZA
DISTRIBUCIÓN DE FOLLAS
TURISMO DE GALICIA
galicia
ciesa
1:40.000
2025/016
1—1.3
EMPRAZAMENTO
DICIEMBRO 2025

Cee
Fisterra
Corcubión
6. CONCELLOS DE CEE E FISTERRA
6,2 ESTORDE
6, CONCELLOS DE CEE E CORCUBIÓN
6,1 AMARELA
DISTRIBUCIÓN DE FOLLAS
TURISMO DE GALICIA
galicia
ciesa
1:40.000
PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE, TREITOS COMUNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA
2025/016
1—1.3
3 DE 4
EMPRAZAMENTO
DECEMBRO 2025


7, CONCELLO DE MUXÍA
7,1 PRAIA DE LOURIDO
Muxía
A Muxía
De Muxía a Fisterra
DISTRIBUCIÓN DE FOLLAS
1
2
3
4
TURISMO DE GALICIA
galicia
ciesa
1:40.000
PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE, TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA
2025/016
1–1.3
EMPRAZAMENTO
DECEMBRO 2025



Actuación de A Barquiña (Negreira)

Proxecto de trazado: fomento da movilidade sustentable. Treitos comúns con estradas no Camiño Fisterra-Muxía Anexo: revisión dos elementos catalogados do patrimonio cutural localizados no ámbito do proxecto, estudo de afeccións e proposta de medidas correctoras



Actuación de Corzón (Mazaricos)

Proxecto de trazado: fomento da movilidade sustentable. Treitos comúns con estradas no Camiño Fisterra-Muxía Anexo: revisión dos elementos catalogados do patrimonio cutural localizados no ámbito do proxecto, estudo de afeccións e proposta de medidas correctoras



Actuación en Ponte Olveira (Dumbría)



Actuaciones de Hospital e Fonte dos Ladróns (Dumbría)

APÉNDICE 2. FICHAS DOS ELEMENTOS CATALOGADOS

1. NEGREIRA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE NEGREIRA
Catálogo de Protección

Nº.	DENOMINACIÓN E GRADO DE PROTECCIÓN	Plano
60	Castro de Logrosa. I I	P2/19

Escala 1/5.000



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE NEGREIRA
Catálogo de Protección

Nº.	DENOMINACIÓN	Plano
63	Pazo da Chancela e Pombal, (figura duas veces nas NN.SS.PP., Pazo da Chancela e Pazo de Albariño en Negreira).	P2/19

Escala 1/5.000



52

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE NEGREIRA
Catálogo de Protección

Nº.	DENOMINACIÓN	Plano
78	Igrexa parroquial de Santa Olaia de Logrosa e recinto murado do cemiterio.	P2/19

Escala 1/5.000



67

2. MAZARICOS

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Mazaricos_27367	-	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Igrexa de Corzón (Parroquial de San Cristovo)	15045_Mazaricos_27367



SITUACIÓN		INTERESE
Lugar	Corzón	ART
Parroquia	Corzón (San Cristovo)	ARQ: Arqueolóxico ARS: Artístico ART: Arquitectónico ETN: Etnográfico HIS: Histórico IND: Industrial
Concello	Mazaricos	
Código INE	15045	X;Y ETRS89 UTM29
DESCRICIÓN		499715 ; 4756484

11531

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Mazaricos_27380	-	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Cruceiro de Corzón	15045_Mazaricos_27380



SITUACIÓN		INTERESE
Lugar	Corzón	ETN
Parroquia	Corzón (San Cristovo)	
Concello	Mazaricos	
Código INE	15045	

ARQ: Arqueolóxico
ARS: Artístico
ART: Arquitectónico
ETN: Etnográfico
HIS: Histórico
IND: Industrial

X;Y ETRS89 UTM29

499737 ; 4756494

DESCRICIÓN

11544

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Mazaricos_2261	GA15045102	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Mámoa de Pedras Miúdas 07	15045_Mazaricos_2261



SITUACIÓN		INTERESE
Lugar	Corzón	ARQ
Parroquia	Corzón (San Cristovo)	
Concello	Mazaricos	
Código INE	15045	

ARQ: Arqueolóxico
ARS: Artístico
ART: Arquitectónico
ETN: Etnográfico
HIS: Histórico
IND: Industrial

X;Y ETRS89 UTM29

500356 ; 4756273

DESCRICIÓN

11448

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Mazaricos_2262	GA15045103	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Mámoa de Pedras Miúdas 08	15045_Mazaricos_2262



SITUACIÓN		INTERESE
Lugar	Corzón	ARQ
Parroquia	Corzón (San Cristovo)	ARQ: Arqueolóxico ARS: Artístico ART: Arquitectónico ETN: Etnográfico HIS: Histórico IND: Industrial
Concello	Mazaricos	
Código INE	15045	

X;Y ETRS89 UTM29
500321 ; 4756272

DESCRICIÓN

11449

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Mazaricos_2280	GA15045104	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Mámoa de Pedras Miúdas 09	15045_Mazaricos_2280



SITUACIÓN		INTERESE
Lugar	Corzón	ARQ
Parroquia	Corzón (San Cristovo)	ARQ: Arqueolóxico ARS: Artístico ART: Arquitectónico ETN: Etnográfico HIS: Histórico IND: Industrial
Concello	Mazaricos	
Código INE	15045	

X;Y ETRS89 UTM29
500305 ; 4756298

DESCRICIÓN

11450

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Mazaricos_2289	GA15045106	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Mámoa de Pedras Miúdas 11	15045_Mazaricos_2289



SITUACIÓN

Lugar	Corzón
Parroquia	Corzón (San Cristovo)
Concello	Mazaricos
Código INE	15045

INTERESE

ARQ

ARQ: Arqueolóxico
ARS: Artístico
ART: Arquitectónico
ETN: Etnográfico
HIS: Histórico
IND: Industrial

X;Y ETRS89 UTM29

500250 ; 4756444

DESCRICIÓN

11459

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Mazaricos_27373	-	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Ponte Olveira	15045_Mazaricos_27373



SITUACIÓN

Lugar	Mollón
Parroquia	Corzón (San Cristovo)
Concello	Mazaricos
Código INE	15045

INTERESE

ART

ARQ: Arqueolóxico
ARS: Artístico
ART: Arquitectónico
ETN: Etnográfico
HIS: Histórico
IND: Industrial

X;Y ETRS89 UTM29

498492 ; 4756663

DESCRICIÓN

11537

3. DUMBRÍA

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Dumbría_25332	-	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Hórreo en Ponte Olveira	15034_Dumbría_25332



SITUACIÓN

Lugar	Ponte Olveira, A
Parroquia	Olveiroa (Santiago)
Concello	Dumbría
Código INE	15034

INTERESE

ETN

ARQ: Arqueolóxico
ARS: Artístico
ART: Arquitectónico
ETN: Etnográfico
HIS: Histórico
IND: Industrial

X;Y ETRS89 UTM29

498416 ; 4756776

DESCRICIÓN

8723

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Dumbría_1830	GA15034034	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Castro do Alto do Casteliño	15034_Dumbría_1830



SITUACIÓN

Lugar	Hospital
Parroquia	Dumbría (Santa Baia)
Concello	Dumbría
Código INE	15034

INTERESE

ARQ

ARQ: Arqueolóxico
ARS: Artístico
ART: Arquitectónico
ETN: Etnográfico
HIS: Histórico
IND: Industrial

X;Y ETRS89 UTM29

493131 ; 4758880

DESCRICIÓN

8596

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Dumbría_1874	GA15034021	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Mámoa do Campo das Mallas	15034_Dumbría_1874



SITUACIÓN

Lugar	Hospital
Parroquia	Dumbría (Santa Baia)
Concello	Dumbría
Código INE	15034

INTERESE

ARQ

ARQ: Arqueolóxico
ARS: Artístico
ART: Arquitectónico
ETN: Etnográfico
HIS: Histórico
IND: Industrial

X;Y ETRS89 UTM29

492409 ; 4758974

DESCRICIÓN

8622

4. MUXÍA

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

PBA. Actualización 2025_06

COD_IMPRESIÓN	CÓDIGO	PROVINCIA
Muxía_2854	GA15052005	A Coruña

NOME	NOME_FICHA
Castro de Lourido	15052_Muxía_2854



SITUACIÓN

Lugar	Lourido
Parroquia	Moraime (San Xulián)
Concello	Muxía
Código INE	15052

INTERESE

ARQ

ARQ: Arqueolóxico
ARS: Artístico
ART: Arquitectónico
ETN: Etnográfico
HIS: Histórico
IND: Industrial

X;Y ETRS89 UTM29

481844 ; 4770183

DESCRICIÓN

12464

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE MUXÍA

CATÁLOGO DE PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

XACEMENTO: CASTRO DE LOURIDO

5

CÓDIGO	GA 15052005
LUGAR /PARROQUIA	LOURIDO / MORAIME
ADSCRIPCIÓN CULTURAL	IDADE DO FERRO
ADSCRIPCIÓN TIPOLÓGICA	ASENTAMENTO FORTIFICADO

DESCRIPCION: presenta unha croa ovoidal de 100 metros de longo no eixo Noroeste - Sudeste. No eixo Sudoeste - Noreste alcanza uns 70 metros. Ten dous parapetos: un que delimita a croa e crea un terraplén duns 2-3 m de alto e outro que bordea a croa polo este, oeste e norte formando unha superficie aterrazada intermedia.

PLANOS	2.6 (1/5.000)
CLASIFICACIÓN DO SOLO	
ORDENANZA DE APLICACIÓN	DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE
GRAO DE PROTECCIÓN	G.II-1 e G.II-2

As obras e instalacións estarán suxeitas ao establecido na Disposición Transitoria Carta da Lei de Costas



APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ORDE DO 11 ABR. 2016 COAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS NELA.
A xefa do Servizo de Urbanismo do Departamento Territorial da Coruña
Asdo.: Helena Mosquera García



DILIXENCIA:
Documento final do PXOM de Muxía aprobado provisionalmente en Pleno de 26/02/2016.
A Secretaria.

APÉNDICE 3. PLANOS

Pazo de Chancela

Castro de Logrosa

Igrexa de Logrosa (Parroquia de Santa María)

PATRIMONIO CULTURAL - CATÁLOGO

Elementos (decembro 2024)

Contorno de protección (decembro 2024)

DISTRIBUCIÓN DE FOLLAS



Q:\C2551312_ATG Sendas FSMUX\TECNICO\PLANOS\Avieja\A05- Patrimonio\3.1_Elem Protexidos_Negreira_Ed01.dwg

XUNTA DE GALICIA galicia

TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P.
AUTORA DO PROXECTO:
Cláudia A. Landeira Cabreiro

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P.
DIRECTOR DO PROXECTO:
Luis Gestal Ernau

DEBUXOU:

SUBSTITUE A:

COTEXOU:

SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:4.000
0 20 40 60 80m

TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 3.1

FOLLA: 1 DE 1

DESIGNACIÓN DO PLANO: PATRIMONIO CULTURAL CATÁLOGO NEGREIRA

DATA: DECEMBRO 2025

NÚMERO DE PÁXINA:



PATRIMONIO CULTURAL - CATÁLOGO

Elementos (decembro 2024)

Contorno de protección (decembro 2024)

DISTRIBUCIÓN DE FOLLAS

XUNTA DE GALICIA galicia TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P.
AUTORA DO PROXECTO:
Cláudia A. Landeira Calviño

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P.
DIRECTOR DO PROXECTO:
Luis Gestal Ernau

DEBUXOU:

SUBSTITUE A:

COTEXOU:

SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:4.000
0 20 40 60 80m

TÍTULO:
PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 5

FOLLA: 1 DE 3

DESIGNACIÓN DO PLANO:
PATRIMONIO CULTURAL
CATÁLOGO DUMBRÍA

DATA: DECEMBRO 2025

NÚMERO DE PÁXINA:

Q:\C2551312_ATG Sendas FISMUX\TECNICO\PLANOS\Anejos\A06- Patrimonio\5_Elem Protegidos_Dumbria_Ed01.dwg



O:\C2501312_ATG Sendas FISMUX\TECNICO\PLANOS\Anejos\A06- Patrimonio\5_Elem Protegidos_Dumbria_Ed01.dwg

XUNTA DE GALICIA galicia TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P.
AUTORA DO PROXECTO:
Cláudia A. Landeira Calviño

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P.
DIRECTOR DO PROXECTO:
Luis Gestal Ernau

DEBUXOU:
COTEXOU:
SUBSTITUE A:
SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:4.000
0 20 40 60 80m

TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 5
FOLLA: 2 DE 3

DESIGNACIÓN DO PLANO: PATRIMONIO CULTURAL CATÁLOGO DUMBRÍA

DATA: DECEMBRO 2025

NÚMERO DE PÁXINA:



PATRIMONIO CULTURAL - CATÁLOGO

Elementos (decembro 2024)

Contorno de protección (decembro 2024)

DISTRIBUCIÓN DE FOLLAS



XUNTA DE GALICIA galicia TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P.
AUTORA DO PROXECTO:
Cláudia A. Landeira Calviño

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P.
DIRECTOR DO PROXECTO:
Luis Gestal Ernau

DEBUXOU:
COTEXOU:
SUBSTITUE A:
SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:4.000
0 20 40 60 80m

TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 5
FOLLA: 3 DE 3

DESIGNACIÓN DO PLANO: PATRIMONIO CULTURAL CATÁLOGO DUMBRÍA

DATA: DECEMBRO 2025
NÚMERO DE PÁXINA:

O:\2025\1312_ATG Sendas FISMUX\TECNICO\PLANOS\Anexos\A06- Patrimonio\5_Elem Protexidos_Dumbria_E4D1.dwg

PATRIMONIO CULTURAL - CATÁLOGO

Elementos (decembro 2024)

Contorno de protección (decembro 2024)

DISTRIBUCIÓN DE FOLLAS

O:\22551310_ATG Sendas FISMUX\TECNICO\PLANOS\Anexos\A06- Patrimonio\7.1_Elem Protegidos_Muxia_Ed01.dwg

XUNTA DE GALICIA galicia TURISMO DE GALICIA

CONSULTOR: ciesa consultora de ingeniería y empresa, s.l.

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, C. E P.
AUTORA DO PROXECTO:
Cláudia A. Landeira Calviño

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. E P.
DIRECTOR DO PROXECTO:
Luis Gestal Ernau

DEBUXOU:	SUBSTITUE A:
COTEXOU:	SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS: 1:4.000 (0 20 40 60 80m)

TÍTULO: PROXECTO DE TRAZADO: FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE. TREITOS COMÚNS CON ESTRADAS NO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

CLAVE: 2025/016

NÚMERO DE PLANO: 7.1

FOLLA: 1 DE 1

DESIGNACIÓN DO PLANO: PATRIMONIO CULTURAL CATÁLOGO MUXÍA

DATA: DECEMBRO 2025

NÚMERO DE PÁXINA: